

# Plan de Acción 2023

Axencia para a Modernización  
Tecnolóxica de Galicia



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA




Xacobeo 21-22

<b>1. <i>Introdución</i></b>	<b>5</b>
<b>2. <i>Principais obxectivos</i></b>	<b>7</b>
<b>3. <i>Programa de actuacións</i></b>	<b>40</b>
OBXECTIVO 1: IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE	44
1.1 PLAN DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO DIXITAL	44
OBXECTIVO 1: IMPULSAR UN GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE	68
1.2 PLAN DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO DIXITAL – SISTEMAS PARA O EMPREGO PÚBLICO	68
1.3 PLAN PARA A XESTIÓN DIXITAL DA AXENCIA TRIBUTARIA	75
1.4 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE	88
1.5 PLAN SENDA 2025: XUSTIZA DIXITAL	103
1.6 PROGRAMA DE ROBOTIZACIÓN E AUTOMATIZACIÓN	120
1.7. PROGRAMA DE XESTIÓN INTELIXENTE DO DATO	123
1.8. PLAN DE POSTO DIXITAL AVANZADO DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO	129
1.9. MEDIDAS PARA GARANTIR A ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS	138
OBXECTIVO 2: PROMOVER OS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS	148
2.1 PROGRAMA DIXITAL DA POLÍTICA SOCIAL	148
2.2 PLAN PARA A XESTIÓN DIXITAL DAS POLÍTICAS DE EMPREGO	162
2.3 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DA VIVENDA	167
2.4 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DA EDUCACIÓN	172
2.5 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO TRANSPORTE E DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS	183
2.6 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO MEDIO AMBIENTE E DO TERRITORIO	189
2.7 MEDIDAS PARA A XESTIÓN DIXITAL DO SECTOR PRIMARIO	193
2.8 MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS DIXITAIS DIRIXIDOS AO COMERCIO, EMPRESA E INDUS.	225
OBXECTIVO 3: GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE E SEGURIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DIXITAIS	232
3.1 MEDIDAS DE CONTINUIDADE DE SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS DE SISTEMAS	232
3.2 MEDIDAS DE CALIDADE E ARQUITECTURAS DE APLICACIÓNS	238
3.3. ESTRATEXIA CLOUD DA XUNTA DE GALICIA	245
3.4 MEDIDAS DE SOPORTE E EVOLUCIÓN DAS REDES CORPORATIVAS	248
3.5 PLAN DIRECTOR DE CIBERSEGURIDADE	249
OBXECTIVO 4: FOMENTAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS DIXITAIS	260
4.1 PLAN DE IMPULSO Á EDUCACIÓN DIXITAL	260
4.2 PLAN GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS	264
4.3 BIBLIOTECAS EN REDE DE GALICIA	273
4.4. PLAN PARA O IMPULSO DA INCLUSIÓN, CAPACITACIÓN E TALENTO DIXITAL	280
OBXECTIVO 5: IMPULSAR A ECONOMÍA DIXITAL PARA ACADAR UN TERRITORIO INTELIXENTE	288

5.1 PROGRAMA GALICIA TERRITORIO INTELIXENTE	288
5.2 PLAN DE TRANSPORTE E MOBILIDADE DIXITAL: E-MOBILITY	293
5.3 PLAN TECNOLÓXICO PARA A XESTIÓN E CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE E DO TERRITORIO	298
5.4 PLAN PARA TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO SECTOR PRIMARIO	302
5.5 MEDIDAS PARA O IMPULSO DA DIXITALIZACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO - MEMORIA DIXITAL DE GALICIA	303
5.6. PROGRAMA DE TURISMO INTELIXENTE	312
5.7. IMPULSO Á EMPRESA DIXITAL	318
<b>OBXECTIVO 6: FAVORECER O CRECEMENTO DO ECOSISTEMA DIXITAL</b>	<b>321</b>
6.1 ESTRATEXIA GALICIA DIXITAL 2030	321
6.2. ESTRATEXIA GALEGA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL	324
6.3. PLAN DE IMPULSO AO SOFTWARE LIBRE E AOS ESTÁNDARES ABERTOS	328
6.4. PROGRAMA DE ADOCIÓN DE TECNOLOXÍAS DISRUPTIVAS	333
6.5. PLAN DE IMPULSO AO GAIÁSTECH E AOS NODOS DE ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA	336
6.6. PLAN DE CONECTIVIDADE E COHESIÓN DIXITAL	341
6.7. OBSERVATORIO DE SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN DE GALICIA	350
<b>OBXECTIVO 7: MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE EFICIENCIA</b>	<b>321</b>
7.1 MEDIDAS PARA O IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO NORMATIVO	354
7.2 MEDIDAS DE EFICIENCIA NA XESTIÓN DO PERSCAL	356
7.3. BOAS PRÁCTICAS PARA A PREVENCIÓN DO FRAUDE	357
7.4. MEDIDAS DE MELLORA NA EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN	358
7.5. MEDIDAS DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN INSTITUCIONAL	360
7.6 MEDIDAS DE AVALIACIÓN DE CUSTOS, RESULTADOS E IMPACTO DE LAS INICIATIVAS DE DIGITALIZACIÓN	361
<hr/> <b>4. Marco económico-financeiro</b>	<b>363</b>

# Introdución



# 1. Introducción

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) cando dispón que:

*"Mediante esta lei autorízase a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que terá como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico".*

*"Esta axencia, en concreto, asumirá os medios persoais e materiais e as competencias que na actualidade lle corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, que se suprimirá no momento da creación daquela, sen que supoña incremento ningún de gasto público."*

En desenvolvemento da autorización antedita e previa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, con data 21 de xullo de 2011, do Plan para a posta en marcha da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, a Amtega foi finalmente creada a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Tras a constitución efectiva desta axencia pública autonómica mediante a celebración da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, con data 9 de marzo de 2012, adscribíronse progresivamente á Amtega os servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións de 9 Consellerías e Secretarías Xerais, así como de diversas entidades públicas delas dependentes, constituíndose no principal organismo da Xunta de Galicia para intermediar e impulsar iniciativas entre Consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos no ámbito da sociedade da información e, ao mesmo tempo, servir como vehículo de información, formación, difusión e concienciación social neste eido.

Doutra banda, segundo o artigo 11, apartado 2 do Estatuto da Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia *"a actuación da Amtega levarase a cabo de acordo cun plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión"*. Así mesmo ***de acordo co artigo 12.1 apartado a)***, a persoa a cargo da Dirección da ***Amtega proporalle ao Consello Reitor*** para a súa aprobación, nas datas que estableza a normativa aplicable, ***o plan de acción anual*** sobre a base dos recursos dispoñibles.

En consonancia coas disposicións mencionadas, así como coas previsións contidas no contrato plurianual de xestión, o presente plan de acción ten por obxecto regular a actividade da Amtega durante o exercicio 2023 mediante o establecemento das actividades a desenvolver, os valores a acadar e os responsables de levalas a cabo no marco de cada un dos obxectivos estratéxicos do contrato plurianual de xestión que regula o seu funcionamento.

Este documento estrutúrase indo da enunciación dos aspectos máis estratéxicos, cara ao particular e operativo, partindo do establecemento de cales serán, para o período considerado, os obxectivos estratéxicos que orientarán o labor da Amtega para continuar coa concreción dos plans operativos e programas a executar en 2023. Complétase a regulación contida neste plan de acción mediante o establecemento do escenario económico financeiro, coa correspondente previsión orzamentaria.

## 2. Principais obxectivos

A Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), aprobada en decembro de 2020, está aliñada coas prioridades no novo marco europeo, que busca situar a Comunidade como unha rexión de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

Trátase dunha estratexia deseñada polo Goberno galego para Galicia como un marco dixital común que facilite a actuación das tres administracións nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade.

Neste senso, no 2023 continuará a folla de ruta marcada pola EGD2030 estruturada en torno a 7 eixes estratéxicos e un eixe transversal que determinan as áreas de actuación e 20 programas para acadar os obxectivos establecidos:

- **E1. Goberno e Administración Intelixente.** Inclúe **4 programas** para impulsar a automatización e transformación dixital dos servizos públicos e evolucionar cara un modelo intelixente de posto de traballo do empregado público, así como o expediente xudicial electrónico.
- **E2. Sociedade Dixital e Inclusiva.** Este eixe recolle **2 programas** dirixidos a facilitar a adquisición de competencias dixitais á cidadanía e potenciar a educación innovadora consolidando o uso de tecnoloxías dixitais ao método docente.
- **E3. Entorno Dixital para a Saúde e o Benestar Social.** Conta con **2 programas** concibidos para empregar a tecnoloxía para acadar unha sanidade máis predictiva e personalizada e un paradigma sociosanitario para mellorar a calidade asistencial.
- **E4. Territorio Intelixente, Verde e Resiliente.** Ao eu abeiro englábanse **4 programas** para avanzar cara a un territorio máis sostible, máis verde, máis conectado e cun uso máis eficaz dos recursos.
- **E5. Conectividade Dixital do Territorio.** A fin de conseguir unha Galicia máis integrada e conectada neste eixe establécense **2 programas**.
- **E6. Cultura e Turismo Intelixente.** Neste ámbito fórmulase **1 programa** para promover o uso de tecnoloxías para avanzar na dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego e consolidar o turismo intelixente en Galicia

- **E7. Economía Dixital e Sostible.** Recolle **3 programas** orientados á transformación dixital do servizo público de emprego, a transformación dixital de pemes e transición cara a industria 4.0.
- **Eixe transversal: Especialización Tecnolóxica.** A promoción da especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixes estratéxicos sumando outros **2 programas** cos que impulsar a promoción do talento dixital, fortalecer o hipersector TIC e desenvolver maiores capacidades en torno ás novas tecnoloxías disruptivas (IA, ciberseguridade, intelixencia do dato, 5G).

O proceso de transformación dixital require aglutinar capacidades e especialización técnica no ámbito das tecnoloxías dixitais de axentes implicados públicos e privados; para iso, consolidarase un **marco de gobernanza** para a administración e xestión que permita aumentar a eficiencia dos recursos e orientalos a resultados que ofrezan verdadeiro valor ao tecido produtivo e social galego. Así, promoverase un **marco de coordinación reforzado** que potencie a **colaboración intra e inter-administrativa**, o **traballo en rede cos axentes socioeconómicos** e a **participación social**.

Ademais, para impulsar o avance dixital de Galicia e asegurar a incorporación das novas tendencias tecnolóxicas asegurárase a adopción dun **marco ético e xurídico** acorde ao dinamismo do proceso de transformación dixital que promova a innovación baixo un entorno fiable **que respecte os valores e dereitos fundamentais**; blindando unha dixitalización segura e responsable.

#### Administración Dixital:

---

En termos xerais, os obxectivos 2023, centrarase en incrementar os niveis de uso dos sistemas de administración electrónica e servizos dixitais en xeral, avanzando na mellora continuada da oferta de servizos, pero tamén se abordará a posta en marcha de iniciativas que incorporarán novas capacidades tecnolóxicas e de servizos para avanzar no desenvolvemento dunha administración intelixente. O marco de traballo serán os plans xa aprobados como é o do "Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público" o "III Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza.Senda2025", o "III Plan Tecnolóxico para unha administración e goberno dixital", o plan "Plataforma Territorio Intelixente", e inicio do deseño da estratexia de Xestión do Dato.



- **Administración e goberno dixital**

Durante o ano 2023 destacarán:

- A ampliación dos servizos para facilitar ó acceso da cidadanía aos servizos dixitais, entre outros aspectos como: a habilitación da acreditación dixital para non residentes e para a videoidentificación no proceso de alta no sistema de identificación e sinatura Chave365; a posta a disposición da cidadanía da canle en mobilidade XuntaEu, para o acceso a través dun único punto aos servizos dixitais; a análise para a posta en marcha dun asistente virtual na sede electrónica e outros ámbitos especializados; a extensión do sistema de cita previa nos ámbitos que así o requiran.
- Será especialmente relevante o inicio da posta en marcha do sistema avanzado de información do cidadán incluíndo aos ámbitos do onboarding dixital e citizen data hub para avanzar na prestación de servizos centrados no cidadán e proactivos, de xeito transversal á administración pública.
- No caso dos sistemas para o funcionamento dixital da administración, ademais da mellora continua do conxunto de elementos que articulan a tramitación dixital na Xunta de Galicia, farase especial fincapé na implantación da firma electrónica en mobilidade e na consolidación dos sistemas de tramitación corporativos, en especial no desenvolvemento para a adecuación na tramitación de convocatorias de subvencións, ou nos rexistros administrativos.

- **Administración e goberno dixital – sistemas para o emprego público**

- Destacará a continuación da extensión do sistema FIDES para a súa utilización en diversos procesos vinculados á xestión de recursos humanos e procesos de xestión do emprego público, entre outros: rexistro de actividade, convocatorias de procesos selectivos, proceso de carreira profesional, e posta en marcha das funcionalidades do expediente dixital do persoal empregado público para o acceso por parte do persoal empregado público.
- E igualmente será relevante a renovación dos procesos de provisión de medios de acreditación dixital coa simplificación e automatización dos procesos de xestión da acreditación, incorporación da certificación en mobilidade.

- **No eido da administración de Xustiza:**

Neste ámbito e en consonancia co establecido no **“III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia: Senda 2025”**, resaltan os seguintes aspectos:

- O aliñamento continuo coas iniciativas transversais coordinadas dende o CTEAJE especialmente cara o fomento da interoperabilidade entre sistemas, colectivos e entidades. Neste ámbito avanza na implantación da recepción de expedientes administrativos dende outras administracións, a implantación de Geiser para a integración no sistema de interconexión de rexistros, a itineración de asuntos, etc..
- A continuación coa evolución coas actuacións para a consolidación da expediente xudicial electrónico no relativo á calidade de información, funcionalidades para a simplificación do acceso á documentación do expediente.
- No relativo á relación coa cidadanía e profesionais, avanza no acceso por parte dos profesionais ao expediente dixital, a ampliación dos tipos de escritos que se poden presentar na sede xudicial electrónica e a integración do sistema de notificacións electrónicas.
- Debe mencionarse tamén o acompañamento aos procesos de posta en marcha do novo modelo de Rexistro Civil ou o novo modelo organizativo das oficinas xudiciais.
- A posta en marcha da renovación do sistema de xestión de recursos humanos para a mellora dos procesos neste ámbito e a interoperabilidade co rexistro central de persoal.
- No relativo aos medios nas sedes xudiciais, continúa o plan de dotación de equipamento dixital en salas de vistas, así como outras salas de declaracións e o inicio da posta en marcha das redes wifi nas sedes xudiciais.
- No relativo ao ámbito de seguridade avanza na posta en marcha de ferramentas que incrementan as capacidades de trazabilidade para os accesos aos recursos de información.
- No relativo ao posto de traballo continuará a extensión do modelo deslocalizado coa implantación da plataforma de escritorios virtuais e postos móbiles para facilitar a dotación de medios para teletraballo.

- E dado o incremento continuo de servizos e medios dixitais abordarase o incremento da capacidade dos servizos de atención e posta en marcha de novas canles de atención as persoas usuarias, e continuarase coas accións de capacitación continuada.

- **Programa de robotización e automatización**

En 2023 quedará plenamente operativa a plataforma de automatización da Xunta de Galicia, e levarase a cabo o inicio do plan de identificación de casos de uso nos ámbitos da administración pública.

- **Programa de xestión intelixente do dato**

Dentro do programa de xestión intelixente do dato será especialmente salientables:

- No ámbito do dato único na Xunta de Galicia, o análise para o desenvolvemento do sistema de identificación única da cidadanía no modelo de información da Xunta de Galicia.
- No ámbito dos escenarios de información analítica, a evolución tecnolóxica da plataforma de base e o aliñamento coas estratexias BigData, así como a incorporación de novas áreas temáticas nos sistemas analíticos corporativos.
- O impulso da iniciativa de reutilización de datos da administración pública, aliñado coas iniciativas de GobernoAberto.

- **Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público e prestación do servizo de atención ás persoas usuarias**

Dentro das actuacións de execución do plan, destacan:

- A continuación das iniciativas do plan:
  - Coa extensión do uso da plataforma de virtualización de posto de traballo, coa configuración do acceso de diferentes colectivos.
  - Coa continuación do plan de dotación de medios en posto de traballo.
  - Coa licitación do equipamento para a dotación o mellora de videoconferencia en espazos comúns ou eequipamento de xestión de turnos en espazos de atención á cidadanía.
- No relativo á atención das persoas usuarias e medios tic, continuarase coa incorporación de automatización de procesos de atención que reduzan tempos de

atención nas incidencias rutinarias, así como o incremento e especialización das capacidades de atención as persoas usuarias.

- Licitación do novo sistema de xestión ITSM.

- **Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria**

Neste ámbito destacan os seguintes aspectos:

- Na relación co sector: O desenvolvemento do espazo privado da Oficina Galicia Empresa no contexto do establecido na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; a integración de servizos de xeolocalización no sistema do rexistro único empresarial orientadas tanto á cidadanía como para o persoal tramitador; a realización dunha experiencia piloto de rexistro electrónico interoperable para a presentación de solicitudes dun procedemento administrativo recorrente.
- Na relativo á relación cos procesos de consumo ademais de continuar coa dixitalización dos procesos de traballo do IGCC destacan: a posta en marcha da aplicación móbil para as labores de inspección; o desenvolvemento de novas áreas no ámbito do sistema de xestión do eido de consumo, e o desenvolvemento do sistema de análise de información do ámbito de consumo no contexto da plataforma de análise corporativo.

- **Plan para o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais (MGCD).**

Neste ámbito abordarase fundamentalmente a posta en marcha das accións previstas no *Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais*, en concreto:

- Publicación das ordes de convalidación de CODIX e posta en marcha dos formularios de solicitude de emisión da certificación.
- Evolución das ferramentas de apoio, incluíndo a plataforma de certificación e difusión do MGCD.
- Primeiras convocatorias de procesos de formación e certificación do MGCD.

Adicionalmente inclúese nesta actividade:

- A elaboración e xestión, en colaboración coa EGAP, dos plans específicos de capacitación dixital do persoal empregado público en ámbitos como a administración dixital, seguridade, ou capacitación no uso de ferramentas de ofimática e teletraballo.
- A continuación da ampliación de capacidades e ampliación do ámbito de aplicación da plataforma corporativa de formación en liña.

- **Bibliotecas en rede de Galicia**

No programa de bibliotecas en rede avanza a implantación do sistema de xestión bibliotecaria en novos centros educativos, bibliotecas municipais ou bibliotecas especializadas ata acadar as 695 bibliotecas usuarias. Ademais continuarase cos procesos de integración dos procesos de posta en marcha do carné dixital de bibliotecas, e de mellora da dotación de medios para as bibliotecas públicas dependentes da Xunta na súa actividade de impulso de uso das capacidades dixitais.

- **Impulso da economía dixital para acadar un territorio intelixente**

Dentro deste obxectivo destaca:

- Continuación da integración das tecnoloxías vinculadas as CIVIL UAVs Iniciativas, coa posta en marcha tecnolóxica dos proxectos TERRA-1,2,3,4. Igualmente continuarase coa posta en marcha do rexistro de cartografía de Galicia e a renovación do espazo de compartición de cartografía e servizos de información xeográfica (mapas.xunta.gal).
- Nas Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego - Memoria dixital de Galicia, destacan as liñas de traballo vinculadas a innovación neste ámbito como e a licitación do desenvolvemento do modelo semántico do ámbito do patrimonio cultural galego ou o acompañamento das iniciativas do ámbito do proxecto Nós para a xeración de recursos lingüísticos e tecnolóxicos en lingua galega, coa finalidade de garantir a presenza da lingua no desenvolvemento dixital. Adicionalmente continuarase coa evolución dos sistemas vinculados a xestión e catalogación do patrimonio nas súas diferentes categorías (patrimonio material mediante o sistema Xerpa, da toponimia como patrimonio inmaterial, os fondos de bibliotecas, arquivos e museos dependentes da Xunta de Galicia, e o impulso das liñas de promoción da lingua galega)

- No Programa de Turismo Intelixente, ademais da evolución continuada dos instrumentos de xestión consolidados na Xunta de Galicia e das canles de difusión do turismo (portais promocionais turismo.gal ou caminodesantiago.gal. E destacan especialmente as accións para a posta en marcha do sistema de información avanzado de turismo en Galicia baseado en tecnoloxías BigData, incluíndo o deseño do observatorio de sostibilidade turística, e as accións de sensorización do camiño de Santiago, e de dotación de medios nas oficinas de turismo, e a posta en marcha da iniciativa de dixitalización dos camiños de Santiago.

#### Transformación Dixital da Facenda Autonómica:

---

- **No eido da xestión tributaria:**

Durante o 2023 continuarase co proceso de transformación dixital da Axencia tributaria de Galicia centrándose principalmente en tres ámbitos:

- Na relación co contribuínte, mediante actuacións encamiñadas a mellorar a experiencia de uso a facilitar o cumprimento das súas obrigas. Entre as actuacións previstas destacan:
  - Posta en marcha do servizo de axuda á cidadanía para a confección, baixo cita previa, do borrador de autoliquidación de medios de transporte usados (vehículos)
  - Redeseño e evolución do portal web da Atriga
  - Posta en marcha da app móbil da Atriga con servizos dispoñibles na Oficina Virtual Tributaria
  - Adaptacións para o cambio de pasarela TPV-V e TPV-PC por causa do cambio de provedor de servizos bancarios de pago de ingresos a favor da Xunta de Galicia a través de terminal de punto de venda (TPV)
  - Posta en marcha dunha nova modalidade de pagamento na OVT: pago a través de Bizum. Ampliación de posibilidades de pago trala posta en marcha do pagamento a través de TPV virtual (2021) e a través de TPV físicos nas delegacións Atriga (2022), así como o pagamento nas oficinas de Correos mediante xiro postal (2022)
  - Posta en marcha dos novos medios de pagamento mediante transferencia e domiciliación bancaria.

- Posta en marcha do novo rexistro de autorizacións da Atriga e integración co REAG: evolucionar o rexistro de autorizacións e integrar a consulta de autorizacións no Rexistro Electrónico de Apoderamentos de Galicia
  - Posta en marcha do novo imposto de depósito, incineración e coincineración de residuos: declaración censual e autoliquidación
  - Nas notificacións tributarias, posta en marcha da modalidade de acuse electrónico ou proba de entrega electrónica
  - Inicio dos traballos para dispoñer dunha nova aplicación de axuda á liquidación do impostos de sucesións baseada en tecnoloxía web que substitirá o Alise.
  - Inicio dos traballos para acadar unha mellora na experiencia do usuario e unha simplificación dos tramites e procedementos na oficina virtual tributaria OVT da Atriga.
- Na eficiencia interna mediante:
- Posta en marcha dun novo módulo de recadación executiva por causa da asunción das funcións das Zonas de Recadación
  - Integración Pasaxe!: posibilitar coa especificación SCSP a consulta e descarga de certificado do imposto de Patrimonio (cedente), así como a consulta de certificados de Catastro (cesionario)
  - Cambio de paradigma na exportación de expedientes tributarios electrónicos para agrupar documentos relacionados cun interviniente concreto
  - Expedientes tributarios electrónicos na plataforma de interoperabilidade xudicial (“hub xudicial”)
  - Evolución funcional e tecnolóxica dos sistemas que dan soporte aos procedementos tributarios
  - Novos procesos de robotización de todas aquelas actividades e tarefas susceptibles de ser realizadas de xeito automático e melloras dos procesos xa automatizados. Novos procesos xa identificados: TRA01 – comparar autoliquidacións do imposto de transmisións contra a ficha fiscal, VEH02 – xeración de paralelas e VEH03 – xestión de autoliquidacións caucionais
  - Implementación de sistemas analíticos que permitan un mellor control e coñecemento da actividade tributaria.

→ Na loita contra a fraude,

- Dotando á Atriga dunha plataforma dixital para o control e detección da fraude tributaria, baseada en tecnoloxías de analítica avanzada e intelixencia artificial.

- **No eido da xestión económico financeira:**

Durante o ano 2023 seguiranse evolucionando os distintos sistemas de información que dan soporte aos procesos de xestión, tramitación, fiscalización, contabilización do gasto e do ingreso, rendición de contas, análise financeira e de execución orzamentaria. Entre as actuacións máis destacadas:

- Extensión da tramitación electrónica a documentos contables de gastos derivados de procedementos contables especiais.
- Implementación da xestión de contas bancarias comprobadas o que permitirá mellorar a capacidade de verificación e control das contas bancarias dos terceiros para a loita contra o fraude bancario.
- Implementación do concepto de “Fondo de Financiamento” que permitirá un mellor agrupación das distintas fontes de financiamento coas súas particularidades e, establecendo este novo atributo na clasificación económica de ingresos, permitirá relacionar gastos e ingresos.

No eido dos **sistemas de elaboración dos orzamentos**, o máis destacado que se levará a cabo este ano e:

- Permitir definir estruturas parametrizables que agrupen o gasto orzamentado en base a diferentes criterios paralelos e independentes entre eles
- Implementación do concepto de “Fondo de Financiamento” que permitirá un mellor agrupación das distintas fontes de financiamento coas súas particularidades e, establecendo este novo atributo na clasificación económica de ingresos, permitirá relacionar gastos e ingresos.
- Proporcionar soporte e apoio técnico á DXPO no proceso de elaboración do proxecto de orzamento e do orzamento definitivo 2024.
- Melloras no sistema de información de escenarios orzamentarios plurianuais (EOP) destinadas a facilitar definir e parametrizar agrupacións do gasto en base a diferentes criterios de xeito paralelo e independente, o que permitirá unha xestión, elaboración



e explotación dos escenarios orzamentarios plurianuais máis sinxela, flexible e operativa.

No tocante aos sistemas de xestión de fondos europeos, iniciaremos os traballos para a posta en funcionamento do novo sistema de información de xestión e certificación do novo período comunitario 2021-2027. Tamén se continuará coa evolución funcional do sistema de xestión e certificación dos fondos do mecanismo de Recuperación e Resiliencia (XEFRES) e implementar a integración co sistema informático da administración central (CoFFEE).

E no **ámbito da tesourería e do control de operacións e entidades financeiras** finalizarase o desenvolvemento do novo sistema de información que dará soporte a xestión da Caixa Xeral de Depósitos e tamén do Sistema de información do Rexistro de Intermediarios de Crédito Inmobiliario e de Prestamistas Inmobiliarios

- **No ámbito dos sistemas de contratación pública destacan as seguintes actividades:**

En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023 no sistema de licitación electrónica (SILEX), salientan os seguintes:

- Adaptación da integración con PLATION para comunicar e recibir os cambios de estado das mesas de contratación e a puntuación das ofertas.
- Activación dos diálogos competitivos e da asociación para a innovación.
- Activación da apertura de emerxencia das mesas de contratación.

En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023 no xestor de expedientes de contratación (PLATION), salientan os seguintes:

- Incorporación dos encargos a medios propios
- Integración coa nova versión do RXC para a obtención dos certificados de inscrición.

- **No eido dos sistemas vinculados ás nóminas dos empregados públicos e aos recursos humanos**

Pódese destacar:

- A adaptación do sistema ao RD 1060/2022 polo que se regulan aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros 365 días da súa duración.
- Posibilitar que o persoal da Función Pública xestione a carreira profesional.

- **Adaptacións do sistema aos procesos de funcionarización**

#### Solucións Tecnolóxicas Sectoriais:

---

O 2023 destacará como un ano marcado pola consolidación dos procesos de transformación sectorial postos en marcha en exercicios anteriores, e incluídos nos plans de modernización tecnolóxica de varios ámbitos (transporte, medio ambiente, servizos sociais, educación, sector primario), actuacións todas elas cun importante impacto nos distintos ámbitos funcionais da Xunta, en amplos sectores do tecido empresarial galego e na propia cidadanía galega:

- **Dixitalización do ensino galego**

No ámbito da educación neste ano, ademais da evolución dos distintos sistemas de xestión que dan soporte aos procesos educativos, en particular aqueles que permiten a potenciación de canles telemáticos entre os distintos axentes da comunidade educativa (profesorado, centros, alumnado, familias) manterase o proceso de transformación do sistema de ensino de Galicia a través do uso das TIC, no marco do Proxecto Abalar, chegando a unha cifra estimada en 65.000 rapaces e rapazas que empregarán contidos curriculares dixitais.

- **Consolidación do sistema de Historia Social Única Electrónica e potenciación do novo modelo residencial**

No tocante á Historia Social Única Electrónica, avanzaase no acceso a este sistema desde os equipos de traballo social de Sanidade (SERGAS). Realizarase un pilotaxe inicial e posterior implantación masiva do novo módulo desenvolto para a renovación da actual ferramenta de traballo de referencia en servizos sociais comunitarios (SIUSSGAL). Continuarase potenciando o papel do sistema como ferramenta fundamental na coordinación entre os distintos niveis de actuación do sistema galego de servizos sociais, en particular no eido da protección de menores, coa implantación de novos modelos de informes sociais a través da aplicacións RUMI en servizos sociais comunitarios (registro único de maltrato infantil) e VALORA (valoración da situación de vulnerabilidade de menores).

Especialmente relevante neste ámbito será a execución dos proxectos definidos co gallo do novo Modelo residencial da Consellería de Política Social, enmarcados no concepto

da Residencia dixital intelixente. Neste contexto cabe mencionar a potenciación do sistema de xestión corporativa de centros de políticas social (CENPOS), a continuación do proxecto de despregue do sistema de historia clínica electrónica (IANUS/HCEPRO) en residencias socio-sanitarias, a continuación do proxecto de implantación dun censo ampliado de residentes no global das residencias de Galicia, as integracións cos futuros sistemas de comunicación paciente-enfermeira e de monitorización da actividade do residente, ou o proxecto de dotación dunha solución para a automatización da toma de biomedidas con equipos multiparamétricos en residencias de maiores e discapacitados dependentes da Consellería de Política Social.

- **Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility**

Durante este ano, e dentro das medidas contidas no plan de mellora tecnolóxica neste ámbito, levaranse a cabo diversas actuacións que permitirán unha mellora relación co sector, con outras administracións e coa cidadanía:

- Mellora e evolución da oficina virtual de transporte (xestión de tráfico, recalcado de transbordos, cálculo de bonificacións, excepcións de saída e imputacións de custe ás diferentes Administracións implicadas).
- Nova versión da APP móbil que permite á consulta de servizos de transporte en tempo real aos cidadáns a través da APP de transporte público e o portal de bus.gal a partir dos datos suministrados por os SAE's locais ao Sistema de Axuda á Explotación de Galicia (SAEGAL).
- Soporte e mantemento dun cadro de mando para o seguimento das bonificacións dos usuarios da tarxeta Xente Nova e finalización do desenvolvemento e pilotaxe dunha tarxeta Xente Nova virtual no móbil baseado en códigos QR.
- Adxudicación e inicio da execución do proxecto plataforma de mobilidade 4.0. que integra entre outros compoñentes: un planificador avanzado e un sistema de reservas que integre servizos de transporte de toda a comunidade autónoma (servizos interurbanos, urbanos, navieras, transporte adaptado, etc); a modernización dos sistemas de billete adoptando un modelo baseado baseado en conta que permita o pago co móbil, tarxeta bancaria (EMV) ou una nova tarxeta de transporte de Galicia; o lanzamento dunha nova tarxeta de transporte público de Galicia e os servizos financeiros, de soporte e de atención aos usuarios da plataforma.

- Licitación do contrato de desenvolvemento dun sistema intelixente de xestión da mobilidade que permita axustar a oferta de transporte ás necesidades reais da cidadanía e sexa unha ferramenta de axuda a toma de decisións para a Administración.

Tamén implantaranse dentro do plan de mellora tecnolóxica:

- Desenvolvemento de novas funcionalidades e soporte da aplicación EXCON (xestión de expedientes de conservación de estradas)
- Un novo sistema de xestión integral de obras de paso e noiros (ferramenta EXOPA).
- **Desenvolvemento de instrumentos de xestión e difusión relacionados co sector agropecuario, co desenvolvemento rural e coa xestión dos fondos europeos agrícolas**

O desenvolvemento, posta en marcha e consolidación de sistemas de información que permitan unha xestión máis eficiente dos recursos dispoñibles neste ámbito, e unha mellor relación co sector e coa cidadanía, centran as actuacións neste ámbito:

- Finalizará a implantación do novo sistema integral de xestión do ámbito de gandería (XESGAN), co módulo de xestión dos movementos gandeiros, así como a integración coa Oficina Virtual Gandeira así como a primeira parte do proxecto Agro 4.0 coa posta en uso da Xestión de Explotacións de Galicia (XEAGA); fitos que consolidan os alicerces dende a anterior situación cara a un novo sistema integral renovado desde os puntos de vista tecnolóxico, funcional e de usabilidade.
- No 2023 daráselle un impulso ao novo sistema de xestión no eido de produción vexetal; desenvolverase a fase 4 (plan de control) e finalizaranse os traballos do módulos públicos, abrindo o sistemas para o seu uso.
- Evolución dos sistemas para unha xestión eficiente das axudas da Política Agraria Común do novo período 2023\_2027 (Plan Estratéxico da PAC, PEPAC, aprobado no 2022) así como para o cumprimento das obrigas de seguridade da información definidas pola Comisión Europea na xestión destes fondos.
  - Evolución da ferramenta SICOP de xestión económica do organismo pagador (FOGGA) para adaptala ao PEPAC. O código fonte desta ferramenta compartirase cos organismos pagadores nacionais para a súa reutilización, en colaboración co FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria)

- Implantación das ferramentas, novos módulos e apps vencelladas ás axudas da Política Agraria Común (SGA), incluíndo a conexión co Sistema de Información de Explotacións (SIEX).
- Relacionados co control leiteiro, mostras e control de sacrificio do gando, destacan cara a 2023:
  - Control oficial do rendemento leiteiro: Posta en marcha da aplicación e Reestruturación do Portal do gandeiro.
  - Adaptación e extensión da nova aplicación para o sacrificio de gando no matadoiro móbil a pequenos matadoiros; e adaptacións para a consulta dos veterinarios de saúde pública.
  - Na ficha de campo dixital para controis sanitarios, engadirase a xeolocalización nas medidas da toma de mostra da tuberculina, implantaranse **notificacións tipo "push" no smartphone, así como a Consulta/modificación de actuacións de saneamento no Portal Web.**
- No primeiro trimestre do 2023 porase en marcha o novo sistema de xestión da medida LEADER (Soporte á xestión das axudas LEADER - Ligazóns Entre as Actividades de Desenvolvemento da Economía Rural; Conxunto de submedidas (19.2, 19.4ª e 19.4b) do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia); téñense identificados para 2023 tarefas de Melloras de integración con outras ferramentas, Xestión de trámites posteriores á solicitude, outras melloras funcionais (Xunta Directiva, Resolucións), adaptación ao PDR 2023\_2027.
- No 2022 iniciouse o desenvolvemento dun novo sistema de información que dea soporte e apoio na xestión dos instrumentos e procedementos de recuperación da terra agraria de Galicia (contidos na Lei 11/2021, do 14 de maio) co gallo do apoio na mobilización da terra agroforestal. No 2023 porase en uso esta nova plataforma, continuando tamén a mellora doutros elementos que lle den soporte e visibilidade aos instrumentos da Lei: Banco de Explotacións, app de participación cidadán, portal unificado de acceso á información, etc. En conexión con estes elementos, o Sistema de Información de Terras de Galicia é un sistema de información xeográfica que dá acceso á información sobre todos os procedementos e instrumentos ( <https://info-sitegal.xunta.gal/gl> )
- Viñedo. Actualización do Rexistro Vitícola e integración coa Xestión de Explotacións Agrarias (Agro 4.0). Cómpre abordar capacidades de edición gráficas para a xestión do viñedo, e en particular no Rexistro Vitícola (RV), como

Ferramenta que permita consultar e actualizar a ficha vitícola alfanumérica e os rexistros gráficos asociados (parcelas vitícolas). Deste xeito realizaríase unha actualización da información alfanumérica das parcelas e da capa gráfica segundo os distintos procedementos que se vaian tramitando (Arranques, Plantacións, Modificacións) de maneira que os cambios queden trazados. En 2023 acometerase o proxecto na contorna do proxecto de Xestión de Explotacións Agrarias.

- **Evolución dos sistemas de xestión de incendios e de ordenación do sector forestal**

A primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG) rexerá a planificación estratéxica do monte da nosa comunidade deica o 2040. Froito dun amplo consenso sectorial e da sociedade galega en xeral, o PFG contempla un investimento de 4.900 millóns de euros no monte galego nos próximos vinte anos, incluíndo tanto fondos públicos como financiamento privado. Algunhas das finalidades máis destacadas pasan por acadar as 425.000 hectáreas de superficie ocupada por frondosas autóctonas e unha redución da superficie con presenza de eucalipto do 5 % ao final do período

Entre os seus obxectivos atópanse que os propietarios obteñan un maior rendemento do monte e ao mesmo tempo permita cumprir cos obxectivos medioambientais europeos poñendo as bases para lograr a neutralidade da pegada de carbono sen esquecer o fomento da investigación e da formación; atendendo os intereses de todos os eslavóns da cadea forestal. No 2023 avanza nas ferramentas telemáticas xa postas en marcha e cómpre salientar – co obxectivo de alto nivel da evolución dos sistemas de información de xestión do ámbito forestal, incluíndo as ferramentas telemáticas para a relación co sector, os seguintes:

- Desenvolvemento do novo sistema orientando á xestión económica e traballo sobre contornas XIS
- Continuaranse cos proxectos de sistema rexistral forestal, sanidade vexetal forestal e instrumentos de ordenación
- Incorporación ás aplicacións do ámbito da ordenación forestal das funcionalidades en mobilidade

- Evolucionar a integración da información xeográfica: mellora nos mecanismos de actualización dos servizos SIX para as aplicacións que traballan con información xeográfica ou xeoreferenciada.
- Detección avanzada de cortas de madeira ilegal baseada en procesado de información satelital integrada coa ferramenta xestión de permisos.
- Evolución cadro de mando forestal de indicadores operativos e estratéxicos para darlle soporte ao Plan Forestal de Galicia 2021-2040 e ao Anuario Forestal: incorporación de ferramentas de explotación de datos sobre plataforma corporativa
- Inventario Forestal Continuo. Evolucionar a plataforma de xestión do inventario forestal cun enfoque de plataforma colaborativa de múltiples axentes (empresas do sector, universidades) que incorporan e consultan información para o desenvolvemento do inventario forestal continuo de Galicia.
- Trazabilidade forestal. Impulsar a iniciativa FORest TRAcEability baseada en tecnoloxía Block Chain.

No que respecta á prevención e defensa contra os incendios forestais, as actuacións están enmarcadas no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia que ten por obxecto o establecemento da organización e os procedementos de actuación dos recursos para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume.

Cómpre salientar entre as actuacións previstas para 2023:

- Consolidación do sistema de xestión de incendios Xeocode/XEINFO, avanzando na implantación en particular do cliente móbil do sistema (Xeocode\_Lite). Desenvolvemento de melloras na transmisión de datos en mobilidade e análise para a incorporación de capacidades de Intelixencia Artificial e Machine Learning, así como a necesidade crecente de integración con distintas fontes e sistemas. Evolucións na obtención de imaxes de satélite e perímetro.
- Posta en marcha e evolucións doutros módulos de apoio do ecosistema XEINFO
- Melloras na ferramenta de formación que proporciona acceso aos contidos se elabora como apoio nas campañas de prevención e extinción

- A evolución do sistema de xestión de biomasa nas faixas secundarias (XESBIO-2) que facilita as comunicacións entre os concellos e outros axentes cos afectados pola obriga de labores de limpeza de biomásas nestas faixas. No 2023 prevese un incremento dunhas 90.000 novas parcelas ao sistema de xestión
- Avanzar cara a introdución dun cadro de mando que permita á dirección a observación agregada de información como base para a toma de decisións
- Análise e impulso de iniciativas de IoT, intelixencia artificial e outras tecnoloxías disruptivas no apoio na defensa do monte: Monitorización dos aforos dos depósitos de auga utilizados no proceso de extinción de incendios, Localizadores GPS para seguimento e control dos brigadistas que participan no proceso de extinción de incendios, Detección de parámetros ambientais de risco de incendios e control de focos - temperatura, humidade, vento, ...etc

#### Ferramentas estratéxicas transversais na Consellería do Medio Rural:

- Repositorio de Axudas e Expedientes (REPAXU). Permite a consulta das actuacións (axudas, rexistros da administración, comunicacións...) impulsadas pola Consellería por interesado (NIF de persoa física ou xurídica) e/ou territorio (referencia catastral, referencia SIXPAC ou identificador de monte). No 2023 continuarase traballando en estender a integración doutras liñas de axuda xestionadas na Consellería do Medio Rural, proporcionar información para XEAGA de xeito que un interesado ou produtor agrogandeiro poda consultar a situación dos seus expedientes con detalle; e continuar coa evolución cara á incorporación de información gráfica, con consulta e visualización da información xeográfica para os diferentes expedientes e liñas de axudas.
- O Sistema de indicadores e Cadro de Mando.
- A figura do Observatorio permite a Publicación de datos agregados e estatísticas. Amosa estatísticas e datos agregados do sector, a partir da información dispoñible pola Administración, así como a súa representación gráfica, con visibilidade pública e potencial conexión coa idea dunha explotación dinámica de dita información. Continuará no 2023 o proceso de recompilación da información sobre indicadores das áreas de desenvolvemento rural, prevención e extinción de incendios, silvicultura, desenvolvemento rural; e gandaría e explotacións agrarias, así como a construción de novos cadros de mando e impulso dos Observatorios públicos.
- AGRO 4.0 Neste eido agropecuario e de impulso na xestión das explotacións colle especial relevancia o proxecto Agro 4.0, iniciado no 2.021, e que pretende evolucionar cara á figura



do Agricultor 4.0 co Observatorio de Parcelas, o caderno de explotación dixital e, a Xestión de Explotacións Agrarias. O ano 2023 verá a posta en servizos dos primeiros resultados do programa. O obxectivo de alto nivel é facilitar a xestión global – alfanumérica e gráfica – da información relativa ás explotacións agrarias de Galicia, tanto por parte dos xestores como de cara aos propietarios a actualización e xestión da información das mesmas; incluíndo unha app - XEAGA\_APP – para rexistro de actuacións agrícolas e gandeiras en puntos de mostraxe.

- Mobilidade. De xeito transversal e uniforme, con base nunha plataforma común, engadirase a capacidade de soportar operacións en campo (realización de inspeccións e actas) ás respectivas aplicacións de xestión de axudas e inspeccións.
- Información xeográfica. Desenvolver un soporte SIX para as aplicacións que traballen con información xeográfica ou xeoreferenciada. Esta información do territorio consolidarase de xeito nativo e integrado co resto da información xa existente. Potenciarase a orientación xeográfica das aplicacións a todos os niveis: operativo, de control e estratéxico.
- **Impulso da xestión telemática no ámbito pesqueiro, da trazabilidade e a comercialización e a formación no sector do mar**
- 2022 supuxo a consolidación do proxecto de modernización tecnolóxica das lonxas (PRIMARE-Lonxas), que contemplou as actuacións necesarias para a implantación das plataformas de comercialización e xestión – e infraestruturas e redes asociadas - en 35 lonxas de Galicia. No 2023 avanza na implantación ou mellora de funcionalidades (servizos a compradores, novos tipos de poxa en sobre pechado, aplicación de información en poxa sen lotes, etiquetado dinámico de produto, integración coa marca de calidade Pescaderías, ampliación de tripulantes e cupos, validación de albaranes), a análise da súa extensión temporal a novas rulas e confrarías para o novo período de fondos pesqueiros (FEMPA) que arranca no 2023; así como a potencial integración ou modelo de traballo con outras ferramentas.
- Na plataforma de seguimento en mobilidade (MOBTIC) estudarase a implantación da declaración de desembarque en aras de recoller este tipo de información nas embarcacións obrigadas á mesma.
- Trala posta en marcha no 2022 do novo sistema de Xestión de licenzas de pesca deportiva, no 2023 abrirase o portal público e lanzarase a App para dispositivos móbiles que permitirá á cidadanía visualizar e descargar as súas licenzas de pesca e realizar de forma

sinxela o rexistro das capturas realizadas; e traballaranse en melloras -entre outras - na explotación estatística dos datos, tramitación dos expedientes, rexistro da non celebración de concursos/campionatos para o procedemento PE405B e Inclusión do fluxo de inadmisión na tramitación.

- Tamén o 2022 foi o ano da posta en marcha dun sistema de apoio na tramitación dos procedementos administrativos e xestión relacionados cos establecementos de acuicultura: Cara ao 2023 traballarase na mellora de integracións con distintos sistemas, na ficha de establecemento , novos perfiles de usuario, tramitación (agrupada, entrada, ...) e darase un especial soporte no arranque do sistema nas xefaturas territoriais e comarcais de mar.
- O sistemas de xestión para Organizacións de Produtores Pesqueiros abordará no 2023 a implantación de diversos procedementos relacionados coa xestión neste campo (recoñecemento , creación ou retirada de recoñecemento de OPPs).
- Impulsarase as canles de difusión e promoción dos produtos de mar, en particular de marcas diferencias ou de calidade, mediante a abordaxe da adaptación cara a un novo portal do FEMPA (por evolución do actual <https://fempa.xunta.gal/gl>).
- O sistema de xestión e aplicación móbil relacionada coa xestión do censos eleitorais das confrarías de Galicia – que deu soporte por primeira vez no ano pechado aos procesos de elección en ditas asociacións – ten abertos cara a 2023 análises en dúas liñas principais: soporte na xestión de censos das confrarías en conexión con Primare\_Lonxas e en xeral na xestión do sector; e evolución da app para o seu emprego fora de períodos electorais proporcionando información aos usuarios das confrarías
- No 2022 iniciouse o desenvolvemento dun novo sistema de información de apoio na xestión de axudas de innovación pesqueira e planificación e xestión da acuicultura, financiadas con base na Política Pesqueira Común, chamado a ter un importante papel na xestión do novo fondo das políticas marítima, pesqueira e acuícola da UE proposto para o período 2021-2027, en substitución do anterior Fondo Europeo de Pesca (FEMP). No 2023 plantéxase o lanzamento do sistema por fases, cos primeiros procedementos e expedientes relacionados a xestionar na plataforma no primeiro trimestre de 2023.

- **Mellora tecnolóxica do ámbito medio ambiental e do territorio**

No ámbito medioambiental, ao longo do presente exercicio:

- Poranse en funcionamento novas funcionalidades, como un tramitador de expedientes ou o novo rexistro de produtores e xestores de residuos, na Plataforma de Xestión Ambiental de Galicia (GalA), que permite unha xestión integral e integrada da información ambiental que xestiona a Administración e unha relación completamente telemática coas empresas do sector.
- Comenzarse os desenvolvemento de novos proxectos neste eido: novo portal de Meteogalicia, sistema integral de xestión de permisos en coutos de pesca fluvial e unha plataforma urbanística dixital que permita a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico entre todos os axentes implicados.
- Publicarase o novo portal web de Meteogalicia, cunha imaxe e deseño renovados, máis usable e accesible e cunha mellor estruturación e organización da información. Tamén se farán melloras na app móbil, renovando o apartado de calidade do aire e mellorando o apartado de concellos e imaxes de radar e satélite.
- **Evolución dos servizos dixitais no ámbito da vivenda.**

No ámbito da vivenda, ao longo do presente exercicio:

- Continuarase co desenvolvemento de novos sistemas ou adaptación e ampliación dos existentes para a xestión das axudas vinculadas ao Plan Estatal de Vivenda 2022-2025.
- Realizaranse diversas actuacións no ámbito das tecnoloxías da información para posibilitar a mellora na tramitación electrónica e transparencia dos procedementos administrativos do Instituto Galego de Vivenda e Solo, IGVS.
- Continuarase coa mellora e evolución de módulos e aplicativos para o traballo das diferentes áreas do IGVS.
- Continuarase co desenvolvemento dunha plataforma de xestión integral dos bens de titularidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que permite realizar unha xestión completa do seu patrimonio.
- **Mellora tecnolóxica dos servizos do Servizo Público de Emprego de Galicia.**

Durante este ano destaca:

- Posta en marcha da comunidade de empregadores (nova web para a intermediación laboral).
- Desenvolvemento de novos cadros de mando (orientación e formación).

- Adecuación das aplicacións de Orientación Laboral, Procedemento Sancionador e Intermediación para o desenvolvemento dos procesos relativos ao Programa de seguimento intensivo da demanda de emprego.
- Deseño e licitación das redes de acceso wifi para cidadáns nas oficinas de emprego.

#### Sociedade Dixital:

---

- **Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia**

Durante o ano 2023 porase en marcha o Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia.

O novo Plan alíñase cos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030, en concreto co seu Eixe Sociedade Dixital e Inclusiva, dirixido a dotar ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente na contorna dixital, e co Eixe transversal de Especialización Tecnolóxica, que a través da área de actuación Impulsar a promoción do talento dixital, enfócase en garantir a dispoñibilidade dunha canteira de talento especializado capaz de dar resposta aos retos da transformación dixital galega.

Así, o Plan DigiTalent 2030 canalizará a súa intervención a través de tres eixes estratéxicos:

- Eixe I: Pechar a fenda dixital, equiparando as oportunidades da cidadanía para asegurar o desfrute duns servizos dixitais cada vez máis avanzados.
- Eixe II: Competencias dixitais para os profesionais, abordando a súa adaptación proactiva para ofrecer unha resposta áxil fronte aos cambios motivados polo progreso das tecnoloxías dixitais.
- Eixe III: Impulso das vocacións e talento dixital, promovendo a capacitación dixital avanzada do talento galego con especial atención á fenda de xénero.

Neste contexto, o impulso das medidas establecidas no “Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara a plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025” transformará a Rede para convertela nun instrumento chave que garanta unha base sólida de capacidades dixitais entre a cidadanía, o fomento da igualdade dixital, a participación efectiva no novo contexto dixital, a xeración de novas oportunidades laborais, e, en definitiva, unha mellor calidade de vida das persoas nunha contorna de continua transformación tecnolóxica.

O conxunto das medidas e actuacións a desenvolver durante o 2023 no marco do Plan DigiTalent 2030 e do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT incidirán directamente na consecución dos seguintes obxectivos:

- Favorecer a alfabetización e mellora das habilidades e capacidades dixitais da cidadanía, especialmente dos colectivos máis vulnerables e do rural, impulsando a súa autonomía para asegurar un aproveitamento das oportunidades que ofrece a transformación dixital por medio da realización de actividades formativas de forma presencial e online a través da Rede CeMIT, do Programa de Voluntariado Dixital e da participación e colaboración da rede de aliados e impulsores dixitais.
- Combater a fenda dixital das persoas maiores, impulsando a adquisición de capacidades dixitais que permitan aos grupos de maior idade aproveitar o potencial dos servizos públicos dixitais, ferramentas e solucións tecnolóxicas que contribúan a mellorar a súa autonomía persoal, envellecemento activo, seguridade dixital e, en definitiva, na súa calidade de vida.
- Impulsar a formación e certificación galega en competencias dixitais para a cidadanía en base ao novo Marco Galego de Competencias Dixitais.
- Estimular o talento precoz no ámbito dixital, fomentando as vocacións tecnolóxicas entre os máis novos e potenciando o reforzo das súas destrezas e habilidades tecnolóxicas.
- Potenciar a presenza da muller no eido dixital, promovendo a redución da fenda de xénero e apoiando o aumento da taxa de mulleres en carreiras técnicas e profesións científico-tecnolóxicas.
- Aumentar a xeración, retención e atracción de talento dixital especializado con especial foco nas tecnoloxías disruptivas, así como reforzar as capacidades dixitais dos profesionais de disciplinas non tecnolóxicas para maximizar a xeración de sinerxías entre todos os sectores e ámbitos.
- Executar as actuacións derivadas do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT baixo o novo marco de relación e colaboración coas entidades locais e a Federación Galega de Municipios e Provincias, transformado integralmente os seus espazos, equipamento, medios e servizos para a súa conversión nunha rede de centros de referencia e soporte transversal aos obxectivos do Plan DigiTalent 2030.

- **Estratexia Galega de Intelixencia Artificial**

A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030, aprobada no mes de xuño 2021, supuxo o establecemento das bases estratéxicas en Galicia para a adopción das tecnoloxías intelixentes. O establecemento en Galicia da sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial a finais do ano 2022, xunto con outros temas de relevancia xurdidos ao longo do ano, fan preciso **adaptar a EGIA 2030 aos novos escenarios**, tras someter o documento a unha reflexión estratéxica.

No marco do nodo galicia, ao longo do ano 2023, prevese a **formalización das distintas comisións de trabalo sectoriais en Sanidade, Competitividade e Innovación e Ética e normativa**, co obxectivo de avanzar na adopción das tecnoloxías intelixente, tanto no sector público, como no sector privado.

No relativo aos aspectos éticos e normativos, prevese a **publicación do Estudo sobre o marco ético das tecnoloxías intelixentes en Galicia, da man das tres universidades públicas de Galicia**. Asimesmo, prevese o **inicio da tramitación do proxecto de lei que regule o uso da intelixencia artificial no Sector Público Autonómico**. Neste proceso tamén se definirán os dereitos dixitais de Galicia, así como as **guías para o fomento do uso da intelixencia artificial** no marco da administración pública galega.

Constituirase o **comité de expertos en intelixencia artificial** como un órgano de asesoramento e consulta por profesionais de diferentes materias relacionadas coa intelixencia artificial.

Asimesmo, avanzarase na capacitación da cidadanía galega en tecnoloxías intelixentes, no marco da rede de aulas CeMIT de Galicia.

- **Caracterización das capacidades de Galicia en tecnoloxías emerxentes para a transformación dixital**

A especialización tecnolóxica de Galicia constitúe o eixo transversal da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), presentada no ano 2020. Entre as áreas de actuación nesta materia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asumiu o compromiso de “potenciar as capacidades e infraestruturas dixitais en tecnoloxías disruptivas” co obxectivo de desenvolver e implementar capacidades e infraestruturas dixitais de vangarda en tecnoloxías disruptivas; potenciar a capacidade de innovación dixital do hipersector TIC e impulsar a adopción de solucións dixitais innovadoras nos sectores produtivos.

Neste contexto, levarase a cabo, da man das universidades públicas de Galicia, **un estudo que identifique as áreas destacadas de especialización tecnolóxica** para establecer unha identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital.

- **Impulso á Empresa Dixital**

O principal obxectivo deste programa é reforzar a competitividade do tecido empresarial galego, en particular das pemes, promovendo a adopción das novas tecnoloxías e favorecendo así o aproveitamento por parte do tecido produtivo do impulso da dixitalización.

Neste sentido, no 2023 darase continuidade ás actuais convocatorias do **programa ReAccionaTIC** para impulsar a transformación dixital nas pemes, ofrecendo servizos aliñados coas novas tendencias dixitais.

- **Software Libre**

Un ano máis, a Amtega plasmará a súa aposta polo software libre como ferramenta transversal no Plan de Acción de Software Libre 2023 que manterá como un dos seus principais obxectivos investir no fomento do software libre como recurso para mellorar a eficacia acadada na administración nos últimos anos e en definitiva fomentar o uso de Software Libre por parte das administracións públicas, empresas e cidadanía.

Reutilización de software libre na administración pública:

- Apostarase pola reutilización de software para o desenvolvemento de novos servizos achegando aos responsables TIC **casos de éxito doutras administracións públicas**. En consonancia coas políticas europeas en materia de estándares e software de fontes abertas, levarase a cabo unha vixilancia estratéxica que permita identificar casos de éxito, sinerxías e liñas de actuación, fomentando a reutilización de solucións de interese, así como a difusión das iniciativas propias.
- Manterase o compromiso de colaborar cos departamentos da administración para a **publicación e liberación dunha nova solución de software** desenvolvida pola Xunta de Galicia.

A **creación de contido divulgativo e formativo** seguirá sendo un dos piares fundamentais na promoción e fomento do uso do software libre. Contidos adaptados aos tempos e aos

públicos obxectivos. O portal Mancomún seguirá a ser o nodo central e punto de encontro das iniciativas de software libre en Galicia.

**Difusión e impulso da oferta das solucións TIC** con licenza libre para as empresas, mantendo a colaboración cos axentes do ecosistema do Software Libre galegos, para acadar un tecido empresarial e cidadanía 100% dixital.

O **carácter innovador do software libre** será unha ferramenta fundamental para a converxencia tecnolóxica, a explotación dos datos como materia prima e a implantación das novas tecnoloxías emerxentes.

- **Adopción de tecnoloxías disruptivas**

As actuacións postas en marcha no marco deste programa perseguen contribuír ao desenvolvemento das capacidades rexionais en torno as novas tendencias tecnolóxicas, no ámbito público e privado, e fomentar o liderado da Administración na adopción de tecnoloxías emerxentes para dar resposta aos novos retos da sociedade.

Perseguindo este obxectivo continuarase a traballar no **ecosistema GobTech**, deseñado para impulsar o uso de tecnoloxías avanzadas no sector público autonómico galego a través da incorporación de solucións dixitais innovadoras baseadas en tecnoloxías disruptivas. No seo do mesmo abordaranse as seguintes actuacións:

- Lanzamento de **retos tecnolóxicos** no seo do Acordo Marco para contratos do sector público galego de servizos que requiran da aplicación de tecnoloxías disruptivas.
- A activación dun **servizo de apoio** técnico para a xestión e coordinación das actividades que no marco do espazo Gobtech vaian sendo postas en marcha.

- **Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica**

O GaiásTech é unha iniciativa desenvolvida pola AMTEGA e recollida na Estratexia Galicia Dixital 2030, como instrumento de apoio á especialización tecnolóxica, xerando produtos, servizos e solucións cunha impronta tecnolóxica, que aporten máis valor, con modelos de negocio innovadores e competitivos globalmente.

O GaiásTech é un espazo aberto para aqueles que teñan a capacidade de transformar a nosa comunidade. Conta con instalacións e equipamentos específicos, creando un entorno



propicio para a confluencia de talento, emprendemento, innovación e xestión empresarial coas que construír novas propostas empresariais.

O Centro está configurado coma un espazo colaborativo entre emprendedores, comunidade científica, empresas e cidadanía, sendo o seu obxectivo aglutinar esforzos nos que poden traballar diversos axentes e institucións co fin de lograr unha aplicación máis eficiente dos recursos invertidos e proporcionar un servizo de maior calidade a nosa sociedade.

Ademais, o GaiásTech exerce o papel de coordinador da Rede de Nodos de especialización tecnolóxica de Galicia, a través dos que se desenvolverán modelos de colaboración público-privados para impulsar as tecnoloxías dixitais de máis impacto: conectividade, intelixencia artificial ou ciberseguridade.

- **Infraestruturas de banda larga**

Galicia leva máis de 10 anos traballando no despregamento de redes de telecomunicación, primeiro a través do Plan de Banda Larga 2010-2013 e posteriormente co Plan de Banda Larga 2020.

A este respecto, co primeiro Plan, xa no ano 2014 conseguíuse acadar unha Comunidade plenamente conectada, con posibilidade de acceso á banda larga de cando menos 2Mbps, e que a metade da poboación dispuxese de cobertura de redes de nova xeración de ata 200Mbps.

Posteriormente, grazas ao Plan de Banda Larga 2020, dotouse de cobertura a 81 polígonos que, contando cos que xa dispoñían da mesma, fan que un total do 93% da superficie empresarial total de Galicia conte con cobertura de fibra óptica. Así mesmo, concedéronse axudas a un total de máis de 80 empresas illadas ás que se dotou de servizos de entre 30 e 600Mbps. E no eido da cidadanía, complementáronse os despregamentos levados a cabo polo Ministerio dotando de cobertura de máis de 100Mbps a 74.400 veciños de 181 concellos das catro provincias galegas.

Compre salientar que actualmente é o Goberno de España o que ademais de contar coa competencia, conta cunha capacidade de investimento inédita para dar resposta aos retos da conectividade, especialmente no ámbito rural.

O Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) é o instrumento a través do cal o Goberno de España prevé poñer en marcha as

iniciativas coas que se acadarán os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopan: acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps, dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos e estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades.

Dos máis de 4.000 millóns de euros dos que dispón o Goberno de España, tan só un 9% se transfire ás Comunidades Autónomas. No que respecta a Galicia, recibirá só 19,1 millóns de euros, que se poderán empregar para a posta en marcha de medidas xa predefinidas polo Estado.

No eido da conectividade, a Xunta de Galicia puxo en marcha xa no ano 2022 ditas actuacións predefinidas polo Estado nas que continuará a traballar no ano 2023: extensión de redes ultrarrápidas en polígonos, concesión de bonos para a conectividade de colectivos vulnerables e mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios.

**No referente ás actuacións de bonos para a conectividade de colectivos vulnerables e mellora das infraestruturas de telecomunicación en edificios destacar que, tras as primeiras convocatorias levadas a cabo no ano 2022, no 2023 publicaranse novas convocatorias iniciándose de novo os procesos de concesión destas axudas.**

En canto a polígonos, salientar que tras a concesión da axuda a Telefónica no 2022, **en 2023 levarase a cabo o seguimento e control mensual dos compromisos adquiridos por parte do operador referentes ao reforzo da conectividade de redes de banda larga de alta velocidade nas 68 zonas** obxectivo con concentración empresarial.

Ademais destas iniciativas, a Xunta conta con outras medidas de mellora e fomento da conectividade, a través de fondos propios e FEADER, coas que continuará colaborando na consecución dos obxectivos 2025.

Así, tras a concesión da subvención en decembro de 2021 a Vodafone, **no ano 2023 continuarase cos traballos de despregamento derivados da actuación orientada a impulsar a mellora da cobertura de telefonía móbil**, en zonas que carecen de servizo por tratarse de ubicacións illadas e/ou de complexidade orográfica.

Salientar que, esta **iniciativa** impulsada pola Xunta é **pioneira en España e, ademais, non só conta coa aprobación de Europa, senón que está a ser empregada pola Comisión Europea como exemplo para o resto de estados membros**, tal e como se referencia nas novas Directrices relativas ás axudas estatais ás redes de banda larga publicadas en 2023.

Tal é así que, dende o Goberno de España estase a traballar nunha convocatoria similar á da Xunta de Galicia para a subvención de equipamento e infraestrutura pasiva de redes móbiles 5G a través do Programa UNICO 5G, iniciativa que está actualmente á espera da autorización de Europa.

Por outra banda, no que respecta ao Nodo 5G – Conectivi.gal, no 2023 levarase a cabo a definición e posta en marcha de actividades de información e networking que agrupen aos diferentes axentes integrantes do ecosistema dixital para que poidan participar en proxectos relacionados coa conectividade, e que axuden ao proceso de transformación dixital da nosa economía.

Por último, continuarase co asesoramento e soporte no ámbito dos despregamentos de redes de telecomunicacións que se ven prestando dende o ano 2010, a todos os axentes interesados nas actuacións desenvolvidas no marco do Plan, incluíndo un soporte especializado en normativa de telecomunicacións para Entidades Locais.

## Infraestruturas, sistemas e telecomunicacións

---

- **Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas**

O CPDi constitúe o centro de proceso de datos onde se consolidan todos os sistemas de información da Xunta de Galicia. Polo tanto, resulta esencial seguir reforzando a súa capacidade co fin de garantir os servizos críticos que se prestan.

Coa finalidade de aumentar as prestacións, dispoñibilidade e illamento da infraestrutura, durante o 2023 procederase á **ampliación das capacidades de almacenamento e backup** adaptándoo ás necesidades dos servizos ofrecidos. Igualmente, realizaranse as actividades necesarias para a administración e optimización das infraestruturas existentes.

Outra liña de traballo será a de evolucionar e administrar as plataformas e sistemas corporativos para poder atender as demandas de integración tecnolóxica das diferentes áreas de negocio mantendo uns niveis de confianza altos en canto a rendemento e capacidade de cómputo e almacenamento. Traballarase na monitorización funcional e na automatización de tarefas de despregamento de sistemas e provisionamento de plataformas.

Outro obxectivo para o ano 2023 será a execución das liñas de actuación incluídas no Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2020-2023. Este plan, presentado no ano 2020, proporciona unha estratexia a longo prazo que permitirá garantir a continuidade dos servizos, á vez que se asumen novos retos como o funcionamento dos servizos os 365 días do ano as 24 horas do día, melloras na axilidade na provisión de servizos, alta dispoñibilidade dos servizos, incremento da confianza dixital, maior esixencia no rendemento dos servizos, etc.

- **Medidas de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións**

Co obxectivo de garantir a calidade dos sistemas de información da Amtega e homoxeneizar o máximo posible a xestión técnica da infraestrutura TIC, no ano 2023 continuarase traballando na definición e actualización de **procedementos e estándares técnicos corporativos**, así como na vixilancia do seu cumprimento. Na mesma liña, manterase o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións impulsando o modelo de débeda técnica e fomentando escenarios AGILE.

Ao longo deste ano, continuarase fomentando o uso da **plataforma de integración continua** para os proxectos de desenvolvemento da Amtega e xestionarase a evolución de todas plataformas corporativas xestionadas polo grupo de Arquitecturas, dando soporte ás mesmas e realizando actividades de divulgación e dinamización. Do mesmo xeito, continuarase ca mellora das arquitecturas de aplicacións co **despregue de arquitecturas SOA orientadas a Microservizos en sistemas complexos**, para mellorar a integración entre os distintos sistemas e aplicacións corporativas e con entidades externas.

Darase continuidade ao despregamento do **Sistema de Xestión da Calidade** coa incorporación de novos procesos mantendo a certificación de calidade ISO 9001 e dinamizarase o proceso de xestión da configuración.

- **Estratexia Cloud da Xunta de Galicia**

A finais de 2021 aprobouse no Consello da Xunta de Galicia a **Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico**, co obxectivo de avanzar no uso da tecnoloxía na nube no sector público.

No ano 2022 puxéronse en marcha unha serie de actividades orientadas a acadar os obxectivos establecidos na **Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico**, agrupadas en tres liñas de traballo principais: o arranque do proxecto de implantación dunha nova solución de cloud privada na Amtega, a publicación da licitación dunha oficina técnica cloud e a preparación dun acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública e posta en marcha dunha infraestrutura de cloud pública na Xunta de Galicia.

No ano 2023 continuarase avanzando na consecución dos obxectivos establecidos na Estratexia Cloud, mediante a posta en marcha da **oficina técnica cloud**, a implantación da nova solución **de cloud privada** na Amtega e a licitación do **acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública** na Xunta de Galicia.

Como punto de partida da implantación da infraestrutura de cloud, definírase un **modelo de gobernanza cloud** na Amtega que permita facer un uso eficaz, eficiente e seguro das contornas cloud xestionadas. Así mesmo, levarase a cabo un **piloto de cloud híbrida** entre a contorna de cloud privada da Amtega e as contornas de cloud pública, co fin de avaliar as vantaxes e riscos derivadas da integración entre ditas contornas.

Prevese tamén a preparación dun **plan formativo** en tecnoloxías e contornas de cloud, para a capacitación técnica do persoal responsable da xestión das infraestruturas cloud.

- **Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas**

Ao longo de 2023 continuarase cos traballos de **mellora da rede de comunicacións**, ampliando a velocidade de conexión dos centros conectados a Rede Corporativa, e mellorando a electrónica de comunicacións e o cableado dos centros.

No ano 2023 continuarase coa execución dos contratos para o reforzo das redes de área local de centros públicos de referencia (cableados, electrónica de comunicacións e wifi) e de centros de Política Social.

Continuarase co **despregamento de WiFi en centros administrativos e xulgados**.

Levarase a cabo a renovación dos cortalumes de acceso ao CPD, dunha das enfriadoras do CPDI e das climatizadoras do CPD de respaldo de San Caetano.

Así mesmo, seguirase traballando na **consolidación da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia**. Esta rede integra nun mesmo sistema a todos os colectivos que

participan nas emerxencias, mellorando a súa coordinación e garantindo as comunicacións en situacións extremas ou de saturación.

- **Plan Director de Ciberseguridade**

No ano 2023 continuarase traballando na revisión da estratexia de alto nivel, a "**Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030**", que está en fase final de revisión por parte dos diferentes axentes implicados. Así mesmo, rematarase a elaboración do **Plan Director de Seguridade** para o ámbito Amtega que acompañará á estratexia.

As actividades a desenvolver neste ano 2023 estarán aliñadas con dita estratexia, co plan director e co contrato de xestión da Amtega para o período 2022-2025.


No ámbito de actuación do centro de resposta a incidentes de seguridade da Amtega, **CSIRT.gal**, no 2023 darase continuidade a estas liñas de traballo xestionando todos os servizos do acordo marco en coordinación coas catro deputacións galegas. Ademais, realizarase o proxecto de **execución e licitación dun edificio para albergar o Centro de Ciberseguridade de Galicia**.

No ano 2023 a Amtega continuará coa dinamización de actividades dentro do **Nodo de Ciberseguridade de Galicia, CIBER.gal**, tales como a realización no mes de novembro do evento do nodo CIBER.gal (Encontro galego de ciberseguridade). Continuarase tamén traballando na adhesión de entidades públicas e privadas ao nodo CIBER.gal.

Así mesmo, no ano 2023 continuarase realizando as accións necesarias para asegurar o **cumprimento normativo** (protección de datos persoais, Esquema Nacional de Seguridade, ISO 27000) . No 2022 acadouse o obxectivo de obter a primeira certificación de cumprimento da norma por parte de entidade acreditada. Certificáronse os servizos ofrecidos pola Amtega ao FOGGA e algúns dos servizos transversais de administración electrónica ofrecidos á administración local. Para o ano 2023, está previsto realizar dúas auditorías de **certificación en nivel medio do ENS**.

Levaranse a cabo tarefas de **xestión e supervisión da seguridade corporativa** dos sistemas de información e redes de comunicacións da Xunta de Galicia, incluíndo actividades de prevención, detección, reacción e recuperación ante un incidente de seguridade, e a promoción e xestión de actividades de **concienciación e formación** en forma de seminarios, accións formativas, campañas de concienciación, etc., orientadas a diversos colectivos e colexios profesionais.

# Programa de actuacións



### 3. Programa de actuacións

No seguinte apartado recóllense as actuacións previstas por parte da Axencia para o exercicio 2023, organizadas en función dos 7 obxectivos estratéxicos que articulan o seu funcionamento.

Para cada un dos obxectivos estratéxicos identifícanse os programas indicando os obxectivos perseguidos, as actividades e os responsables de levalas a cabo, así como o orzamento dispoñible e os valores meta fixados para para cada unha delas.

#### *Os obxectivos da Axencia*

A Axencia articula a súa actividade en torno á consecución de 7 obxectivos estratéxicos que perseguen modernizar a administración e o modelo de interacción co cidadán, o fomento e capacitación no uso das novas tecnoloxías por parte da sociedade e o tecido produtivo, así como o desenvolvemento do sector TIC, posibilitando para elo as infraestruturas e o modelo de cooperación entre axentes necesario para conseguilo.

A partir das competencias e funcións da Axencia, en consonancia co establecido na Axenda Dixital de Galicia, e de conformidade co establecido no contrato plurianual de xestión desta axencia pública autonómica, establécense **7 obxectivos estratéxicos**:

- 1. Impulsar un goberno e administración intelixente*
- 2. Promover os servizos públicos dixitais*
- 3. Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais*
- 4. Fomentar a adquisición de competencias dixitais*
- 5. Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente*
- 6. Favorecer o crecemento do ecosistema dixital*
- 7. Medidas instrumentais e de eficiencia*



## Obxectivos operativos e programas

A continuación recóllense os programas e obxectivos específicos que integran cada un dos obxectivos estratéxicos reseñados anteriormente:


Obxectivos estratéxicos	Programas e obxectivos específicos
<p>1</p> <p><b>Impulsar un goberno e administración intelixente</b></p>	<p>1.1 Plan de Administración e goberno dixital</p> <p>1.2 Plan de Administración e goberno dixital – sistemas para o emprego público</p> <p>1.3 Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria</p> <p>1.4 Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable</p> <p>1.5 Plan Senda 2025: Xustiza Dixital</p> <p>1.6 Programa de Robotización e Automatización</p> <p>1.7 Programa de Xestión intelixente do dato</p> <p>1.8 Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público</p> <p>1.9 Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias</p>
<p>2</p> <p><b>Promover os servizos públicos dixitais</b></p>	<p>2.1 Programa dixital de política social</p> <p>2.2 Plan para a xestión dixital das políticas de emprego</p> <p>2.3 Medidas para a xestión dixital da vivenda</p> <p>2.4 Medidas para a xestión dixital da Educación</p> <p>2.5 Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias</p> <p>2.6 Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio</p> <p>2.7 Medidas para a xestión dixital do sector primario</p> <p>2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos a comercio, empresa e industria</p>
<p>3</p> <p><b>Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais</b></p>	<p>3.1 Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas</p> <p>3.2 Medidas de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións</p> <p>3.3. Estratexia Cloud da Xunta de Galicia</p> <p>3.4 Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas</p> <p>3.5 Plan Director de Ciberseguridade</p>
<p>4</p> <p><b>Fomentar a adquisición de competencias dixitais</b></p>	<p>4.1 Plan de impulso á educación dixital</p> <p>4.2 Plan galego de competencias dixitais</p> <p>4.3 Bibliotecas en rede de Galicia</p> <p>4.4 Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital</p>

5	<p><b>Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente</b></p>	<p>5.1 Programa Galicia Territorio Intelixente</p> <p>5.2 Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility</p> <p>5.3 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio</p> <p>5.4 Plan para transformación dixital do sector primario</p> <p>5.5 Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego - Memoria dixital de Galicia</p> <p>5.6 Programa de Turismo Intelixente</p> <p>5.7 Impulso á empresa dixital</p>
6	<p><b>Favorecer o crecemento do ecosistema dixital galego</b></p>	<p>6.1 Estratexia Galicia Dixital 2030</p> <p>6.2 Estratexia Galega de Intelixencia artificial</p> <p>6.3 Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos</p> <p>6.4 Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas</p> <p>6.5 Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica</p> <p>6.6 Plan de conectividade e cohesión dixital</p> <p>6.7 Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia</p>
7	<p><b>Medidas instrumentais e de eficiencia</b></p>	<p>7.1 Medidas para o impulso do desenvolvemento normativo</p> <p>7.2 Medidas de eficiencia na xestión do persoal</p> <p>7.3 Boas prácticas para a prevención do fraude</p> <p>7.4 Medidas de mellora na eficiencia da contratación</p> <p>7.5 Medidas de colaboración e coordinación institucional</p> <p>7.6 Medidas de avaliación de custos, resultados e impacto de las iniciativas de dixitalización</p> <p>7.7 Medidas de comunicación e difusión</p>

### **Plan de acción:**

A continuación recóllense, para cada un os programas identificados anteriormente, as actividades destinadas a acadalos, os responsables de levalas a cabo, así como o orzamento e valores meta fixados para cada unha delas:

# Obxectivo estratéxico 1: Impulsar un goberno e Administración Intelixente



# Obxectivo 1: Impulsar un goberno e Administración Intelixente

## 1.1 Plan de Administración e goberno dixital

Os avances acadados no desenvolvemento dixital da administración deben continuar consolidándose para **facilitar que a totalidade dos procesos e procedementos da administración pública galega se poidan desenvolver nunha contorna dixital**. Pero ademais é especialmente salientable avanzar na posta a disposición da cidadanía canles e servizos dixitais que sexan máis acordes coas súas necesidades, desenvolvendo os principios que establece a Lei 4/2019 de Administración Dixital de Galicia.

Este programa ten como finalidade acadar unha administración dixital e interoperable no seu funcionamento e **acadar unha relación coa cidadanía próxima, transparente, personalizada e proactiva**, tanto co desenvolvemento de servizos neste programa como apoiándose en programas como o de automatización ou xestión do dato.

Por outro lado, busca tamén reforzar a integración das canles -electrónicas e presenciais- de atención e relación coa cidadanía, ofrecendo unha visión única e sinxela da administración xeral.

### Obxectivos

- Consolidar a Sede Electrónica e carpeta cidadá da Xunta de Galicia.
- Desenvolver servizos proactivos e persoalizados cara a cidadanía, a partir da identificación única do cidadán nos diferentes ámbitos da administración pública.
- Ampliar e mellorar os servizos de acreditación dixital, incluíndo medidas específicas para facilitar a incorporación da cidadanía ás canles dixitais da administración (on-boarding dixital).
- Desenvolver a presenza en mobilidade. A Xunta no teu móbil.
- Dotar de medios e sistemas para a atención á cidadanía: Sistemas de cita previa ou atención en remoto. Asistencia virtual avanzada.
- Desenvolver o sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable. Incorporación continua de melloras no proceso de dixitalización e tratamento de documentos.
- Consolidar os sistemas corporativos: arquivo electrónico administrativo, rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro de funcionarios habilitados, sistema de notificacións, e todos os elementos necesarios para a tramitación electrónica integral.

- Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión integra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública.
- Ampliar de xeito continuado os documentos e datos accesibles a través de PasaXe!.
- Promover a tramitación electrónica integral nos procedementos da administración pública.
- Incorporar ferramentas de analítica de procesos para a simplificación e optimización dos procesos dixitais.
- Coordinar a rede integrada da presenza da administración pública en internet: portais, canles sociais e aplicacións en mobilidade. E da unidade responsable de accesibilidade.
- Aplicar os criterios normativos en materia de administración electrónica e de accesibilidade.
- Promover as actuacións de impulso do uso da administración dixital na cidadanía e empresa a través de diferentes medios e contidos que acheguen á cidadanía.
- Ampliar o catálogo de servizos dixitais compartidos ou interoperables coas restantes administracións públicas.
- Aliñar as iniciativas de administración electrónica coas estatais e europeas.
- Evolucionar continuamente os actuais sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública.

## Actividades

Obxectivo:	1.1.1 Consolidar a Sede Electrónica e a carpeta cidadá da Xunta de Galicia
<b>Descrición:</b>	<p>A Sede Electrónica (<a href="https://sede.xunta.gal">https://sede.xunta.gal</a>), consolídase como canle principal de relación electrónica entre as persoas interesadas e o sector público autonómico para os seus trámites administrativos. Pero debe continuar evolucionando para: incorporar novos servizos; facilitar o acceso dixital aos servizos públicos de xeito sinxelo para todas as persoas; adaptarse aos distintos tipos de usuarios, tanto aos que se relacionan habitualmente coa administración como a aqueles outros que o fan esporadicamente; especializarse en base aos diferentes perfís (empresas e profesionais, asociacións,..) todos deben poder acceder con confianza e facilidade aos servizos que precisan.</p> <p>A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, define a «carpeta cidadá» como o conxunto estruturado de información e documentos en formato electrónico relativo ás relacións administrativas de cada persoa interesada, xerada nas súas relacións administrativas ordinarias co sector público autonómico de Galicia e establece que tamén forma parte da Carpeta cidadá da Xunta de Galicia a información de contacto, a de circunstancias</p>

persoais e a outra información ou documentación achegada voluntariamente pola cidadanía na súa relación co sector público autonómico.

A Carpeta cidadá ten como finalidade:

- a) Achegar de forma personalizada a administración á cidadanía, facilitándolle o acceso ao estado de tramitación dos seus expedientes administrativos, simplificando as relacións administrativas e promovendo a prestación de servizos personalizados.
- b) Facilitarlle o acceso á cidadanía á información, tanto de carácter persoal coma de carácter administrativo, que respecto deles e delas estea dispoñible no sector público autonómico, de xeito ordenado e sinxelo.
- c) Dispoñer de información actualizada e de calidade e de contacto coa cidadanía para utilizala de xeito preferente nas relacións con ela, sempre que non se indiquen outros medios específicos para un determinado procedemento ou servizo, e recoller informacións doutras circunstancias persoais facilitadas polos cidadáns e as cidadás.
- d) A elaboración de actividades estatísticas orientadas a satisfacer as necesidades das persoas usuarias, a avaliación das políticas públicas e a toma de decisións, con suxeición ás exixencias derivadas da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.
- e) Garantir que a cidadanía facilite a mesma información unha soa vez.

**Actividades  
2023:**

- **Evolución continuada** dos sistema de información que sustentan a sede electrónica da Xunta de Galicia: Portal de sede electrónica (<https://sede.xuntal.gal>), sistemas de presentación de formularios e o conxunto de compoñentes tecnolóxicos que son necesarios para o funcionamento da sede electrónica.
- **Implentación de mecanismos específicos para dar un servizo axeitado en momentos de demanda excepcional**, sen afectar ao resto dos procedementos e servizos. É preciso dotar á sede electrónica de mecanismos que permitan adaptar a infraestrutura tecnolóxica para dar soporte á momentos de demanda excepcional, incrementando o número de conexións e presentacións simultáneas. O obxectivo cara 2023 será acadar un incremento mínimo dun 300% respecto á situación actual.
- En canto a **novas funcionalidades ou servizos** que se incorporarán ou mellorarán en 2023, salientan os seguintes:
  - Integración con novos mecanismos de identificación, de cara a facilitar o acceso aos servizos dixitais pola cidadanía.
  - Integración de novos servizos dixitais no mecanismo transversal de identificación, acadando un acceso homoxéneo, confiable e coherente para as persoas interesadas.
- **Carpeta cidadá**: consulta e actualización dos datos persoais.
  - Piloto nun conxunto de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro da implantación do visor da carpeta cidadá para mellorar a atención

presencial na rede de oficinas ofrecendo unha información integrada dos distintos trámites que unha persoa teña en curso.

- Análise da integración da información da Carpeta cidadá no deseño do Citizen Data Hub, descrito na actividade 1.7.2: Desenvolver a identificación única da cidadanía que permita a visión unificada nas diferentes áreas da administración pública (citizen data hub).
- Deseño do modelo de uso da sede electrónica para as persoas **funcionarias habilitadas** que podan realizar a identificación e sinatura en nome das persoas interesadas non obrigadas a relacionarse electrónicamente coa administración que non dispoñan dos medios electrónicos necesarios para o acceso aos servizos dixitais.
- Posta en marcha de melloras de usabilidade e experiencia de usuario derivadas da análise realizada de evolución da sede electrónica no contexto de **acadar unha administración dixital inclusiva, abordando un redeseño da Sede Electrónica que faga fincapé na simplicidade de uso e entendemento.**
- Colaboración coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa na identificación, análise e posta en marcha de servizos proactivos cara a cidadanía.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.2. Ampliar e mellorar os servizos de acreditación dixital, incluíndo medidas específicas para facilitar a incorporación da cidadanía ás canles dixitais da administración (on-boarding dixital).</b>
<b>Descrición:</b>	A administración debe proporcionar á cidadanía mecanismos de acceso á administración dixital que garantan a seguridade e a facilidade de uso.  A obtención dos mecanismos de acreditación dixital debe ser omni canal, segura e sinxela.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Publicación do protocolo de identificación e sinatura para incorporar a <b>acreditación dixital para persoas non residentes</b> que non dispoñan de DNI ou NIE español (orientado inicialmente ao colectivo de galegos residentes no exterior) e a <b>video identificación</b>. E posta en marcha:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Posta en marcha do protocolo anterior en oficinas de atención á cidadanía e rexistro, e ámbitos especializados.</li><li>○ Licitación do sistema de videoidentificación para a acreditación da identidade no proceso de alta no sistema de identificación e sinatura Chave365</li></ul></li><li>→ Incorporación do sistema Cl@ve da Administración Xeral do Estado como sistema adicional de identificación e sinatura na sede electrónica. (Esta</li></ul>

actividade estará condicionada á capacidade do ministerio competente para dar soporte á dita implantación).

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **1.1.3. Desenvolver a presenza en mobilidade. A Xunta no teu móbil.**

**Descrición:** A presenza da Xunta de Galicia en internet debe completarse coa dispoñibilidade de aplicacións móbiles que permitan aos cidadáns acceder a información e a servizos personalizados desde calquera lugar.

Sen prexuízo da existencia de aplicacións sectoriais con obxectivos específicos a Xunta de Galicia debe contar cunha aplicación que proporcione un conxunto de servizos básicos administrativos e de acceso aos servizos públicos. Según se informou no Consello da Xunta de Galicia, esta será a canle XuntaEU, a publicar nas canles de IOs e Android.

**Actividades 2023:**

- Apertura á cidadanía da primeira versión da aplicación móbil XuntaEu, que incorporará servizos transversais para ofrecer unha canle de acceso móbil á Xunta de Galicia. Incorporará os servizos desenvolvidos en 2022, e que se integraron na fase de validación, e novos servizos a incorporar en 2023.
- Os servizos validados no 2022:
  - "wallet" ou carteira dixital cos certificados, carnés ou autorizacións emitidas pola Xunta de Galicia.
  - Subscrición a avisos.
  - Xestións no sistema de identificación e sinatura Chave365: consulta de información, cambio da contrasinal, modificación de datos...
  - Mecanismos de reforzo da identificación dixital.
- Novos servizos desenvolvidos en 2023:
  - incorporación de novos carnés de distintos ámbitos da administración xeral.
  - Citas concertadas coas oficinas de atención presencial.
  - Notificacións electrónicas.
  - Consulta de expedientes da Carpeta cidadá.
  - Canle xeral de avisos.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*



<b>Actividade:</b>	<b>1.1.4. Dotar de medios e sistemas para a atención á cidadanía: Asistencia virtual avanzada.</b>
<b>Descrición:</b>	Esta actividade inclúe diversos ámbitos e sistemas vinculados a relación e atención coa cidadanía, tanto no relativo a atención e información á cidadanía, como no relativo a atención as queixas e reclamacións da cidadanía fronte a prestación de servizos.
<b>Actividade:</b>	<b>1.1.4.a Servizo de asistencia técnica especializada para o uso dos servizos públicos dixitais.</b>
<b>Descrición:</b>	<b>Servizo de asistencia técnica especializada para o uso servizos públicos dixitais</b> , como servizo complementario ao 012, e a través do espazo de soporte técnico especializado de servizos dixitais da Xunta de Galicia.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ En canto ao <b>servizo de asistencia técnica especializada</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Incorporación do soporte para novos servizos dixitais, en particular os relacionados co acceso ao emprego público, en liña coa implantación de procesos orientados á cidadanía no sistema FIDES, e a aplicación XuntaEU.</li> <li>○ Prestación do servizo de atención de soporte técnica especializada mediante a integración de novas canles con capacidade de asistencia virtual.</li> </ul>
<b>Actividade:</b>	<b>1.1.4.b Espazo de atención ao cidadán e asistencia virtual.</b>
<b>Descrición:</b>	<b>Desenvolvemento de outras canles de atención, como é o caso dos asistentes virtuais</b> para a atención á cidadanía.
	<p>→ Redeseño do espazo de atención a cidadanía no ámbito de xunta.gal</p> <p>→ Elaboración dos documentos de resultados da análise para a posta en marcha dun asistente virtual na sede electrónica (en liña co establecido na actividade 1.1.11), recollendo os criterios e boas prácticas para a implantación destes sistemas.</p> <p>→ Licitación do servizo de posta en marcha de canles especializados de asistencia virtual.</p>
<b>Actividade:</b>	<b>1.1.4.c Sistema de información de atención á cidadanía (SIACI).</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A Xunta de Galicia puxo en marcha o <b>sistema de xestión das queixas, reclamacións, peticións de información do cidadán (SIACI)</b>, orientado a dar resposta ao Decreto 129/2016 do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia. SIACI é entón a ferramenta transversal única para a xestión e tramitación integramente electrónica dos procedementos específicos para a atención á cidadanía.</p> <p>O sistema está actualmente en uso na maioría dos órganos e entidades dependentes do sector público autonómico. En 2022 estaban dados de alta no sistema 1.172 persoas usuarias, e se tramitaron nel máis de 16.000 expedientes.</p>

- Evolución e soporte técnico especializado ao funcionamento do sistema.
- Evolución da canle de denuncias segundo no Programa marco de integridad institucional e prevención de riscos de xestión 21-24.
- Evolución do sistema de indicadores, e publicación de indicacores. (En liña co PR. 1.7 Xestión intelixente do dato).

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **1.1.5. Desenvolver o sistema único de rexistro para o funcionamento plenamente dixital e interoperable. Incorporación continua de melloras no proceso de dixitalización e tratamento de documentos.**

A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula o Sistema Único de Rexistro da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico. Está integrado pola Rede de oficinas de atención á cidadanía e de rexistro, polo Rexistro Electrónico Xeral e, de existiren, polos rexistros electrónicos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

**1.1.5.a: Rexistro electrónico xeral**

**Descrición:** Os sistemas de información que interactúan co Rexistro electrónico xeral –Aires e Rexel fundamentalmente– deben continuar a súa evolución.

- Actividades 2023:**
- **Evolución continua** dos sistemas que dan soporte a actividade nas oficinas de rexistro e unidades tramitadoras: AIRES, REXEL, Sistema de interconexión de rexistros (SIR). Entre outros aspectos:
    - Implantación da integración co punto único de notificación desenvolto en 2022: As notificacións dirixidas a Xunta de Galicia poderán recibirse automaticamente quedando anotada unha entrada no Sistema Único de Rexistro e quedando a disposición das unidades destinatarias a través de AIRES e REXEL.
    - SIR: Adaptación á nova versión da norma SICRES (Sistema de Información Común de Rexistros de Entrada e Saída), aprobada pola Resolución do 22 de xullo de 2021 da Secaría de Estado de Dixitalización Intelixencia Artificial (BOE núm. 190, de 10 de agosto de 2021). (A posta en marcha desta mellora estará condicionada pola capacidade do ministerio competente para dar soporte á certificación da integración).
  - **Soporte á operación do funcionamento de SIR:** soporte funcional especializado ás interaccións con outras administracións, soporte ás entidades locais de Galicia que utilicen AIRES como plataforma de integración con SIR.
  - **Proceso de dixitalización no sistema de rexistro:** incorporación de melloras e optimización do proceso de dixitalización, en especial no relativo a situacións de continxencia de indispoñibilidade de servizo de sistemas

vinculados, minimizando os tempos de indispoñibilidade do propio sistema de rexistro.

### 1.1.5.b Servizos na Rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro.

**Descrición:** A Rede de oficinas de atención á cidadanía e de Rexistro é a canle de acceso presencial da cidadanía aos servizos administrativos.

Entre as funcións das oficinas está a de recoller e dixitalizar os escritos, solicitudes, comunicacións e documentos que as persoas interesadas presenten presencialmente; a asistencia no uso dos medios electrónicos ás persoas interesadas; facilitar á cidadanía información xeral; informar sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública, sobre o procedemento para a presentación de suxestións e queixas e sobre o estado de tramitación dos procedementos; a provisión dos medios de identificación dixital para as persoas que así o soliciten; a realización de copias auténticas; formalizar os apoderamentos apud acta outorgados mediante comparecencia persoal, etc

É preciso dotar á rede de oficinas das ferramentas axeitadas para realizar todas as funcións e servizos que ofrecen á cidadanía e reforzar a integración das canles electrónicas e presencias da Xunta de Galicia para mellorar a atención ás persoas. As ferramentas deben ser áxiles e permitir unha atención personalizada aos usuarios.

**Actividades 2023:**

→ Revisión continuada, xunto coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da definición da **Rede de Oficinas de Atención á Cidadanía e Rexistro** da Xunta de Galicia: servizos a desenvolver, medios materiais necesarios, e tipoloxías de oficinas.

- **Implantación de servizos**, avanzando na extensión a máis oficinas de servizos xa implantados; e **dotación de medios** co mantemento e mellora continuada do equipamento.
- Actualización continuada do **espazo de traballo na intranet para o persoal que presta servizo na rede de oficinas**, con información de apoio e acceso ás ferramentas necesarias para facilitar a execución das tarefas nas oficinas.

→ Deseño e evolución de servizos para a rede de oficinas de atención á cidadanía e rexistro:

- Inicio do deseño e desenvolvemento dun espazo de acceso que permita ofrecer unha visión integrada na atención presencial ao persoal das oficinas de rexistro, e facilitando a integración entre as canles electrónicas e presenciais.
- Evolución tecnolóxica do sistema de cita previa, e dotación do sistema de quendas en oficinas.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.6. Consolidar os sistemas corporativos: arquivo electrónico administrativo, rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro de funcionarios habilitados, sistema de notificacións, e todos os elementos necesarios para a tramitación electrónica integral.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, define e regula o Catálogo dos Sistemas dixitais, no que recolleranse as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen á disposición dos órganos e das entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións públicas. Ademais establécese a obrigatoriedade de uso de determinados sistemas que por razón da súa natureza e interese común respondan ás necesidades transversais de desenvolvemento da administración dixital. Entre estes sistemas de utilización obrigatoria están incluídos os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal</li> <li>• O Portasinaturas electrónico da Xunta de Galicia</li> <li>• O Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia</li> <li>• O rexistro electrónico de apoderamentos</li> </ul> <p>Estes sistemas forman parte dos elementos transversais que permiten a aplicación de criterios comúns e vertebradores da tramitación administrativa e deben ampliar o seu alcance para dar resposta as novas necesidades establecidas pola normativa vixente e ao incremento, tanto cuantitativo como cualitativo, da demanda dos servizos dixitais.</p> <p>Para a implantación efectiva da tramitación electrónica resulta necesaria a evolución continua e consolidación dos elementos transversais que permiten a aplicación de criterios comúns e vertebradores da tramitación administrativa.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Evolución continuada e mantemento dos sistemas que configuran os elementos transversais corporativos para o desenvolvemento da administración electrónica. Adicionalmente, evolución funcional dos sistemas, destacando as seguintes previsións:</p> <p>→ <b>Sistema de notificacións electrónicas de Galicia</b> (Notifica.gal):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Integración das notificacións na aplicación móbil XuntaEU.</li> <li>○ Incremento do tamaño dos documentos que se poden incorporar ás notificacións.</li> <li>○ Renovación da interface de acceso ás notificacións polas persoas interesadas orientandoa a mellorar a facilidade de uso.</li> <li>○ Mellora das opcións de integración das entidades locais e outras administracións públicas que utilizan o sistema de notificacións electrónicas de Galicia como sistema de notificación electrónica.</li> </ul> <p>→ <b>Plataforma de sinatura electrónica</b> (servizos de sinatura e portasinaturas):</p>

- Extensión da implantación do modelo de sinatura en mobilidade.
- Melloras na interface do portasinaturas corporativo, como a visualización dos documentos no momento da sinatura, e outras.
- Incremento do tamaño e número de documentos que se poden asinar de forma simultánea.
- Posibilidade de incorporar a sinatura de documentos de xeito máis integrado coas aplicacións de tramitación de expedientes.

→ **Arquivo Electrónico Administrativo da Xunta de Galicia (ARPAD):**

- Fomentar e facilitar a integración co arquivo de plataformas de tramitación da Xunta de Galicia.
- Soporte ao proceso de intercambio de expedientes á Administración de Xustiza e demais Administracións Públicas.

→ **Sistema de xestión integrado e automatizado de autorizacións de acceso a ferramentas transversais de administración electrónica:**

- Ofrecer aos responsables das unidades administrativas información sobre os permisos asignados ao seu persoal nas distintas ferramentas
- Automatizar a asignación de permisos tanto para altas como baixas.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.7. Ampliar os sistemas de tramitación corporativos: Sistema corporativo de tramitación de subvencións coa visión íntegra do proceso; xestión electrónica integral dos rexistros administrativos e outros procedementos da administración pública.</b>
<b>Descrición:</b>	Sen perxuízo da necesidade de desenvolver sistemas específicos para algúns ámbitos sectoriais que así o requiran, os sistemas de tramitación corporativos estarán dispoñibles para a posta en marcha de procedementos e servizos.
<b>1.1.7.a Sistema corporativo de tramitación de subvencións</b>	
<b>Descrición:</b>	A xestión de axudas e subvencións supón unha parte importante da actividade administrativa e unha ferramenta fundamental na execución das políticas públicas. Aínda que cada unha das axudas ou subvencións conte con elementos particulares e específicos, hai un conxunto de funcionalidades comúns que se dan en todas elas, o que fai necesario desenvolver un sistema troncal que permita axilizar a xestión destes procedementos e ademais ofrecer unha visión conxunta e ordenada da actividade da administración neste ámbito.
<b>Actividades 2023:</b>	→ <b>Wanda - Evolución da plataforma de tramitación Wanda</b> para a tramitación de procedementos que non contan con sistema especializado e

para a implantación rápida de novos procedementos, e en especial para a súa adaptación como sistema integral de tramitación de expedientes de axudas ou subvencións:

- Mellorar a automatización da Integración co sistema de xestión contable Xumco
- Xestión de terceiras persoas asociadas aos expedientes (suxeitos causantes das axudas, por exemplo) e automatización das comprobacións asociadas a estes.
- Modelización de trámites específicos posteriores á fase de solicitude e implementación de asistentes na presentación de solicitudes na sede electrónica.
- Novo modelo integrado de analítica de datos, que amplíe as funcionalidades actuais para a supervisión e a toma de decisións das unidades tramitadoras durante a tramitación dos expedientes. En liña coas actividades do apartado 1.7. Programa de Xestión intelixente do dato.
- Mellora continua da integración co cadro de mando corporativo de subvencións. En liña coas actividades do apartado 1.7. Programa de Xestión intelixente do dato.

#### 1.1.7.b Sistema corporativo de xestión de rexistros administrativos do ámbito industrial e comercial

##### Descrición:

O Rexistro de actividades empresariais, industriais e comerciais é un sistema de información que permite xestionar e coordinar a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública, evitando a dispersión e redundancia de información e simplificando os procesos e trámites nas relacións do sector coa Xunta de Galicia.

Este sistema corporativo permite a tramitación completamente electrónica dos expedientes neste ámbito e ofrece utilidades aos interesados para facilitar a realización dos trámites, simplificando os procesos e evitando a duplicidade de actuacións.

*Aliñado co 2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria*

##### Actividades 2023:

- Dar continuidade á integración co cadro de mando corporativo de rexistros e autorizacións. En liña coas actividades do apartado 1.7.4. (Evolucionar a arquitectura dos sistemas de análise intelixente e avanzado da relación da cidadanía, e incorporar novas áreas de dominio).

#### 1.1.7.c Sistema corporativo de xestión de rexistros administrativos

##### Descrición:

O sistema corporativo de xestión de rexistros administrativos permite a implantación dixital da tramitación dixital neste ámbito.

Dende a súa posta en marcha integráronse os seguintes rexistros:

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dependentes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte: Rexistro de Asociacións, Rexistro de Colexios Profesionais e Consellos Galegos de Colexios Profesionais, Rexistro de Fundacións de Interese Galego</li> </ul>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continua dos sistemas para a incorporación de funcionalidades que melloren a xestión do ámbito específico e os requisitos das unidades funcionais de referencia, así como para garantir o alineamento tecnolóxico coas plataforma corporativa.</li> <li>→ Análise de viabilidade e, se procede, integración dos seguintes rexistros: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Dependentes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Rexistro de entidades deportivas</li> <li>▪ Rexistro de entidades locais</li> <li>▪ Rexistro de axentes para a cooperación ao desenvolvemento</li> </ul> </li> <li>○ Dependentes da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Rexistro de asociacións profesionais de traballadores autónomos.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.8. Incrementar a interoperabilidade de documentos e datos xerados nas administracións públicas.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A <b>plataforma de intermediación de datos e documentos, PasaXe!</b>, está xa consolidada como elemento imprescindible no funcionamento ordinario da administración, permitindo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• evitar que os cidadáns teñan que achegar aqueles documentos que xa obren en poder da administración ou sexan xerados por esta.</li> <li>• a automatización nos procesos de comprobación de requisitos para a tramitación de expedientes, e en consecuencia a redución de esforzos de tramitación e de prazos de resolución.</li> </ul> <p>Está composta pola <b>infraestrutura tecnolóxica e do modelo organizativo para a súa xestión</b>. É preciso garantir a súa evolución continuada, a integración de novos certificados e documentos, e a extensión a outras entidades ou administracións.</p> <p>O <b>mapa de Interoperabilidade</b> do sector público autonómico é o inventario de documentos e datos que son requiridos para o exercicio das súas competencias e son xerados por calquera administración pública, ou viceversa. O mapa é un instrumento vivo, en continua actualización, debido á incorporación de nova información, que permite priorizar adecuadamente os novos servizos a desenvolver na plataforma de intermediación.</p>

**Actividades  
2023:**

- Evolución continuada e mantemento dos **sistemas e compoñentes que configuran a plataforma de intermediación de datos e documentos do nodo de interoperabilidade PasaXe!**. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, escalabilidade, rendemento, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica.
- Incorporación continua de novos documentos interoperables ofrecidos por outras administracións públicas cando estean dispoñibles, e fomento e impulso da incorporación de novos documentos nos que o sector público autonómico poda ser cedente.
- Coordinación e administración dos procesos para a xestión da plataforma:
  - Elaboración continuada do **mapa de interoperabilidade**. Revisión continuada das normas de convocatorias de novos procedementos para a identificación de documentación a eliminar na petición de documentación aos cidadáns.
  - Colaboración coas unidades cesionarias no proceso de xustificación das necesidades de consulta para obter a autorización das unidades cedentes da información.
  - Revisión e impulso dos convenios sectoriais ou instrumentos xurídicos que sexan necesarios para garantir a interoperabilidade.
  - Deseño dunha nova arquitectura da plataforma que permita incrementar o rendemento e a eficiencia das consultas. O incremento de uso dos servizos de interoperabilidade e o incremento da automatización dos procesos fai preciso deseñar unha nova arquitectura que permita garantir unha resposta axeitada á demanda de consultas á plataforma.

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:**

**1.1.9. Promover a tramitación electrónica integral nos procedementos da administración pública.**

Inclúense neste apartado o impulso da tramitación electrónica integral nos procedementos administrativos e procesos do sector público autonómico. Entendese como tramitación electrónica integral aquela que permite a xestión no eido dixital, por medios electrónicos e de xeito harmonizado en toda a administración, da totalidade dos trámites do procedemento administrativo, tanto os internos da administración como os de relación coa cidadanía. Establécense dúas liñas de traballo:

- a) Integración dos sistemas especializados cos sistemas corporativos de administración electrónica.
- b) Habilitación de procedementos administrativos e servizos



### 1.1.9.a Integración dos sistemas especializados cos sistemas corporativos de administración electrónica

**Descrición:** Inclúese nesta actividade o goberno e impulso da integración de sistemas especializados cos compoñentes corporativos. En especial, coordinación da integración de sistemas de tramitación sectoriais cos compoñentes horizontais de administración electrónica: sede electrónica, sistema de notificacións electrónicas, plataforma de sinatura, plataforma de interoperabilidade, arquivo electrónico administrativo, etc.

**Actividades 2023:**

- Implantación continuada da integración dos sistemas especializados ou sectoriais cos sistemas corporativos de administración electrónica. Coordinación do impacto da evolución dos sistemas corporativos nos sistemas integrados. Este proceso de integración continuada permite acadar unha tramitación integramente dixital nos procedementos administrativos.
- Xestión dos **procesos de integración de sistemas de tramitación** ou outros, cos sistemas corporativos troncais e de uso obrigatorio:
  - Definición dos criterios e procedementos técnicos de integración.
  - Soporte tecnolóxico especializado aos equipos técnicos de construción de sistemas de xestión. Sesións de coordinación cos equipos técnicos de aplicación.
- Identificación, definición, configuración e publicación das **actuacións administrativas automatizadas**.

### 1.1.9.b. Habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital

**Descrición:** A habilitación dos procedementos e servizos para unha administración dixital supón unha serie de tarefas continuadas relativas a varios dos aspectos de posta en marcha:

- Revisión da norma que regule o procedemento, e elaboración do informe tecnolóxico-funcional, establecido na normativa vixente (*o artigo 6 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* estableceu que as disposicións de carácter xeral que regulen procedementos a instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico, deberán contar cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia.)
- Configuración nas plataformas tecnolóxicas dos formularios, servizos ou persoas usuarias dos sistemas de información.

- Actualización continuada dos contidos dos inventarios de información administrativa.

**Actividades  
2023:**

- **Análise das normas** de convocatoria ou regulación de procedementos, e emisión do informe técnico-funcional, xunto coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Mantemento e evolución, coa incorporación de novos criterios de aplicacións, das **guías para a habilitación de procedementos e servizos** dispoñibles na intranet corporativa.
- **Configuración na sede electrónica** dos formularios das novas convocatorias (factoría de procedementos):
  - Elaboración dos formularios de todas as convocatorias que se publican na xunta de Galicia), tanto para a publicación no DOG como para a presentación en sede electrónica.
- **Configuración da tramitación electrónica** de procedementos administrativos (factoría de procedementos):
  - Xestión das autorizacións de acceso dos empregados públicos para as ferramentas e procedementos.
  - No caso de utilización do sistema de tramitación transversal, wanda, análise do fluxo de procedemento, e configuración dos fluxos e modelos de documentos no sistema. Nesta actividade fomentárase especialmente a incorporación da tramitación dixital das axudas e subvencións dos distintos ámbitos, acadando un nivel de dixitalización hoxoméneo que fomente a transparencia cara a cidadanía e a toma de decisións e a avaliación das políticas públicas nas distintas unidades.
  - No caso de integración co arquivo electrónico, análise xunto coa SX de Arquivos, das series documentais pertinentes.
  - Xestión fronte as restantes administracións das autorizacións de acceso aos servizos de interoperabilidade na plataforma PasaXe.
- **Actualización continuada** da información nos inventarios corporativos de información administrativa.
- Optimización continuada dos procesos e ferramentas de xestión das actividades mencionadas neste apartado, mediante a súa simplificación e automatización.

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.10. Incorporar ferramentas de analítica de procesos para a simplificación e optimización dos procesos dixitais</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Coa finalidade de mellorar a calidade de prestación dos servizos públicos é preciso por a disposición da cidadanía e das empresas de Galicia contidos e servizos públicos dixitais avanzados e transformar, mediante un uso axeitado das tecnoloxías, a Administración pública autonómica e o modo en que esta se relaciona coa cidadanía.</p> <p>A analítica de procesos constitúe unha ferramenta de grande utilidade para a simplificación e optimización dos procesos dixitais, permitindo a obtención de métricas e indicadores que permitan identificar puntos de mellora e novas necesidades.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ No marco da execución do <b>convenio entre a Consellería de Facenda e Administración Pública, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e a Universidade de Santiago de Compostela para a experimentación de tecnoloxías intelixentes na avaliación da eficiencia dos procedementos administrativos</b> continuaranse os traballos da experiencia piloto para acadar, en tres procedementos administrativos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ A aplicación de ferramentas de <b>analítica de procesos</b> para a optimización de procesos administrativos. Deseño dun <b>Cadro de Mandos</b> baseado en analítica de procesos que permitirá obter automaticamente informes que recollerán métricas de interese sobre a execución real dos procedementos administrativos, o que permitirá avaliar e mellorar a súa realización en cada un dos órganos administrativos vinculados ao procedemento do que se trate.</li> <li>○ O desenvolvemento dun <b>asistente virtual predictivo</b> baseado na minería de procesos para prestar axuda ás persoas usuarias da sede electrónica da Xunta de Galicia.</li> <li>○ Elaboración dunha metodoloxía para a integración da analítica de procesos e asistentes virtuais no proceso de definición de tramitación dixital de procedementos.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.11. Coordinar a rede integrada da presenza da administración pública en internet: portais, canles sociais e aplicacións en mobilidade. Actividades da unidade responsable de accesibilidade.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A Lei 4/2019 de, 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, regula a organización da presenza do sector público en Internet, que recolle tanto a referencia institucional do portal institucional web da Xunta de Galicia (<a href="http://www.xunta.gal">www.xunta.gal</a>), como a Rede integrada da presenza en internet, e os instrumentos que a coordinan.</p> <p>Inclúense nesta actividade_</p>

- Os instrumentos e procedementos para a coordinación da presenza da administración pública en internet como
- A evolución continuada do portal institucional da Xunta de Galicia ([www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)), e o portal de transparencia e goberno aberto (<https://transparencia.xunta.gal>)

Adicionalmente, a edición electrónica do Diario Oficial de Galicia que se publica na web da Xunta de Galicia desde o 2 de maio do 2011. (<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>). Está baseado tecnoloxicamente nos subsistemas que permiten a edición, xeración e difusión do Diario. Nesta actividade inclúese a evolución continua do soporte tecnolóxico do DOG.

### 1.1.11.a Coordinación da rede integrada da presenza da administración pública en internet.

#### Actividades 2023:

- Xestión dos **instrumentos de coordinación da Rede integrada da presenza en internet**, identificados na *Lei 4/2019 de, 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia*:
  - Coordinación do catálogo da rede integrada de presenza en internet, que inclúe os portais, canles sociais e servizos en mobilidade.
  - Elaboración das guías de políticas web corporativas. En 2023 farase especial fincapé nos ámbitos de accesibilidade, presenza en mobilidade, e criterios básicos para a asistencia virtual.
  - Coordinación da verificación e auditoría de aplicación das guías de políticas web corporativas.
- **Xestión operativa do catálogo da rede integrada de presenza en internet**:
  - Asistencia aos equipos técnicos na aplicación de procedementos, políticas e xestión dos proxectos de portais, canles sociais e mobilidade.
  - Xestión das publicacións en markets dos servizos en mobilidade.
  - Xestión dos dominios web. Execución do plan de migración ao dominio .gal
  - Administración e coordinación das ferramentas transversais e servizos corporativos tanto de web como de intranet: tradutores, compoñentes multimedia, centros de descargas, plataformas corporativas, plataformas de blogs, de enquisas,... así como dos servizos de monitorización de portais.
- Xestión das actividades vinculadas á **Unidade Responsable de Accesibilidade (URA)**, en aplicación do *RD 1112/2018, do 7 de setembro, sobre accesibilidade*

### 1.1.11.b Evolución dos portais institucionais

#### Actividades 2023:

- En canto ao **Portal web institucional** ([www.xunta.gal](http://www.xunta.gal) e os seus espazos dependentes), **ademais dos aspectos de mellora continua:**
  - Evolución de deseño das subportadas (espazos institucionais das Consellerías).
  - Extensión do servizo de subscricións a novos ámbitos do portal.
  - Renovación tecnolóxica da arquitectura de base do portal.
- **En canto ao portal de transparencia da Xunta de Galicia:** publicación do espazo de obras públicas, mellora da visualización de contidos, e contidos de difusión.

### 1.1.11.c Diario Oficial de Galicia (DOG)

#### Actividades 2023:

- Mantemento e evolución do sistema actual de elaboración, xeración e publicación do DOG:
  - Actualización da versión do software de maquetación e publicación na plataforma de escritorios virtuais.
- Mellora do proceso de envío e recepción dos anuncios:
  - Evolución dos formularios de envío.
  - Elaboración dunha guía de envío de anuncios á unidade xestora do DOG para a mellora operativa da elaboración do Diario.
- Publicación da **nova app de difusión do DOG**.
- Pero ademais das liñas de evolución do sistema actual, en 2023 destacará o **inicio do proceso de renovación tecnolóxica** da súa infraestrutura de base, para evitar a obsolescencia tecnolóxica do sistema, e de incorporación de novas capacidades que simplifiquen a súa elaboración e que melloren a súa difusión:
  - Deseño tecnolóxico e funcional do novo sistema de edición, xeración e difusión.
  - Ampliación dos formatos dispoñibles para a descarga de anuncios (XML, EPUB) ademais de .pdf e .html.
  - Evolución da integración co portal xurídico de Galicia ([lex.gal](http://lex.gal))
  - Integración de capacidades avanzadas de acceso aos contidos do DOG.

Área responsable:

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.12. Aplicar os criterios normativos en materia de administración electrónica e de accesibilidade.</b>
<b>Descrición:</b>	Englóbanse dentro desta actividade diversas liñas de actuación orientadas á regulación, coordinación e planificación do desenvolvemento dixital da administración pública galega.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Tramitación da normativa de regulación dos seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Proxecto normativo de regulación de funcionarios públicos habilitados.</li> <li>○ Modificación do protocolo de identificación e sinatura da Xunta de Galicia para adaptar o sistema Chave365 para a acreditación de persoas non residentes e para a posta en marcha de sistemas de videoidentificación para a verificación da identidade dos solicitantes.</li> <li>○ Resolución de publicación do catálogo de sistemas dixitais.</li> </ul> </li> <li>→ Coordinación da Subcomisión de Interoperabilidade e Administración Electrónica, e da Subcomisión de presenza en internet e goberno aberto, atendendo ao novo escenario determinado pola publicación da Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.</li> <li>→ Participación no órgano de coordinación estatal "Comité Sectorial da Administración Electrónica", e nos seus grupos de traballo.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.13. Ampliar o catálogo de servizos dixitais compartidos ou interoperables coas restantes administracións públicas</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia crea o <b>Catálogo dos sistemas dixitais</b> que recollerá as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen á disposición dos órganos e das entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións públicas.</p> <p>O Catálogo dos sistemas dixitais ten como finalidade garantir a gobernanza tecnolóxica e a utilización de sistemas transversais ou especializados, nos cales se promova a aplicación adecuada dos criterios de reutilización, a transferencia tecnolóxica, a interoperabilidade, a seguridade, a facilidade de uso e a accesibilidade.</p> <p>O artigo 129 da Lei 4/2019 establece, así mesmo, que no Catálogo dos sistemas dixitais indicaranse aqueles elementos que, pola súa situación tecnolóxica ou as súas características funcionais, estean en disposición de <b>ser utilizados ou reutilizados por outras administracións públicas</b>, órganos estatutarios, organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes</p>

daquelas, ou polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, que poderán adherirse ao seu uso.

Nesta iniciativa recóllense as actividades realizadas no marco da colaboración e cooperación coas Entidades locais e outras institucións do territorio galego, para a posta disposición de diversos servizos que conforman o catálogo de solucións compartidas habilitadoras da administración electrónica.

**Actividades 2023:**

- Coordinación da implantación de servizos postos a disposición ou compartidos coas entidades locais ou outras administracións.
- Formalización dos instrumentos/acordos/convenio con diferentes institucións para o uso dos sistemas de administración dixital, incluído no catálogo de sistemas dixitais.
- En relación coas entidades locais, continuarase coa coordinación de uso de servizos dixitais, recollidos no informe mensual de servizos dixitais coas entidades locais.
- En relación coa AGE, renovación do convenio de Prestación de solucións básicas de administración electrónica.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:**

**1.1.14. Alíñar as iniciativas de administración electrónica coas estatais e europeas**

**Descrición:**

Para garantir o funcionamento dunha administración dixital coherente e interoperable entre as diferentes administracións do estado é preciso o aliñamento dos criterios de implantación e a integración técnica, semántica e funcional das plataformas.

Esta iniciativa recolle as distintas actividades necesarias neste ámbito.

**Actividades 2023:**

Evolución e adaptación continua para manter operativo aliñamento das seguintes plataformas e sistemas:

- Rexistro electrónico de apoderamentos de Galicia e o Rexistro electrónico de apoderamentos estatal, no relativo aos apoderamentos de tipo A. (Esta actividade estará condicionada á posta a disposición dos mecanismos de interoperabilidade definidos pola administración xeral do estado).
- O Punto Único de Notificacións.
- Os protocolos de integración do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) e do intercambio de documentos.
- Novos servizos de interoperabilidade dispoñibles na plataforma de intermediación de datos do Estado.
- Aliñamento continuado dos catálogos DIR3 e SIA co inventario de información administrativa da Xunta de Galicia.

- Integración da información autonómica precisa na Pasarela Dixital Única, segundo o establecido no Regulamento europeo do 2 de outubro de 2018 relativo á creación dunha pasarela dixital única de acceso a información, procedementos e servizos de asistencia e resolución de problemas.
- Intercambio de expedientes electrónicos a través de INSIDE

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.1.15. Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública</b>
<b>Descrición:</b>	A dixitalización da administración pública inclúe dotar de medios en ámbitos administrativos e de prestación de servizos cara a cidadanía. Inclúense nesta actividade a xestión dos sistemas de información de diversos ámbitos dependentes da Presidencia, ou da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte.
<b>1.1.15.a. Diversos sistemas no ámbito da Presidencia e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte.</b>	
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución de <b>diversos rexistros administrativos</b> integrados no sistema corporativo de rexistros: Rexistro de Asociacións, Rexistro de Colexios Profesionais e Consellos Galegos de Colexios Profesionais, Rexistro de Fundacións de Interese Galego (<i>En liña coa actividade 1.1.11.c</i>).</li> <li>→ No ámbito da <b>D.X. de Xustiza</b>, evolución do sistema do rexistro autómico de parellas de feito. (as restantes iniciativas de este ámbito están recollidas dentro do <i>Pr.1.5 Senda2025. Xustiza Dixital.</i>), entre outros aspectos a integración cos servizos corporativos de administración dixital (notifi@ e pasaXel).</li> <li>→ No ámbito da <b>D.X. de Administración Local</b>, inclúense: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Evolución da canle EidoLocal</li> <li>▪ Sistema de xestión de habilitación local. Inicio do proceso de renovación tecnolóxica.</li> <li>▪ Renovación do sistema de rexistro de entidades locais, integrándoo no sistema corporativo de rexistros administrativos (<i>En liña coa actividade 1.1.11.c</i>).</li> </ul> </li> <li>→ No ámbito da <b>D.X. de Relacións Institucionais e Parlamentarias</b>, evolución continuada do sistema de xestión de convenios e de tramitación de preguntas parlamentarias.</li> <li>→ No ámbito da <b>D.X. de Emerxencias e Interior</b>, evolución e ampliación dos seguintes sistemas: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sistema de tramitación e xestión de autorizacións e apostas deportivas.</li> </ul> </li> </ul>



- Sistema Integrado de xestión de protección civil, plataforma para a xestión do rexistro galego de plans de autoprotección, e o rexistro galego de agrupacións e voluntarios de protección civil. Na súa evolución prevese:
  - Posta en marcha da xestión de operativos, para o rexistro dos datos das intervencións nas que se requira a presenza de agrupacións de protección civil
  - Integración coa Axencia Galega de Emerxencias para o aviso ás agrupacións de intervencións solicitadas dende ela
  - O inicio da incorporación do rexistro de plans de emerxencias (renovación tecnolóxica do actual sistema SEVESO).
- Evolución do rexistro de policía local.
- No ámbito da Unidade de Policía Autonómica (UPA)
  - Portal web da UPA (policía.xunta.gal)
  - Sistema de Xestión de actividades da Policía Autonómica.
- No ámbito da **Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)**, evolución dos sistemas do seu ámbito: sistema de xestión, portal web e plataforma de teleformación para as actividades docentes da Academia.
- No ámbito da **Asesoría Xurídica Xeral**, soporte e evolución continuada do sistema de xestión integral. Inclúese tamén a evolución da versión deste sistema adaptada para o seu uso no **Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL)**.
- No ámbito da **Casa de Galicia, en Madrid**:
  - Soporte e Evolución do portal de difusión das actividades da Casa de Galicia en Madrid.
  - Desenvolvemento do módulo de rexistro e convocatoria de actividades.
  - Dotación da infraestrutura tecnolóxica para a xestión de eventos.

#### 1.1.15.b. Evolución dos sistemas do ámbito da S.X. para o Deporte e Fundación Deporte Galego.

##### Actividades 2023:

- Soporte e evolución dos actuais sistemas dispoñibles: portal web de deporte galego, plataforma para o deporte galego:
  - Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos.
  - Plataforma deporte escolar galego.
- Continuación coa actualización tecnolóxica do sistema DAFIS.
- Renovación do sistema de rexistro de entidades deportivas, integrándoo no sistema corporativo de rexistros administrativos (*En liña coa actividade 1.1.11.c*).

### 1.1.15.c. Evolución dos sistemas do ámbito da S.X. de Emigración

#### Actividades 2023:

- Evolución e dinamización de contidos dos **portais de relación coas Comunidades galegas no exterior**: GaliciaAberta (emigracion.xunta.gal) e a canel EsGalicia.
- **Dixitalización dos procesos de convocatorias de axudas**:
  - Incorporación progresiva das convocatorias de axudas neste ámbito no sistema de tramitación corporativo W@nda.
  - Adecuación de Bolega para as próximas convocatorias. (sistema especializado mentras no se integra no sistema transversal corporativo).
- **Sistema de rexistro de galeguidade**. Inicio do proceo de reestruturación do sistema pasando dunha configuración como repositorio documental non estruturado cara a incorporación de información relevante de xestión.
- Deseño e posta en marcha do protocolo e **modelo de xestión da acreditación de colaboradores no exterior mediante Chave365**, unha vez publicada a orde que habilita esta posibilidade. Publicación deste protocolo mediante resolución.
- Análise de requisitos do sistema para o apoio á xestión **nas Oficinas Retorna**.

### 1.1.15.d. Diversos sistemas de carácter transversal ou de apoio a diversos procesos de xestión corporativos

- **Sistema de xestión das sesións do Consello da Xunta e Comisión de Secretaríos**. Unha vez finalizado en 2022 o desenvolvemento da primeira versión do sistema renovado, abordarase a:
  - Implantación progresiva nas Consellerías para o envío do asuntos.
  - Evolución e ampliación de funcionalidades.
  - Renovación do visor de asuntos nas sesións.
- **Sistema de xestión de gabinetes**. É necesario abordar, por obsolescencia tecnolóxico, o actual sistema, polo que se procederá ao deseño tecnolóxico e funcional e inicio do desenvolvemento do sistema renovado de xestión de gabinetes.
- **Evolución de diversas ferramentas operativas** en uso na administración pública: xestión de parque móbil, xestión de habilitacións, sistema de xestión de accesos as instalacións da administración pública.

Área responsable:

*Área de Administración Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Indicadores de uso da administración dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número anual de terceiros que fan presentacións en sede electrónica.</li> </ul>	<b>400.000</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número anual de presentacións en sede electrónica ou rexistro electrónico(1).</li> </ul>	<b>2.200.000</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>% de entradas a través de canle electrónica sobre canle presencial(1).</li> </ul>	<b>85%</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>% de procedementos ou servizos administrativos que se poden xestionar de xeito integramente dixital(2)</li> </ul>	<b>40%</b>
<b>Sistemas para unha administración dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Publicación á cidadanía de XuntaEU</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Redeseño da parte pública da sede electrónica</li> </ul>	<b>Realizado</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Implantación da integración co punto único de notificación para a consulta automatizada de notificacións electrónicas dirixidas á Xunta de Galicia</li> </ul>	<b>Implantado</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de servizos públicos en mobilidade</li> </ul>	<b>6</b>
<b>Instrumentos de coordinación e normativos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Modificación do protocolo de identificación e sinatura da Xunta de Galicia para adaptar o sistema Chave365</li> </ul>	<b>Publicado</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Regulación de funcionarios públicos habilitados.</li> </ul>	<b>Iniciada a tramitación</b>
<b>Coordinar a rede integrada da presenza da administración pública en internet:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Deseño do plan de migración tecnolóxica do Diario Oficial de Galicia. Elaboración do prego de prescricións técnicas</li> </ul>	<b>Realizado</b>
<b>Dotación e evolución continuada dos sistemas de xestión dixital das actividades da administración pública.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de sistemas de xestión, información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos.</li> </ul>	<b>35</b>

(1) No indicador teranse en conta todas as canles electrónicas de entrada, é dicir, todas as anotacións de entrada realizadas no rexistro electrónico xeral por canles electrónicas distintas da rede de atención presencial da Xunta de Galicia. (Sede electrónica, SIR, Fides, oficinas electrónicas específicas...)

(2) Este indicador céntrase no nivel de dixitalización na tramitación administrativa, centrándose especificamente nos trámites internos da administración e no seu nivel de dixitalización e automatización. Para o cálculo do indicador teranse en conta unicamente os procedementos e servizos de ámbitos nos que a dixitalización sexa competencia da Amtega, excluindo os ámbitos con competencias propias de dixitalización (Sanidade, IGAPF, Augas de Galicia, Portos de Galicia...), e terase en conta o número de procedementos dados de alta no Inventario de Información administrativa o 01/01/2023.

## 1.2 Plan de Administración e goberno dixital – sistemas para o emprego público

A finalidade deste programa é **acadar a dixitalización completa e eficiente dos procesos relacionados co emprego público**: planificación, selección e provisión, avaliación e xestión.

Traballarase na consolidación do expediente dixital do empregado público como elemento facilitador e vertebrador na mellora e simplificación dos procesos e na mellora nas canles dixitais de relación coas persoas empregadas públicas.

Tamén se avanzará na xestión integramente dixital dos procesos de emprego público e se crearán ferramentas que permitan a execución eficiente e áxil dos procesos vinculados a xestión dos recursos humanos dentro da administración pública galega.

Para elo abordárase a revisión dos sistemas existentes e o impulso de iniciativas como a posta en marcha do sistema FIDES como sistema único para a relación co persoal empregado público e para a relación coas persoas que optan ao emprego público, ou a posta en marcha de sistemas de análise avanzado para o apoio a planificación e xestión neste ámbito.

### **Obxectivos**

- Acadar o expediente dixital único do empregado público.
- Ampliar o portal persoal empregado público para a relación integramente dixital coa administración.
- Renovar o portal de acceso aos procesos de emprego público.
- Renovar o sistema dixital para a xestión dixital integral dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación e carreira profesional...).
- Evolucionar os procesos de acreditación dixital do persoal empregado público.
- Ampliar o ámbito de implantación a novas entidades dos sistemas corporativos de emprego público.
- Evolucionar continuamente os sistemas transversais nesta materia.
- Desenvolver, en liña co programa de xestión do dato, o sistema analítico avanzado de información neste ámbito para o apoio á planificación, análise de cargas, avaliación e xestión.

## Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.1. Acadar o expediente dixital único do empregado público.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O expediente dixital de cada empregado público configúrase como a información e documentos que conforman a historia laboral e curricular do empregado público na súa relación con esta administración pública.</p> <p>O modelo debe estar orientado ao dato único, evitando duplicidades e inconsistencias, e á automatización dos procesos, redundando na redución dos prazos e do esforzo necesario para realizalos.</p> <p>Así mesmo, o expediente debe dar cabida aos distintos colectivos de persoal empregado público da Xunta de Galicia e do sector público autonómico.</p> <p>En 2019 decidiuse aboradar a adaptación e posta en marcha do sistema FIDES, previamente implantado no Servizo Galego de Saúde, como canle de acceso a ese expediente dixital e a s procesos vinculados á xestión no ámbito da Administración Xeral.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Habilitar o acceso das persoas empregadas públicas ou que optan a un emprego público ao seu expediente electrónico a través de FIDES (<a href="https://fides.xunta.gal">https://fides.xunta.gal</a>), para consultar a información existente e solicitar a actualización dos seus datos acreditando os méritos precisos.</li><li>→ Implantación efectiva dos <b>módulos de catalogación e validación</b> nas unidades administrativas competentes para os ditos procesos.</li><li>→ Tarefas continuas de análise e implementación técnica de melloras nas seguintes liñas do proxecto:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Análise de viabilidade da incorporación de mecanismos de <b>automatización de procesos</b> para facilitar a revisión da documentación acreditativa dos méritos alegados. (<i>En liña co 1.6 Programa de robotización e automatización</i>).</li><li>○ <b>Interoperabilidade:</b> Análise da ampliación dos ámbitos cos que é posible a interoperabilidade da información dispoñible para simplificar a relación das persoas interesadas coa administración e a redución de cargas administrativas: Sergas, entes do sector público, administración de Xustiza...</li><li>○ <b>Calidade da información:</b> catalogación da información existente en base a mestres unificados, análise de modelización funcional axeitada de novas casuísticas para permitir o seu tratamento automatizado.</li></ul></li><li>→ Colaboración coa Dirección Xeral de Función Pública na análise da regulación do expediente electrónico.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.2. Ampliar o portal do persoal empregado público para a relación integramente dixital coa administración.</b>
<b>Descrición:</b>	O expediente dixital do empregado público chegará ao persoal empregado público a través do portal de servizos especializado nesta materia, que deberá converterse na canle única de tramitación das necesidades do persoal empregado público. O portal debe orientarse aos distintos colectivos de persoal.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Mamentemento e mellora continua dos portais do persoal empregado público.</li> <li>→ Apoio ao plan de implantación de funcionalidades a través do portal do emprego público, FIDES: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Rexistro de actividade.</b> O sistema permitirá o rexistro da actividade desenvolvida, con indicación da modalidade (teletraballo, ...) e poderá servir como base para a futura xestión da análise das cargas de traballo de cada unidade, unha vez definida a normativa e a metodoloxía correspondente polas unidades competentes.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.3. Renovar o portal de acceso aos procesos de emprego público</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O portal do emprego público, FIDES, permitirá integrar nunha canle dixital única todas as relacións e trámites das persoas implicadas nos procesos de emprego público da DX da Función Pública.</p> <p>Os trámites electrónicos realizados quedarán completamente integrados coas ferramentas transversais de administración dixital: Rexistro electrónico Xeral, Arquivo electrónico administrativo e Plataforma de intermediación de datos PasaXe!.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Posta en marcha de novas funcionalidades a través do portal do emprego público, FIDES: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ <b>Inscripción en listas para cobertura temporal de postos.</b> O sistema permitirá ás persoas interesadas realizar a solicitude electrónica de inscrición nas listas e á unidade tramitadora a comprobación dos requisitos para a tramitación do proceso.</li> <li>○ <b>Presentación electrónica de alegacións</b> ás listas provisionais de admitidos e excluídos.</li> <li>○ Análise da incorporación doutros trámites posteriores á solicitude: devolución de taxas...</li> </ul> </li> <li>→ Análise da incorporación dun módulo para a xestión de exames.</li> </ul>

- Configuración e soporte ás novas convocatorias, no seu caso, das tipoloxías de procesos xa incorporadas anteriormente á Canle dixital do emprego público, FIDES, e mellora continua do sistema:
  - **Inscrición en procesos selectivos.** No 2023 será especialmente relevante a realización das adaptacións específicas para dar soporte aos procesos de estabilización.
  - **Solicitud de carreira profesional e complemento do desempeño.**

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **1.2.4. Renovar o sistema dixital para a xestión dixital integral dos procesos de emprego público (concursos, oposicións, listas de contratación e carreira profesional...).**

**Descrición:** O sistema dixital integral para a xestión dos procesos de selección e provisión (concursos, oposicións, listas de contratación,...) debe auxiliar e simplificar os procesos de tramitación, tanto cara aos aspirantes ou participantes nos procesos, como cara aos xestores de persoal.

A través da canle do emprego público deberán habilitarse os procesos de consulta e solicitud de actualización dos datos do expediente, simplificando o proceso de actualización dos méritos.

Ademais deberá definirse o modelo de baremación que poda ser utilizado nos diferentes procesos que o requiran, cunha configuración adaptada a cada un.

O sistema deberá permitir unha xestión áxil dos procesos de selección e provisión, acortando os tempos de tramitación e contar coas medidas de trazabilidade e control que garantan a eficacia e transparencia do proceso.

- Actividades 2023:**
- Incorporación e mellora de funcionalidades de tramitación dos procesos: integración co rexistro presencial e asociación coas inscricións relacionadas, incorporación de consultas a novos servizos de interoperabilidade dispoñibles na plataforma de intermediación de datos PasaXel, xeración das listas de admitidos e excluídos, funcionalidades de exportación de datos...
  - Mellora continua e implantación do sistema de citacións electrónicas para os chamamentos de listas de contratación, de acordo coas previsións contempladas no Decreto 60/2019, do 23 de maio, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.
  - Apoio continuo aos procesos de selección e provisión realizados durante o ano: configuración de novos procesos, soporte e atención ás persoas

usuarias, incorporación de melloras e das adaptacións específicas necesarias...

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.2.5. Evolucionar os procesos de acreditación dixital do persoal empregado público.

**Descrición:** Acreditación dixital dos empregados públicos. Dotación inicial e renovación continuada dos certificados e tarxetas criptográficas de empregado público. Desenvolvemento dos sistemas para a xestión destes procesos.

Esta iniciativa inclúe o persoal da administración pública autonómica e o vinculado á administración de Xustiza en Galicia. Inclúe ademais a colaboración coa Consellería de Educación para o establecemento dos procesos de acreditación do persoal docente.

Organízase a través dos Puntos de Acreditación Dixital distribuídos polas 7 cidades galegas.

**Actividades 2023**

- **Mantemento do modelo integral de acreditación dixital** do empregado público, incluíndo todos os ámbitos (xunta, xustiza, educación, ...), e considerando un modelo xeográfico distribuído de acreditación.
- Mantemento e **renovación continuada da acreditación dixital** do persoal empregado público acreditado.
  - Renovación das tarxetas criptográficas para garantir a súa continuidade como dispositivos seguros de creación de firma (QSCD) de acordo co establecido na normativa ao respecto.
  - Extensión da **distribución dos certificados en mobilidade**.
- Deseño e desenvolvemento dun novo proceso de acreditación incluíndo a automatización de varios elementos do procesos, e potenciando o autoservizo dentro da normativa vixente, nos ámbitos da Administración Xeral e da Administración de Xustiza, que permita mellorar os procesos e o esforzo necesario para levalos a cabo. Melloras no sistema que da soporte ao proceso de acreditación dixital Kronos-PAD para simplificar e axilizar os procesos.
- Piloto de implantación de sistemas de vídeo identificación para a verificación da identidade dos titulares dos certificados (fita dependente da habilitación administrativa deste servizo solicitada ao Ministerio competente polo prestador de servizos de certificación adxudicatario deste servizo)

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*



<b>Actividade:</b>	<b>1.2.6. Ampliar o ámbito de implantación a novas entidades dos sistemas corporativos de emprego público.</b>
<b>Descrición:</b>	Os sistemas corporativos de emprego público deben permitir a xestión de persoal de distintas entidades permitindo definir un conxunto de regras e elementos comúns de xestión e a posibilidade de adaptarse ás especificidades en cada ámbito.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Apoio na implantación en novas entidades dos sistemas corporativos de emprego público.</li> <li>→ Análise da converxencia dos sistemas de xestión de recursos humanos do ámbito da Administración Xeral e de xestión de recursos humanos do ámbito da Administración de Xustiza en Galicia, coa finalidade de acadar unha liña de evolución común e eliminando redundancias.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.2.7. Evolucionar continuamente os sistemas transversais nesta materia.</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúese nesta actividade a necesaria evolución continuada dos sistemas e módulos que compoñen o sistema de xestión de recursos humanos, e que serven de soporte fundamental para a configuración do expediente dixital único do empregado público.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Desenvolvemento e implantación do novo sistema de xestión de <b>Relacións de Postos de Traballo</b>, que dé soporte á tramitación administrativa e mellore a calidade da información. As Relacións de postos de traballo son o instrumento básico de planificación e organización do persoal ao servizo das administracións, e para garantir a súa eficacia precisan adaptarse de xeito áxil e continuo ás necesidades do servizo público. Así mesmo, a información contida neste instrumento debe ter unha calidade óptima que permita automatizar todos os procesos que a utilizan. O novo sistema de xestión de RPT ten como obxectivos acadar a tramitación completamente dixital e altamente automatizada das creacións e modificacións deste instrumento, garantindo un nivel óptimo de calidade da información tratada e reducindo os prazos de tramitación das modificacións.</li> <li>→ Incorporación de novas funcionalidades de xestión de Ofertas de Emprego Público.</li> <li>→ Seguimento, indicadores e cadros de mando (<i>en liña coas actuacións do 1.7 Programa de xestión intelixente do dato</i>): <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Integración e actualización dos cadros de mando e modelos de informes relacionados co control de fichaxe e o absentismo, en base a arquitectura corporativa de sistemas de análise e xestión do dato.</li> <li>○ Deseño e desenvolvemento do cadro de mando de seguimento de procesos selectivos.</li> </ul> </li> </ul>

- Evolución continuada e mantemento dos sistemas e compoñentes que configuran a plataforma tecnolóxica para a xestión de recursos humanos: sistema para os servizos de persoal (MATRHIX e XESPER), sistema para os departamentos (morfeo), diversos sistemas de xestión na DX de Función Pública, xestión das RPTs, sistemas de fichaxe. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, escalabilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica.
- Posta en marcha dos instrumentos para os procesos especiais previstos en 2023 en esta materia.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Acadar o expediente dixital único do empregado público</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha dos módulos de catalogación e validación nas unidades administrativas competentes para os ditos procesos</li> </ul>	<b>Dispoñible para a súa validación</b>
<b>Renovar o portal de acceso aos procesos de emprego público</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha da inscrición en listas para a cobertura temporal de postos a través de FIDES</li> </ul>	<b>Dispoñible para a súa validación</b>
<b>Evolucionar os procesos de acreditación dixital do persoal empregado público.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de tarxetas de empregado público substituídas ou emitidas</li> </ul>	<b>5.000</b>
<b>Evolucionar continuamente os sistemas transversais nesta materia.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo sistema de xestión de Relacións de Postos de Traballo</li> </ul>	<b>Dispoñible para a súa validación</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Funcionalidades de seguimento de procesos selectivos</li> </ul>	<b>Dispoñible para a súa validación</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de sistemas de xestión e información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos</li> </ul>	<b>12</b>

## 1.3 Plan para a xestión dixital da Axencia Tributaria

Este programa ten como finalidade continuar co proceso de dixitalización dos Sistemas de Información Tributaria que prestan servizo á Axencia Tributaria de Galicia e á cidadanía, sempre de acordo á normativa vixente e ás normas técnicas de seguridade e interoperabilidade. Para levar a cabo este proceso de transformación dixital, traballarase principalmente en tres ámbitos:

- Na relación co contribuínte, mediante actuacións encamiñadas a mellorar a experiencia de uso a facilitar o cumprimento das súas obrigas como por exemplo novos medios de pago ou facilidades para a confección de autoliquidacións de impostos.
- Na eficiencia interna mediante a evolución e mantemento dos sistemas que dan soporte a actividade da Atriga, automatizando todas aquelas actividades e tarefas susceptibles de ser realizadas de xeito automático e implementando sistemas analíticos que permitan un mellor control e coñecemento da actividade tributaria.
- Na loita contra a fraude, desenvolvendo unha plataforma que mediante Intelixencia Artificial e analítica avanzada que permita avanzar na detección da fraude tributaria.

### **Obxectivos:**

- Evolucionar, realizar o mantemento correctivo e dar soporte técnico aos sistemas de Información Analítica e Xestión tributaria e á plataforma de pagos da Xunta de Galicia.
- Evolucionar, realizar o mantemento correctivo e dar soporte técnico á infraestrutura tecnolóxica do servizo de atención a cidadanía da Atriga.
- Evolucionar e actualizar as contornas web da Atriga e Oficina Virtual Tributaria (OVT).
- Automatizar e coordinar os servizos e procedementos tributarios.
- Impulsar sistemas de análise avanzado para a xestión tributaria e a detección do fraude.
- Garantir o servizo de atención remoto e in-situ aos usuarios da Atriga nos sistemas e medios xestionados pola Administración tributaria en todos os seus centros de traballo.
- Facilitar as ferramentas e mecanismos que permitan a interoperabilidade dos sistemas da Axencia Tributaria con outros organismos ou Administracións.

## Actividades:

Actividade:	1.3.1. Evolución do sistema de información tributaria XEITO
<b>Descrición:</b>	<p>Para facilitar á Axencia Tributaria de Galicia o desempeño das súas funcións, está operativo o sistema de información para a xestión integrada dos tributos (XEITO) que posibilita o control e a xestión dos distintos tributos e actuacións en materia tributaria.</p> <p>Da soporte ás distintas áreas funcionais da Atriga: Información e Asistencia, Xestión tributaria, Inspección e Valoracións e Recadación. Ademais, tamén facilita as actuacións das Oficinas Liquidadoras de Distrito Hipotecario (OLDH) e das Oficinas de presentación de Distrito Hipotecario (ODH).</p> <p>Desenvolvéronse distintas actuacións para dar resposta ás necesidades da Atriga, xa foran por peticións funcionais como por cambios normativos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Valoracións consonte ao Valor de Referencia do Catastro: adaptacións para contemplar a <i>Ley 11/2021, de 9 de julio, de medidas de prevención y lucha contra el fraude fiscal. Novo método de valoración e motivacións dos distintos tipos de bens</i></li><li>- Adaptacións consonte á Lei de medidas fiscais Lei 18/2021: actualizáronse os textos de saída do imposto de Transmisións correspondentes ás claves: TPO, TRO, TR1, TR2, TR3, TSO, TU0, TU1, TU2, TU3 e TVO</li><li>- Análise e deseño para o desenvolvemento dun novo módulo de recadación executiva</li><li>- Adecuación dos modelos de tributos cedidos, selos, dilixencias e documentos á identidade corporativa Atriga</li><li>- Melloras nas notificacións electrónicas coa desasignación automática do envío para notificacións con erros</li><li>- Actualización para bens tipo solo rústico da información do planeamento urbanístico coa normativa actual para varios concellos afectados</li><li>- Novo tratamento de aprazamentos/fraccionamentos en executiva por senteza do Tribunal Supremo</li><li>- No módulo de Recadación implementouse o filtrado de persoas falecidas e entidades de baixa</li><li>- Ampliación da precisión dos xuros legal de diñeiro (3,25% e de demora (4,0625 %) consonte á Ley 31/2022, de 23 diciembre, de Presupuesto Generales del Estado</li><li>- Adaptacións no proceso de embargos AEAT consonte ao Cuaderno 63</li><li>- Melloras na consulta/descarga de certificados de familia numerosa, discapacidade e defunción dende a plataforma Pasaxe!</li></ul> <p>Pola súa propia natureza, os procedementos tributarios enfróntanse de forma continua a modificacións normativas, así como a cambios funcionais e, nalgúns casos, a cambios derivados de resolucións xudiciais. Polo tanto, é preciso continuar coa evolución funcional e tecnolóxica dos distintos elementos que constitúen o sistema Xeito para seguir coa consolidación do sistema.</p>

- Actividades 2023:**
- Posta en marcha do novo módulo de recadación executiva por causa da asunción das funcións das Zonas de Recadación pola Atriga:
    - Fase I: Desenvolvemento inicial básico para o arranque
    - Fase II: Integración de tres zonas de recaudación: Ourense, A Coruña e Lugo
    - Fase III: Estabilización dos desenvolvementos e evolución funcional do módulo de recadación
  - Desenvolvementos precisos para soportar o intercambio de datos coa Seguridade Social e coa Dirección Xeral de Tráfico segundo os protocolos definidos nos convenios ou acordos de colaboración que se suscriban coa Atriga.
  - Análise e inicio dos desenvolvementos derivados do convenio que se suscribirá entre a Atriga e os Rexistradores da propiedade para o intercambio de datos.
  - Notificacións tributarias: posta en marcha da Integración da proba de entrega electrónica (acuse electrónico) Así, cumprírase o principio de papel cero e posibilitará a incorporación do accuse ao expediente electrónico sen necesidade de dixitalización
  - Integración Pasaxel: posibilitar coa especificación SCSP a consulta e descarga de certificado do imposto de Patrimonio (cedente), así como a consulta de certificados de Catastro (cesionario)
  - Posta en marcha do novo rexistro de autorizacións da Atriga e integración co REAG: evolucionar o rexistro de autorizacións e integrar a consulta de autorizacións no Rexistro Electrónico de Apoderamentos de Galicia, previa á presentación ou xestión de trámites tributarios. Continuar traballos para posibilitar a presentación de impostos por un terceiro que declare responsablemente que ostenta a representación do suxeito pasivo, comezando con 660-Documents sucesorios e 620-Vehículos
  - Minimización dos procesos relativos ao peche contable
  - Melloras funcionais, evolución tecnolóxica e adaptacións normativas nos distintos procedementos tributarios.
  - Análise dos desenvolvementos a realizar para a implantación da triple columna nos procesos de autoliquidación dos tributos.

**Área responsable:** *Área de Transformación dixital da Facenda autonómica*

**Actividade:** 1.3.2. Evolución doutros sistemas de información tributaria: Aport@, Lanx, ALISe, e-Poxas, etc.

**Descrición:** A Atriga dispón doutros sistemas de información que dan soporte ás distintas funcións e actuacións do persoal das distintas áreas: Información e Asistencia, Xestión tributaria, Inspección e Valoracións e Recadación.

Desenvolvéronse novas funcionalidades e continuouse coa evolución dos distintos sistemas:

- Sistema documental Aport@: expediente tributario electrónico: novas series documentais; integración Aporta-Rexel para a consulta/descarga de autoaccións no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia e consulta directa dende o sistema de información tributaria Xeito de expedientes e documentos consolidados no xestor documental
- Sistema LECA para cita previa e xestión de quendas: eliminouse a restricción de 60 minutos entre citas para a mesma persoa e habilitouse a atención preferente ás persoas maiores de 65 anos
- Lanx: valoración de bens por comparativa de testemuñas de bens solo urbano
- ALISe: melloras no programa de Axuda á Liquidación do Imposto de Sucesións
- Avaliación para simplificar e redeseñar o portal web corporativo

Faise necesario evolucionar os distintos sistemas debido á constante modificación da normativa tributaria, así como ás peticións de novas funcionalidades requiridas polos responsables da Atriga.

**Actividades  
2023:**

→ **Aport@:**

Continuar coa implementación e posta en marcha de novas series documentais

Cambio de paradigma na exportación de expedientes tributarios electrónicos para agrupar documentos relacionados cun interviniente concreto (exportación selectiva)

Posta a disposición de expedientes tributarios electrónicos na plataforma de interoperabilidade "HUB de interoperabilidade de Expedientes Administrativos" del TEAR.

Melloras na experiencia de usuario: nova interfaz e consulta integrada no sistema de información Xeito de documentos electrónicos consolidados no xestor documental

Melloras nos procesos automáticos de actualización automática do repositorio e metadatos e informes de resultados

→ **Cita previa:**

Integración coa OVT para solicitude de cita e anexo de documentos nos trámites que así o requiran

Ampliación de nova oficinas de atención e os seus trámites: configuración de oficinas, postos, usuarios, axendas, etc.

→ **Lanx:**

Evolución funcional e tecnolóxica do sistema de valoración comparativa por testemuñas: solo urbano, vivendas unifamiliares e construcións industriais

→ **ALISe:**

Inicio dos desenvolvementos da nova aplicación de axuda á liquidación do impostos de sucesións baseada en Web e que substituirá a actual ALISE

→ **Axuda á cidadanía :**

- Oferta de asistencia para que sexa a Atriga a que confeccione á cidadanía a autoliquidación do imposto pola transmisión onerosa de medios de transporte usados (modelo 620). Inicio dos traballos de análise para desenvolver o mesmo servizo relativo ao modelo 600.
- Posta en marcha do editor do 620 para os funcionarios que lles permita elaborar o borrador do modelo nos casos en que non quepa a presentación electrónica.

→ **Portal Web corporativo da Atriga:**

Posta en marcha da nova web corporativa da Atriga: mellora da accesibilidade á información máis demandada, simplificación da linguaxe e introdución de ferramentas innovadoras como asistentes virtuais para a obtención da información.

**Área responsable:**

*Área de Transformación dixital da Facenda autonómica*

**Actividade: 1.3.3. Oficina Virtual Tributaria (OVT)**

**Descrición:** A Atriga dispón ademais dun amplo catálogo de servizos públicos electrónicos na Oficina Virtual Tributaria (OVT) que posibilita realizar, ademais de trámites tributarios xerais, a confección de autoliquidacións dos distintos tributos, así como o pagamento e a presentación polos interesados. As posibilidades están condicionadas segundo a modalidade de acceso: acceso libre, con certificado dixital de usuario e como usuario rexistrado con certificado dixital.

Leváronse a cabo distintas actuacións:

- Posta en marcha nas delegacións Atriga de terminais TPV-PC como novo medio de pagamento coas mesmas condicións que no TPV-V: calquera tarxeta de crédito ou débito e cun límite máximo de 3.000€ para tarxetas emitidas por entidades españolas
- Posta en marcha dunha nova modalidade de pagamento de autoliquidacións, liquidacións e aprazamentos/fraccionamentos nas oficinas de Correos mediante xiro postal
- Migración á nova OVT dos seguintes servizos:
  - o Solicitud de Compensación de débedas
  - o Solicitud de Ingresos indebidos
  - o Presentación de Aprazamento/Fraccionamento
  - o Declaración censual, autoliquidación, pago e presentación do imposto IDMAE (imposto sobre o dano mediambiental de augas

encoradas), así como presentación de declaraciones complementarias.

- o Declaración censual, autoliquidación, pago e presentación do imposto ICA (imposto sobre contaminación atmosférica), así como presentación de declaracións complementarias
  - o Taxa fiscal sobre o xogo en bingos: censo electrónico de salas de bingo (006), solicitude de cartóns (S) e descarga electrónica dos cartóns solicitados
  - o Autoliquidación, pago e presentación da taxa sobre o xogo de apostas deportivas, así como presentación de declaracións complementarias
  - o Declaración censual, autoliquidación, pago e presentación do Canon eólico, así como presentación de declaracións complementarias ou modifcativas.
- Novo servizo de pagamento de débedas: liquidacións notificadas, aprazamentos / fraccionamento e providencias
  - Adaptacións e melloras na xestión de solicitudes e documentación presentada na OVT: bandexas de entrada (GESOV)

Cómpre continuar coa evolución funcional e tecnolóxica da OV Tributaria para facilitar á cidadanía o cumprimento das súas obrigas e, ao mesmo tempo, o exercicio dos seus dereitos a través de medios electrónicos.

#### **Actividades 2023:**

##### **→ Ampliar as opcións de pagamento**

Facilitar á cidadanía o pago de tributos mellorando e ampliando opcións:

- Adaptacións para o cambio de pasarela TPV-V e TPV-PC por causa dun novo servizo de pago de ingresos a favor da Xunta de Galicia a través de terminal de punto de venda (TPV)
- Posta en marcha dunha nova modalidade de pagamento na OVT: pago a través de Bizum
- Ampliar o catálogo de documentos de pago que poden pagarse de xeito telemático a través da OVT: carta de pagamento de débedas en executiva
- Ampliar o catálogo de entidades colaboradoras que permitan o pago en caixeiro
- Incorporar os medios de pagamento de transferencia bancaria e domiciliación en entidades non colaboradoras SEPA.

##### **→ Posta a disposición da cidadanía da app móbil que incorpora as funcionalidades máis salientables da Oficina Virtual Tributaria**

→ Incorporación de Chave 365 como forma de acceso a OVT da ATRIGA.

→ Creación na OVT do servizo de presentación electrónico de REAs

→ **Redeseño e evolución do portal web da Atriga:** novo deseño máis actual e en liña coas directrices corporativas de imaxe web da Xunta de Galicia, contidos reestruturados e simplificados para facilitar a busca de información polos contribuíntes

→ Creación en la WEB de la ATRIGA de un canal de denuncias tributarias.



→ **Evolución funcional e tecnolóxica**

- Posta en marcha dos servizos electrónicos relativos ao novo imposto de depósito, incineración e co-incineración de residuos: declaración censual e autoliquidación IDIRES
- Evolución da plataforma tecnolóxica e dos servizos actuais de valoración e declaración de medios de transporte usado (vehículos)
- Posta en marcha do servizo de axuda á cidadanía para a confección, baixo cita previa, do borrador de autoliquidación de medios de transporte usados (vehículos)
- Simplificación da Oficina virtual tributaria:
  - o Estudo de usabilidade e experiencia de usuario dos diferentes servizos ofrecidos na nova oficina virtual tributaria, co obxectivo de simplificar, aportar as máximas facilidades e axudas posibles (autocompletar datos, procesos guiados, etc) ao contribuinte no cumprimento das súas obrigas. Planificación dos proxectos derivados deste estudo.
  - o Inicio dos traballos definidos no plan

**Área responsable:** *Área de Transformación dixital da Facenda autonómica*

**Actividade:** 1.3.4. Automatización de procesos (RPA)

**Descrición:** A Atriga ten dispoñible un sistema que permite automatizar os procesos tributarios repetitivos (RPA: Robot Process Automation) e que implican:

- Simulación da execución humana
- Execución de tarefas repetitivas de procesos regulados
- Alto volume de procesamento en distintos sistemas
- Traballo continuo 24x7

Durante 2022 leváronse a cabo tarefas de planificación e revisión das execucións dos procesos en produción:

- VEH01: revisión, contraste de datos declarados vs DGT e paso a Xestión das autoliquidacións de telemáticas puras en todas as Delegacións da Atriga
- TVL01: peche de expedientes notificados e cancelados de todos os impostos
- TVL02: peche de expedientes do imposto de Vehículos xestionado polo proceso automático de revisión e paso a xestión das autoliquidacións telemáticas puras.

Continuouse coa definición de regras e desenvolvemento de novos casos de uso:

- Xestión de liquidacións paralelas de vehículos. Alta da paralela, modificación do do-cumento de notificacións e envío a firma do Xefe responsable

- Revisión de expedientes de Transmisións con ficha notarial e peche do expediente no caso de concordancia plena entre a declaración do contribuínte e a ficha notarial
- Xestión de expedientes caucionais de vehículos. Revisión da venda do vehículo polo profesional da compravenda e alta e xestión da paralela ata o envío a firma se a venda se produciu pasado o ano ou peche do expediente se a venda foi dentro do ano
- Desenvolvemento dun cadro de mando que aporte información visual e textual resumida dos distintos procesos automatizados mediante RPA.

Tamén se identificaron novos procesos a automatizar:

- Revisión de autoliquidacións do imposto de vehículos presentadas en papel e peche dos expedientes correctamente declarados
- Revisión e peche de expedientes do imposto de Transmisións patrimoniais declarados como exentos
- Obtención de datos da ficha notarial co fin de facilitar o alta de Bens nos expedientes do imposto de Transmisións.

**Actividades 2023:** → **Implementar procesos xa definidos e definir regras para casos de uso xa identificados**

Refinar regras e poñer en produción:

- TRA01: revisión de expedientes de Transmisións con ficha notarial e peche do expediente no caso de concordancia plena entre a declaración do contribuínte e a ficha notarial para operación notarial 501 compravenda de inmobles
- VEH02: xestión de liquidacións paralelas de vehículos. Alta da paralela, modificación do documento de notificacións e envío a firma do Xefe responsable
- VEH03: xestión de expedientes caucionais de vehículos. Revisión da venda do vehículo por o profesional da compravenda e alta e xestión da paralela ata o envío a firma se a venda produciuse pasado o ano ou peche do expediente se a venda foi dentro do ano
- Desenvolvemento dun cadro de mando que aporte información visual e textual resumida dos distintos procesos automatizados mediante RPA.

→ **Identificar novos procesos a automatizar e estudar a súa viabilidade**

- Creación de requirimentos de presentación a autoliquidacións ingresadas pero non presentadas
- Ampliación a outras operacións notariais a revisión de expedientes de Transmisións con ficha notarial e peche do expediente no caso de concordancia plena entre a declaración do contribuínte e a ficha notarial
- Creación de expedientes de non declarantes con ficha notarial
- Creación de recargas extemporáneas para os impostos que non teñen módulo de XEITO

- Creación de expedientes electrónicos para as autoliquidacións OVT que non teñen módulo XEITO (tributos de xestión centralizada e modelos 610, 615 e 630) e peche do expediente
- Creación de paralelas co resultado dos cruces
- Acceso a sistemas externos para poder descargar determinados documentos ou información (autoliquidacións presentadas do Imposto de Patrimonio, certificados de referencia, certificados de familia numerosa, discapacidade, defunción, ...)
- Outras actuacións automatizables

**Área responsable:** *Área de Transformación dixital da Facenda autonómica*

**Actividade:** 1.3.5 Evolución da aplicación Delfos

**Descrición:** Amtega dispón dun sistema de información que permite aos usuarios da Axencia Tributaria de Galicia obter as operacións tributarias e contables vinculadas a un contribuínte ou a un grupo deles. Delfos axuda na toma de decisións sobre a realización de actuacións de control dentro do marco do Plan Xeral Tributario.

Faise necesario evolucionar o sistema debido á continua incorporación de novas fontes de información e á solicitude de novas funcionalidades; requirindo tamén fomentar o uso do sistema e aumentar o valor que lles aporta aos usuarios da Axencia Tributaria de Galicia.

- Actividades 2023:**
- **Evolución do módulo de xestión de informes:** inclusión de todas as áreas de información do contribuínte dispoñibles no sistema.
  - **Evolución da busca avanzada:** incremento da precisión nas consultas e incorporación de novos tipos de filtro.
  - **Proporcionar formación aos usuarios e fomento do uso do sistema.**

**Área responsable:** *Área de transformación dixital da facenda autonómica*

**Actividade:** 1.3.6 Emprego de medidas de analítica avanzada na detección da fraude

**Descrición:** O proxecto para a modernización do sistema de análise avanzada de fraude coa implantación da Solución de SAS na loita contra a Fraude Tributaria, poñerase en produción e operativa para:

- Detección automática de fraude.
- Mellorar o cumprimento das obrigas tributarias.
- Proceso automático de xestión de alertas.

- Monitorización dos escenarios para a óptima detección de fraude.

É unha plataforma escalable onde o obxectivo é ir aumentando os controis de fraude e evolucionando á vez que o fai o defraudador.

- Actividades 2023:**
- Implantación e posta en funcionamento na Atriga dos escenarios de detección de fraude tributaria desenvolvidos ao longo do exercicio 2022.
  - Incorporación de información detallada de índices notariais e cruces tributarios.
  - **Indicadores tributarios de xestión.**  
Creación de informe cos casos tratados por cada investigador e cos casos que chegaron a ser identificados como fraude.
  - **Indicadores de eficiencia de escenarios.**  
Xeración de informe coas alertas xeradas por escenarios e o resultado da súa investigación permitindo determinar a porcentaxe de fraude sobre accións investigadas e porcentaxe de investigados sobre alertas.

**Área responsable:** *Área de transformación dixital da facenda autonómica*

**Actividade:** 1.3.7. Evolución da área tributaria do Sistema de Información Analítica

**Descrición:** Amtega dispón dun Sistema de Información Analítica (SIAN) orientado a dar resposta ás necesidades de información da organización tanto de xeito vertical para cada sistema de información, como ofrecendo unha visión transversal corporativa.

No ámbito tributario desenvolvéronse distintas actuacións para dar resposta as necesidades da Axencia Tributaria de Galicia:

- Desenvolvemento da Área Tributaria no SIAN cos elementos de difusión necesarios que permitiu a mellora das capacidades de elaboración de información.
- Incorporación ao SIAN a información tributaria recibida de outras entidades do Sector Público (Axencias, Organismos, etc.) coa finalidade de dar respostas ás necesidades de consulta, comprobación e inspección.

É preciso continuar coa evolución tecnolóxica e funcional dos elementos que constitúen a Área Tributaria do Sistema de Información Analítico, consolidar o sistema de indicadores tributarios e coordinar e aliñar os diferentes sistemas de análise tributarios existentes ou os que poidan xurdir.

**Actividades 2023:** → **Indicadores tributarios de recadación executiva.**

Engadirase nova información sobre os procedementos de embargo xunto coa incorporación de novos elementos de difusión (Cadros de mando e Informes) para a explotación de dita información.  
Tratarase de proporcionar a trazabilidade dunha providencia (dende que se crea ata que se xestiona).

→ **Indicadores tributarios de xestión.**

Procederase á automatización da obtención de información e xeración de modelos que é necesario enviar a outros organismos.  
Abordarase a trazabilidade dos ingresos (dende a súa entrada ata a súa aplicación final), e a súa relación cos conceptos presupostarios.

→ **Notificacións**

Incorporaranse novos elementos de difusión xunto coa información relativa dos ciclos de notificacións e os envíos.

→ **Indicadores de notariado**

Incorporación de cadro de mando e informes que permitan cruzar a información de notariado cos seus expedientes. Elaboración de cadro de mando de índices notariais.

→ **Indicadores de xestión de citas nas oficinas da Atriga**

Incorporación de nova información e explotación da mesma para situacións de atención especial, como pode ser a atención a persoas maiores e a valoración da atención recibida en chamadas telefónicas.

**Área responsable:** *Área de transformación dixital da facenda autonómica*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Evolución do sistema de información tributaria XEITO</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de usuarios/perfis do sistema XEITO</li></ul>	> 2.000
	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de notificacións tributarias emitidas a través de Notifica.gal</li></ul>	> 90.000
	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de CETs (Códigos Electrónicos de Transferencia) xerados na declaración de medios de transporte usado</li></ul>	≈ 100.000
	<ul style="list-style-type: none"><li>Novo módulo de recadación executiva. Integración da xestión das Zonas de Recadación (Posta en marcha e grao integración do total de zonas)</li></ul>	Sí > 50%

<b>Evolución doutros sistemas de información tributaria: Aport@, Lanx, ALISe, e-Poxas, etc.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aport@: número de usuarios do sistema</li> </ul>	≈ 500
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aport@: nova interfaz de dixitalización</li> </ul>	Dispoñible para posta en marcha
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aport@: Integración coa plataforma de interoperabilidade xudicial</li> </ul>	Dispoñible para posta en marcha
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Evolución ALISe: Licitación evolución a ALISw</li> </ul>	Licitado
<b>Oficina Virtual Tributaria (OVT)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de usuarios rexistrados (colaboradores sociais)</li> </ul>	> 6.000
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Grao de implantación da nova OV Tributaria</li> </ul>	80%
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de valoracións ou declaracións de bens inmobles realizadas a través da OV Tributaria</li> </ul>	> 200.000
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Novos servizos incorporados á OVT</li> </ul>	3
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Novos métodos de pagamento incorporado á OVT</li> </ul>	1
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de tipos de taxas/multas na OV Tributaria</li> </ul>	> 1.000
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de pagamentos realizados a través de TPV-V</li> </ul>	> 250.000
<b>Automatización de procesos (RPA)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Procesos tributarios robotizados</li> </ul>	4
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Impostos parcialmente robotizados</li> </ul>	2
<b>Evolución da aplicación Delfos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Evolución do módulo de informes de Delfos.</li> </ul>	En produción

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Evolución da busca avanzada.</li> </ul>	<b>En produción</b>
<b>Emprego de medidas de analítica avanzada na detección da fraude</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en produción a plataforma para a detección de fraude.</li> </ul>	<b>En produción</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantación de escenarios para a detección de fraude.</li> </ul>	<b>En produción</b>
<b>Evolución da área tributaria do Sistema de Información Analítica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Información analítica sobre índices notariais.</li> </ul>	<b>En produción</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novos informes de recadación executiva e notificacións</li> </ul>	<b>En produción</b>

## 1.4 Medidas para a xestión dixital económico-financeira e contable

Estas medidas teñen como finalidade continuar co proceso de dixitalización dos sistemas de información económico-financeiros e contables que prestan servizos horizontais á administración xeral da Xunta de Galicia e ás entidades do sector público autonómico.

Esta evolución dixital abordarase sempre de acordo á normativa vixente e ás normas técnicas de seguridade e interoperabilidade, evolucionando, desenvolvendo e actualizando os principais sistemas de xestión e información á disposición da administración para a xestión contable e orzamentaria da Xunta de Galicia, así como os que dan soporte a todo o proceso de contratación pública, incluíndo a plataforma de factura electrónica, e por suposto aos sistemas que permiten a elaboración e tramitación da nómina dos empregados públicos da Administración Autonómica.

Cabe destacar o traballo a realizar na evolución e desenvolvemento das ferramentas enfocadas á xestión ou fondos europeos destinados a Galicia que haberán de incorporar a capacidade para xestionar os novos fondos do MRR e do novo período FEDER 21-27, ou o esforzo que se levara a cabo neste próximo período para dotar de novas ferramentas de apoio a toma de decisións a Consellería no ámbito de persoal, do seguimento de pagos de subvencións ou a execución orzamentaria.

### **Obxectivos**

- Evolucionar, realizar o mantemento correctivo e dar soporte técnico ao sistema de información contable da Xunta de Galicia, das Entidades do Sector Público Autonómico e ao Nodo de Contratación Pública.
- Evolucionar funcionalmente, e actualizar a plataforma e contorna web da elaboración dos orzamentos e a planificación plurianual da Comunidade Autónoma.
- Evolucionar funcionalmente, realizar o mantemento correctivo e dar soporte técnico a plataforma de información pública dos fondos europeos xestionados.
- Evolucionar, realizar o mantemento correctivo e dar soporte técnico ao sistema de Nómina da Xunta de Galicia.
- Evolucionar funcionalmente e actualizar os sistemas de inventario de patrimonio e xestión de riscos.
- Evolucionar funcionalmente e actualizar os sistemas que conforman o nodo de contratación pública de Galicia
- Evolucionar, realizar o mantemento correctivo e dar soporte técnico aos sistemas de Información Analítica das diferentes Direccións Xerais.
- Garantir o servizo de atención remoto e in-situ aos usuarios da Consellería de Facenda e Administración Pública nos sistemas e medios en todos os seus centros de traballo.



- Facilitar as ferramentas que permitan a interoperabilidade dos sistemas da Consellería de Facenda con outras Administracións.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>1.4.1 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da contabilidade pública</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos sistemas de información que dan soporte aos procesos de xestión, tramitación, fiscalización, contabilización do gasto e do ingreso, rendición de contas, análise financeira e de execución orzamentaria
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Sistema de información de contabilidade orzamentaria [XUMCO]</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Melloras na tramitación contable electrónica dos documentos de gasto derivadas da avaliación do seu funcionamento na implantación piloto na Consellería de Facenda, ATRIGA e IGE dende o 01/01/2023 cara a extensión ao resto de consellerías e entidades.</li> <li>• Rematar a extensión da tramitación electrónica a documentos contables de gastos derivados de procedementos contables especiais.</li> <li>• Implementación dos cambios necesarios para permitir á convivencia do actual Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia (PXCPG) co novo plan que está pendente de aprobación.</li> <li>• Implementación da xestión de contas bancarias comprobadas o que permitirá mellorar a capacidade de verificación e control das contas bancarias dos terceiros para a loita contra o fraude bancario.</li> <li>• Implementación do concepto de "Fondo de Financiamento" que permitirá un mellor agrupación das distintas fontes de financiamento coas súas particularidades e, establecendo este novo atributo na clasificación económica de ingresos, permitirá relacionar gastos e ingresos.</li> <li>• Permitir asociar documentación electrónica aos terceiros</li> <li>• Automatizar e mellorar a funcionalidade e usabilidade do proceso de peche contable de obrigas.</li> <li>• Análise e deseño das adaptacións necesarias do sistema contable para permitir territorializar o gasto a un nivel máis detallado e configurable segundo diversos criterios.</li> <li>• Integración cos sistemas de información analítica para proporcionar unha certificación electrónica que acredite á percepción ou non de subvencións para unha relación de beneficiarios.</li> </ul>

- Inicio da análise das adaptacións necesarias para a integración con repositorios centralizados de embargos e as súas implicacións na tramitación contable.
- Proporcionar ao sistema publicacións [Imprint@] os informes de execución consolidada para a Conta Trimestral.
- Implementación da posibilidade de definir e parametrizar agrupacións do gasto en base a diferentes criterios de xeito paralelo e independente.
- Configuración do sistema e planificación do proceso para a integración das universidades galegas a partires do exercicio contable 2024.
  - Adaptación da contabilidade de aprazamentos, fraccionamentos e dereitos en voluntaria á modificación do Art.80 do TRLRFOG.

→ Sistema de información de contabilidade financeira [XUMCOFI].

- Migración do módulo de contabilidade financeira de [XUMCO] ao novo sistema a partir do exercicio contable 2023.

→ Sistema de información de edición e maquetación de publicacións [Imprint@]

- Integrar no sistema as contas anuais dos entes.
- Engadir índices por expedientes nos tomos de Modificacións de Créditos da Conta Xeral.
- Implementar a nova publicación "Boletín IXCA"

→ Sistema información do rexistro de entidades do sector público autonómico e para intercambio de datos e documentos entre as entidades [CODEX]

- Implementar os cambios necesarios para adaptar o sistema ao decreto que desenvolverá normativamente este rexistro creado na Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

**Área responsable:** Área de Transformación Dixital de Facenda Autonómica

**Actividade:** 1.4.2 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información orzamentaria

**Descrición:** Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos sistemas de información que dan soporte á elaboración, edición, publicación e análise dos orzamentos e da súa execución tanto das

entidades do sector público autonómico con orzamento limitativo como estimativo.

**Actividades 2023:**

→ Sistema de información para a elaboración dos orzamentos das entidades con orzamento limitativo [ORZAMENTOS]

- Permitir definir estruturas parametrizables que agrupen o gasto orzamentado en base a diferentes criterios paralelos e independentes entre eles.
- Implementar a captura de nova información no orzamento:
  - Información de impacto do orzamento na infancia e adolescencia
  - Información de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
- Implementación do concepto de "Fondo de Financiamento" que permitirá un mellor agrupación das distintas fontes de financiamento coas súas particularidades e, establecendo este novo atributo na clasificación económica de ingresos, permitirá relacionar gastos e ingresos.
- Dar a opción de obter os informes dos procesos de validación dos orzamentos en formato de folla de cálculo.
- Proporcionar soporte e apoio técnico á DXPO no proceso de elaboración do proxecto de orzamento e do orzamento definitivo 2024.

→ Sistema de información de escenarios orzamentarios plurianuais [EOP]

- Implementación da posibilidade de definir e parametrizar agrupacións do gasto en base a diferentes criterios de xeito paralelo e independente o que permitirá unha xestión, elaboración e explotación dos escenarios orzamentarios plurianuais máis sinxela, flexible e operativa.
- Implementar unha nova pantalla que permita a consulta agregada dos escenarios de ingresos.
- Permitir consultar e exportar datos de partida extendidos.
- Desenvolver informes comparativos de ingresos e gastos dun escenario.
- Analizar as posibilidades de integración dos escenarios orzamentarios co sistema [Orzamentos].

→ Sistema información para intercambio de datos e documentos entre as entidades do sector público autonómico [CODEX]

- Desenvolvemento do cambios necesarios para a integración con Portasinaturas para a sinatura de documentos para calquera procedemento que o requira e, en particular, na tramitación das modificacións de crédito.
- Melloras no procedemento de xestión e tramitación das Modificacións de Crédito:

- o Reconfigurar o fluxo de estados de tramitación das xeracións de crédito para simplificar a xestión dos expedientes dentro da D.X. de Planificación e Orzamentos.
- o Mellorar a integración con [XUMCO] para automatizar a actualización dos números de operación contable dos documentos de gasto involucrados na tramitación.

→ Sistema de información de edición e maquetación de publicacións [Imprint@]

- Extender a xestión e control do estado de elaboración dos libros do orzamento ata a fase de impresión.
- Implementar un sistema de avisos por correo-e que informe aos actores dos cambios de estado dos libros do seu interese.

→ Sistema de información de contabilidade orzamentaria [XUMCO]

- Completar a información dos indicadores de resultado e parametrizar distintos períodos do PEG.

**Área responsable:** Área de Transformación Dixital de Facenda Autonómica

**Actividade:** 1.4.3 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e certificación dos fondos europeos e de cohesión interterritorial

**Descrición:** Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos sistemas de información que dan soporte á xestión, control e certificación tanto dos fondos europeos (FEDER, FSE, FEADER, ...) que recibe a comunidade autónoma nos distintos períodos comunitarios como dos fondos de cohesión interterritorial (FCI)

**Actividades 2023:** → Sistema de información para a xestión e certificación dos fondos europeos do período 2014-2020 [Fondos1420]

- Xeración de fichas sintéticas para FEDER.
- Optimizar os tempos de resposta do sistema na xestión de grandes volumes de gastos e proxectos.
- Implementar un rexistro histórico de declaracións do persoal involucrado na xestión dos fondos.
- Mellorar a eficiencia do proceso de validación dun elevado número de elementos.

→ Sistema de información para a recopilación de datos de entidades e participantes en proxectos financiados con FSE e POEJ [Participa1420]

- Implementar a carga de respostas de cuestionarios dende folla de cálculo.
  - Desenvolvemento de procesos masivos para a asociación de documentación e modificación da data fin de participación.
  - Implementar a carga masiva en formato folla de cálculo da vinculación entre participantes e operacións.
- Sistema de xestión e certificación dos fondos do Mecanismo de Resiliencia e Recuperación (MRR)
- Continuar a evolución funcional do sistema e implementar a integración co sistema informático da administración central (CoFFEE).
- Sistema de información para a xestión e certificación dos fondos europeos do período 2021-2027
- Desenvolvemento do novo sistema de información de xestión e certificación do novo período comunitario 2021-2027.
- Sistema de información para a recopilación de datos de entidades e participantes en proxectos financiados con FSE+ [Participa2127]
- Deseño, desenvolvemento, configuración e posta en produción deste novo sistema.
- Sistema de información para a xestión e certificación do fondo de cohesión interterritorial [FCI]
- Implementación de diversas melloras solicitadas por Facenda e posta en funcionamento do sistema en produción.

**Área responsable: Área de Transformación Dixital de Facenda Autónoma**

**Actividade: 1.4.4 Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e control de operacións e entidades financeiras**

**Descrición:** Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos sistemas de información que dan soporte á xestión, control e rexistro das entidades e operacións financeiras.

**Actividades 2023:**

- Sistema de información do Rexistro de Distribuidores de Seguros
  - Iniciar o desenvolvemento do novo sistema para o Rexistro de Distribuidores de Seguros incorporando toda a información requirida pola D.X. de Política Financiera e Tesouro.

→ Sistema de información para presentación anual da declaración de información estatístico-contable (DEC) dos distribuidores de seguros

- Adaptación do sistema aos cambios requiridos pola D.X. de Política Financiera e Tesouro para a declaración do exercicio 2022 relativos ao modelo 1: xa non procede declarar datos na columna C da formación previa.
- Análise e deseño funcional do novo sistema actualizado tecnoloxicamente e integrado co novo sistema para o Rexistro de Distribuidores de Seguros.

**Área responsable: Área de Transformación Dixital de Facenda Autonómica**

**Actividade: 1.4.5 Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da tesouraría**

**Descrición:** Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos distintos sistemas de información que dan soporte aos procedementos de pagos e a xestión e control da tesouraría.

**Actividades 2023:**

- Sistema de información de contabilidade orzamentaria [XUMCO]
  - Adecuación nos procedementos de pago as Leis 39 e 40/2015.
- Sistema de información para a xestión da Caixa Xeral de Depósitos
  - Continuación de desenvolvemento do sistema co obxectivo de dispoñer a final do ano dunha versión que incorpore todas as funcionalidades mínimas requiridas para a súa posta en produción.

**Área responsable: Área de Transformación Dixital de Facenda Autonómica**

**Actividade: 1.4.6 Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de auditoría**

**Descrición:** Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica dos sistemas de información que dan soporte á xestión e control de auditorías no ámbito de competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

**Actividades 2023:**

- Sistema de información de xestión e control de auditorías [Audit@]
  - Desenvolvemento da integración con SUREXe Notific@
  - Desenvolvemento da integración con Portasinturas para facilitar os procesos de sinatura electrónica.

- Mellorar o módulo de comunicacións: permitir o gardado de trámites en modo borrador, selección do destinatario en base á persoa xurídica e reestruturación da páxina de resposta a trámites.
- Migración da importación de controles do formato .csv a formato de folia de cálculo.
- Permitir asinar e revisar con conclusións diferentes en procedemento según destinatario.
- Melloras nas funcionalidades de edición dos informes de auditoría e implementación de comprobación da validez formal do seu contido.
- Continuar co proceso de optimización dos tempos de resposta do sistema e da actualización tecnolóxica.

**Área responsable:** Área de Transformación Dixital de Facenda Autonómica

**Actividade:** 1.4.7 Implementar novas funcionalidades e servizos no sistema de información de subvencións

**Descrición:** Desenvolvemento, mantemento e evolución funcional e tecnolóxica do sistema de información que permite á captura de datos de subvencións (convocatorias, concesións, pagos,...) e a súa remisión vía servizos web á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da IGAE.

**Actividades 2023:** → Sistema de información de subvencións [CAPIN-BDNS]

- Levar a cabo a reestruturación orgánica de toda a información para adaptala a estrutura orgánica vixente dende maio de 2022 de xeito coordinado e sincronizado co proceso análogo que debe aplicarse na BDNS.
- Implementar o envío asíncrono de información á BDNS o que permitirá xestionar a remisión de volumes máis altos de datos de xeito simultáneo.
- Mellorar a xestión e o control de erros na comunicación síncrona coa BDNS.

**Área responsable:** Área de Transformación Dixital de Facenda Autonómica

**Actividade:** 1.4.8 Melloras nos sistemas que conforman o Nodo de Contratación electrónica de Galicia.

**Descrición:** O Nodo de contratación electrónica de Galicia é un conxunto de sistemas de información posto en marcha pola Xunta de Galicia para dar soporte

ao proceso integro de relación cos provedores en materia de contratación e pago.

Está composto polos seguintes sistemas:

- Sistema de Licitación Electrónica (SILEX)
- Xestor de expedientes de contratación (PLATION)
- Sistema electrónico de Facturación (SEF)
- Rexistro xeral de Contratistas (RXC)
- Contratos Públicos de Galicia (CPG)

**Actividades 2023:**

→ En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023 no sistema de licitación electrónica (SILEX), salientar os seguintes:

- Adaptación da integración con PLATION para comunicar e recibir os cambios de estado das mesas de contratación e a puntuación das ofertas.
- Activación dos diálogos competitivos e da asociación para a innovación.
- Activación da apertura de emerxencia das mesas de contratación.
- Mellora na xestión das fases dos procedementos.

→ En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023 no xestor de expedientes de contratación (PLATION), salientar os seguintes:

- Incorporación dos encargos a medios propios
- Integración coa nova versión do RXC para a obtención dos certificados de inscrición.
- Activación das ausencias de conflito de intereses (DACI).
- Adaptación dos modelos, manuais e formularios ás exixencias dos fondos cofinanciadores

→ En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023 no sistema electrónico de facturación (SEF), salientar os seguintes:

- Posta en funcionamento do novo portal externo de provedores.
- Integración co Sistema Contable XUMCO para o intercambio dos estados das facturas
- Actualización da versión de Facturae á 3.2.2
- Actualización tecnolóxica

→ En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023 no rexistro xeral de contratistas (RXC), salientar os seguintes:

- Actualización tecnolóxica do sistema.



- Evolución do servizo web para permitir o envío da información de contratistas e de certificados de inscrición, fianzas e apoderamento.
- Integración co nodo e interoperabilidade (PASAXE) para a consulta da información que ofrece a ATRIGA relativa ás débedas das empresas.
- Integración co nodo e interoperabilidade (PASAXE) para a consulta da información que ofrece a Tesourería Xeral da Seguridade Social relativa ás débedas das empresas.

→ En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023 en Contratos Públicos de Galicia (CPG), salientar os seguintes:

- Incorporación da xestión e control dos plans anuais dos perfís do contratante para dar cobertura completa ao apartado da LCSP no referente á obriga das entidades do sector público de programar a actividade de contratación pública que realizarán nun período anual ou plurianual, polo menos, daqueles contratos que sexan obxecto de regulación harmonizada.
- Deseño e construción dun novo servizo web que garanta a adaptación da súa arquitectura á plataforma SOA corporativa.
- Adaptación da integración coa PLACSP para o envío das actualizacións dos expedientes

**Área responsable:** Área de Transformación Dixital de Facenda Autónoma

**Actividade:** 1.4.9 Melloras no ámbito dos recursos humanos e da xestión das nóminas dos empregados públicos

**Descrición:** O Sistema Corporativo de Información de Nómina e Recursos Humanos (BREIXO) é un sistema centralizado de xestión de persoal e de cálculo das nóminas dos empregados públicos da Administración Autónoma e das Entidades do Sector Público Autónomo.

Están incorporadas a este sistema a Administración Xeral da Xunta de Galicia e a maior parte das entidades do sector público autónomo (axencias, consorcios, institutos, fundacións e sociedades públicas) reguladas na Lei de Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autónomo de Galicia (LOFAXGA) e na Lei de Racionalización do Sector Público Autónomo.

Os módulos principais do sistema son os seguintes:

- Xestión das nóminas dos empregados públicos
- Xestión dos procesos selectivos da Consellería de Facenda
- Xestión dos Chamamentos telefónicos (EMPRAZA)

<b>Actividades 2023:</b>	<p>En canto a novas funcionalidades ou servizos no módulo da nómina, salientar os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Adaptación do sistema ao RD 1060/2022 polo que se regulan aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros 365 días da súa duración.</li> <li>→ Permitir que o persoal da Función Pública xestione a carreira profesional.</li> <li>→ Adaptacións do sistema aos procesos de funcionarización.</li> <li>→ A adaptación do sistemas á solicitudes dos habilitados/responsables de persoal e adaptacións normativas en materia de nóminas, seguros sociais, IRPF, etc.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Transformación Dixital de Facenda Autónoma</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.4.10 Melloras no ámbito do Inventario de Patrimonio</b>
<b>Descrición:</b>	O Sistema de Inventario de Patrimonio é o sistema encargado de xestionar e manter toda a información relativa ao inventario de patrimonio da Xunta de Galicia, así como daqueles procedementos asociados ao inventario e que son xestionados pola Subdirección Xeral do Patrimonio da Consellería de Facenda.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>En canto a novas funcionalidades ou servizos que se incorporarán ou mellorarán en 2023, salientar os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Permitir a xestión do inventario por parte das Consellerías e das Entidades Públicas Instrumentais de acordo coa normativa vixente.</li> <li>→ Integración co Sistema de Xestión de Riscos para o inventariado da frota de vehículos.</li> <li>→ Incorporación da valoración catastral dos bens.</li> <li>→ Inicio dos traballos para a integración co Sistema de Información Xeográfico de Galicia para a visualización dos bens.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Transformación Dixital de Facenda Autónoma</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.4.11 Evolución da área económico-financeira do Sistema de Información Analítica</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Amtega dispón dun Sistema de Información Analítica (SIAN) orientado a dar resposta ás necesidades de información da organización tanto de xeito vertical para cada sistema de información, como ofrecendo unha visión transversal corporativa.</p> <p>As áreas económico-financeiras de SIAN (contabilidade, orzamentos, facturación, subvencións, actividade, licitación electrónica, ...) precisan actualizarse con novas funcionalidades motivadas pola evolución constante dos sistemas e tamén polas novas aplicacións que xorden para cubrir as necesidades de información.</p>

O principal obxectivo é evolucionar os módulos actuais así como desenvolver novas áreas de información, mantendo os obxectivos xerais de seguridade, facilidade de acceso, calidade, flexibilidade e eficiencia no tratamento da información.

**Actividades 2023:** → Evolución dos mecanismos de difusión mediante a incorporación de **novos modelos tabulares e cadros de mando para á área de contabilidade:**

- Novo modelo tabular de caixas e bancos. Co detalle de existencias, ingresos e gastos para as divesas entidades, caixas e contas bancarias.
- Novo cadro de mando para o seguimento da execución orzamentaria.
- Novo modelo tabular xeral da área de contabilidade para gastos e ingresos.
- Incorporación da información de contabilidade financeira.
- Implementación de mecanismos que axuden a controlar a fraude en subvencións

**Evolución dos mecanismos de difusión da área de contabilidade:** Incorporación de información das operacións non contabilizadas, expedientes tramitados en intervención, datos de vinculación á contabilidade, etc.

→ Evolución dos mecanismos de difusión mediante a incorporación de **novos modelos tabulares e cadros de mando para á área de facturación:**

- Novo modelo tabular da área de facturación
- Novo cadro de mando de facturación orientado a dirección
- Novo informe de facturas pendentes de imputar a orzamento.

→ Evolución do **cadro de mando observatorio de indicadores económico-financeiros** da administración autonómica.

→ **Incorporación de información de Comunidades Autónomas (CIMCA).** A aplicación de Captura de Información Mensual de Comunidades Autónomas (CIMCA) ten por obxecto a captura de datos económicos de periodicidade mensual das Comunidades Autónomas. A incorporación desta información a SIAN permitirá a realización de estudos sobre a mesma.

→ **Adecuacións:** Adecuación dos elementos de difusión (informes, solucións de analítica avanzada e cadros de mando) para a incorporación de funcionalidades, optimización e ampliación das capacidades analíticas, adaptacións ás novas disposicións normativas ou operativas, ...; que se identifiquen ao longo do ano.

**Área responsable:** *Área de transformación dixital da facenda autonómica*

<b>Actividade:</b>	<b>1.4.12 Evolución da área de recursos humanos do Sistema de Información Analítica</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Amtega dispón dun Sistema de Información Analítica (SIAN) orientado a dar resposta ás necesidades de información da organización tanto de xeito vertical para cada sistema de información, como ofrecendo unha visión transversal corporativa.</p> <p>A área de recursos humanos do SIAN, dispón da información analítica sobre as nóminas e contratos dos empregados públicos da Xunta de Galicia e as Entidades Instrumentais que están ao seu servizo.</p> <p>O sistema operacional BREIXO, que facilita a información orixe para o SIAN, sufriu modificacións ao longo dos últimos anos, o que fai necesario facer as adaptacións necesarias para poder incorporaras ao sistema analítico.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ <b>Optimización e evolución da adaptación do modelo aos cambios do sistema operacional BREIXO (nova estrutura de nómina)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Publicación de informes adaptados á nova estrutura de Breixo.</li> <li>▪ Melloras no modelo tabular coa incorporación da tipificación do persoal, avances na agrupación de xestores según o ámbito de estudo, ...</li> <li>▪ Evolución do cadro de mando de Recursos Humanos</li> <li>▪ Incorporación de información relativa aos contratos</li> </ul> <p>→ <b>Incorporación á nova estrutura de nómina BREIXO da información de outras entidades (Sergas e entidades adscritas) e os datos históricos de nómina, coa correspondente adaptación nos mecanismos de difusión.</b></p> <p>→ <b>Información de colectivos de interese:</b> Incorporación de perspectivas de información que permita dar información agregada de determinados colectivos de interese.</p>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de transformación dixital da facenda autonómica</i>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da contabilidade pública</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implementación da xestión de contas bancarias comprobadas o que permitirá mellorar a capacidade de verificación e control das contas bancarias dos terceiros para a loita contra o fraude bancario.</li> </ul>	<b>En produción</b>

<b>Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información orzamentaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implementación da posibilidade de definir e parametrizar agrupacións do gasto en base a diferentes criterios de xeito paralelo e independente o que permitirá unha xestión, elaboración e explotación dos escenarios orzamentarios plurianuais máis sinxela, flexible e operativa</li> </ul>	<b>En produción</b>
<b>Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e certificación dos fondos europeos e de cohesión interterritorial</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver o sistema para a xestión e certificación dos fondos FEDER e FSE do período 21-27</li> </ul>	<b>En Desenvolvemento</b>
<b>Implementación de novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión e certificación dos fondos europeos e de cohesión interterritorial</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolver o sistema para a recopilación de datos de entidades e participantes en proxectos FSE+ do período 21-27</li> </ul>	<b>En produción</b>
<b>Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información do ámbito da tesouraría</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Versión do novo sistema de xestión da Caixa Xeral de Depósitos que incorpore toda a funcionalidade mínima requirida para migrar o sistema actual</li> </ul>	<b>Versión apta para planificar migración</b>
<b>Melloras nos sistemas que conforman o Nodo de Contratación electrónica de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo servizo web do RXC</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo servizo web de CPG</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo servizo web de SEF para o intercambio de estados das facturas con XUMCO</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Integración de PLATION co novo servizo web de RXC e CPG</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
<b>Melloras no ámbito dos recursos humanos e da xestión das nóminas dos empregados públicos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xeración automática de partes de enfermidade a partir da información comunicada pola TGSS no FIE</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Permitir que Función Pública xestione a carreira profesional</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
<b>Melloras no ámbito do Inventario do Patrimonio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tramitación do inventario por parte das Consellerías e das Entidades do Sector Público Autonómico</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorporación da valoración catastral nos bens</li> </ul>	<b>Dispoñible</b>
<b>Evolución da área económico-financeira do Sistema de Información Analítica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novos modelos tabulares para á área de contabilidade.</li> </ul>	<b>En produción</b>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo modelo tabular para a área de facturación.</li> </ul>	<b>En desenvolvemento</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorporación de información de Comunidades Autónomas (CIMCA).</li> </ul>	<b>En produción</b>
<b>Evolución da área de recursos humanos do Sistema de Información Analítica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Evolución do cadro de mando de Recursos Humanos.</li> </ul>	<b>En produción</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorporación de información de colectivos de interese.</li> </ul>	<b>En produción</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimización e evolución da adaptación do modelo á nova estrutura do sistema operacional BREIXO.</li> </ul>	<b>En produción</b>

## 1.5 Plan Senda 2025: Xustiza Dixital

Este programa trata de dar continuidade á dixitalización do sistema xudicial baixo os principios de eficacia e eficiencia, contribuíndo a mellorar o acceso á xustiza, a incrementar a confianza da sociedade na administración da xustiza e a resolver os seus conflitos de maneira máis áxil.

Para iso, será indispensable continuar coas liñas de dotación de medios e desenvolvemento de medios para a xestión dixital dos procesos de traballo na administración de Xustiza en Galicia.

Avanzarase de xeito coordinado coas iniciativas a nivel estatal promovidas dende o CTEAJE na interoperabilidade xudicial, na intermediación dixital, na celebración de actos procesuais en remoto, e na relación electrónica coa totalidade dos axentes que participan neste procesos.

Igualmente este programa debe acompañar aos cambios normativos no ámbito de administración de Xustiza, con especial referencia as Leis previstas de Eficiencia organizativa, Eficiencia procesual, e Eficiencia dixital, todo elo recollido no III Plan tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia Senda2025.

### **Obxectivos**

- Dotar de medios para a atención a cidadanía. Sistema de información para as oficinas de atención a cidadáns e vítimas. Cita previa. Atención en remoto.
- Evolucionar os sistemas de asistencia xurídica gratuíta, e acompañamento nos procesos de solución de controversias.
- Evolucionar a Sede Xudicial electrónica, dos seus servizos e do acceso ao expediente xudicial, aliñado coa "Carpeta Justicia". Pór en marcha a "canle Xustiza" de atención, información e difusión da actividade xudicial.
- Dotar de medios para a celebración de actos procesuais, con especial fincapé nos necesarios para a celebración dos actos en remoto.
- Evolucionar os sistemas de tramitación e xestión para acadar o expediente xudicial electrónico e interoperable no ámbito procesual e fiscal.
- Completar os procesos de dixitalización do Imelga.
- Consolidar os repositorios xudiciais e establecer políticas de calidade do dato.
- Desenvolver o sistema analítico, no marco da estratexia corporativa de xestión do dato, do ámbito da administración de Xustiza, e en liña coa iniciativa estatal de "Justicia orientada al dato".
- Dotar de medios de posto de traballo, coa aplicación de criterios de posto deslocalizado, en liña co establecido no plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público.

- Dotar de medios para continuar coa mellora continua en materia de seguridade e ciberseguridade.
- Renovar os sistemas vinculados a xestión de recursos humanos.
- Dixitalizar os procesos loxísticos en sede xudicial.
- Dotar de medios para a dixitalización dos procedementos xudiciais e favorecer a realización dos actos procesuais por medios dixitais.
- Consolidar o Centro de servizos de atención as persoas usuarias e continuar coas accións de acompañamento continuo e capacitación dixital.
- Levar a cabo o resto de actuacións que deriven da aplicación nas normas previstas no ámbito da eficiencia organizativa, procesual e dixital.

## Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.1. Dotar de medios para a atención a cidadanía.</b>
<b>Descrición:</b>	Para transformar o modelo de relación dos cidadáns e os profesionais que os representan coa Administración de Xustiza en Galicia é preciso abordar unha serie de iniciativas que poñan a súa disposición un conxunto de servizos dixitais e de solucións de apoio en sede xudicial, adaptados ao contexto organizativo, normativo e tecnolóxico actual, que faciliten e acompañen a súa participación nos distintos procedementos ou trámites xudiciais.
	<b>1.5.1.a Dotar de medios para a xestión da presencialidade nas sedes xudiciais.</b>
<b>Descrición</b>	Dotación de medios para facilitar a presenza da cidadanía nas sedes xudiciais.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ En canto aos <b>sistemas de quendas e cita previa</b>: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Ampliación de implantación do sistema de cita previa en oficinas de atención, de rexistro civil, xudiciais ou fiscais que o soliciten.</li> <li>○ Dotación de equipamento de xestión de quendas en oficinas de atención nos casos que se identifique como adecuado para a xestión dos fluxos de persoas.</li> </ul> </li> <li>→ Análise de requerimentos e inicio do proxecto de posta en marcha do <b>sistema de cartelería dixital e xeolocalización en interiores</b> que acompañen ao cidadán e lle faciliten a súa situación e movemento dentro dunha sede xudicial, tendo como referencia o Edificio da Cidade da Xustiza de Vigo.</li> </ul>
	<b>1.5.1.b Sistema de información para as oficinas de atención a cidadáns e vítimas.</b>
<b>Descrición:</b>	Dentro do apartado de atención á cidadanía, trátase de xeito especial os medios para a atención as vítimas de delito.



A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, ten a vocación de ser o catálogo xeral dos dereitos, procesuais e extraprocusais, de todas as vítimas de delitos, pero contén numerosas referencias ás vítimas con especiais necesidades ou con especial vulnerabilidade.

No ámbito autonómico, estase a elaborar un protocolo específico de actuación para as oficinas de asistencia ás vítimas actualmente existentes nos decanatos dos xulgados das principais cidades galegas, que se configura como unha ferramenta dinámica e adaptable ás necesidades que se vaian detectando durante a súa aplicación. Trátase dun protocolo no que se conteñen os principios básicos de actuación do persoal adscrito ás oficinas de asistencia ás vítimas, fundamentalmente do persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza e mais do persoal da Psicoloxía e do Traballo Social, no que atinxe á súa actuación respecto de calquera delito con carácter xeral, e moi especialmente en relación coas vítimas de violencia de xénero e con outras vítimas especialmente vulnerables.

Acompañando a este protocolo iníciase o proceso de definición e posta en marcha dos instrumentos e medios tecnolóxicos que deben acompañar as ditas oficinas no desempeño da súa actividade.

**Actividades 2023:**

- Análise de alcance dos **medios necesarios para ás oficinas de atención ás vítimas**: sistema de información, interoperabilidade con terceiros, medios tecnolóxicos.
- **Elaboración do análise de requisitos do sistema de información para o funcionamento das oficinas**. Licitación no marco da execución dos fondos do PRTR do C11.I2, do desenvolvemento do sistema de información para o apoio ás funcións das oficinas. E se procede, inicio do desenvolvemento.
- Posta en marcha dos **espazos de difusión** do protocolo e funcións das oficinas de atención as vítimas do delito, tanto na intranet como no espazo en internet xustiza.gal
- Revisión **dos medios tecnolóxicos** na dotación das oficinas, e dos medios para a prestación da atención en remoto.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:**

**1.5.2. Evolucionar os sistemas de asistencia xurídica gratuíta, e acompañamento nos procesos de solución de controversias.**

**Descrición:**

A Administración de Xustiza conta con servizos claramente orientados a lograr o dereito á tutela xudicial efectiva dos cidadáns, como é o servizo de asistencia xurídica gratuíta, ou os mecanismos para a resolución extraxudicial de controversias que deben estar adecuadamente dixitalizados.

**Actividades 2023:**

- Evolución continua e mantemento do sistema de asistencia xurídica gratuíta.
- Posta en marcha do **registro electrónico automatizado** que permite a integración directamente entre o sistema de información dos colexios

profesionais e o rexistro de entrada da Xunta de Galicia, facilitando a presentación masiva de documentación no proceso.

- Análise de viabilidade de aplicación de tecnoloxías de automatización intelixente nos procesos de traballo do recoñecemento a xestión da asistencia xurídica gratuita. En liña co *1.6 Programa de Robotización e Automatización*.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:**

**1.5.3. Evolucionar a Sede Xudicial electrónica, dos seus servizos e do acceso ao expediente xudicial, aliñado coa "Carpeta Justicia". Pór en marcha a "canle Xustiza" de atención, información e difusión da actividade xudicial.**

**Descrición:**

Dentro das liñas de desenvolvemento que se inclúen nos proxectos enmarcados nos PRTR inclúese a evolución das canles de servizos cara profesionais e cidadanía a través da sede xudicial electrónica e outras canles por internet.

Inclúese o aliñamento coa iniciativa estatal "Carpeta Justicia"

#### **1.5.3.a Evolucionar a Sede Xudicial electrónica.**

**Descrición:**

A Sede Electrónica da Administración de Xustiza en Galicia (<https://sede.xustiza.gal>) concíbese como a canle de comunicación electrónica segura entre a cidadanía e a Administración de Xustiza e, por extensión, dos profesionais que a representan, e incorpora a información e servizos electrónicos establecidos na Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza.

Por outra banda abordaranse distintas iniciativas que permitan a posta en marcha da "Canle Xustiza" para a atención, información e difusión da actividade xudicial e da propia Administración de Xustiza.

**Actividades 2023:**

- Impulso da utilización da posta a disposición dos profesionais do Expediente Xudicial Electrónico, a través da sede xudicial electrónica (funcionalidade desenvolvida en 2022).
- Desenvolvemento e posta en marcha de novos servizos dixitais da sede xudicial electrónica, entre outros:
  - Ampliación do catálogo de solicitudes / escritos presentados a través da sede electrónica.
  - Posta en marcha da notificación por comparecencia

#### **1.5.3.b Carpeta Justicia.**

**Descrición:**

Esta liña de traballo inclúe, polo tanto, a posta a disposición de novos servizos dixitais a cidadáns e profesionais a través desta canle, a súa aliñación co novo

	marco normativo (a lei de eficiencia dixital) e a integración e a interoperabilidade dos seus servizos a nivel estatal a través da "Carpeta Justicia".
<b>Actividades 2023:</b>	Análise do plan de integración coa iniciativa "Carpeta Justicia", establecendo a para cada un dos servizos o nivel de integración e o plan de desenvolvemento dos servizos de integración.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.4. -1.5.13 Dotar de medios para a celebración de actos procesuais, con especial fincapé nos necesarios para a celebración dos actos en remoto.</b>
<b>Descrición:</b>	Dotación e adecuación continuada dos medios tecnolóxicos precisos para a para a celebración e gravación de actos procesuais nas salas de vistas, salas de declaración e salas Gesell, que permitan a participación en remoto dos distintos axentes con plenas garantías en todas as intervencións que se producen nas distintas fases dun procedemento xudicial; facilitando a participación vía telemática como opción preferente sempre que sexa posible, dado o seu impacto positivo na redución de custes económicos e ambientais, así como no incremento de axilidade e eficiencia na tramitación dos procedementos xudiciais.
	<b>1.5.4.a – Dotación de equipamento para a celebración de actos procesais</b>
<b>Descrición</b>	Dotación de equipamento e medios tecnolóxicos para a celebración de actos procesais, tendo sempre en conta a necesidade de considerar as modelidades de participación presencial, remota ou híbrida que se pode dar á hora de levar a cabo un acto procesual.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Actualización da salas de vistas co modelo de <b>salas de vistas dixitais</b>. Continuación co proceso de dotación de equipamiento dixital na totalidade das salas de vistas (condicionado a dispoñibilidade de liberar a sala para a súa instalación), coa execución do expediente AMT-2022-0008 financiado cos fondos REACT. Suporá alcanzar alomenos as 200 salas actuais, sempre que sexa posible a actuación por dispoñibilidade de calendario de liberación de ocupación de salas.</li> <li>→ Ampliación da dotación de medios <b>en salas de Gesell, de exhortos, de declaracións</b>, en función da dispoñibilidade de ubicacións nas sedes xudiciais pendentes, con medios de gravación de actos procesais e videoconferencia. Alomenos unhas 30 ubicacións.</li> <li>→ Continuación coa extensión <b>do sistema de videoconferencia software</b> implantando no totalidade dos órganos xudiciais a plataforma única de videoconferencia CiscoWebex.</li> <li>→ Despregamento <b>de conectividade wifi</b> nas salas de vistas e nas salas de uso común para facilitar a participación dixital nos actos procesuais que nelas se celebren. Replanteo, licitación e posta en marcha de alomenos dúas sedes xudiciais.</li> </ul>

- Licitación dunha plataforma para a **intermediación en actos procesais** ou outras actuacións na administración de Xustiza.
- Mantemento e mellora continua **da plataforma de emisión en streaming** da Administración de Xustiza en Galicia.

#### 1.5.4.b – Evolución do sistema de gravación de actos procesais eFidelius.

**Descrición:** O sistema eFidelius permite a gravación dos actos procesais e a súa integración no expediente xudicial electrónico. O sistema estivo orixinalmente plantexado para a celebración de actos en sala, pero as novas necesidades de celebración de actos híbridos, nos que se poden dar situacións de presencialidade xunto con presenza en remoto, require un novo eFidelius que simplifique os requisitos de medios e de distribución de aplicacións, e que deixe claramente identificada a mediateca de actos procesais, e a súa integración co expediente xudicial electrónico.

**Actividades 2023:**

- Posta en marcha de eFideliusV.2.0 desenvolvido en 2022 que permite o seu uso nas salas de declaracións.
- Dentro das actuacións previstas na execución de fondos do PRTR, adjudicación do expediente de evolución do sistema de gravación de actos procesais, eFidelius.
- Inicio do desenvolvemento do **eFideliusHíbrido** adaptándoo ao contexto tecnolóxico actual e implementando unha serie de melloras de usabilidade e funcionalidade que permitan dar resposta dun xeito áxil e versátil as necesidades de gravación dos actos procesais celebrados fora das salas de vistas.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

#### Actividade: 1.5.5. Evolucionar os sistemas de tramitación e xestión para acadar o expediente xudicial electrónico e interoperable no ámbito procesual e fiscal.

**Descrición:** Co proceso de transformación dixital abordado pola administración de Xustiza nos últimos anos a día de hoxe cóntase con sistemas suficientes para a xeración e xestión do expediente xudicial electrónico. Non obstante, é preciso evolucionalos técnica e funcionalmente e adecualos aos cambios normativos, así como, apoiándose en tecnoloxías innovadoras dotalos de mobilidade e intelixencia, co fin de ganar en eficiencia, axilidade e calidade, e, polo tanto, en mellorar o servizo prestado á cidadanía.

Dentro desta actividade, cobran especial importancia os proxectos orientados á interoperabilidade do expediente xudicial electrónico que permitirán a plena compartición e explotación do expediente xudicial electrónico por todas as administracións ou axentes relacionados.

Todo este esforzo, levarase a cabo aliñado cos proxectos e iniciativas estatais e do Ministerio de Justicia, garantindo a súa integración e interoperabilidade en todo o ecosistema xudicial.

#### 1.5.5.a Evolución Visor EXE e portasinaturas

- Actividades 2023:**
- Evolución continuada do Visor do EXE, orientada á:
    - Mellora dos filtros e modos de acceso aos contidos, documentos e outros obxectos dixitais.
    - Posta en marcha do visor lixeiro para o seu uso en salas de vistas ou o seu uso para facilitar o acceso aos profesionais á información do EXE en sede xudicial.
    - E análise e, se procede, desenvolvemento de outras liñas de evolución identificadas cos diferentes colectivos usuarios do sistema.
  - Evolución continuada do portasinaturas, coa incorporación do portasinaturas en mobilidade (sala virtual de sinaturas).
  - Posta en marcha da sinatura manuscrita dixitalizada.

#### 1.5.5.b Evolución Sistemas de xestión

- Actividades 2023:**
- Preparación da posta en marcha do sistema Atenea, como evolución do sistema Minerva.
  - Actualización e soporte continuado dos sistemas de xestión procesual desenvolvidos polo Ministerio de Justicia:
    - Sistema de Xestión Procesual Minerva.
    - Sistema de Xestión da Fiscalía Fortuny

#### 1.5.5.c Interoperabilidade

- Actividades 2023:**
- Finalización da implantación de funcionalidades iniciadas en 2022:
    - Implantación en nos órganos xudiciais do sistema de recepción de expedientes administrativos (Cargador de expedientes)
    - Finalización da posta en marcha de diversas funcionalidades de Acceda:
      - Exceso de cabida.
      - Itineración ao Tribunal Supremo.
      - Integración con Lexnet vía Wasmin.
  - Soporte continuado dos sistemas de xestión procesual desenvolvidos polo Ministerio de Justicia e o Consejo General del Poder Judicial: Sistemas do SIRAJ e Punto Neutro Xudicial. SIR.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.6. Completar os procesos de dixitalización do Imelga.</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúense nesta actividade a evolución continuada e soporte do sistema de xestión do Instituto de Medicina Legal, poñendo especial foco nos instrumentos de apoio á labor de investigación e á posterior elaboración dos informes forenses e á súa interoperabilidade cos distintos axentes e sistemas do ámbito xudicial.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Reformulación do plan de formación e difusión do uso dos medios dixitais nas subdireccións do Imelga.</li> <li>→ Interoperabilidade co procedemento xudicial.</li> <li>→ Evolución continuada do sistema de xestión do Instituto de Medicina Legal.</li> <li>→ Renovación do espazo do Imelga na intranet de Xustiza.</li> <li>→ Revisión da dotación de medios nos diferentes perfís do Imelga (postos en mobilidade, conectividade, textualización e tradución,...). En liña co plan de posto de traballo.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.7. Consolidar os repositorios xudiciais e establecer políticas de calidade do dato</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A calidade do dato na xestión procesual é a base para lograr unha xestión eficiente e automatizada nunha administración que opera e toma as súas decisións en base á información e os datos que xestiona.</p> <p>Por tanto, é imprescindible abordar iniciativas de mellora da calidade da información e de consolidación dos datos existentes que permitan abordar este proxecto de goberno do dato e avanzar cara ao cambio definitivo no modelo de xestión da información desta administración, ata o de agora fundamentado no papel.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Inicio do proceso de <b>unificación e consolidación das BBDD de Minerva</b>, incorporando paulatinamente ao partido xudicial cabeceira de provincia os datos de tramitación dos restantes partidos xudiciais.</li> <li>→ Execución de <b>diversas iniciativas de mellora da calidade do dato</b>, tanto no relativo aos datos mestres utilizados en xustiza, como nos asociados á tramitación dos procedementos xudiciais.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.8. Desenvolver o sistema analítico, no marco da estratexia corporativa de xestión do dato, do ámbito da administración de Xustiza, e en liña coa iniciativa estatal de "Justicia orientada al dato".</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Nos anos anteriores abordouse o desenvolvemento inicial do <b>sistema de indicadores da administración de Xustiza en Galicia</b>, centrado basicamente en áreas analíticas de sinatura electrónica ou o uso da sede electrónica. A estes indicadores fóronse engadindo novas explotación de datos vinculadas á actividade xudicial para o seguimento por parte dos responsables xudiciais.</p> <p>Compre agora sistematizar, ampliar e promover o uso dos sistema de análise da Administración de Xustiza en Galicia, baseado nas mesmas arquitecturas utilizadas na plataforma analítica da Xunta de Galicia, para ampliar os ámbitos analíticos, automatizar a explotación de información e contribuír a xerar a estatística xudicial.</p> <p>Mediante esta iniciativa facilitarase tamén o aliñamento coa iniciativa estatal "Justicia orientada al dato".</p>
<b>1.5.8.a. Sistema de indicadores.</b>	
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuación co desenvolvemento do sistema sistema de indicadores da Administración de Xustiza en Galicia, ampliando as capacidades de análise cara aos niveis de implantación da Administración Xudicial Electrónica, a actividade e ao uso dos medios dixitais.</li> <li>→ Aliñamento coa iniciativa estatal do portal "Justicia en datos", tanto no relativo a aportación de información como a colaboración co CTEAJE na actualización continuada dos textos en galego.</li> </ul>
<b>1.5.8.b Automatización intelixente de procesos</b>	
<b>Descrición:</b>	A Xunta de Galicia esta a por en marcha a plataforma de automatización de procesos. Inclúese nesta actividade o análise de viabilidade de aplicación destas técnicas en procesos de apoio da administración de Xustiza, sen entrar no ámbito da valoración e decisión.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Posta en marcha do análise de viabilidade e, se procede, o desenvolvemento dos procesos de automatización en ámbitos de apoio á actividade xudicial. De xeito orientativo identifícanse os seguintes ámbitos: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Automatización de trámites nos procesos administrativos vinculados aos procesos dependentes do ámbito da administración xeral: asistencia xurídica gratuíta, xestión de recursos humanos</li> <li>○ Apoio na revisión da estrutura e composición do EXE (datos e documentos), mellorando á calidade da información. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Calidade dos datos (eliminación de duplicados, depuración de información, completitude da información presentada, etc.)</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>

- Revisión do formato/tipo da documentación presentada polas partes ou profesionais que os representan en función do tipo de procedemento, o tipo de intervención, etc.
- Proposta de actuacións como resposta a esta revisión da documentación como dilixencias de ordenación ou decretos, para a súa revisión polo persoal da oficina xudicial ou o LAX previo a súa remisión.
- Xeración dun boletín automatizado de avisos de interese para os diferentes perfís que participan nun procedemento xudicial (fiscalía, xuíces e LAXs) e nas diferentes fases de tramitación, para facilitar o control e xestión das tarefas pendentes en cada un e a identificación de actuacións urxentes pendentes e, polo tanto, permitan mellorar a eficiencia do proceso.
- Clasificación automatizada dos documentos que forman parte do expediente xudicial electrónico, e identificación de entidades contidas nos documentos dixitais, co fin de facilitar a súa procura masiva e a súa utilización e se permita súa anonimización, si así se require.
- Automatización dos procesos de xestión de usuarios, para simplificar as incorporacións na actividade xudicial en especial no caso das substitucións.
- Automatización da tramitación do procedemento monitorio ata a proposta de resolución predictiva naqueles casos nos que non é necesaria á intervención do xuíz.

→ Área responsable: → Área de Administración Dixital

**Actividade:** 1.5.9. Dotar de medios de posto de traballo, coa aplicación de criterios de posto deslocalizado, en liña co establecido no plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público.

**Descrición:** Esta actuación aborda unha iniciativa global de evolución cara ao posto de traballo deslocalizado nun modelo que, á vez, mellore as capacidades de xestión centralizada dos postos por parte da administración, garanta a seguridade e continuidade do servizo prestado e, polo tanto, permita a prestación dun mellor servizo á cidadanía.

Esta actividade alíñase co Plan 2021-2023 do posto dixital avanzado do persoal empregado público e inclúe, ademais dos medios TIC, a virtualización dos postos de traballo e a provisión de ferramentas de traballo colaborativo.

**Actividades 2023:** → **Actuación en medios de posto de traballo.** Entre outras inclúese:

- Renovación do modelo de posto de traballo nos equipos psicosociais do Imelga.



- Continuación coa dotación de posto en mobilidade dos LAX, e actualización dos equipos de fiscalía e carreira xudicial que corresponda por obsolescencia tecnolóxica.
  - Execución continuada dos procesos de actualización dos equipos de impresión e dixitalización (escáneres) tanto do posto de traballo como das oficinas xudiciais ou fiscais.
  - Ampliación da dotación de postos correspondentes a tipoloxía de postos móbiles.
- En canto á iniciativa de **virtualización de escritorios (VDI)**:
- Posta en marcha da virtualización dos escritorios de xulgados de paz (oficinas colaboradoras), no marco do proxecto de implantación do novo modelo de rexistro civil.
  - Extensión do uso da plataforma de virtualización de escritorios (VDI)
- Aplicación continuada dos criterios de securización dos postos de traballo.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:**

**1.5.10. Dotar de medios para continuar coa mellora continua en materia de seguridade e ciberseguridade.**

**Descrición:**

A seguridade é un dos alicerces do proceso de dixitalización da Administración de Xustiza en Galicia. Polo tanto é preciso adoptar iniciativas neste ámbito en distintas liñas de actuación:

- A adecuación das súas directrices, procedementos e sistemas ao marco normativo de seguridade vixente contemplando as especificidades da Administración de Xustiza (EJIS, PSIJE, RGPD, LOPDGDD, LO 7/2021 ou ENS)
- O reforzo da seguridade e ciberseguridade, incluíndo a especialización no ámbito xudicial das medidas aplicadas no sector público autonómico.

Todo elo aliñado co resto de axentes e entidades do ecosistema, adoitando solucións e estratexias comúns en toda a Administración de Xustiza a través do Subcomité de seguridade do CTEAJE

**Actividades 2023:**

- Coordinación co área de Infraestruturas e Seguridade para a execución operativa das medidas de aplicación nesta materia.
- Execución de un conxunto de accións de formación e difusión en materia de seguridade especificamente deseñadas para os distintos perfís da Administración de Xustiza.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.11. Renovar os sistemas vinculados a xestión de recursos humanos.</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúese nesta actividade a evolución continuada e soporte do actual sistema de xestión dos recursos humanos na administración de xustiza en Galicia e a súa renovación por unha nova solución máis completa e funcional que converxa cos sistemas da Xunta de Galicia e que interopere co Rexistro Central de Persoal do Ministerio de Justicia.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Licitación no marco do PRTR do expediente que acade os seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A renovación tecnolóxica e funcional do núcleo do sistema de xestión de persoal actualmente en uso na Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia.</li> <li>• A integración co sistema de xestión do expediente dixital e xestión de procesos de emprego público de Galicia.</li> <li>• A xestión do repositorio de persoal ao servizo da administración de Xustiza en Galicia, non dependente da Xunta de Galicia.</li> <li>• A integración e sincronización nos colectivos que aplique co Rexistro Central de Persoal da Administración de Xustiza.</li> </ul> <p>→ Mantemento e soporte do sistema actual, e acompañamento aos procesos de recursos humanos previstos na D.Xeral de Xustiza neste exercicio.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.12. Dixitalizar os procesos loxísticos en sede xudicial.</b>
<b>Descrición:</b>	Na procura dun uso seguro e eficiente das sedes xudiciais e os recursos e medios dos que nelas se dispoñen abórdanse no marco desta actividade o desenvolvemento e evolución dun conxunto de sistemas que permiten a súa xestión e control de xeito dixital.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Posta en marcha dun sistema de xestión e reserva de salas compartidas e recursos tecnolóxicos de uso común nos edificios xudiciais.</p> <p>→ Ampliación da implantación do sistema de xestión de pezas de convicción, e evolución continuada do sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción.</p> <p>→ Desenvolvemento do sistema para a xestión de solicitudes de asistencia pericial gratuíta.</p> <p>→ Soporte e mantemento do sistema de xestión de accesos.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.5.13. Consolidar o Centro de servizos de atención as persoas usuarias e continuar coas acción de acompañamento continuo e capacitación dixital.</b>
<b>Descrición:</b>	A implantación de novos servizos dixitais ou a evolución continua dos sistemas existentes require profundar na capacitación dixital do persoal ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, así como contar cun servizo de acompañamento e soporte as persoas usuarias adaptado ás súas necesidades e aos novos modelos de relación, co fin de lograr o uso eficiente, intensivo e seguro dos sistemas de información á súa disposición.
<b>Actividade:</b>	<b>1.5.13.a. Acompañamento continuo e capacitación dixital.</b>
<b>Descrición:</b>	Realización de actividades formativas e de difusión xestionadas directamente dende vinculadas á mellora das capacidades dixitais e a adecuada implantación da administración electrónica xudicial ou expediente xudicial electrónico.  Inclúense liñas específicas que se irán formalizando en plans específicos de achegamento aos diferentes perfís.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuación co plan de reforzo no uso do expediente xudicial electrónico en todos os órganos xudiciais e capacitación específica novo sistema de videoconferencia e o seu uso para a celebración de actos procesuais en remoto.</li> <li>→ Plan de capacitación continuada no uso dos medios en salas de celebración de actos procesuais (salas de vistas, de declaracións, ...), en formato de talleres periódicos.</li> <li>→ Programa de capacitación en materia de ciberseguridade e protección de datos.</li> <li>→ Análise de viabilidade de posta en marcha do plan de capacitación no Marco Galego de Competencias Dixitais.</li> <li>→ Execución das actividades formativas de xeito coordinado coa EGAP, no marco do <i>"Convenio de colaboración entre a EGAP e a Amtega, para a convocatoria e o desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e de seguridade e protección de datos"</i>.</li> <li>→ Dotación de novos cursos e contidos e mantemento dos existentes na plataforma de teleformación para a administración de xustiza en Galicia, baseada na plataforma corporativa PLAFOR. <a href="https://formacion-xustiza.xunta.gal/">https://formacion-xustiza.xunta.gal/</a></li> <li>→ Evolución continuada da intranet <a href="https://intranet.xustiza.gal">https://intranet.xustiza.gal</a> como canle de difusión das iniciativas de implantación da administración xudicial electrónica, renovando contidos e dotándoa de novos servizos.</li> </ul>
<b>Actividade:</b>	<b>1.5.13.b. Atención as persoas usuarias</b>
<b>Descrición:</b>	Prestación do servizo integral de atención as persoas usuarias da Administración de Xustiza en Galicia.

**Actividades  
2023:**

- Mellora continuada da prestación do servizo ao usuario a través do CSU da Administración de Xustiza, que atende as persoas usuarias que realizan a súa actividade ao servizo da administración de Xustiza en Galicia. Inclúese a atención aos sistemas propios, e aos postos a disposición por outras administracións ou organismos. Neste período incrementaranse novamente o número de axentes do servizo para ampliar a súa capacidade e mellorar os tempos de resposta e o servizo prestado aos usuarios.
- Análise de viabilidade de aplicación de técnicas de automatización para a realización de diversas actividades de soporte.
- Continuar reforzando a canle on-line de atención ás persoas usuarias baixo un modelo de autoconsumo, baseado no sistema AxudoT ou outras canles.
- Posta en marcha dun novo modelo de soporte directo (Walk-Up) para usuarios internos e externos, nas sedes das cidades. Con capacidade para a resolución de dúbidas técnicas e funcionais a través da atención persoal directa, dunha forma áxil, próxima e accesible.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:**

**1.5.14. Levar a cabo o resto de actuacións que deriven da aplicación nas normas previstas no ámbito da eficiencia organizativa, procesual e dixital.**

**Descrición:**

A Administración de Xustiza atópase nun momento de cambio significativo asociado, principalmente, ao novo marco normativo en desenvolvemento no que destacan a lei de eficiencia organizativa, a lei de eficiencia procesual e a lei de eficiencia dixital, que vai a substituír a lei 18/2011, e, polo tanto, marcará as directrices en materia de medios e servizos dixitais desta administración.

Nesta actividade recóllense todas as actuacións non contempladas nas actividades anteriores que sexan precisas para o cumprimento deste marco normativo dun xeito homoxéneo e coordinado co resto de administracións con competencias no ámbito xudicial.

**Actividades  
2023:**

- Participación nos distintos grupos de traballo e nas iniciativas de concreción e posta en marcha das accións derivadas destas normativas. Concretamente participárase moi activamente en todas as iniciativas lideradas polo CTEAJE, entre as que destacan o conxunto de proxectos país priorizados e os proxectos de iniciativa autonómica a xestionar co fondos do Plan de transformación, recuperación e resiliencia.
- Vixilancia e revisión continua de calquera nova versión da normativa identificando o seu impacto na administración xudicial electrónica galega e trasladando a postura de interese para a Administración de Xustiza en Galicia en cada caso.
- Concreción das iniciativas tecnolóxicas a abordar no próximo período derivadas deste novo contexto normativo, poñendo especial foco, en todo

o relacionado coa lei de eficiencia organizativa: funcionamento dos tribunais de instancia, oficina xudicial do municipio, etc. Neste contexto destaca a participación nos grupos de traballo no proxecto NUMO ("nuevo modelo organizativo de Justicia") no que se sentarán as bases e decisións operativas comúns e específicas para a implementación práctica da lei de eficiencia organizativa.

**Actividade:** 1.5.15. Acompañamento á posta en marcha do novo rexistro civil

**Descrición**

Dentro do plan estatal de posta en marcha do novo modelo de rexistro civil, inclúese a posta en marcha do sistema DICIREG e o novo modelo de funcionamento da oficina de rexistro civil e das oficinas colaboradoras (xulgados de paz).

Corresponde a Xunta de Galicia o acompañamento neste proceso mediante a dotación de medios e a participación nas actividades de formación, así como os procesos de dixitalización de libros previstos no plan de implantación.

**Actividades 2023:**

- Revisión e actualización dos medios en xulgados de paz, incluíndo a posta en marcha da plataforma de virtualización de escritorios (*en liña coa actividade 1.5.9*).
- Posta en marcha das actuacións de formación que corresponden á Xunta de Galicia.
- Acompañamento e soporte, nos ámbitos que corresponde, a medida que se aborda a posta en marcha de DICIREG segundo o calendario acordado co Ministerio de Justicia.
- Colaboración co Ministerio de Justicia na determinación de requisitos e condicións en xulgados de paz para a dixitalización dos libros de rexistro, naqueles xulgados nos que non se abordou durante as actividades de 2011 de posta en marcha de Inforeg.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.5.16. Soporte e acompañamento procesos singulares

**Descrición:**

Continuarán en 2023 actuacións singulares que se iniciaron en 2022 e que requiren unha actividade e dotación especial.

**Actividades 2023:**

- Continuación co **traslado dos xulgados de Vigo a nova Cidade da Xustiza de Vigo**. Dotación de salas de declaracións, de conciliacións, dotación da aula de capacitación dixital e outros medios. Traslado de órganos xudiciais, fiscalía, decanato, imelga e outras unidades.
- **Soporte in-situ xuizo na celebración do xuizo polo accidente do Alvia**. Soporte continuado durante a celebración das vistas coa presenza de xeito continuo de persoal técnico de soporte.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Obxectivo 2023
Evolucionar a Sede Xudicial electrónica, dos seus servizos e do acceso ao expediente xudicial, aliñado coa "Carpeta Justicia". Pór en marcha a "canle Xustiza" de atención, información e difusión da actividade xudicial.	• Número de novos servizos / formularios en sede electrónica xudicial	4
	• Servizo de notificacións electrónicas, dispoñible para a súa posta en marcha	Dispoñible para a súa avaliación
Dotar de medios para a celebración de actos procesuais, con especial fincapé nos necesarios para a celebración dos actos en remoto.	• Número de salas de vistas co modelo salas de vistas dixitais.	180
	• Número de salas de declaracións / gessell / conciliacións / etc .. dispoñibles	20
Evolucionar os sistemas de tramitación e xestión para acadar o expediente xudicial electrónico e interoperable no ámbito procesual e fiscal.	• Porcentaxe de órganos xudiciais con posibilidade de recibir expedientes administrativos de xeito electrónico	100%
Orientación ao dato.	• Número mínimo de casos de uso identificados e avaliados, para a posta en marcha na plataforma de automatización.	5
Consolidar o Centro de servizos de atención as persoas usuarias e continuar coas accións de acompañamento continuo e capacitación dixital.	• Número de horas de capacitación dixital ou acompañamento nos procesos de implantación para o persoal ao servizo da administración de Xustiza en Galicia.	2.000
	• Número de contactos atendidos polo CSU	84.000
	• % de tickets resoltos en menos de 1 hora	35%
	• % de tickets resoltos en menos de 24 horas	55%
Medios de posto de traballo xestionados	• Número de equipos de posto de traballo xestionados segundo criterios corporativos	4.800
	• Número de equipos de impresión xestionados segundo criterios corporativos	2.300

<p><b>Posta en marcha de novas iniciativas</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Licitación das iniciativas de atención a vítima, renovación efidelius, rrhh, e evolución servizos cara o cidadán.</li> </ul>	<p><b>Licitados</b></p>
--	---	-------------------------

*Considéranse contactos todas aquelas comunicacións recibidas ou de atención proactiva no CSU, a través das distintas canles activas (teléfono, correo electrónico, formularios de autoservizo, entradas dende o O12, e aquelas outras que se poidan activar).*

## 1.6 Programa de Robotización e Automatización

A atención á cidadanía configúrase como o conxunto de medios que o sector público autonómico pon á disposición dos cidadáns e das cidadás para lles facilitar o exercicio dos seus dereitos, o cumprimento das súas obrigas e o acceso aos servizos públicos.

A administración pública galega ten acadado un grado de implantación da administración electrónica, da dixitalización dos procesos e da documentación, que permite a posta en marcha de sistemas automatizados que axilicen a realización de tarefas repetitivas que supoñen un factor de retraso e ineficacia na tramitación dos procedementos, ou en procesos de traballo da administración pública.

As tecnoloxías de automatización robótica de procesos (RPA, Robot Process Automation) combinadas con técnicas de OCR, interpretación de imaxes, e outras tecnoloxías cognitivas e de intelixencia artificial, existentes na actualidade, permiten a automatización de procesos emulando o comportamento das persoas na realización de tarefas repetitivas.

Nos últimos anos desenvolvéronse experiencias piloto de automatización de procesos en distintos ámbitos da administración xeral e o sector público autonómico e comprobouse a súa utilidade e aplicación en distintos ámbitos.

### Obxectivos

- Pór en marcha e xestionar a plataforma de automatización da Xunta de Galicia.
- Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos.

### Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>1.6.1. Pór en marcha e xestionar a plataforma de automatización da Xunta de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Dentro do proceso de dixitalización da administración pública galega determinouse a necesidade de avanzar en liñas de desenvolvemento que permitisen:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>o dar resposta áxil ás necesidades de tramitación de grandes volumes de expedientes que inclúen entre os seus trámites procesos repetitivos</li><li>o reducir os tempos de tramitación e dar un mellor servizo á cidadanía</li><li>o incrementar a capacidade de tramitación das unidades administrativas evitando que as persoas realicen tarefas susceptibles de automatización</li></ul> <p>Para isto abórdase a posta en marcha dunha plataforma base de robotización e dos mecanismo que garantan a súa axeitada explotación para a automatización dos procesos. Unha plataforma destas características esixe elixir unha solución tecnolóxica RPA; definir os criterios de uso, operación e explotación desta; instalar e configurar os compoñentes técnicos básicos na infraestrutura</p>



corporativa; adquirir as licenzas de robots segundo as necesidades de automatización que vaian xurdindo; manter logo unha actividade continuada de operación sobre a plataforma para garantir a súa dispoñibilidade e eficiencia.

En 2022, adxudicouse a acordo marco para a subministración, posta en marcha e operación dunha plataforma de automatización de procesos (RPA). E será en 2023 cando comence o seu funcionamento.

**Actividades 2023:**

- Posta en marcha a **infraestrutura** da plataforma de automatización de procesos e dos distintos elementos que engloba: infraestrutura on-premise, servizos na nube e servizos cognitivos.
- Definición e posta en marcha do **modelo de goberno da plataforma de automatización** de procesos e dos servizos da oficina de apoio á implantación da automatización.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.6.2. Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos

**Descrición:** Para poder obter os resultados esperados da plataforma de automatización é preciso establecer un proceso na organización para identificar deseñar e implantar a automatización de procesos nos distintos ámbitos.

**Actividades 2023:**

- Elaboración da estratexia de identificación de casos de uso de automatización.
- Definición e realización das primeiras fases do plan de implantación da automatización incorporando como primeiros ámbitos aqueles nos que xa estaban identificados casos de uso: Xustiza, Función Pública, Facenda e Emprego. Ampliando o alcance durante o ano ao resto de ámbitos e consellerías. Estes casos xa identificados deberán servir tamén para ir formalización e estandarizando os procesos de xestión da plataforma.
- Análise de viabilidade de casos de uso, e desenvolvemento nos que se determinen como viables (en liña cos programas sectoriais correspondentes). Análise dun mínimo de 20 casos de análise.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Pór en marcha e xestionar a plataforma de automatización da Xunta de Galicia.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantación da infraestrutura da plataforma</li> </ul>	<b>Finalizada</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número total mínimo de casos de uso identificados e avaliados. (2)</li> </ul>	<b>20</b>
<b>Identificar, deseñar e implantar a automatización de procesos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número total mínimo de casos de uso desenvolvidos e implantados na plataforma</li> </ul>	<b>3</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de unidades administrativas nas que se iniciaron tarefas de descubrimento de casos de uso (1)</li> </ul>	<b>5</b>

(1) Para o cálculo do indicador contabilizaranse as distintas unidades ou ámbitos dunha unidade involucrados no caso de uso.

(2) Para o cálculo do indicador contabilizaráanse a totalidade dos casos de uso avaliados, independentemente do seu ámbito de aplicación.

## 1.7. Programa de Xestión intelixente do dato

O nivel de dixitalización acadado no funcionamento da administración pública galega fai que estea dispoñible unha gran cantidade de información e datos, que cunha xestión intelixente deben permitir a prestación de servizos avanzados á cidadanía e o desenvolvemento de estratexias de analítica avanzada para a toma de decisións tanto no plano operativo como no plano estratéxico.

Este programa oríntase cara **acadar unha xestión intelixente do dato**. Integrará as iniciativas que, a partir do establecemento da estratexia de xestión do dato coa definición de estándares, plataformas tecnolóxicas, procesos de goberno e criterios de calidade de información permitirá:

- i. **Acadar a dispoñibilidade de datos de calidade** que permitan poñer a cidadanía no centro dos proceso de xestión mediante a súa identificación unívoca nos diferentes ámbitos da administración pública, así como o dicionario de datos da información corporativa que permita a prestación de servizos dixitais de calidade.
- ii. **Establecer o modelo tecnolóxico e funcional dos sistemas de analítica avanzada.**
- iii. **Establecer os espazos de compartición de información**, aliñado cos espazos de europeos de datos, así como o **impulso das iniciativas de reutilización da información** da administración pública.

A administración identifica como de especial relevancia tanto a información e os datos potencialmente recompilables, como a súa explotación intelixente para optimizar a súa utilidade. Neste sentido, na actualidade, existen diferentes ferramentas e medios que permiten extraer a maior información posible para, posteriormente, orientar a toma de decisións en base a procedementos de análise intelixente do dato.

### **Obxectivos**

- Diseñar a estratexia do dato na administración pública galega.
- Desenvolver a identificación única da cidadanía que permita a visión unificada nas diferentes áreas da administración pública (citizen data hub), garantindo o uso adecuado dos datos persoais.
- Desenvolver o dicionario común de datos. Diseñar a arquitectura de dato e datos mestres que permita a aplicación de definicións unívocas e ontoloxías comúns na organización.
- Evolucionar a arquitectura dos sistemas de análise intelixente e avanzado da relación da cidadanía, e incorporar novas áreas de dominio.
- Evolucionar e incorporar novas áreas de indicadores no Sistema de Indicadores da Administración Dixital.
- Impulsar a iniciativa de datos abertos da administración pública galega.
- Levar a cabo un aliñamento cos diferentes espazos de datos identificados no ámbito europeo.

## Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>1.7.1. Diseñar a estratexia do dato</b>
<b>Descrición:</b>	Nesta actividade abordarase o deseño do modelo de goberno do dato, como eixo transversal da xestión dos sistemas de información da Xunta de Galicia, orientando cara a xestión eficiente do dato único, e unha xestión baseada en datos na que estos sexan a base para o desenvolvemento de novos servizos e para a toma de decisións, así como a reutilización de datos. Todo elo aproveitando a utilización de tecnoloxías habilitantes para esta finalidade.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Elaboración da estratexia de xestión do dato da Xunta de Galicia, que dará lugar a un plan específico nesta materia.</li><li>→ Deseño da evolución da plataforma corporativa cara a configuración do almacén de información corporativa da Xunta de Galicia.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.7.2. Desenvolver a identificación única da cidadanía que permita a visión unificada nas diferentes áreas da administración pública (citizen data hub).</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Para poder desenvolver servizos dixitais que aporten valor engadido cara o cidadán, é necesario dispor dun modelo de información que permita a identificación unívoca do cidadán e permita a identificación da información vinculada a él, en calquera dominio de actividade da administración pública.</p> <p>O obxectivo desta iniciativa é o deseño, desenvolvemento do modelo de identificación única do cidadán nos sistemas de información da Xunta de Galicia (CitizenDataHub)</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Deseño do modelo <b>de información transversal de repositorio poboacional</b> que preste servizo aos diferentes sistemas de tramitación e xestión de servizos dixitais, para a mellora das capacidades da carpeta cidadá e outros servizos dixitais, abordando o deseño das perspectivas técnicas, funcionais, de seguridade e xurídicas pertinentes.</li><li>→ Licitación do desenvolvemento e posta en marcha.</li><li>→ Inicio do análise, xunto coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, de procedementos prioritarios sobre o que iniciar o desenvolvemento de servizos proactivos de comunicación coa cidadanía.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

**Descrición:** O Esquema Nacional de Interoperabilidade establece os principios e directrices de interoperabilidade no intercambio e conservación da información electrónica por parte de Administracións Públicas. Os sistemas de información que dan soporte á administración electrónica deben ser coherentes cos criterios semánticos, organizativos e técnicos establecidos.

O Inventario de Información Administrativa (en diante IIA) ten como principal función a de actuar como un catálogo da información administrativa corporativa e transversal da Xunta de Galicia, que permita vertebrar a información xestionada nos diferentes sistemas de información. Isto permitirá proporcionando obter información íntegra, clara, homoxénea, accesible e permanentemente actualizada de aplicación nas relacións entre as Administracións públicas e entre estas e os cidadáns, conformando un repositorio único de información que garanta a homoxeneidade e interoperabilidade de todos os datos introducidos, así como a automatización de procesos.

O Inventario de Información Administrativa facilita o mantemento distribuído e corresponsable da información sobre:

- Procedementos, Tramitacións administrativas, e documentos que forman parte da Guía de procedementos e servizos.
- Series documentais. Conxunto de expedientes ou agrupacións de documentos que se derivan dunha mesma función, actividade ou proceso organizativo (ver Arquivo Dixital de Galicia)
- Unidades administrativas (Directorio oficial)
- Outros catálogos corporativos. Todas as listas, agora existentes ou de futura creación, que con carácter transversal sirvan para a ordenación ou clasificación da información da Administración autonómica. Actualmente inclúen, entre outros:
  - O cadro de clasificación funcional.
  - O catálogo de tipos documentais.
  - As taxonomías corporativas usadas para a clasificación da información.

As distintas ferramentas de tramitación electrónica debe integrarse co inventario para utilizar un conxunto común de información que se actualice automaticamente e garanta a interoperabilidade e interconexión entre sistemas.

Así mesmo, a información do inventario require dunha actualización continua, especialmente no relativo aos procedementos, ós servizos e á estrutura orgánica, para ser un reflexo fiel da realidade de cada momento.

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Deseño e licitación do sistema MDM para a xestión diccionario común de datos (ampliación do Inventario de Información Administrativa e outros). Así como do modelo tecnolóxico de posta a disposición de terceiros sistemas.</li> <li>→ Identificación de novos elementos do diccionario común de datos con aqueles elementos de información de interese para outras iniciativas.</li> <li>→ Actualización continuada da información dos catálogos recollidos no IIA: Catálogo de procedementos, estruturas organizativas, series e tipos documentais.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.7.4. Evolucionar a arquitectura dos sistemas de análise intelixente e avanzado da relación da cidadanía, e incorporar novas áreas de dominio.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A administración pública dispón dunha plataforma de información analítica corporativa baseada en tecnoloxías Business Intelligence que da soporte ao desenvolvemento de datamarts temáticos e cadros de mando. Dispoñer desta plataforma permite avanzar, primeiro na construción de sistemas de análise temáticos, e despois mediante a utilización de dimensións corporativas, a consecución de información analítica de carácter transversal a toda a administración pública.</p> <p>É obxecto desta actividade o desenvolvemento de xeito continuado da plataforma de sistemas de información analítica corporativa: plataforma tecnolóxica e procedementos de incorporación de novos universos de información analítica, que complementen os xa dispoñibles.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución tecnolóxica da plataforma de información analítica corporativa para a mellora continuada das capacidades tecnolóxicas para a consolidación dos datamart sectoriais, e dimensións comúns, as posibilidades de análise de información, e capacidades de difusión de cadros de mando. Evolución da plataforma para a orientación cara sistemas BigData, en base ao sistema de turismo desenvolvido <i>en liña co Programa de 5.1 Turismo Intelixente</i></li> <li>→ Mantemento do diccionario de indicadores e dimensións. Mantemento e evolución do portal de difusión dos cadros de mando temáticos: <a href="https://platbi.xunta.local">https://platbi.xunta.local</a>.</li> <li>→ Desenvolvemento e apoio ao desenvolvemento das áreas analíticas existentes, (administración electrónica, administración de xustiza, diversos ámbitos de medio rural e política social,turismo) é incorporación de novas áreas temáticas en liña cos programas nos que xa se identificou esta necesidade.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.7.5. Impulsar o acceso ao sistema de indicadores da administración dixital – Sistema de indicadores de administración dixital.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O sistema de indicadores de administración dixital ten como finalidade a identificación do conxunto de indicadores e dimensións que permitan dispor de información global do funcionamento da administración pública galega.</p> <p>A súa construción parte da información recollida nos sistemas troncais de administración electrónica e será completada progresivamente en diversos ámbitos específicos de análise.</p> <p>O sistema de indicadores de administración dixital se pon a disposición da organización mediante a publicación trimestral do “Informe de sistema de indicadores da administración dixital”, a través do portal de cadro de indicadores, tanto aos empregados públicos como a cidadanía.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada do sistema de indicadores de administración electrónica (sistemas troncais de administración electrónica). Incorporación de novos indicadores determinados a partir dos diferentes datamarts dispoñibles na plataforma corporativa.</li> <li>→ Incorporación de novas áreas temáticas vinculadas á atención á cidadanía, á tramitación de procedemento específicos, ...</li> <li>→ Evolución dos espazos de difusión do sistema de indicadores <a href="https://indicadores-adixital.xunta.gal">https://indicadores-adixital.xunta.gal</a></li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Administración Dixital</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.7.6 Impulsar a iniciativa de datos abertos da administración pública galega</b>
<b>Descrición:</b>	No contexto da “Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno”, desenvolvemento de actuacións para o fomento da transparencia e participación cidadá nas actuacións de goberno. Promoción da reutilización de información do sector público e OpenData.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada do portal de datos abertos <a href="https://abertos.xunta.gal">https://abertos.xunta.gal</a></li> <li>→ Evolución do catálogo de conxuntos de datos reutilizables e incorporación de novos conxuntos de datos abertos, atendendo a súa viabilidade a partir das demandas xeradas por: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Solicitudes recibidas da cidadanía,</li> <li>○ O sector infomediario.</li> <li>○ O desenvolvemento do reglamento de execución (UE) 2023/138, que recolle o conxuntos de datos de alto valor adoptada pola Comisión e 12 de decembro de 2022.</li> </ul> </li> </ul>

→ Continuación cos procesos de federación co repositorio estatal de datos abertos. <https://datos.gob.es>

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.7.7 Levar a cabo un aliñamento cos diferentes espazos de datos identificados no ámbito europeo.

**Descrición:** A Amtega participa como entidade promotora no hub español GAIA-X, que promove a integración nun ecosistema sólido e colaborativo sobre **compartición de datos a nivel nacional**, que integre ao sector público e privado, aos centros de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, grandes empresas, así como PYMEs, microempresas e startups.

**Actividades 2023:** → Identificación de iniciativas para desenvolver **unha capa de software aberto de control, goberno e implementación** dun conxunto común de políticas e regras que se aplicarán a calquera tecnoloxía existente para obter transparencia, soberanía e interoperabilidade a través de **datos e servizos**. Identificación das liñas e proxectos de interese.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Desenvolver a identificación única da cidadanía que permita a visión unificada nas diferentes áreas da administración pública	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dos pregos do citizen datahub</li> </ul>	Elaborados
Evolucionar a arquitectura dos sistemas de análise intelixente e avanzado da relación da cidadanía, e incorporar novas áreas de dominio	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de novas ou subáreas temáticas (dominios ou bloques en dominios existentes)</li> </ul>	3
Impulsar a iniciativa de datos abertos da administración pública galega	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de novos ou reformulados conxuntos de datos abertos</li> </ul>	10



## 1.8. Plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público

Na actualidade, o correcto funcionamento da Administración Pública implica a dispoñibilidade e accesibilidade a unha serie de ferramentas e medios dixitais e tecnolóxicos. Estes medios serán tamén necesarios en relación ao posto de traballo, e enfocaranse a **facilitar o correcto desempeño do traballo ligado a cada posto** acorde aos estándares competitivos de eficiencia e eficacia establecidos.

Neste sentido, o presente programa ten como finalidade a **identificación, definición, dotación e mantemento dos medios necesarios** identificados para cada un dos perfís profesionais existentes, medios que deberán ser adaptados en función da tipoloxía de actividade desenvolvida por cada perfil. Na definición destes medios deberá terse en conta a presenza crecente do desempeño da actividade en modalidade híbrida (compaxinando teletraballo con presencialidade), a dixitalización das actividades que se fan en mobilidade, os novos soportes e medios audiovisuais existentes ou os requisitos para garantir a seguridade e ciberseguridade.

### **Obxectivos**

- Executar o plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público incluíndo o concepto de posto deslocalizado e medios en mobilidade.
- Levar a cabo o deseño e execucións dos correspondentes plans de dotación de medios, atendendo aos criterios establecidos, tanto en postos de traballo persoais, ou atendendo a necesidades especializadas.
- Realizar a adopción no tempo deste novo modelo corporativo, dotando e adecuando de xeito continuado os medios dixitais en posto de traballo e para o funcionamento da administración dixital, incluíndo os medios para a dixitalización e impresión.
- Dotar dos espazos comúns para o acceso aos servizos dixitais e capacidades de comunicación remota.
- Evolucionar as ferramentas tecnolóxicas para a xestión do inventario, monitorización, securización e xestión dos equipos.
- Pór en marcha e xestionar a plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI –Virtual Desktop Infrastructure), que favoreza estender a mobilidade efectiva e o acceso de xeito seguro dende calquera dispositivo.

- Realizar o mantemento da maqueta corporativa e o catálogo de software en posto de traballo, incluíndo os sistemas ofimáticos, plataformas colaborativas e todos os medios implicados na definición de posto dixital avanzado.
- Coordinar as políticas e procedementos no ámbito de xestión e seguridade en posto de traballo.

### Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>1.8.1. Executar o plan de posto dixital avanzado do persoal empregado público incluíndo o concepto de posto deslocalizado e medios en mobilidade</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Aprobado o <b>"Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público"</b>, e atendendo á estratexia de implantación dos novos modelos de dotación hardware que nel se definen, impulsaranse os procesos administrativos, técnicos e lóxicos para a adecuación e evolución dos medios TIC no posto de traballo, garantindo a súa funcionalidade e adaptación aos novos modelos definidos.</p> <p>As restantes tarefas deste programa están orientadas a execución operativa do Plan, inclúense n esta os instrumentos administrativos necesarios para a xestión do catálogo de tipoloxías de equipamento, e outros aspectos de xestión.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Presentación do balance do plan correspondente ao período 2021-2022.</li> <li>→ Licitación, avalación e adxudicación dos acordos marco para a configuración dos catálogos de tipoloxías de equipamento corporativos: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Avaliación a adxudicación do acordo marco de equipamento especializado (AMT-2022-0080): quendas, pantallas interactivas, salas de videoconferencia, mobiles intelixentes altas prestaciónes.</li> <li>○ Licitación e avalización novo acordo marco de equipamento corporativo: postos de sobremesa, diversos tipos de equipos mobiles, all-in-one, pantallas.</li> <li>○ Licitación novo acordo marco de impresión, por finalización do anterior (<i>detallado na actividade 1.8.2.b</i>).</li> </ul> </li> <li>→ No caso de identificar colectivos aínda non considerados nas estratexias de implantación xa acordadas no 2022, realizarase novas <b>análises detalladas da situación actual de dotación deses ámbitos ou colectivos</b>, e identificación concreta de postos que precisen evolución.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.8.2.a Levar a cabo o deseño e execucións dos correspondentes plans de dotación de medios, atendendo aos criterios establecidos, tanto en postos de traballo persoais, ou atendendo a necesidades especializadas – Posto de traballo.</b>
<b>Descrición:</b>	Continuarase co esforzo de investimento feito dende o inicio do Plan no ano 2021, buscando completar os obxectivos establecidos nos plans de dotación e evolución de medios concretados con cada Consellería. Para iso continuarase abordando a dotación de novos postos de traballo atendendo a criterios de obsolescenciapero mrespondendo xa aos novos perfís corporativos de dotación hardware, co obxecto de impulsar, da man da extensión do uso do VDI e a implantación progresiva do novo modelo de posto dixital avanzado, e co último obxectivo de asegurar a máxima extensión do novo modelo de hardware entre os postos da organización no período 2022-2023.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Partindo dos calendarios de implantación acordados con cada Consellería, executaranse as accións de dotación e renovación de postos previstas para 2023, e en liña con actuacións en ámbitos sectorias descritas neste plan de acción, unha primeira aproximación estima, para 2023:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ en áreas administrativas e de servizos de atención directa á cidadanía, dotar uns 2.400 postos dixitais avanzados mobilizando equipamento novo: 1.000 postos fixos, 100 estacións de traballo avanzadas, 1.000 postos con mobilidade adaptada para o teletraballo, 100 postos móbiles avanzados para outros colectivos en mobilidade e 200 equipos All-in-One. Destes postos, aproximadamente 1.100 farán uso da nova plataforma VDI para acceso a escritorios virtuais.</li> <li>○ completar a fase I do proxecto específico de integración na xestión corporativa da Amtega de postos administrativos de áreas administrativas de centros educativos. Completada xa no 2022 a dotación nun primeiro grupo de centros, neste 2023 completárase a instalación de 200 postos móbiles completos e 400 postos fixos completando así a dotación dos 400 centros incluídos no alcance deste primeira fase do proxecto.</li> <li>○ en coordinación coa Consellería do Medio Rural distribuiranse 600 dispositivos móbiles de altas prestacións e tamaño compacto para uso da aplicación Xeocode Lite por parte do persoal de campo dependente da Dirección Xeral de Defensa do Monte.</li> </ul> <p>→ En paralelo ás accións de dotación de postos avanzados novos, executarase a renovación ordinaria doutros 2.000 postos de traballo xa existentes mediante a dotación de novos periféricos, ampliacións de capacidade e outros elementos complementarios, co obxecto de mellorar o seu rendemento e adaptalos aos novos perfís de posto avanzado.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.8.2.b Levar a cabo o deseño e execucións dos correspondentes plans de dotación de medios, atendendo aos criterios establecidos, tanto en postos de traballo persoais, ou atendendo a necesidades especializadas – Medios de impresión.</b>
<b>Descrición:</b>	Os plans de dotación de medios en posto de traballo, complementábase coa continuidade da finalización da implantación do modelo de impresión corporativo.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Completarase a <b>implantación do modelo corporativo de dixitalización e impresión</b> nos últimos grandes ámbitos de actuación pendentes: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Oficinas de emprego – fase II (aproximadamente 60 equipos incorporaranse ao modelo corporativo de xestión de impresión).</li> <li>○ distritos forestais e distritos ambientais (aproximadamente 160 equipos incorporaranse ao modelo corporativo de xestión de impresión).</li> </ul> </li> <li>→ Abordaranse posibles <b>necesidades puntuais de ampliación</b> na dotación de equipamento de reforzo en ámbitos xa abordados e nos que pidan identificarse novas necesiades (habilitación de novas zonas de traballo, aumento das persoas que traballan nunha zona...).</li> <li>→ Rematada en toda a organización a implantación masiva inicial do <b>modelo corporativo de impresión</b>, concreción dun <b>plan específico de sostibilidade e renovación parcial periódica dos servizos de dixitalización e impresión</b>, para asegurar manter este modelo no tempo e non caer na obsolescencia tecnolóxica, concretando, entre outras medidas: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Definición da estratexia a adoptar ante os contratos de impresión baixo o actual modelo que estean próximos a vencer nos anos 2023 e 2024</li> <li>○ Estando próxima a finalización da vixencia do actual acordo marco para servizos de dicitalización e impresión, inicio dunha <b>nova licitación baseada en acordo marco de servizos de dixitalización e impresión</b> que permita dispoñer das ferramentas de xestión necesarias para dar resposta ás futuras necesidades derivadas do plan de sostibilidade dos servizos de dixitalización e impresión</li> </ul> </li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.8.3. Dotar dos espazos comúns para o acceso aos servizos dixitais e capacidades de comunicación remota.</b>
<b>Descrición:</b>	Dotaranse postos dixitais específicos que atendan especificamente as necesidades de acceso a servizos dixitais e comunicacións nos distintos espazos de uso común existentes nos edificios administrativos e de servizos da administración (espazos para uso da cidadanía, salas de reunións, aulas...).

Ademais, cando sexa preciso, completarase a dotación destes espazos con outros elementos adicionais para facilitar a celebración de videoconferencias. En función do tipo e uso da sala, estas dotacións poderán considerar distintos elementos: sistemas de son inarámico, conexión a unha ou varias pantallas, unha ou varias cámaras web externas...

**Actividades  
2023:**

- Execución dos seguintes proxectos de dotacións de postos en espazos comúns para o acceso aos servizos dixitais:
  - Equipamento para **videoconferencia en salas polivalentes**: habilítanse estes sistemas nun número aproximado de 50 salas de reunións de edificios administrativos e de servizos da administración. Nestes espazos mobilizarase equipamento TIC especializado para a realización de videoconferencias persoais compatibles cos principais sistemas corporativos de videoconferencia, entre eles Falemos. Este proxecto mobilizará distintos elementos: sistema de son inarámico de un ou máis micrófonos sincronizados entre si mediante solución hardware, barra de son sincronizada cos micrófonos mediante solución hardware, unha ou varias pantallas, unha ou varias cámaras web externas, e ordenador portátil.
  - **Medios físicos para xestión de quendas en oficinas de atención presencial**: renovarase o equipamento hardware específico instalado nun mínimo de 10 espazos comúns onde se ofrecen servizos de atención da Xunta de Galicia e que reciben unha alta afluencia de visitantes. Este equipamento permitirá organizar e axilizar á atención á cidadanía nestas dependencias, en coordinación coa solución corporativa QUENDAS, tanto mediante sistemas de cita previa coma mediante sistemas de dispensación de tickets de atención inmediata, e reparto de quendas á demanda da cidadanía.

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.8.4. Evolucionar as ferramentas tecnolóxicas para a xestión do inventario, monitorización, securización e xestión dos equipos.

**Descrición:** Na actualidade a Amtega xestiona un parque variado de postos de traballo dixitais, cunha xestión centralizada baseada nas seguintes ferramentas de xestión: ferramentas de directorio activo e políticas de dominio, actualizacións sistemáticas e periódicas do sistema operativo mediante WSUS , e sistema corporativo de xestión centralizada Altiris.

Unha vez posta en marcha da plataforma corporativa VDI de escritorios virtuais, consolidarase o uso das ferramentas tecnolóxicas necesarias para a xestión dos distintos escritorios distribuídos dende a nova plataforma, de maneira que se xetionen igualmente postos físicos e virtuais.

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Mantemento do inventario único de posto de traballo e medios no posto de traballo, completando a información cargada na nova CMDB corporativa co total de postos de traballo activos, definindo mecanismos que automaticen a localización de equipos activos non inventariados.</li> <li>→ Impulso de novas iniciativas de mellora continua no ámbito da revisión sistemática do software base dos postos, estendendo e unificando o modelo vixente para o postos físicos nos ámbitos administrativos e servizos de atención á cidadanía, ao resto de escenarios: postos virtuais, postos lixeiros en oficinas de emprego, postos físicos e virtuais na administración de Xustiza en Galicia.</li> <li>→ Impulso dunha nova iniciativa de xestión centralizada de posto de traballo orientada especificamente a dispositivos móbiles e tabletas de apoio a traballos de campo e alta mobilidade, baseada no uso da solución corporativa MDM (<i>Mobile Device Management</i>).</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>1.8.5. Pór en marcha e xestionar a plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI –Virtual Desktop Infrastructure), que favoreza estender a mobilidade efectiva e o acceso de xeito seguro dende calquera dispositivo.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>En 2022 púxose en marcha a infraestrutura tecnolóxica (hardware e software) da plataforma corporativa de provisión e xestión do posto de traballo baseada en solucións de virtualización de posto (VDI), así como os procesos para a administración e configuración de escritorios. A plataforma está operativa tanto para a Xunta de Galicia como para a Administración de Xustiza en Galicia.</p> <p>Acadado este fito, nesta actividade abórdase a continuidade do seu funcionamento e a extensión e consolidación do modelo de escritorios virtuais.</p>
<b>Actividades 2022:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Activación e provisión no 2023 dun novo bloque de <b>500 licenzas para uso da solución VDI</b> entre novos colectivos con necesidades en mobilidade (teletraballadores, colectivos de inspección...)</li> <li>→ Execución dun plan de implantación dirixido a <b>xeneralizar e promover o uso de VDI</b> entre os colectivos que xa dispoñen de acceso a esta solución de traballo en mobilidade, contemplando accións de difusión e de formación entre as persoas usuarias do sistema</li> <li>→ Consolidación do servizo de xestión da Plataforma de Virtualización VDI que dea resposta ás seguintes tarefas: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ xestión e mantemento ordinario da plataforma, asegurando o correcto funcionamento e tanto da plataforma lóxica como do hardware asociado.</li> <li>○ definición e mantemento das contornas de escritorios virtuais asociadas aos distintos perfiles, asegurando o funcionamento dos</li> </ul> </li> </ul>

escritorios, detectando posibles incidencias e aplicando as medidas correctivas que se estimen oportunas en cada caso.

- Evolución continua dos escritorios virtuais, coa finalidade de poñer ao dispor do colectivo novas funcións e actualizacións axustadas ás súas necesidades.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **1.8.6. Realizar o mantemento da maqueta corporativa e o catálogo de software en posto de traballo, incluíndo os sistemas ofimáticos, plataformas colaborativas e todos os medios implicados na definición de posto dixital avanzado.**

**Descrición:** Esta actividade permitirá manter a liña de homoxeneización e aseguramento da calidade na xestión dos postos de traballo dixitais dos últimos anos, co obxecto de que as persoas usuarias dispoñan en todo momento dun posto de traballo plenamente funcional. Incorporarase a esta dinámica de traballo as novas tecnoloxías derivadas da nova solución corporativa de virtualización de posto de traballo (VDI).

**Actividades 2022:**

- Homoxeneización do software instalado, incrementando o número de políticas corporativas de software de Altiris e de WSUS aplicadas a todo o parque, políticas que permiten estender os criterios de configuración e as versións do sistema operativo e software base, definidas para equipos novos a través das maquetas corporativas, á totalidade dos postos xa instalados.
- Definición das novas imaxes corporativas de posto de traballo, tanto as empregadas en postos físicos convencionais como as empregadas na nova solución corporativa de virtualización de posto de traballo (VDI).
- Impulso para a converxencia de máis do 95% do parque xestionado á última versión semestral validada do sistema operativo Windows 10
- Licitación dos contratos corporativos de mantemento e dotación de licenzas de diferentes produtos comerciais do catálogo de software corporativo (ferramentas CAD, O365...)

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **1.8.7. Coordinar as políticas e procedementos no ámbito de xestión e seguridade en posto de traballo.**

**Descrición:** Consolidarase a estratexia de xestión da Seguridade transversal a todos os Organismos da Xunta de Galicia e entes públicos para os que a Amtega xestiona os sistemas de información, impulsando novas actividades de mellora continua no contexto da xestión e seguridade dos postos de traballo.

**Actividades 2023:**

- Sistematización de novos procesos de revisión semanal proactiva que aseguren o correcto funcionamento doutros sistemas transversais da Xunta de Galicia (notifica....) ou aplicacións de uso xeral (paquete ofimático...) no contexto dos postos de traballo xestionados, co obxecto de identificar posibles incidencias derivadas das actualizacións automáticas do software base sobre o que se executan (navegadores, sistema operativo...)
- Coordinación da última fase da implantación global da nova solución corporativa de VPN baseada no software F5, acompañando e apoiando ao longo do 2023 a migración tecnolóxica do 100% das persoas que aínda usan actualmente VPN mediante o software AnyConnect, aumentando a seguridade global da organización grazas á adopción dun sistema de acceso remoto con autenticación multifactor (MFA).
- Homoxeneización e mellora na calidade de información dos usuarios e de postos incluídos no Directorio Activo, impulsando novos procesos automatizados de revisión.
- Extensión das políticas corporativas, normas e procedementos ao resto de postos de perfil administrativo (dirección, secretaría, administración) previstos para 2023 no contexto do proxecto de dotación de postos administrativos da rede de centros escolares de titularidade pública (CEIPs, IES...).
- Coordinación coa subárea de Seguridade da Amtega para identificar e executar as tarefas necesarias para acadar os obxectivos establecidos pola Amtega no seu Plan de Adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade (proxecto PAENS) no que respecto á xestión e seguridade do posto de traballo.

**Área responsable:***Área de Administración Dixital***Indicadores**

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Levar a cabo o deseño e execucións dos correspondentes plans de dotación de medios, atendendo aos criterios establecidos, tanto en postos de traballo persoais, ou atendendo a necesidades especializadas.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de postos dotados no ámbito Xunta no contexto do Plan de posto dixital avanzado de persoal empregado público.</li> </ul>	<b>3.600</b>
<b>Dotar dos espazos comúns para o acceso aos servizos dixitais e capacidades de comunicación remota..</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licitación equipamento en espazos comúns: N° de ubicacións incluídas na dotación e mellora de medios para comunicación remota</li> </ul>	<b>50</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licitación equipamento en espazos comúns: N° de ubicacións (oficinas de atención)</li> </ul>	<b>10</b>



	incluídas na dotación e mellora de medios de xestión de quendas	
<b>Pór en marcha e xestionar a plataforma de virtualización de escritorios de posto de traballo (VDI), que favoreza estender a mobilidade efectiva e o acceso de xeito seguro dende calquera dispositivo.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de persoas que usan de forma efectiva a plataforma VDI</li> </ul>	<b>500</b>
<b>Medios xestionados</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de equipos de posto de traballo xestionados segundo criterios corporativos.</li> </ul>	<b>18.000</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de equipos de impresión xestionados segundo criterios corporativos</li> </ul>	<b>3.000</b>

*Nota metodolóxica: Aos efectos destes indicadores, non se inclúen neles os valores relativos a Administración de Xustiza en Galicia, que se consideran no PR.1.5 Plan Senda2025: Xustiza Dixital*

## 1.9. Medidas para garantir a atención ás persoas usuarias

O incremento dos sistemas dixitais necesarios para o funcionamento da administración pública e a súa relación coa cidadanía, require **dispor de servizos de atención as persoas usuarias (CAU)**, que se configuran como os **puntos de referencia para a resolución de dúbidas, peticións, incidencias, ou como canle de comunicación** entre elas e os equipos encargados de resolver as incidencias. Dado o cada vez un maior número de sistemas e de ámbitos de implantación diferentes é preciso un nivel de especialización cada vez maior. Farase unha especial **diferenciación entre a atención ao persoal empregado público** usuario dos sistemas e ferramentas tecnolóxicas, **e a atención e soporte especializado á cidadanía** usuaria dos servizos dixitais.

Co obxecto de cubrir calquera contacto do usuario no eido das TIC na Xunta de Galicia, a Amtega xestiona 4 servizos de prestación desta atención principais, diferenciados polo seu ámbito de actuación:

- **CAU Central**, para a atención ás persoas usuarias dos grandes centros administrativos da Xunta de Galicia (SSCC e Delegacións provinciais).
- **CAU Periférico**, para a atención a centros de prestación de servizos especializados, atención de segundo nivel á cidadanía a través do 012 ou do espazo de soporte técnico especializado de servizos dixitais da Xunta de Galicia cara a cidadanía, outras administracións e outros ámbitos nos que a Amtega presta servizos TIC.
- **CSU Xustiza**, para a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias da Administración de Xustiza en Galicia.
- **UAC Educación**, para a atención aos centros educativos.

Neste programa inclúense a prestación dos servizos centralizados de atención as persoas usuarias (CAU Central e CAU Periférico); así como no establecemento dos procedementos de traballo, ou as ferramentas de soporte, que adicionalmente se coordinarán cos centros de atención especializados que se determine manter (xustiza, educación,...).

Será especialmente relevante a aplicación de tecnoloxía para a automatización de procesos de traballo, a incorporación de asistentes virtuais especializados por ámbitos que permitan un primeiro nivel de atención tanto aos persoal empregado público como á cidadanía, promover a asistencia en remoto que mellore a eficiencia do servizo prestado, e a habilitación de novas canles de comunicación. Ademais, mellorarase a atención presencial mediante a creación de Espazos de Atención directa especializada en ubicacións que así o requiran.

### **Obxectivos**

- Mellorar continuamente a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias dentro da administración pública, incluíndo a ampliación a novos ámbitos aínda non xestionados.

- Consolidar e ampliar a prestación do servizo de soporte técnico especializado cara a cidadanía sobre o uso dos servizos dixitais, incluíndo a ampliación da atención a novos servizos dixitais.
- Evolucionar os medios tecnolóxicos para a prestación do servizo, incluíndo portal de autoservizo (AxudoT), mecanismos para unha mellor asistencia en remoto, e incorporación de outras canles de comunicación de uso frecuente na cidadanía.
- Pór en marcha asistentes virtuais para complementar unha mellor prestación do primeiro nivel de atención.
- Aplicar, en liña co programa de automatización, tecnoloxías de automatización para o procesado das peticións ou tarefas de carácter repetitivo.
- Garantir a posibilidade de mobilizar, de precisarse, un soporte in situ de calidade en calquera ámbito baixo a responsabilidade da Amtega.
- Habilitar os Espazos de atención directa coma puntos de atención presencial especializados, en determinadas ubicacións da administración pública.
- Coordinar os protocolos, procedementos, criterios de rexistro que serían de aplicación nos servizos de atención tanto de carácter central como os especializados.
- Desenvolver, en liña co programa de xestión do dato, o sistema analítico da prestación do servizo de soporte para a identificación de métricas do seguimento e mellora da eficiencia.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>1.9.1. Mellorar continuamente a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias dentro da administración pública, incluíndo a ampliación a novos ámbitos aínda non xestionados</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Nun escenario no que a administración pública galega xestiona os seus proceso nun contexto dixital, resulta imprescindible dispoñer de servizos de atención as persoas usuarias suficientemente dotados, e que atenda ao persoal da administración pública que traballa nos ámbitos de actuación da Amtega.</p> <p>Como resposta ás distintas liñas de traballo definidas no “Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público” (aumento do volume de equipamento, optimización das ferramentas de soporte, etc.) no ámbito da atención ás persoas usuarias será necesario abordar unha progresiva adaptación dos centros de atención derivadas do pulo da canle de autoservizo, do aumento dos procesos de auto-resolución, e da incorporación de novos ámbitos de actuación.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	→ Prestación do servizo de atencións as persoas usuarias, con criterio de mellora continua.

- Adecuación continuada dos protocolos de atención dos centros de atención as persoas usuarias co obxectivo de incrementar os niveis de resolución en primeiro nivel, e incluíndo criterios de especialización nas temáticas con maior impacto.
- Incorporación na prestación de servizo de atención de novos servizos dixitais empregados polo persoal empregado público, incluíndo accións de especialización dos centros de atención, en especial no referido ao soporte aos servizos de dixitais.
- Análise da adaptación dos servizos de atención ás persoas usuarias en previsión da incorporación do soporte aos Centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Coordinación coa UAC de Educación para o soporte aos novos postos administrativos de áreas administrativas de centros educativos incluídos na fase a executar no 2023.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.9.2. Consolidar e ampliar a prestación do servizo de soporte técnico especializado cara a cidadanía sobre o uso dos servizos dixitais, incluíndo a ampliación da atención a novos servizos dixitais.

**Descrición:** Ademais da atención ás persoas usuarias dentro da administración pública, a Amtega presta tamén servizos de soporte técnico especializado cara á cidadanía sobre o uso dos servizos dixitais. Estes servizos son ofrecidos dende o **CAU Periférico**, canalizados a través do 012, ou a través do espazo de soporte técnico especializado de servizos dixitais da Xunta de Galicia.

Inclúese neste servizo a prestación do servizo de soporte aos servizos da Sede Electrónica da Administración de Xustiza detallado no *PR. 1.5. PlanSenda2025. Xustiza Dixital*),

Tamén neste ámbito da atención á cidadanía será necesario abordar unha progresiva adaptación do centro de atención, redimensionando o servizo para dar resposta á crecente demanda de atención, abordando procesos de especialización, e adaptando os equipos para prever a incorporación de novos ámbitos de actuación.

**Actividades 2023:** → Consolidación da prestación de servizo de atención e soporte ao uso do proxecto "Campus Virtual Emprego", "campus virtual" para formación da poboación ocupada e desempregada de Galicia na modalidade de telepresenza. No proceso abordarase a planificación das correspondentes actividades de formación para dar a coñecer a plataforma "Campus virtual" entre todos os centros participantes, e a atención directa ás solicitudes de apoio técnico por parte do persoal dos centros e entidades ao longo do proxecto.

- Incorporación da prestación de servizo de atención e soporte á cidadanía no contexto do soporte ante incidencias derivadas dos procesos técnicos de inscrición a procesos de consolidación e a listas de contratación promovidas dende a Función Pública.
- Nova licitación do servizo do CAU Central, prevendo a finalización do contrato actual en outubro de 2023, aumentando as súas capacidades para dar resposta ao aumento crecente das necesidades de atención.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.9.3./1.9.4./1.9.5 Evolucionar os medios tecnolóxicos para a prestación do servizo, incluíndo portal de autoservizo (AxudoT), mecanismos para unha mellor asistencia en remoto, e incorporación de outras canles de comunicación de uso frecuente na cidadanía.

**Descrición:** OTRS é a actual ferramenta ITSM para a xestión **interna** dos servizos TI ofrecidos dende a Amtega para toda a organización. O crecemento exponencial da actividade da Amtega nos últimos 10 anos, nos que se triplicou o volume de contactos xestionados (pasouse dun valor próximo aos 100.000 contactos no ano 2013, a máis de 370.000 contactos no ano 2022), levou a unha situación na que ferramenta non ten xa as capacidades suficientes para soportar novos crecementos. É necesario polo tanto iniciar un proceso de análise e adopción dunha nova ferramenta ITSM, aliñada Cos procesos ITIL definidos pola Amtega para asegurar manter os parámetros de calidade dos seus servizos de atención ás persoas usuarias.

Por outra parte, dende 2019 está dispoñible AXUDOT (<https://axudote.xunta.gal>), canle na intranet e internet no que as persoas usuarias da Xunta de Galicia poden comunicar e facer seguimento das incidencias e peticións cara o CAU, sen necesidade de contactar telefonicamente. Esta modalidade permite reducir os tempos de atención, e reducir os tempos de atención telefónica. Igualmente permite unha mellor organización do persoal de atención do CAU incrementando o tempo de atención á resolución da incidencia ou petición. A canle AXUDOT seguirá incrementando progresivamente as súas posibilidades mediante:

- A ampliación dos servizos ofrecidos a través do portal coa incorporación de novos formularios.
- A incorporación de novos mecanismos de automatización que permiten a autoprovisión de solicitudes de forma que, en casos en que non se requira aprobación e tecnicamente poida automatizarse, se permita que a persoa usuaria reciba instantaneamente o servizo solicitado a través de AXUDOT sen necesidade de agardar por ningunha outra intervención manual.

Esta evolución irá acompañada de acciones de difusión e impulso do uso do sistema para seguir incrementando a porcentaxe de contactos que se realizan por esta canle fronte á canle telefónica.

**Actividades  
2023:**

- Impulso do uso de AxudoT coma canle prioritaria de atención ata acadar que un mínimo do 50% das incidencias ou peticións se reciban mediante esta vía. Entre outras medidas, abordaranse:
  - novas campañas de difusión para dar a coñecer Axudot entre as persoais usuarias
  - redeseño do portal co obxecto de mellorar a súa facilidade de uso nas incidencias e peticións de servizo máis habituais
- No relativo a automatización dos procesos de resolución de peticións ou incidencias, abordarase a incorporación dun mínimo de 3 novos procesos automatizados que permitan aumentar os escenarios de autoprovisión.
- Incorporación de novas funcionalidades no portal avanzado para o persoal de atención do CAU para incrementar as posibilidades de monitorización e resolución de incidencias dende o primeiro nivel de atención.

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.9.6. Garantir a posibilidade de mobilizar, de precisarse, un soporte in situ de calidade en calquera ámbito baixo a responsabilidade da Amtega.

**Descrición:**

Partindo do modelo de atención da Amtega baseado nun primeiro punto de acceso ao servizo único, o Centro de Atención ás Persoas Usuarias, esta actividade garante os servizos de segundo nivel de atención, aos que o CAU deriva aquelas peticións e incidencias que non poden resolver, incluíndo servizos de asistencia in situ.

A prestación deste servizo está organizada por distribución xeográfica ou de ámbitos de especialización, para acadar a atención na totalidade de centros específicos de prestación de servizos dixitais da Xunta de Galicia, mais alá dos ámbitos administrativos de servizos centrais e delegacións provinciais. Atendendo aos distintos ámbitos identificados, considéranse os seguintes servizos de atención:

- Servizos Periférico Norte e Sur: asegurando un servizo TIC remoto e in situ en calquera centro público administrativo, social ou doutra índole, dependente da Xunta de Galicia, nas provincias de A Coruña e de Lugo (Norte), e de Ourense e Pontevedra (Sur) excluindo os centros de ámbitos especializados cubertos especificamente por outros servizos.
- Servizo Santiago comarca: un servizo TIC remoto e in situ en calquera centro público administrativo, social ou doutra índole, dependente da Xunta de Galicia, na contorna xeográfica de Santiago de Compostela, incluíndo o seu ámbito urbano e a súa área de influencia.

- Servizo de soporte á Rede de Centros de Benestar, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros incluídos na rede galega de centros de iniciativa pública do ámbito de benestar da Xunta de Galicia.
- Servizo de soporte á Rede de Arquivos, Bibliotecas e Museos, asegurando un servizo TIC especializado ao persoal que desenvolve as súas funcións nos centros que conforman a rede de bibliotecas públicas de Galicia, a rede de arquivos e a rede de museos dependentes da Xunta de Galicia.
- Servizo específico de soporte á Rede CEMIT, asegurando o mantemento dos equipos de posto de traballo e sistemas audiovisuais e multimedia das aulas da Rede CeMIT.

En liña co que se establece no Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público, e atendendo á incorporación de novos ámbitos de actuación da Amtega, adecuarase a estrutura e dimensionamento dos distintos servizos de soporte in-situ indicados.

**Actividades  
2023:**

- Evolución para a prestación de servizos de asistencia técnica especializada ao posto de traballo dixital, tanto presencial coma remota, consolidando o modelo corporativo de **soporte in-situ** no posto de traballo mais alá dos ámbitos administrativos de servizos centrais e delegacións provinciais, na totalidade de centros específicos de prestación de servizos dixitais da Xunta de Galicia. En especial:
  - Acompañamento ao plan de dotación de postos no modelo establecido no Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público.
  - Incorporación da atención aos postos administrativos dos centros da rede de centros públicos de educación ata completar a fase I prevista (400 centros).
- En termos xerais, en cada un dos ámbitos de atención impulsaranse accións de mellora continua, entre as que cabe destacar:
  - Execución de plans de xestión preventiva do equipamento, incluíndo a planificación bimestral de visitas preventivas aos centros en cada ámbito, de forma que se apliquen medidas para previr os problemas e reducir así o número de incidencias.
  - Actualización sistemática do inventario de equipamento de forma que, entre outras cuestións, facilite a planificación das necesidades futuras de renovación atendendo a criterios de antigüidade e requirimentos funcionais.

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>1.9.7. Habilitar os Espazos de atención directa coma puntos de atención presencial especializados, en determinadas ubicacións da administración pública.</b>
<b>Descrición:</b>	Esta actividade busca habilitar espazos nos centros de traballo recoñecibles nos que exercer tarefas multi-disciplinares relacionadas cos medios tecnolóxicos. Os servizos ofrecidos nestes espazos serían: servizos de atención especializada, atención TI como puntos de contacto entre as persoas usuarias e os servizos de soporte in situ para o soporte sobre o equipamento hardware: entrega de equipamento para revisión ou substitución, etc. ou puntos de recollida de equipamento sen contacto
<b>Actividades 2023:</b>	→ Deseño dunha experiencia piloto de punto de Atención Amtega nun centro de traballo de punto de recollida de equipamento para entrega desatendida de elementos máis sinxelos que non requiren configuración (auriculares, lector de tarxetas...).
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>1.9.8. Coordinar os protocolos, procedementos, criterios de rexistro que serían de aplicación nos servizos de atención tanto de carácter central como os especializados.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Esta actividade persegue coordinar a correcta aplicación das metodoloxías e dos procedementos en toda a organización respecto á provisión de servizos TI ás persoas usuarias, prestando especial atención aos diferentes Centros de Atención ao Usuario existentes. Ademais de definir, manter e evolucionar os procesos base da organización na provisión de servizos TI, procedementos operativos e instrucións técnicas, promoveranse reunións periódicas de coordinación entre os diferentes grupos de soporte da Amtega.</p> <p>Por outra banda, analizaranse as ferramentas actualmente empregadas nas actividades de soporte dos diferentes centros de atención ás persoas usuarias, propoñendo novas ferramentas e evolucións das xa existentes mesmas co obxectivo de incrementar a capacidade resolutiva dos axentes, e redundar nunha mellor atención ao usuario final.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Análise das alternativas tecnolóxicas de mercado co obxecto de elaborar os pregos que permitan iniciar unha contratación dirixida a evolucionar o actual sistema ITSM para xestión da atención ás persoas usuarias por parte do persoal técnico (OTRS).</p> <p>→ Coordinación da posta en marcha do soporte aos equipos do persoal administrativo no ámbito educativo, establecendo as competencias sobre os postos de traballo xestionados, os casos de soporte tipo contemplados, as responsabilidades asociadas á xestión do posto e os fluxos de soporte, que terán á UAC como primeiro nivel de atención e ós grupos de soporte</p>



periféricos Norte e Sur da Amtega como segundo nivel especializado, tanto remoto como presencial.

- Coordinaranse iniciativas de formación para a especialización dirixidas a todos os centros de atención para acadar unha mellora no servizo prestado en 1º nivel a través dun maior coñecemento funcional do negocio.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 1.9.9. Desenvolver, en liña co programa de xestión do dato, o sistema analítico da prestación do servizo de soporte para a identificación de métricas do seguimento e mellora da eficiencia.

**Descrición:** Elemento fundamental da prestación do servizo de atención as persoas usuarias é garantir tempos de atención adecuados. Nesta acitividade inclúese a evolución do sistema de análise da prestación do servizo de atención as persoas usuarias, dentro da plataforma de información analítica corporativa. O sistema de análise incluirá no seu alcance global indicadores de seguimento do bo funcionamento do servizo, da calidade percibida polos usuarios, e dos recursos tic en posto de traballo.

*Esta actividade está aliñada co Programa 1.7 Xestión intelixente do dato.*

**Actividades 2023:**

- Revisión da definición de indicadores de seguimento da actividade, para a súa adecuación ás canles de atención de autoservizo ou automatización, así como aqueles outros aspectos que afectan á actual definición dos indicadores de seguimento, e de SLAs.
- Evolución do actual sistema de indicadores de atención as persoas usuarias, co obxecto de mellorar a súa efectividade no seguimento dos acordos de nivel de servizo e da calidade dos procesos de atención, tempos de resposta e niveis de escalado; e que sexa plenamente operativo no seguimento da actividade tanto do CAU Central, coma do CAU Periférico ou do CSU de Xustiza. Así como do análise de recursos tic xestionados.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

## Indicadores


Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Mellorar continuamente a prestación do servizo de atención ás persoas usuarias dentro da administración</b>	• Número de contactos atendidos polos CAUs Central e Periférico	<b>220.000</b>
	• % de tickets resoltos en menos de 1 hora	<b>40%</b>

<p>pública, incluíndo a ampliación a novos ámbitos aínda non xestionados</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• % de tickets resoltos en menos de 24 horas</li> </ul>	<p>55%</p>
<p>Evolucionar os medios tecnolóxicos para a prestación do servizo, incluíndo portal de autoservizo (AxudoT), mecanismos para unha mellor asistencia en remoto, e incorporación de outras canles de comunicación de uso frecuente na cidadanía.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Evolución da ferramenta ITSM corporativa</li> <li>• Procesos automatizados en AXUDOT para autoprovisión (acumulado)</li> </ul>	<p>Pregos elaborados</p> <p>9</p>

1: Considéranse contactos todas aquelas comunicacións recibidas ou de atención proactiva no CAU Central ou CAU Periférico, a través das distintas canles activas (teléfono, correo electrónico, formularios de autoservizo, entradas dende o 012, e aquelas outras que se poidan activar)

2: Aos efectos destes indicadores, non se inclúen neles os valores relativos a Administración de Xustiza en Galicia, que se consideran no PR.1.5 Plan Seoda2025: Xustiza Dixital

## Obxectivo estratéxico 2: Promover os servizos públicos dixitais



## 2.1 Programa dixital da Política Social

Este programa pretende continuar coa senda de modernización dos servizos sociais iniciada coa execución do Plan Trabe, incluíndo actuacións nos principais eidos de atención do sistema galego de servizos sociais, propóndose un novo modelo de atención socio-sanitaria que trate de impulsar a transformación dixital dos sistemas e procesos relacionados cos servizos sociais e a saúde a partir dunha ampla variedade de medios e servizos TIC.

En concreto trata, por unha banda, de promover un novo paradigma que faga uso intensivo da tecnoloxía para mellorar a calidade do servizo asistencial aos distintos colectivos obxecto de atención (maiores, persoas dependentes, con discapacidade, etc); por outra, unha transformación completa do sistema de servizos sociais a través de medidas como afondar no proxecto de construción e implantación do sistema de información da Historia Social Única Electrónica, que permitirá mellorar o nivel de acceso e calidade dos servizos que se prestan aos cidadáns, ou como o impulso de solucións de teleasistencia avanzada e de autocoidado e atención no fogar.

### Obxectivos

- Pór en marcha as actuacións tecnolóxicas derivadas do novo Modelo de atención residencial.
- Impulsar a adopción de solucións de teleasistencia avanzada e de apoio ao autocoidado e a atención no fogar.
- Continuar co desenvolvemento e implantación da Historia Social Única Electrónica.
- Evolucionar o sistema de información galego de atención á dependencia (SIGAD).
- Evolucionar o sistema de información de tramitación das principais prestacións de inclusión social.
- Abordar unha renovación e modernización dos sistemas de información de soporte á xestión dos eidos de Familia e Protección de menores.
- Modernizar as ferramentas de traballo da Inspección de Servizos Sociais.
- Mellorar as capacidades analíticas e de soporte á planificación do sistema analítico de Política Social.

## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.1.1. Mantemento e evolución de sistemas de información da SXT e da inspección de servizos sociais</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento de sistemas de información empregados en unidades da SXT, destacando a aplicación que soporta as tramitacións asociadas ao Rexistro Unificado de Entidades e Programas de Servizos Sociais (RUEPSS) e a actividade da Inspección de servizos sociais e as empregadas para a xestión e control de compras centralizadas (SUBCEN).
<b>Actividades 2023:</b>	<p>Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas:</p> <p><u>RUEPSS</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Avanzarase cos desenvolvementos necesarios (algúns deles xa en marcha) para completar o soporte completo á xestión documental (editor dinámico de plantillas integrado co Portasinaturas) ración coa Carpeta do cidadán e habilitación da integración dos trámites comúns.</li><li>→ Desenvolvemento e posta en marcha de novas integracións con ferramentas de Administración electrónica (NOTIFICA e REXEL).</li><li>→ Desenvolvemento da integración cos sistemas de xestión de prazas concertadas e de censo de residentes (CONCEN, CENRES; sincronización das informacións de prazas concertadas e de prazas dispoñibles en centros de maiores e discapacidade).</li></ul> <p><u>Presencia web</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Renovación da estrutura e deseño da web da Consellería.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.1.2. Desenvolver novos módulos e funcionalidades nos sistemas de información de xestión da dependencia e da discapacidade</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento e evolución dos sistemas de información empregados nas áreas de dependencia e discapacidade, destacando o sistema de información que soporta a tramitación asociada ao procedemento de dependencia (SIGAD), a aplicación de tramitación do procedemento de recoñecemento da situación de discapacidade (CENDIS), a plataforma de soporte ao servizo 065 de transporte adaptado (SGAMP), ou o sistema CONCEN (xestión dos contratos de prazas concertadas nas áreas de maiores e discapacitados).

**Actividades 2023:**

Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas:

Dependencia

- Adaptación de SIGAD á nova normativa en fase de elaboración (Novo Decreto / Nova Orde de tramitación do PIA)
- Impulso á implantación da funcionalidade de xestión de nóminas de libranzas vinculadas ao servizo (entre outras, adaptando o sistema ás regras da efectividade dos efectos, actualmente en fase de definición)
- Evolución do módulo de xestión da capacidade económica
- Adaptación da xestión das emerxencias sociais (conforme á definición funcional xa realizada, xunto coa nova Instrución en fase de elaboración)
- Implantación de funcionalidade que soporte a aplicación de criterios de urxencia (pendente de definición funcional)
- Melloras na integración con REXEL (soporte a entradas dende unidades internas; novos filtros; maior usabilidade na xestión da documentación achegada)
- Incorporación de novos modelos documentais (conforme a se vaian definindo polo Grupo de traballo conformado con esta misión; entre eles: ditame técnico de Proposta PIA; informe de codificación)
- Melloras na integración co servizo NEXEA (entre elas: xerar avisos cando a notificación é infrutuosa)
- Melloras nas integracións con CENPOS (soporte a medias prazas en centros de día)
- Habilitación de mecanismos de integración para o seu emprego por aplicacións de xestión de SAF externas (simplificación do proceso de actualización das horas efectivamente prestadas)
- Integración con Tarxeta Sanitaria e poboacional de HSUE
- Avanzar coa integracións de servizos dispoñibles en PASAXE (Identidade / Residencia)
- Migración da actual aplicación de escritorio VALORADORES a versión web
- Completar o Plan de renovación tecnolóxica de SIGAD (débeda técnica)

Discapacidade

- Adaptación de CENDIS ao novo Real Decreto de valoración da discapacidade (integración con BAREDI; entre outros: cambios a nivel de modelo de datos; cambios nos modelos documentais; cambios na xestión das revisións por caducidade; cambios nos envíos de información ao IMSERSO e na estadística IGE)
- Migración de patoloxías a codificación CIE-10

- Implementación de novas xestións e tipos documentais asociados; entre eles: informes de compatibilidade laboral; tarxeta de discapacidade en caso de deficiencias visuais
- Análise e inicio do desenvolvemento de escenario de integración con PNC
- Xeración de ficheiros para envío a Tarxeta social dixital (TSD) da situación subxectiva relativa a discapacidade
- Posta en marcha de novos mecanismos de consulta da discapacidade para tarxeta de estacionamento (HSUE; PASAXE)
- Novo certificado para acceso a tarxeta de accesibilidade en casos de discapacidade visual
- Obtención da tarxeta de discapacidade en formato virtual a través da nova app do cidadán da Xunta de Galicia (XuntaEU)

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** 2.1.3. Pór en marcha actuacións derivadas do novo modelo de atención residencial e coidados

**Descrición:** Avanzar cos proxectos tecnolóxicos relacionados coa posta en marcha do novo modelo de atención residencial promovido pola Consellería de Política Social e Xuventude, segundo o marco de actuacións recollido no seu Eixo 2. Aposta polas potencialidades da tecnoloxía de dito Novo modelo residencial.

**Actividades 2023:** Esta actuación recolle unha amplo abanico de actuacións, algunhas delas iniciadas xa en anos previos, parte delas con cargo ao fondo MRR de Política Social, segundo a identificación de proxectos acordada coa Consellería de Política Social e Xuventude:

- Avanzar no proxecto de desenvolvemento e implantación do Sistema de xestión de centros de política social corporativo (CENPOS) (licitación en execución con fondo MRR)
- Continuar coa implantación do novo Sistema avanzado de censo de residentes (CENRES/CENAVA), comenzando a integración dos censos co Sistema sanitario público (licitación en execución con fondo REACT)
- Completar o Plan de implantación da ferramenta de Historia Clínica en centros residenciais de maiores e discapacitados (pendente completar a habilitación do acceso a ferramenta á totalidade dos centros obxectivo, xunto con acompañamento a implantación do novo modelo de atención compartido sobre a base do emprego IANUS5)

- Avanzar na extensión do modelo de prescrición de tratamentos pilotado en varias residencias de maiores e discapacitados
- Completar a execución do proxecto de dotación de equipos multiparamétricos para a toma automatizada de biomedidas (licitación en execución con fondo MRR)
- Completar a execución do proxecto de implantación dunha solución de comunicación paciente-enfermeira para as residencias de maiores da Consellería (licitación en execución con fondo MRR)
- Completar a execución do proxecto de sensorización de residencias de maiores e discapacitados da Consellería (sistema de prevención en base a monitorización da actividade do residente; e de monitorización de parámetros de confort e seguridade dos residentes) (licitación en execución con fondo MRR)
- Inicio das actuacións de modernización da rede de centros de maiores do Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar (conexión a rede Xunta, ampliación de cableados, dotación wifi, renovación e ampliación de equipos de traballo)
- Licitación e execución do proxecto de subministración e instalación de dispositivos para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Consellería (licitación con fondo MRR)
- Completar a execución do proxecto de implantación dun sistema para a xestión da turnicidade en residencias de maiores de discapacitados da Consellería (XESAC) (licitación en execución con fondo REACT)
- Colaboración coa Consellería no despregue das solucións tecnolóxicas de soporte a distintos tipos de Rehabilitación e relacionadas co Envellecemento activo que se deriven das actuacións postas en marcha pola Consellería

**Área responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** **2.1.4 Desenvolvemento do Rexistro galego de cans de asistencia**

**Descrición:** Desenvolver o instrumento informático que de soporte ao futuro Rexistro galego de cans de asistencia.

**Actividades 2023:** Realizarase a labor de análise e desenvolvemento do futuro Rexistro galego de cans de asistencia, contemplado en normativa actualmente en proceso de elaboración.

**Área responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*



<b>Actividade:</b>	<b>2.1.5. Desenvolver novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión das prestacións de inclusión</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento dos sistemas de información empregados nas áreas de prestacións e inclusión, destacando as aplicacións que soportan a tramitación e nómina dos procedementos de PNC e rendas mínimas e axudas de integración social (RISGA/AIS), a aplicación que soporta a actividade dos equipos de inclusión da Estratexia galega de inclusión (PGIS), a aplicación de xestión do financiamento do servizos sociais comunitarios (PLAN CONCERTADO), e a aplicación que soporta a xestión do BONO SOCIAL TÉRMICO.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas; a actividade global sobre este conxunto de sistemas estará moi condicionada polas necesidades de adaptacións que poidan xurdir ante cambios normativos na regulación da RISGA na súa actual situación de convivencia co IMV:</p> <p><u>RISGA/AIS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Adaptación a cambios normativos en relación coa compatibilidade de RISGA con IMV (no caso de concretarse)</li> <li>→ Novo servizo web de consulta de prestacións económicas recibidas (requirido polo Estado para integrar no nodo de interoperabilidade estatal)</li> <li>→ Rexistro de persoas inhabilitadas para recibir prestacións públicas</li> <li>→ Melloras no tratamento dos traslados entre provincias</li> <li>→ Automatización do ficheiro Declaración-190 para a AEAT</li> </ul> <p><u>PNC</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Integración co sistema de discapacidade</li> <li>→ Integración co servizo NEXEA para o envío de notificacións por correo postal</li> <li>→ Melloras na xestión do histórico de cambios dos datos dun expediente</li> <li>→ Actualizacións no entorno tecnolóxico da aplicación (débeda técnica)</li> </ul> <p><u>PGIS</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Melloras nas explotacións soportadas en relación a xeración de indicadores de xustificación das subvencións</li> </ul> <p><u>PLAN CONCERTADO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Soporte ao ciclo anual de xustificación e solicitude de financiamento por concellos</li> </ul> <p><u>BONO SOCIAL TÉRMICO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Soporte á xestión da prestación estatal xunto co seu complemento autonómico (sobre o mesmo instrumento informático daráselle tamén</li> </ul>

soporte á nova axuda en materia enerxética que este ano se xestionará dende a Consellería de Economía, Industria e Innovación como reformulación da AUXS)

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** 2.1.6. Actuacións recollidas no proxecto "Modernización tecnolóxica dos servizos sociais"

**Descrición:** Completar a execución das actuacións tecnolóxicas previstas con fondo MRR relativas ao establecidas no Proxecto 5. Modernización tecnolóxica dos servizos sociais do convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e a Comunidade autónoma de Galicia.

**Actividades 2023:** Iniciarase a execución das seguintes liñas de actuación recollidas no Proxecto 5. Modernización dos servizos sociais:

- Adquisición de dispositivos de firma biométrica
- Novo sistema denominado: Mapa xeosocial interactivo

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** 2.1.7 Desenvolver novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión de familia e menores

**Descrición:** Mantemento dos sistemas de información empregados nas áreas de familia e menores, destacando as aplicacións que soportan as actuacións dos equipos de menores de protección e xustiza penal (MENOR), a xestión asistencial en centros de protección e reforma, a xestión dos procesos de admisión da rede pública autonómica de escolas infantís (ESCINF), e a xestión da Tarxeta Benvida, entre outras.

**Actividades 2023:** Continuarase dando soporte aos sistemas e abordando a carteira de peticións de evolución segundo as prioridades fixadas:

MENOR

- Melloras na historia e no expediente de protección (desenvolvemento do novo modelo de Plan Individualizado en fase de definición pola Consellería; xestión e xeración de novos documentos
- Xestión e xeración de novos documentos na tramitación da historia do menor
- Desenvolvementos pendentes nos libros de rexistro dos centros de internamento

- Melloras na Integración con CENPOS e activación progresiva en novos centros de menores (segundo o progreso da implantación de CENPOS neste eido)
- Integración con HSUE para a recepción e xestión dos formularios RUMI
- Integración con HSUE para o emprego do instrumento de valoración VALORA
- Integración con Notifica
- Actualización de aspectos tecnolóxicos (débeda técnica)

#### ESCINE

- Soporte a configuración e xestión das convocatorias de novo curso
- Finalización do desenvolvemento e posta en marcha da gratuidade do servizo de comedor

#### LEXNET

- Soporte á posta en marcha dos buzóns nos ámbitos: PEF (Puntos de encontro familiar; centros de reforma; centros singulares de protección de menores; Servizos de Protección do menor)
- Continuarase co proxecto de desenvolvemento dun novo sistema vertical para a área de familia (SISFAM), actualmente en execución, avanzándose nos seguintes módulos coas seguintes previsións:
  - Tarxeta Benvida (versións iniciais postas en marcha a inicios de 2023)
  - Títulos de familia numerosa (previsión de posta en marcha de versión inicial dentro do primeiro semestre de 2023)
  - Rexistro de familias monoparentais (pendente de definición funcional)
  - Bono Coidado (previsión de soporte da nova convocatoria de axudas a través do sistema de tramitación Tramita)

**Área responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** **2.1.8. Equipamento para os servizos de protección, atención e acollemento da infancia**

**Descrición:** Completar a posta en marcha da actuación tecnolóxica consensuada coa Consellería e encadrada no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e a Comunidade autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo a fondos MRR – Proxecto 7. Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento a infancia.

**Actividades 2023:** Completarase a entrega dos subministros previstos na actuación, en concreto no relativo á entrega aos centros de menores de equipos portátiles (252 equipos).

Na medida en que se dispoña de remanente de crédito axeitado, completarase a actuación cunha nova adquisición de equipos portátiles que amplíen a dotación dispoñible.

**Área responsable:** *Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

<b>Actividade:</b>	<b>2.1.9. Impulsar a Historia Social Única Electrónica como sistema de información central na prestación de servizos sociais aos cidadáns</b>
<b>Descrición:</b>	Construción da Historia Social Única Electrónica, seguindo a liña de actuación iniciada co Plan Trabe.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>Completarase a execución da cuarta fase de desenvolvemento e implantación do proxecto, centrada fundamentalmente no desenvolvemento de novos módulos do sistema e na ampliación do ámbito de usuarios con acceso (licitación FEDER). Entre os obxectivos globais plantexados están:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Ampliación e melloras no módulo de Informes Sociais:<ul style="list-style-type: none"><li>◦ Implantación de novos modelos de informes sociais:<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Instrumento de valoración VALORA e RUMI (ámbito da protección de menores)</li><li>▪ Informe social do eido da Educación familiar (no suposto de que se dispoña dun modelo de informe validado pola Consellería)</li><li>▪ Informes sociais de aplicación nos procedementos de incapacitación legal (no suposto de que se dispoña de modelos de informes validados pola Consellería)</li></ul></li><li>◦ Extensión de mecanismo de firma biométrica (extensión ao global de concellos e equipos de inclusión)</li></ul></li><li>→ Pilotaxe inicial e posterior implantación masiva do novo módulo desenvolto (versións iniciais) para a renovación da actual ferramenta de traballo de referencia en servizos sociais comunitarios (SIUSSGAL).</li><li>→ Posta en marcha do módulo en fase de desenvolvemento para a xestión do programa CONTEITO</li><li>→ Posta en marcha do módulo en fase de desenvolvemento para o soporte á xestión da FUNGA</li><li>→ Elaboración de proposta (e implantación tras validación) relativa ao tratamento por HSUE da información dos listados de persoas en situación de impago recibidos das empresas comercializadoras de electricidade</li></ul>

- Ampliación das integracións con Emprego relacionadas coa xestión do tramo de inserción ao emprego no contexto da RISGA
- Incorporación de novos equipos de AT (Atención Temperá) ao emprego do sistema, e ampliacións de funcionalidade pendentes (entre elas: mecanismo de firma biométrica en documentos a firmar pola familia)
- Soporte á integración de sistemas propios de concellos (completar Vilagarcía; avanzar coa definición do escenario de integración cos sistemas de tramitación da Deputación de Coruña actualmente en curso)
- Avanzar nos obxectivos de implantación do sistema fixados para 2023: implantación do sistema en traballo social de sanidade (SERGAS)

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** 2.1.10. Impulsar o desenvolvemento e implantación do sistema de información corporativo de xestión dos centros de política social

**Descrición:** Modernización dos sistemas de información de xestión e asistenciais nas Residencias e Centros Política Social

**Actividades 2023:** Completarase a execución da terceira fase do proxecto de desenvolvemento e implantación do sistema de centros de política social (CENPOS) centrada fundamentalmente na ampliación da cobertura funcional e grado de uso en Residencias públicas de maiores e discapacitados dependentes da Consellería de Política Social, na rede de Centros de maiores do Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar; e na rede de Centros de protección de menores (licitación FEDER). Entre os obxectivos globais plantexados están:

- Evolución de funcionalidades asociadas aos indicadores sobre a calidade da atención residencial definidos pola Consellería
- Ampliación da actual capa de servizos de interoperabilidade que de resposta as múltiples necesidades de integración que se están a demandar do sistema:
  - integracións con SERGAS relacionadas coa sincronización do episodio sociosanitario e coa xestión da medicación; integración
  - integracións cos equipos multiparamétricos de toma de biomedidas
  - integracións cos futuros sistemas de comunicación paciente-enfermeira e de monitorización da actividade do residente (proxectos con execución prevista para 2023)
- Impulso aos desenvolvementos pendentes para a adaptación do sistemas ás particularidades da atención asistencial da rede centros de maiores do Consorcio, e dos Centros de protección de menores

- Ampliacións nas integracións con SIGAD e MENOR, na procura da máxima automatización e eficiencia nos procesos de asignación de prazas e seguimentos posteriores (baixas; traslados)
- Implementación da xestión de nómina asociada ás prazas de centros de menores
- Impulso á implantación do sistema nas residencias nas que se identifican déficits a nivel de uso do mesmo

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** 2.1.11. Desenvolver de sistemas de comunicación web e en mobilidade no eido social (AsisT.gal)

**Descrición:** Impulsar o sistema móbil de apoio aos coidados informais AsisT.gal como ferramenta de apoio facilitada pola Xunta de Galicia, potenciando o seu emprego como canle de comunicación telemática coa rede de coidadores e familiares. Tamén se inclúe o desenvolvemento dun portal web de apoio á promoción da autonomía persoal e de apoio aos coidadores e público en xeneral.

**Actividades 2023:** No marco do proxecto de desenvolvemento da Historia Social Única Electrónica (HSUE) desenvolveuse a versión inicial da app de apoio aos coidados informais AsisT.gal. Esta liña de traballo estase a desenvolver e potenciar actualmente a través dunha licitación específica (REACT). En 2023 está previsto:

- Posta en marcha da primeira versión dun portal focalizado na promoción da autonomía persoal e no apoio a coidadores
- Desenvolvemento dunha adaptación específica da app AsisT.gal deseñada especificamente para o seu emprego como aplicación de Teleasistencia móbil (TAM) no contexto do servizo de teleasistencia domiciliaria que a Consellería presta actualmente (a través das entidades Cruz Vermella)
- Accións de difusión e formación na cidadanía a través do emprego das capacidades da Rede CEMIT e da colaboración de entidades como ATEGAL
- Exploración coa Consellería de posibilidades de uso do sistema coma novo canal de comunicación coa cidadanía ou coma ferramenta de referencia no eido da promoción da autonomía persoal

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

<b>Actividade:</b>	<b>2.1.12. Mellorar as capacidades analíticas e de soporte á planificación do sistema analítico de Política Social</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento do sistema de información analítico que pretende dar satisfacción ás necesidades de análise, reporting e explotación de datos globais das principais áreas de xestión da Consellería
<b>Actividades 2023:</b>	<p>Iniciarase a execución da terceira fase do proxecto (licitación FEDER) de desenvolvemento do sistema de información analítico da área de política social (BIPOS). Entre os obxectivos desta fase de proxecto están:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Impulso ao emprego do sistema de xeito directo polas unidades da Consellería (actualmente é un sistema infrautilizado)</li> <li>→ Aumento das capacidades de análise e reporting das áreas de análise actualmente construídas (explotando ao máximo as capacidades do sistema de xeración e envío automático de informes)</li> <li>→ Potenciación da área de específica de análise asociada á información de Dependencia</li> <li>→ Migración de funcionalidades de análise a nova ferramenta máis adecuada para a explotación directa por usuarios finais (PowerBI)</li> <li>→ Exploración de casos de uso de analítica avanzada (analizarase o posible interese da Consellería en abordar unha segunda fase do caso de uso ensaiado en 2022 en materia de asignación de servizos da carteira de discapacidade no procedemento de Dependencia; ou alternativamente analizarase o posible abordaxe dalgún novo caso de uso)</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.1.13. Modernizar a dotación tecnolóxica dos centros do eido de política social</b>
<b>Descrición:</b>	Mellora do soporte a usuario e no equipamento de posto de traballo da rede en Centros de Política Social.
<b>Actividades 2023:</b>	<p><u>Soporte e equipamento:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuarase coa incorporación da rede de centros benestar ás novas políticas corporativas relativas a impresión.</li> <li>→ Continuarase coa centralización no CPDi dos servizos prestados polos actuais servidores locais en residencias (pendentes de completar nalgunha residencia que aínda emprega ferramentas legacy propias)</li> </ul>

- Comezarse a integración dos centros da rede de maiores do Consorcio de servizos de igualdade e benestar nas políticas corporativas de xestión de posto de traballo.

Rede/comunicacións:

- Continuarase atendendo a cobertura wifi da rede de centros de Benestar, ampliando coberturas onde se identifiquen carencias, e incorporando os poucos centros que a día de hoxe poidan carecer de cobertura.
- Comezarse a alta de centros de maiores de Consorcio na rede de datos corporativa da Xunta de Galicia.

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Programa dixital de política social</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento en SIGAD da integración cos servizos de PASAXE de consulta de residencia (PADRÓN)</li> </ul>	<b>SI</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Habilitación de novo servizo en PASAXE para a consulta do cumprimento de requisitos para o acceso a tarxeta de estacionamento</li> </ul>	<b>SI</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantación de integracións directas entre PNC e CENDIS (discapacidade) que melloren a coordinación entre ambos procedementos</li> </ul>	<b>SI</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento da integración para o envío ao sistema de Tarxeta Social Dixital das informacións subxectivas de discapacidade e familia numerosa</li> </ul>	<b>SI</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha da nova aplicación de xestión do procedemento de Familias Numerosas</li> </ul>	<b>SI</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantación en Residencias dun sistema de comunicación paciente-enfermeira</li> </ul>	<b>19</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posta en marcha do novo módulo da HSUE CONTEITO</li> </ul>	<b>SI</b>



- 
- Acceso de traballadores sociais do Sergas á HSUE (inicio de pilotaxe)
- 

SI

## Obxectivo 2: Promover os servizos públicos dixitais

### 2.2 Plan para a xestión dixital das políticas de emprego

Este programa engloba o conxunto de actuacións dirixidas a mellorar a xestión do emprego a través da transformación dixital do Servizo Público de Emprego e a incorporación de novas funcionalidades e servizos de información no ISSGA. Esta modernización permitirá, a través da evolución dos sistemas de información de xestión da formación, intermediación e orientación laboral, cualificacións profesionais, promoción de emprego, economía social e relacións laborais.

#### Obxectivos

- Pór en marcha o Plan de Transformación Dixital do Servizo Público de Emprego.
- Evolucionar os sistemas de información de xestión da formación, intermediación e orientación laboral e cualificacións profesionais.
- Evolucionar os sistemas de promoción de emprego, economía social e relacións laborais.
- Incorporar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do ISSGA.
- Modernizar a dotación, servizos e procedementos das oficinas de emprego.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.1. Evolucionar e establecer novas canles nos sistemas de información que dan soporte á xestión da intermediación</b>
<b>Descrición:</b>	O sistema de intermediación laboral é a peza central na área das políticas de fomento do emprego e da contratación de Galicia, e na relación co Servizo Público de Empleo Estatal (SEPE). O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación, así como a explotación e obtención dos datos mensuais sobre a evolución da contratación e do desemprego en Galicia son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Cumprimento de todos os acordos SISPE. Melloras do rendemento do sistema. Mellora da comunicación con cidadán.

- Evolución para adecuarse as novas políticas de emprego da Comunidade Autónoma.
- Evolución da parte pública da oficina virtual demanda
- Posta en marcha da comunidade de empregadores (nova web)
- Posta en marcha de novos servizos na comunidade de baixa.
- Extensión do procedemento sancionador
- Explotación do xestor de documentación.
- Sinatura manuscrita
- Novos puntos de información

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** Evolucionar os sistemas de información que dan soporte á S.X. das Cualificacións e Capacidades para o Emprego

**Descrición:** A Subdirección Xeral das Cualificacións e Capacidades para o Emprego dispón de sistemas legacy que foron modernizándose ao longo dos últimos anos. Este ano coa posta en marcha dos novos contratos del competencias clave e gases fluorados mellorase a capacidade destes sistemas. Ademais licítase SIBILA3.

- Actividades 2023:**
- Mellora de competencias clave
  - Mellora de gases fluorados incluída a tramitación via sifo
  - Desenvolvemento de SIBILA 3

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.2.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión da orientación laboral

**Descrición:** O sistema de orientación laboral é peza clave na relación entre o orientador laboral e o demandante de emprego. O mantemento en condicións operativas e a evolución para a adaptación os cambios nos procedementos do servizo e a lexislación son claves nesta área das políticas de fomento do emprego e da contratación.

- Actividades 2023:**
- Evolución da aplicación.
  - Incremento dos recursos adicados a orientación

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.4. Incorporar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de xestión do ISSGA.</b>
<b>Descrición:</b>	Mantemento dos aplicativos do ISSGA desenvolvidos: Sistema de xestión de partes sen baixa, Sistema de xestión de partes de enfermidades profesionais e Sistema de información de datos de investigación de accidentes.
<b>Actividades 2023:</b>	Seguimento e mantemento do sistema na contorna de produción.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.5. Desenvolver modelos de avaliación do emprego en Galicia e axuda á toma de decisións</b>
<b>Descrición:</b>	Ferramenta de axuda a obtención de información de xestión.
<b>Actividades 2023:</b>	Desenvolvemento de novos cadros de mando. (orientación e formación)
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.6. Establecer as novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión da formación</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento do sistema de información de formación para o emprego, que inclúe a xestión das convocatorias, a xestión do alumnado, a xestión económica e a integración coa área de demandantes e o SEPE.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución das aplicacións de formación existentes (sifo3, cntxes, dcf, forman, respe, cobipe) (adxudicación de novos contratos)</li> <li>→ Incremento de recursos para o CNTG (unha vez adxudicado o novo concurso)</li> <li>→ Pequeno equipamento para Centros de Formación</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.2.7. Evolucionar os sistemas de información de xestión da promoción do emprego e ás relacións laborais</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento do sistema de información de xestión de esa área, que entre outros contempla o Rexistro Galego de Cooperativas, de Sociedades Laborais e

de Centros Especiais de Emprego, apertura de centros de traballo, sistema axudas ao cooperativismo e TRADES

**Actividades 2023:** → Mantemento das aplicacións actuais

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.2.8. Adecuación de las aplicacións ao PROGRAMA DE SEGUIMIENTO INTENSIVO DA DEMANDA DE EMPREGO.

**Descrición:** Adecuación das aplicacións de Orientación Laboral, Procedemento Sancionador e Intermediación para o desenvolvemento dos procesos relativos ao programa.

**Actividades 2023:** → Modificacións das aplicacións para engadir estes novos procesos

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.2.9. Despregue de WIFIS nas oficinas de emprego

**Descrición:** Despregue de puntos de acceso wifi para uso público en todas as oficinas de emprego da comunidade autónoma

**Actividades 2023:** → Planificación, deseño da topoloxía de despregue dos puntos de acceso, adquisición e instalación (se a subministración fora factible) dos puntos de acceso

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Plan para a xestión dixital das políticas de emprego</b>	• Posta en marcha do Plan de Transformación Dixital do Servizo Público de Emprego de Galicia	10%
	• Porcentaxe de procedementos administrativos nos que se moderniza o sistema de xestión	10%
	• Número de sistemas de xestión no ámbito de emprego mantidos e evolucionados	137
	• Porcentaxe de ferramentas interconectadas con sistemas que	10%

Actividade	Indicador	Valor 2023
	comparten fluxo no procedemento ou datos	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Porcentaxe de renovacións de demanda realizadas de forma telemática fronte ao total de accións posibles deste tipo</li> </ul>	35%
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Porcentaxe de servizos de formación solicitados de forma telemática fronte ao total de accións posibles deste tipo</li> </ul>	25%
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adecuación ao programa de seguimento intensivo da demanda</li> </ul>	100%
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificación das instalacións no despregue de wifis nas oex</li> </ul>	100%

## 2.3 Medidas para a xestión dixital da vivenda

Este programa engloba o conxunto de medidas dirixidas ó impulso da xestión dixital da vivenda en Galicia. Esta modernización permitirá, a través do desenvolvemento de novas funcionalidades nos sistemas de información e do soporte de plataformas e sistemas de xestión, facilitar a xestión da información e a toma de decisións por parte da administración e mellorar a eficacia das políticas de vivenda e a calidade dos servizos ofrecidos aos usuarios.

### Obxectivos

- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de tramitación de expedientes.
- Pór en marcha os sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación do Plan estatal de vivenda 2022-2025.
- Evolucionar e dar soporte á plataforma de xestión integral de vivenda e solo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (PLAVIS).
- Desenvolver e manter aplicacións sectoriais en materia de vivenda.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.3.1. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de tramitación de expedientes.</b>
<b>Descrición:</b>	Esta actividade ten por obxecto a realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información para posibilitar a mellora na tramitación electrónica e transparencia dos procedementos administrativos do Instituto Galego de Vivenda e Solo, IGVS.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Programa de rehabilitación enerxética en edificios existentes (PREEE), aplicativo REDEP: continuar coa xestión e concesión das axudas convocadas nos anos 2021 (VI406C PREEE) e 2022 (VI406D PREEE 5000) específica para municipios de reto demográfico. Non se prevén novas convocatorias para 2023</li><li>→ Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), aplicativo REDEP: xestión de programas de rehabilitación de vivendas (VI406E), edificios (VI406F) e para a elaboración do Libro do edificio (VI406G). Continuar coa xestión e concesión das axudas convocadas no ano 2022. Adaptación para as convocatorias que se publicarán en 2023..</li><li>→ Xestión do programa de axuda a actuacións de rehabilitación a nivel de barrio: aplicativo AREGUR, procedemento VI406H.</li></ul>

- Préstamos, aplicativo PREVI: adaptación á convocatoria 2023 de préstamos de rehabilitación, melloras técnicas e funcionais. Integración con Xumco. Integración con novas entidades financeiras que se adhiran ao programa. Implementación da nova liña de avais para xoves prevista para 2023. Ampliación das funcionalidades de explotación de datos e informes: amortizacións, previsións de amortizacións, simulacións e comparativas, seguimento de concesións, créditos, liquidacións, nivel de ingresos, información sobre subvencións e inhabilitacións, etc.
- Fianzas, aplicativo PROFIA: Actualización tecnolóxica a plataforma corporativa. Desenvolvemento e implantación de novas funcionalidades. Continuar coa integración cos sistemas de administración electrónica como Portasinas. Funcionalidades para mellora de entrada na aplicación mediante método de envío de clave por SMS. Incorporación de código de verificación electrónica (CVE) nos documentos.
- Axudas de alugueiro, aplicativo IGVSAL: Actualización tecnolóxica a plataforma corporativa. Mantemento, evolución funcional, adaptación e ampliación para novas convocatorias e liñas de axuda de alugueiro.
- Programa de promotores de vivendas en alugueiro social con fondos MRR-PRTR (VI406J). Implementación e xestión do procedemento no aplicativo Tramit@.
- Rexeneración e renovación, aplicativo RECASA: rehabilitación de antigas vivendas de mestres (VI422F), infravivenda rural (VI406A), programas de rexeneración e renovación no ámbito das ARIs. Mantemento, evolución funcional e adaptación ás convocatorias 2023.
- Aplicación web de tramitación xenérica para as distintas liñas de subvención do IGVS (Tramit@): adaptación ás convocatorias 2023, incorporación de melloras funcionais e técnicas, e incorporación de máis procedementos e liñas de axuda. En particular terá que contemplarse a adaptación á convocatoria 2023 das axudas para a adquisición de vivendas en conxuntos históricos e vivendas de prezo taxado. Trátase dos procedementos VI400A e VI420C xa incorporados en Tramit@ en anos anteriores. Tamén se analizará a posibilidade de implementar en Tramit@ o procedemento de rehabilitación de antigas vivendas de mestres (VI422F) que actualmente se xestiona co aplicativo RECASA.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.3.2. Pór en marcha os sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación do Plan estatal de vivenda 2022-2025.

**Descrición:** Xestión das axudas derivadas do Plan estatal de vivenda 2022-2025.

**Actividades 2023:** → Continuarase co desenvolvemento de novos sistemas ou adaptación e ampliación dos existentes para a xestión das seguintes liñas de axuda vinculadas ao Plan Estatal de Vivenda 2022-2025:



- Bono alugueiro mocidade: aplicativo IGVSAL, procedemento VI482E.
  - Axudas ao alugueiro de vivenda: aplicativo IGVSAL, procedementos VI483A e VI483B.
  - Bono prestación alugueiro social para colectivos vulnerables: aplicativo ALUGA, procedemento VI482F, que absorbe tamén aos anteriores bono social e bono vítimas.
  - Adquisición de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes: aplicativo Tramit@, procedemento VI435A.
  - Programa de mellora da accesibilidade para vivendas: aplicativo REDEP, procedemento VI435B.
- E ademais tamén están previstas: axudas a promotores alugamento para aloxamentos temporais, bono para entidades sociais.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.3.3. Evolucionar e dar soporte á plataforma de xestión integral de vivenda e solo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (PLAVIS).

**Descrición:** Realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información para dispor dunha xestión integrada dos procesos do IGVS, e en particular dispor dunha xestión actualizada do patrimonio do IGVS e dos dereitos o obrigas que derivan desta xestión.

**Actividades 2023:** → Continuar co desenvolvemento e implantación da Plataforma Electrónica Integral de Vivenda e Solo (prórroga do expediente AMT-2019-0010). Trátase dun ambicioso proxecto a varios anos, que empezou xa no 2019, e que inclúe os módulos de:

- Xestión de solo empresarial e residencial.
- Xestión da construción.
- Xestión patrimonial.
- Xestión de taxas e tributos da administración local.
- Xestión do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia (RUD).
- Creación dun inventario centralizado e actualizado dos bens mobles e inmobles do IGVS.

→ Para a anualidade 2023 están previstos os seguintes obxectivos:

- Como obxectivo principal, para este ano propónse avanzar no desenvolvemento do módulo de xestión patrimonial que deberá substituír no seu momento á actual aplicación de facturación.
- Avanzar na incorporación das funcionalidades do actual aplicativo RUDEVI ao módulo de rexistro de demandantes, de cara á substitución e apagado de RUDEVI.

- o Mellorar e evolucionar o resto de módulos: rexistro de demandantes, xestión de construcións, xestión de solo e inventario centralizado.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.3.4. Desenvolver e manter aplicacións sectoriais en materia de vivenda.

**Descrición:** Desenvolvemento, mellora e evolución de módulos e aplicativos para o traballo das diferentes áreas do IGVS.

**Actividades 2023:**

- IGVMVA: Continuar co desenvolvemento para a xestión do programa de mobilización de vivendas para alugueiro. Incorporar nestes aplicativo o módulo de concellos para a xestión das vivendas que formen parte do programa e dos contratos correspondentes. Incorporar tamén un módulo para a xestión das axudas (VI426C) do programa Rehaluga para persoas que participan no programa de mobilización de vivendas. Desenvolvemento da integración co aplicativo Tramit@ para a comunicación de entidades colaboradoras do procedemento VI426D.
- Rexistro Único de Laboratorios e Entidades de Control de Calidade da Edificación de Galicia (RELAGA): incorporación de melloras funcionais.
- Rexistro Galego de Informes de Avaliación de Edificios (HERIAE e REGIAE): incorporación de melloras técnicas e funcionais.
- Censo de vivendas baleiras (CEVIB): adaptación á convocatoria 2023. Mellora de funcionalidades.
- Portal de premios de arquitectura: incorporación de melloras e evolucións funcionais e xestión da convocatoria de premios 2023.
- Censo de solo empresarial (IGVCSE): incorporación de melloras e evolucións funcionais.
- Núcleos rurais en estado de abandono (IGVNRA): incorporación de melloras e evolucións funcionais. Adhesión de novos concellos ao sistema.
- Plataforma informática de rehabilitación (IGVPIR): completar a implantación e incorporar novas funcionalidades.
- Censo de inmobles declarados en estado de abandono (IGVCIA): completar a implantación e incorporar novas funcionalidades.
- Portal corporativo do IGVS (igvs.xunta.gal): dar soporte ao mantemento dos contidos do portal e desenvolvemento de posibles melloras, evolucións e novas necesidades.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas para a xestión dixital da vivenda</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• En desenvolvemento o novo módulo de xestión patrimonial na plataforma PLAVIS</li></ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"><li>• En execución a incorporación do módulo Rehaluga ao aplicativo de xestión do programa de mobilización de vivendas baleiras IGVMVA</li></ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"><li>• En execución as funcionalidades necesarias para a xestión das liñas de axuda vinculadas ao Plan Estatal de Vivenda 2022-2025.</li></ul>	Si

## 2.4 Medidas para a xestión dixital da Educación

Este programa engloba o conxunto de medidas dirixidas a mellorar a xestión académica e dos centros educativos mediante o soporte e o desenvolvemento de novas funcionalidades e servizos tecnolóxicos nos sistemas de información, facilitando a xestión da información e a toma de decisións por parte da administración e mellorando a eficacia das políticas educativas e a calidade dos servizos ofrecidos aos usuarios.

### Obxectivos

- Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros.
- Evolucionar o servizo de atención e soporte aos usuarios dos sistemas de información do ámbito educativo.
- Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, etc.
- Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario.
- Dar soporte aos centros educativos no uso dos recursos tecnolóxicos.
- Desenvolver solucións de análise e axuda á toma de decisións no ámbito da educación.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.1. Implementar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información da xestión académica e dos centros.</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan apoio á xestión académica e á xestión propia dos centros educativos.
<b>Actividades 2023:</b>	Durante o ano 2023, haberá una dedicación importante na evolución técnica da arquitectura interna das aplicacións, que facilitará ó cumprimento de estándares técnicos e de seguridade, así como a adaptación aos cambios na maqueta corporativa. Entre as iniciativas de desenvolvemento máis salientables no eido da xestión académica e de centros están a adaptación á LOMLOE en Xade, o remate da integración das ensinanzas artísticas superiores, a integración da Competencia Dixital Docente (CDD) nos sistemas relacionados con Persoal e Formación do profesorado, a integración dos sistemas de dotación, almacén e inventario, a adaptación da acreditación de competencias á nova normativa, a integración de medidas de atención á diversidade en ANEAE, a adaptación das aplicacións de Persoal para que podan xestionar os novos

corpos e especialidades derivados da integración do corpo de PTFP en 590 e a creación do corpo 598, ou as adaptacións precisas para asumir o futuro decreto de ordenación da formación profesional.

→ Sistemas de Información de Xestión Académica das Ensinanzas (XADE)

- Integración das ensinanzas réxime especial en Xade
- Adaptación informes avaliación final de LomLoe
- Adaptación cualificación avaliación final e media
- Integración xadehorarios en Xade
- Vinculación do DRD coa lapela NEAE de XADE
- Automatización da avaliación das competencias de Primaria e Secundaria
- Xestión en XADE de probas extraordinarias para a obtención do título da ESO
- Análise inicial dunha nova versión de Xade
- Análise a incorporación no expediente académico do alumnado as mobilidades realizadas baixo os programas internacionais
- Análise da integración da Competencia Dixital do alumnado (CDA) nos sistemas relacionados con Xade
- Adaptación nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño ao novo plan de estudos que establecerá o decreto polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Introducción en Xade dos estudos de máster en ensinanzas artísticas de creación, interpretación e investigación musical no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

→ abalarMobil, abalarPRO e abalarWeb

- Habilitar a mensaxería para directores dos centros
- Reserva de salas para alumnado e profesorado en Ensinanzas de Réxime especial
- Permitir adxuntar PDFs nas comunicacións
- Equiparar boletíns coa LOMLOE e as cualificacións en ámbitos
- Emitir certificacións de matrícula

→ Sistema de información de xestión das avaliacións individualizadas (Avalia)

- Xestión das probas de premios extraordinarios 2023
- Identificar un sistema para a realización de probas online.

→ Sistema de información de xestión do rexistro de centros educativos (Centroseducativos)

- Ferramenta de edición das áreas de influencia para usuarios externos.
- Posta en marcha do servizo web de comunicación co Ministerio.
- Informe desafectación
- Inicio do desenvolvemento da xestión da oferta educativa con independencia do rexistro, incluída a oferta de ciclos formativos.

- Sistema de información de Inspección Educativa (XIE)
  - Novo módulo de enquisas a inspectores
  - Incluír as actuacións sobrevividas
  - Módulo de xestión de subsectores
  - Xestión dos permisos de formación
  - Nova pantalla de datos de inspectores
  - Adaptación de informes de plurilingüismo e DOC a nova lexislación e novas casuísticas: creación de ámbitos, profesorado en situacións especiais, etc.
  - Actuacións doutras aplicacións: vinculación con novas actividades que se desenvolvan (por exemplo medidas de atención á diversidade en ANEAE).
  - Implantación de ferramenta de cálculo de cupo
  - Axilizar asignación de centros a inspectores
  - Migración das pantallas de centros a GIS corporativo
  
- Sistema de información de protocolos de actuación en centros
  - Implantación en centros de procedemento corrector e absentismo escolar.
  
- Sistema de información de xestión dos Títulos Educativos
  - Sinatura electrónica de propostas por parte dos distintos actores que participan no proceso.
  - Conexión co servizo do Ministerio para comunicar títulos a expedir e obter número de rexistro estatal.
  - Descarte de propostas con tramitación iniciada.
  - Mantemento da lexislación que aplica aos títulos con histórico de lexislación por título.
  
- Sistema de información de xestión dos centros concertados e privados (Centrosprivados)
  - Actualización de tipos de porcentaxes de cotización.
  - Maternidades e paternidades fraccionados.
  - Bloquear notificacións en situacións de LM.
  - Optimizar pantalla de consulta de partes.
  - Avisos de baixas por IT de máis de 545 días.
  - Melloras na presentación de información sobre unidades concertadas en cada centro.
  - Novo anexo de planificación fiscal.
  - Manual de usuario de concertos.
  - Xestión de unidades mixtas, que afectan a diferentes cursos, diferenciadas de unidades para un único curso.
  - Informe de solicitude dinámico, máis longo en función do número de unidades solicitadas.
  - Melloras nos anexos para DOG coa resolución de solicitudes de renovación de concertos.
  - Exportacións de datos con solicitudes e expedientes.
  - Reverter estado dun expediente.

- Sistema de información de xestión das acreditacións de competencias profesionais (Acreditación). O alcance da evolución deste sistema está pendente da concreción dos cambios previstos no 2023, especialmente no tocante á nova normativa aínda non publicada, e pode precisar da sinatura dun acordo de colaboración específico. Entre as iniciativas identificadas, están
  - Adaptación a nova normativa que previsiblemente derogará o actual Real Decreto que regula o procedemento.
  - Creación de informe de resolución de reclamacións contra a avaliación.
  - Xeración de exportacións con datos para xestión económica.
  - Eliminar o requisito de validar certificados.
  - En función da capacidade dos equipos de desenvolvemento asumiranse tarefas adicionais, como:
    - Expediente electrónico en ARPAD, integración con Portasinasaturas, Notifica e cliente de pago de taxas de ATRIGA.
    - Melloras na usabilidade. En concreto propónse unha nova pantalla consultable por usuarios xestores de centros con información as diferentes solicitudes que presentou un candidato, engadir filtros de datas nas pantallas que sexa necesario, filtrado de solicitudes xa tramitadas...
    - Permitir o traslado de expedientes entre sedes ou eliminación da dependencia de sedes nas fases que se determine.
    - Modificar a xestión de comisións de avaliación en función do que se determine na nova normativa. Avaliación por parte de avaliadores en lugar de comisións.
    - Integración co Rexistro Estatal de Acreditacións de Competencias Profesionais Adquiridas por Experiencia Laboral que segundo a normativa actual estará dispoñible durante 2023.
    - Sistema de xestión da oferta con estándares de competencia en lugar de Unidades de Competencia.
    - Xerar un sistema de alertas aos distintos usuarios sobre as tarefas para realizar e os trámites para cumprimentar.
  
- Programacións de FP
  - Adaptación á nova normativa de ordenación de FP.
  
- Inventario
  - Implantación en centros educativos
  - Xerar novos informes para explotar a información de inventario.
  - Permisos específicos para xefes de departamento de CIPP.
  - Xerar etiquetas para identificar o material inventariado.
  
- Dotacioncentros
  - Novos informes de caracterización.
  
- uptcentros
  - Nova funcionalidade para poder simular varios catálogos para un mesmo ano con diferentes configuracións ratios, orixen de datos.

- Nova opción de xerar o catálogo con datos de upt ou datos de xade.
  - Nova opción para a exportación de datos para CADP.
  - Novo campo de nº de espazos dispoñibles.
- Sistema de información de xestión da admisión a centros educativos (ADALE)
- Adaptación á orde de convocatoria de decembro do 2022.
  - Xestión de solicitudes inter-concellos/inter-provincias
  - Adaptacións da xestión de adxudicacións subsidiarias
  - Traspaso de documentación inter-centros por vía electrónica
  - Reelaboración do cadro de mando
  - Xestión polos directores dos permisos de acceso de administrativos
- Sistema de xestión económica (GASFUN)
- Desenvolvemento de convocatorias, anos, aplicacións, proxectos para os centros concertados.
  - Documentos contables: ad , ok , ad-ok e xestión económica para os centros concertados.
  - Informes para a xestión económica de centros concertados
- Xecocentros:
- Nova especificación nos gastos de funcionamento.
- Sistema de información de xestión da admisión a ciclos educativos (Ciclosadmission)
- É preciso actualizar esta aplicación para dar soporte aos cambios recollidos ou derivados da implantación da Lei 3/2022 de Ordenación e Integración da FP
  - Ampliación de funcionalidade do procedemento de acceso a FP Básica
  - Comunicación de datos con outras aplicacións
    - ◦ Con Xade: acceso e matrícula da FP Básica
    - ◦ Con Xade: acceso e matrícula da FP Dual – Convenios de FP Dual
    - ◦ Con FCT: comunicación desde FCT da oferta educativa de FP Dual
    - ◦ Con Rexistro de Centros: comunicación da oferta educativa de Ciclos Formativos
    - ◦ Con DotaciónCentros: comunicación da oferta educativa de Ciclos Formativos
  - Novos informes de xestión da proposta de oferta educativa de FP
  - Estudo da xestión de acceso a novas ensinanzas de "Certificados de profesionalidade"
- Sistema de información de xestión das probas de acceso a ciclos educativos (Ciclosprobas)
- Pendente do posible impacto do inminente decreto de ordenación da formación profesional (do Ministerio de Educación).



- Sistema de xestión da FCT e da FP dual
  - Análise dun novo procedemento para dar de alta na Seguridade Social ao alumnado participante e liquidación da correspondente cotización.
  - FP Dual: análise da transformación do módulo da FCT para pasar a un modelo de formación nas empresas similar ao actual de FP Dual.
  - Inicio do desenvolvemento dos puntos anteriores co gallo de que estean operativos para o curso 2024-25
  
- Sistema de xestión da enquisa de convivencia (ConvivenciaXestión)
- Automatización da xeración de "tokens" (permisos anónimos para participar na enquisa)
  - Carga de novos cuestionarios para convocatoria 2023
  - Revisión das explotacións de datos e informes publicables
  - Adaptación a novo perfilado de colectivos enquisados
  - Melloras de información e "usabilidade" no interface e nos documentos, en particular dos "tokens".
  
- Educalidade
  - Novas funcionalidades na xestión de plans, xestión documental e non conformidades
  - Configurar e poñer en produción plans e documentos para os centros.
  
- Fprofe. Este sistema ten unha elevada carga de traballo derivada da implementación da acreditación da competencia dixital docente.
  - Rematar a implementación da acreditación CDD.
  - Adaptación da formación ao novo modelo de Competencias Profesionais Docentes.
  - Extracción de información da aplicación (informes, exportación de información coma csv...).
  - Adaptación á estrutura de separación de actividades con FP.
  
- Proens
  - Avaliación de competencias e a súa conexión con Xade.
  - Adaptación curricular individualizada.
  - Programación de aula.
  - Integración con Xade para configurar os boletíns de notas de educación infantil.
  - Novas funcionalidades da pantalla e informe de seguimento.
  - Mellora de funcionalidades existentes: crear programacións por ámbitos e para distintos réximes, recuperar o concepto de programación de traballo, filtros de busca.
  
- Sistema de información de xestión das Oposicións aos corpos docentes
  - Desenvolvemento e soporte aos procesos de estabilización na aplicación OPOEDU

- Sistema de información de xestión de Persoal docente
  - Adaptación da aplicación para o correcto funcionamento cos novos corpos e especialidades derivadas da integración do corpo de PTFP en 590 e a creación do corpo 598.
  - Nova funcionalidade para poder consultar e engadir documentación asociada a determinados méritos.
  - Modificación do ficheiro M1 de nomeamentos de funcionarios de carreira para seu correcto funcionamento coas persoas seleccionadas no proceso de estabilización por concurso.
  - Melloras na aplicación datospersoais co obxecto de automatizar a solicitude de recoñecementos de formación e restrinxir a entrada de datos por parte dos usuarios.
  
- Transporte escolar
  - Intercambio de datos co sistema SAEGAL
  - Mellora da sincronización cos datos das rutas de Mobilidade.
  - Carga de datos de remodelación das rutas por parte da consultora.
  
- Comedores escolares:
  - Xestión propia da aplicación de comedores para o curso 2022-2023
  - Automatización da comprobación de renda dos usuarios de comedor no principio de curso.
  - Acceso dos centros os datos de comprobación de renda para poder facer as correccións pertinentes nos datos da aplicación.
  
- Sistema de información de xestión do concurso de adxudicación de destinos provisionais (CADP)
  - Adaptación da aplicación para o correcto funcionamento cos novos corpos e especialidades derivadas daa integración do corpo de PTFP en 590 e a creación do corpo 598
  
- Sistema de información de xestión das substitucións de persoal docente (Substitutos)
  - Adaptación da aplicación para o correcto funcionamento cos novos corpos e especialidades derivadas da integración do corpo de PTFP en 590 e a creación do corpo 598.
  - Soporte á resolución das adxudicacións de destinos provisionais.
  
- Sistema de información de xestión do concurso xeral de traslados (CXT)
  - Soporte á resolución dos concurso de secundaria, primaria e orientación 22/23
  - Adaptación da aplicación para o correcto funcionamento cos novos corpos e especialidades derivadas da integración do corpo de PTFP en 590 e a creación do corpo 598.
  - Soporte ao concurso de directores 2023
  - Soporte aos concurso de secundaria, primaria e orientación 23/24

- Portais:
- Con prioridade máxima, a revisión integral do portal educativo segundo os requirimentos de Gabinete.
  - Outras tarefas condicionadas ao alcance do punto anterior:
    - Migrar o portal FP a unha nova versión baseada no arquetipo Drupal 9.
    - Crear o Portal Formación: portal de Formación, CAFI e CFRs baseado no arquetipo Drupal 9.
    - Portal Bibliotecas Escolares: Publicación en Producción da nova versión do portal de Bibliotecas baseado no arquetipo Drupal 9.
    - Crear Portal para o Ciedix
    - Crear espazo web "Lenzo" dentro do repositorio de contidos para almacenar diferentes tipos de recursos e arquivos.
    - Crear espazo web "Ágora Dixital" dentro do portal espazoAbalar para xestionar 6 LAB
    - Actualizar o portal de Atención á diversidade.
    - Crear espazo web "CREAGal" dentro do repositorio de contidos para almacenar recursos exelearning.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.4.2. Evolucionar o servizo de atención e soporte aos usuarios dos sistemas de información do ámbito educativo.

**Descrición:** Soporte aos usuarios de sistemas de información e tecnoloxías da información e comunicación, tanto ante incidencias tecnolóxicas, como ante dúbidas funcionais cos sistemas de información e o seu uso

**Actividades 2023:** → Seguimento dos servizos da unidade de atención a centros, soporte in situ e soporte premium.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.4.3. Evolucionar os sistemas de información de xestión de programas, plans, convocatorias, etc.

**Descrición:** Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte aos distintos procesos de xestión de convocatorias, plans, programas, etc. que son responsabilidade da Consellería.

**Actividades 2023:** → Sistema de información de xestión do fondo solidario de libros de texto (Fondolibros)

- Eliminación da xestión extraordinaria de "axudas de material complementarias"
- Coordinación con Xade das baixas de matrícula

- Revisar o procedemento e interface de usuario das xustificacións de adquisición de libros
  - Adxudicación e xeración de vales de importes diferentes en función da renda
  - Identificación de libros mediante ISBN
  - Mellora na xestión de traslados de alumnos
  - Revisión da xestión das "seccións bilingües" e programas plurilingües.
  - Revisión de informes.
- Sistema de axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras (AxudasLE)
    - Implementación dun procedemento excepcional de xestión de reserva de prazas para beneficiarios da convocatoria anterior (2022)
    - Revisión e actualización dos sistemas de comprobación telemática por medio de Pasaxe
    - Actualización da conexión con Xade (por mor da supresión da convocatoria de setembro)
- Sistema de información de xestión das probas de obtención de carnets e habilitacións profesionais (CHP)
    - Sinatura electrónica masiva de certificados
    - Opcións de notificación para os cidadáns
    - Comunicación automática con Notifica
    - Comunicación de datos con outras aplicacións
    - Coa Consellería de Industria: comunicación de carnés concedidos
- Programas Educativos
    - Revisión da aplicación
- Bibliotecas Escolares
    - Xestión de Solicitudes dos programas de Bibliotecas para os centros concertados.
    - Memorias dos programas de centros públicos.
    - Panel de datos estatísticos de participación nos programas de Bibliotecas.
    - Xestión de visitas ás Bibliotecas dos centros educativos.
    - Xestión do préstamo de Maletas Viaxeiras.
    - Xestión na entrega de Bolsas/mochilas ós centros.
- Nova aplicación de xestión do programa de auxiliares de conversa, condicionada a un acordo de colaboración.
    - Arranque do desenvolvemento da aplicación

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.4. Evolucionar os sistemas de información de xestión do sistema universitario.</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte á xestión dos procesos propios da S.X. de Universidades, incluída a xestión da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU)
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Sistema de información de xestión do acceso ao Sistema Universitario de Galicia (Nerta)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión probas ABAU e acceso universidade ano 2023, adaptación cambios normativa</li> <li>• Novo sistema de traspaso de datos de alumnos de bacharelato XADE a NERTA</li> <li>• Posta en marcha de servizos web para intercambio de datos de alumnos FP XADE a NERTA</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.5. Dar soporte aos centros educativos no uso dos recursos tecnolóxicos.</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte aos usuarios de sistemas de información e tecnoloxías da información e comunicación, tanto ante incidencias tecnolóxicas, como ante dúbidas funcionais cos sistemas de información e o seu uso
<b>Actividades 2023:</b>	<p>Entre as principais actuacións son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ • Soporte remoto a incidencias tecnolóxicas</li> <li>→ • Soporte presencial a incidencias tecnolóxicas</li> <li>→ • Soporte remoto a dúbidas ou cuestións funcionais nos S.I.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.4.6. Desenvolver solucións de análise e axuda á toma de decisións no ámbito da educación.</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos distintos sistemas de información que dan soporte ás solucións de axuda á toma de decisións na Consellería.
<b>Actividades 2023:</b>	Neste 2023 contratarase o desenvolvemento dun novo sistema de información que asumirá todas as tarefas de analítica de datos transversais do eido educativo, con capacidade predictiva. Permitirá a integración nun único sistema de todas as variables estatísticas que actualmente se recaban dende o DRD e dende as diversas aplicacións de xestión, e permitirá a incorporación de funcionalidades avanzadas de interpretación e explotación da información. A previsión para este ano é ter unha primeira versión en produción dos ámbitos de centros, alumnado e profesorado.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas para a xestión dixital da Educación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de sistemas de xestión educativos mantidos e evolucionados</li> </ul>	<b>127</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Obxectivo: ter en produción un sistema de análise integral da información do eido educativo con capacidade predictiva</li> </ul>	<b>Si</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Obxectivo: Ter en desenvolvemento un novo sistema de información de xestión das solicitudes de equipamento TIC (catálogoTIC) nos centros educativos, con intercambio de información co almacén e co inventario dos centros.</li> </ul>	<b>Si</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número anual de solicitudes atendidas polos equipos de atención ao usuario (UAC e Premium)</li> </ul>	<b>84.000</b>

## 2.5 Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias

Este programa engloba o conxunto de medidas dirixidas a mellorar a xestión dixital do transporte e da rede de estradas competencia da Xunta de Galicia. As principais liñas de actuación van dirixidas a fomentar unha administración dixital, a dixitalización da estrada e a súa contorna e o desenvolvemento de novas ferramentas de xestión. Estas melloras facilitarán a xestión da información e a toma de decisións por parte da administración e mellorarán a calidade dos servizos ofrecidos aos cidadáns e ás empresas do sector.

### Obxectivos

- Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia.
- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información de xestión do transporte público.
- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información para a xestión das inspeccións e sancións en materia de transporte.
- Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.5.1. Evolucionar e integrar os sistemas de información de xestión das infraestruturas viarias de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) dispón de varias aplicacións para a xestión das infraestruturas viarias de titularidade da Xunta de Galicia. En xeral, os aplicativos están desenvolvidos en tecnoloxías e arquitecturas obsoletas, dispoñen dunha débil integración con outros sistemas existentes e xestionan a información de forma illada a outras aplicacións e departamentos aos que dan servizo. Faise por tanto necesario a execución dos proxectos recollidos no plan tecnolóxico de modernización dos sistemas de información no eido da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), e na Estratexia para a Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia da Axencia Galega de Infraestruturas.
<b>Actividades 2023:</b>	As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes: <ul style="list-style-type: none"><li>→ Posta en marcha, soporte e mantemento da aplicación EXOPA para o control e mantemento das obras de paso e noiros situados nas estradas titularidade da</li></ul>

Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Elaboración e licitación dun novo prego para o desenvolvemento de novas funcionalidades no proxecto EXOPA entre as que destacan o rexistro e xestión dos noiros.

- Desenvolvemento de novas funcionalidades e soporte na aplicación XESTA (sistema de xestión de actuacións e expedientes da AXI) entre as que destacan: as integracións con Notific@, P\_INFORMES. Elaboración dun novo prego para o soporte e desenvolvemento de novas funcionalidades entre as que destacan: a integración con outras ferramentas corporativas (Plation, Sede electrónica ou Rexel), desenvolvemento ou integración dun módulo XIS e os procedementos de carga e actualización da información xeográfica, automatización de procesos, desenvolvemento dun cadro de mando e actualización e elaboración de novos informes e listados.
- Desenvolvemento de novas funcionalidades e soporte da aplicación EXCON (xestión de expedientes de conservación de estradas).
- Desenvolvemento de novas funcionalidades e soporte da aplicación SITEX para a xestión dos expedientes de expropiación en estradas titularidade da AXI, entre as que destacan as integracións con Portasinaturas e Notific@ e a xestión de plantillas e firmantes. Elaboración dun novo prego para o desenvolvemento de novas funcionalidades no proxecto SITEX. Entre as melloras que se recollerían na nova licitación poden salientarse a integración co resto de ferramentas de administración electrónica da Xunta de Galicia (Rexel, Sede Electrónica,...), a xestión documental integral, dende a propia aplicación, de toda a documentación das expropiacións, e melloras da experiencia de usuario (melloras de interface, integración XIS, acceso dos expropiados, ferramenta para o traballo de campo, etc).
- Implantación, soporte e mantemento dun sistema de información para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto (XEXPRO) para o Xurado de Expropiación de Galicia (XEG).
- Soporte e mantemento evolutivo do sistema CEERAE, de consulta dos expedientes dixitalizados de expropiacións da rede autonómica de estradas de Galicia que se están a dixitalizar baixo o contrato de servizo para a realización de: dixitalización e vectorización dos expedientes de expropiacións da rede autonómica de estradas de Galicia, de clave GA/21/074.09.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.5.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información de xestión do transporte público.

**Descrición:** Os sistemas de información do Sistema de Información do Transporte Metropolitano de Galicia (SITME e SITBUS), son as pezas centrais do funcionamento do transporte público de Galicia e da relación entre as empresas de transportes, os viaxeiros, a administración autonómica, a administración local, e a entidade bancaria colaboradora. Polo tanto, o seu funcionamento operativo é imprescindible tanto desde o punto de vista da operatividade do sistema de transporte como dende



o punto de vista financeiro (colectas, pagos, compensacións, ...), así como a evolución para a adaptación de novas funcionalidades, novas zonas de transporte, novos concellos ou operadores. Neste senso, o maior desafío para os sistemas actuais é o relevo tecnolóxico representado pola Oficina do Transporte (OTRANS) e a implantación da Área Única de Transporte de Galicia, que conlevará a extensión do modelo de transporte público en áreas metropolitanas a todo o territorio da comunidade autónoma.

- Actividades 2023:** As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes:
- Adaptación e evolución do sistema para permitir a xestión da Área Única de Transporte de Galicia: (xestión de tráfico, recálculo de transbordos, cálculo de bonificacións, excepcións de saída e imputacións de custe ás diferentes Administracións implicadas).
  - Implantación dunha nova versión de mestres v6.
  - Cálculo de imputacións aos concellos que forman parte do Plan Metropolitano do ano 2022.
  - Monitorización do correcto funcionamento da plataforma (procesamento de colectas, informes quincenais/mensuais, cálculo de bonificacións sociais e recorrencia).
  - Elaboración de informes derivados dos servizos de interese municipal (SIMU) de Ames, Arteixo, Cambre e Nigrán.
  - Soporte aos convenios de Barbadás, Pontevedra, Ribeira e Santa Cristina.
  - Cálculo dos descontos aos usuarios da tarxeta Xente Nova e aos colectivos que se benefician de políticas sociais no transporte.
  - Cálculo da recorrencia interurbana e metropolitana.
  - Cálculo de bonificacións metropolitanas e compensacións derivadas dos descontos do 30% e do 20% que financian o estado e a Xunta respectivamente, sobre o prezo dos billetes de transporte interurbano.
  - Explotación de datos e elaboración de informes á medida.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.5.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte nos sistemas de información para a xestión das inspeccións e sancións en materia de transporte.

**Descrición:** Evolucionar e manter os sistemas de xestión das autorizacións e procedementos en materia de transporte.

- Actividades 2023:** As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes:
- Mantemento e soporte do sistema de xestión de expedientes sancionadores en materia de transporte (IURISTRANS). Rexistro de pagos realizados por vía executiva.

- Implantación dunha capa de servizos en IURISTRANS coas funcionalidades requiridas por a aplicación NSGE de tramitación de sancións do Ministerio.
- Elaboración dun mapa de procesos da subdirección xeral de inspección do transporte. Definición dos sistemas de información necesarios que melloren a eficiencia e eficacia da labor inspectora en materia de transportes.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.5.4. Desenvolver e implantar novas funcionalidades nos sistemas de tramitación e rexistro de autorizacións.

**Descrición:** A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dispón de varios procedementos na sede da Xunta de Galicia, que son tramitados manualmente ou a través de aplicacións desenvolvidas en tecnoloxías e arquitecturas obsoletas, sen evolución tecnolóxica nin integración cos sistemas de administración electrónica. No ano 2021, iniciouse un proceso de migración destes procedementos á aplicación Tramita que permite unha tramitación electrónica completa e integracións cos sistemas de administración electrónica e outros sistemas sectoriais.

- Actividades 2023:** As principais actuacións a levar a cabo son as seguintes:
- Mantemento evolutivo e soporte en Tramita dos procedementos:
    - IF204A - Autorización para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade, así como os cambios de uso, na zona de dominio público viario e/ou nas zonas de protección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto accesos.
    - IF205C - Consulta previa de viabilidade dunha autorización.
    - IF205D - Autorización de novo acceso, cambio de uso ou reordenación dun acceso existente na rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
    - IF206B - Informe de usos especiais da estrada.
    - IF303A - Axudas para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi ECO.
    - IF318B - Subvencións para a actividade de achatarramento de vehículos.
    - IF321A - Reclamación de responsabilidade patrimonial en materia de infraestruturas, mobilidade e augas
    - IF321H - Declaración responsable para a realización de obras menores de conservación e mantemento das edificacións, instalacións e peches situados na zona de servidume ou na zona de afección das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Implantación na aplicación Tramita da tramitación electrónica dos procedementos:
    - IF310A Probas dirixidas á obtención do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril.

- IF312A - Probas de constatación da competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte.
- IF320A Inscripción no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo e a súa renovación.
- IF320B Modificación, supresión, suspensión ou levantamento da suspensión de servizos inscritos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.
- IF320C Modificación de datos identificativos no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Marítimo.
- IF321C Recurso en materia de mobilidade.
- Orde pola que se convocan subvencións para a modernización de empresas privadas de transporte de viaxeiros prestadoras de servizos de transporte por estrada e de empresas privadas que interveñen no transporte de mercadorías por estrada, na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea- Next Generation EU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2023 e 2024 (IF325A, IF325B, IF325C, IF325D, IF325E, IF325F, F325G, IF325H, IF325I).
- Novo procedemento de subvencións a centros de formación CAP.
- Mantemento evolutivo e soporte do sistema de pago de taxas no dominio público viario (ODOPU2). Validación das taxas calculadas por o cambio de ano antes da súa publicación.
- Migración dos datos dos expedientes de autorizacións nas estradas autonómicas que se atopan aloxados na aplicación SXPA, anterior a Tramita, para o seu arquivo, e desenvolvemento ou adaptación dunha nova aplicación de consulta deses datos, que podería estar integrada con Tramita.
- Desenvolvemento e adaptación dunha nova aplicación que permita a busca, filtrado, consulta, visualización e descarga dos documentos dixitalizados dos expedientes de autorizacións nas estradas autonómicas.
- Mantemento evolutivo e soporte do sistema de xestión e tramitación de expedientes de reclamación á Xunta Arbitral (XARBIT) e da plataforma de formación para a certificación de profesionais do transporte (CERTRA).
- Soporte á convocatoria de 2023 do programa de axudas para mercar bicicletas eléctricas de pedaleo asistido (eBICI).
- Comezar os evolutivos derivados da revisión técnica e funcional do Rexistro de licenzas e autorizacións interurbanas de Taxi (RTAXI) co obxectivo de identificar melloras de usabilidade e integrar o rexistro coas ferramentas de administración electrónica da Xunta. Implantación do procedemento de visado de licenzas, reservado no ano 2023 aos concellos.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas para a xestión dixital do transporte e das infraestruturas viarias</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Posta en marcha dun sistema de información para a tramitación de expedientes de determinación de prezo xusto do Xurado de Expropiación de Galicia (XEXPRO)</li></ul>	<b>Si</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Contratos de transporte público interurbano nos que está implantado o mestre de oferta versión 6</li></ul>	<b>60</b>

## 2.6 Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio

Este programa engloba o conxunto de actuacións dirixidas a mellorar a xestión do medio ambiente e do territorio a través do desenvolvemento de novas funcionalidades e servizos tecnolóxicos nos sistemas de información e xestión da Xunta de Galicia. Estas medidas permitirán mellorar a xestión da información e a toma de decisións por parte da Administración para aumentar a calidade dos servizos ofrecidos aos cidadáns e ás empresas e para coordinar a conservación da biodiversidade e os recursos do territorio galego.

### Obxectivos

- Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica e cambio climático.
- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo.
- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia.
- Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>2.6.1. Evolucionar os sistemas de información meteorolóxica e cambio climático.</b>
<b>Descrición:</b>	Os sistemas de información de predición e difusión de información meteorolóxica e cambio climático son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
<b>Actividades 2023:</b>	Entre as principais actuacións a levar a cabo destacan as seguintes: <ul style="list-style-type: none"><li>→ Desenvolvemento e publicación do novo portal web para Meteogalicia, cunha imaxe renovada, máis usable e accesible, o que supón finalizar os proxectos W_METEO2, METEO2_WS e METEO2_EDITOR. Ademais, actualizaranse á imaxe corporativa e novo deseño os restantes proxectos do actual portal: W_METEO_OBSERBA e W_METEO_MODELOS.</li></ul>

- Implantación das novas funcionalidades de METINT\_CAIRE na infraestrutura corporativa que permitirá dar de baixa o proxecto CMSAIRE.
- Colaboración na xestión e seguimento de proxectos en materia de meteoroloxía e calidade do aire, e a súa adaptación e migración á infraestrutura corporativa da Amtega.
- Mantemento evolutivo e soporte da aplicación móbil de Meteogalicia, coa renovación do apartado de Calidade do Aire, melloras no apartado de Concellos e nas imaxes de radar e satélite.
- Mantemento e soporte dos portais web do pacto das alcaldías para o clima e a enerxía (W\_PACTO) e da alianza galega polo clima (W\_ALICLI).
- Mantemento e soporte da aplicación OraLIMS (xestión de laboratorios).
- Actualización do plan de Modernización Tecnolóxica elaborado no ano 2017 neste ámbito.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.6.2. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo.

**Descrición:** Os sistemas de información de ordenación do territorio e urbanismo son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.

- Actividades 2023:**
- Mantemento e soporte da aplicación de xestión de expedientes urbanísticos (SXEU) e do Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia (REXPLA).
  - Mantemento e soporte da aplicación SINDOC (sinatura desatendida de documentos urbanísticos).
  - Mantemento e soporte da aplicación AUPAC, tramitador de expedientes da Axencia para a Protección da Legalidade Urbanística (APLU) e do seu portal web (W\_APLU).
  - Desenvolvemento dun novo tramitador de expedientes para a APLU.
  - Evolución da aplicación IURIS 2 para a xestión dos pagos por sancións e multas da APLU.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.6.3. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación da biodiversidade e da xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia.

**Descrición:** Os sistemas de información para a xestión da conservación da biodiversidade e para xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas de Galicia son elementos

críticos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.

**Actividades 2023:**

Entre as principais actuacións a levar a cabo destacan as seguintes:

- Mantemento evolutivo e soporte dos sistemas seguintes ás convocatorias 2023:
  - xestión dos plans de ordenación cinxética (POC) e plans anuais de aproveitamento cinxético (PAAC). Procedementos MT720A e MT720B respectivamente.
  - xestión do sorteo de permisos en coutos de pesca fluvial en Galicia (MT807E).
  - xestión de autorizacións para a pesca de lamprea nas pesqueiras do río Ulla (MT823A) e río Tea (MT823B).
- Desenvolvemento dun sistema integral para a xestión de permisos en coutos de pesca con capacidades XIS (XESCOP) que substitúa ás aplicacións actuais (SORCOU e PERCOU).
- Continuarase coa integración das diferentes ferramentas de Administración Electrónica (arpad, rexel, sede, notifica, portasinaturas, pasaxe, etc) na aplicación XILAX, que permite a xestión dos procedementos:
  - xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos por o lobo (MT809B).
  - xestión de axudas económicas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas (MT809E).
  - xestión de axudas para paliar os danos ocasionados polo oso pardo (MT815A).
- Incorporación do procedemento administrativo MT809D de axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre á aplicación Tramita para a súa xestión electrónica.
- Mantemento evolutivo e soporte do sistema de emisión e renovación de licenzas de caza e pesca de Galicia (LICAPE).
- Desenvolvemento dunha aplicación móbil para a comunicación dos resultados das cacerías.
- Mantemento evolutivo e soporte do Rexistro Galego de Identificación de animais de compañía (REGIAC). Adaptación á custodia compartida dos animais.
- Desenvolvemento do Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (REGANUZ).
- Levarase a cabo unha actualización do plan de Modernización Tecnolóxica elaborado no ano 2017 neste ámbito.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

<b>Actividade:</b>	<b>2.6.4. Desenvolver novas funcionalidades e dar soporte aos sistemas de información de xestión da conservación e promoción do patrimonio natural de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	Os sistemas de información para a xestión, conservación, promoción e difusión de espazos naturais protexidos son elementos estratéxicos, e polo tanto é preciso manter a súa operatividade, e realizar sobre eles as accións correctivas e evolutivas necesarias.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>Entre as principais actuacións a levar a cabo, destacan as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Desenvolvemento evolutivo no sistema de información para a emisión de autorizacións de acceso ao parque nacional das Illas Atlánticas (ILLASR). Entre as novas funcionalidades a desenvolver destaca a xestión de autorizacións de fondeo e mergullo que se atopa en estado de análise.</li> <li>→ Soporte e mantemento do sistema de control de acceso á praia das Catedrais (MONATR).</li> <li>→ Soporte e mantemento do sistema integrado da información sobre a localización e seguimento das especies de flora e fauna silvestres en Galicia (SILESP).</li> <li>→ Desenvolvemento do novo portal de patrimonio natural que vai a integrar contidos de: espazos protexidos (antigo portal de Galicia natural e única, biodiversidade, educación ambiental, animais domésticos e salvaxes en cativeiro, caza e pesca fluvial).</li> <li>→ Soporte e mantemento dos portais web da reserva da biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés (W_XURES) e do Parque Nacional das Illas Atlánticas (W_ILLAS).</li> <li>→ Desenvolvemento do sistema de información para a emisión de autorizacións de acceso, fondeo e atraque no illote Areoso (AREOSO) e outros espazos naturais.</li> <li>→ Levarase a cabo unha actualización do plan de Modernización Tecnolóxica elaborado no ano 2017 neste ámbito.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas para a xestión dixital do Medio Ambiente e do territorio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación do novo portal web para meteogalicia</li> </ul>	<b>Si</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En desenvolvemento un novo sistema para a xestión integral da pesca fluvial en Galicia</li> </ul>	<b>Si</b>



## 2.7 Medidas para a xestión dixital do sector primario

Este programa aglutina o conxunto de actuacións dirixidas a mellorar e impulsar a xestión dixital do sector primario en relación ás actividades relacionadas coa agricultura, a gandaría, a xestión forestal e dos incendios, a pesca e a acuicultura, e o desenvolvemento rural.

Concentra os seus esforzos no soporte e desenvolvemento de sistemas e novas funcionalidades para a xestión de cada un dos sectores, facilitando o exercicio das competencias da administración galega neste eido, a xestión de axudas e instrumentos co sector e a toma de decisións e elementos de planificación estratéxica para o mesmo.

### Obxectivos

- Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.
- Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito forestal.
- Incluír funcionalidades avanzadas nos sistemas de xestión de extinción de incendios.
- Impulsar e facilitar o emprego dos novos instrumentos dixitais para o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia.
- Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios e do mar galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade.
- Apoiar no impulso do desenvolvemento tecnolóxico do sector agroalimentario e nas actividades de I+D+i desenvolvida nos eidos agrario e forestal.
- Evolucionar os sistemas de información de xestión da Plataforma Tecnolóxica da Pesca.
- Modernizar os sistemas de información da xestión formativa dos ámbitos pesqueiro e agroforestal.
- Pór en marcha sistemas transversais que permitan a xestión agregada da información.
- Impulsar e facilitar a xestión do novo Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA) e do resto de fondos asociados á Política Agraria Común (PAC).

### Actividades:

<b>Actividade</b>	<b>2.7.1. Desenvolver sistemas para a xestión do ámbito agrícola e gandeiro e dar soporte aos existentes.</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte e evolución dos sistemas de xestión e control do eido de produción agropecuaria, con particular fincapé do novo sistema integral para gandaría, e outros novos sistemas para este ámbito
<b>Actividades 2023:</b>	→ Continuará a implantación do novo sistema integral de xestión do ámbito de gandaría (XESGAN), que permitirá consolidar a migración desde a

situación actual cara a un novo sistema renovado desde os puntos de vista tecnolóxico, funcional e de usabilidade. No 2023 porase en marcha o módulo que permite a xestión dos movementos gandeiros en Galicia; así como os Traballos de integración coa nova Oficina Virtual de Gandaría.

- Iniciarase o proxecto cara á definición de Lonxa Virtual do Gando, que pretende definir un modelo que facilite a xestión e poxa dixital nas feiras de gando de Galicia, así como a trazabilidade.
- Melloras e optimización na usabilidade e funcionalidades da Oficina Agraria Virtual, Rexistro de Explotacións Agrarias e apoio ás adegas na xestión dos libros de rexistro e contabilidade vitivinícola, entre outras.
- Avanzarase no novo **sistema de xestión no eido de produción vexetal**; desenvolvendo o plan de control e finalizando o desenvolvemento do módulo público.
- O **sistema de xestión das axudas destinadas a melloras estruturais en explotacións agrícolas**, recibirá un importante pulo e completarase a funcionalidade arrancada co emprego por primeira vez deste sistema no 2022: cálculo puntuacións, xestión de anticipos e prórrogas, explotación de datos, perda dereito a cobro e cambios investimentos, xestión desestamentos, xestión de recursos, integracións e actualización tecnolóxicas; mellorando tamén a integración coa sede electrónica.
- Cómpre abordar **capacidades de edición gráficas no Rexistro Vitícola (RV)**, como Ferramenta que permita consultar e actualizar a ficha vitícola alfanumérica e os rexistros gráficos asociados (parcelas vitícolas). Deste xeito realizaríase unha actualización da información alfanumérica das parcelas e da capa gráfica segundo os distintos procedementos que se vaian tramitando (Arranques, Plantacións, Modificacións) de maneira que os cambios queden trazados.
  - En 2023 acometerase na contorna do proxecto de Xestión de Explotacións Agrarias (XEAGA): a Consulta do Rexistro Vitícola; a Alta, Baixa, Modificación gráfica DGCs de Viñedo; Actuacións viñedo (sen tramitación administrativa): Arrinca, Plantación, Reestruturación, Poda, Colleita/Vendima; Declaracións de colleita (só viticultor) en conexión coa Sede electrónica. Tamén se implantará un acceso en OPA que mostre a capa de viñedo que se vai xerando en SIXPAC (revisión de parcelas) e XEAGA, debida a altas, baixas e modificación nas que se indique o motivo destas acción (por exemplo, Baixa de una parcela por unha arrinca)
  - Convergencia do RV coa ferramenta REAGA, que de xeito automático se interconecta con XEAGA
  - Capacidades de consulta alfanumérica e gráfica (só parcelas con referencia SIXPAC en REAGA) do RV, permitiría realizar modificacións gráficas na capa de viñedo polo titular da explotación (expediente de modificación). Para poder abrir expedientes de viñedo en interconexión co RV sería necesario desenvolver un novo sistema (RV) tecnologicamente actualizado e con compoñente gráfica.

- Evolución de sistemas para unha xestión máis eficiente das **axudas da Política Agraria Común (PAC), co obxectivo posto no novo período 2023\_2027 (PEPAC)** así como para o cumprimento das obrigas de seguridade da Comisión Europea de seguridade na xestión destes fondos.
  - Apoio na xestión contable destes fondos – desenvolvemento dun modelo de compartición e evolución conxunta con organismos pagadores doutras comunidades autónomas do sistema desenvolto en Galicia; e incorporación de evolucións no eido de básicos, medidas/submedidas FEAGA, recursos, eventos e avisos, parametrización, novas figuras xurídicas, declaración de irregularidades, ficheiros de poboacións, cambios en estatísticas PDR, servizo de petición de fondos e carga de ficheiros, automatizacións, etc
  - Implantación das ferramentas e apps vencelladas ás axudas da Política Agraria Común (SGA) – unha vez acadada a universalización da monitorización continua das superficies implicadas nas axudas: inclusión de SgaFoto en Sga@pp; posta en marcha da nova ferramenta de controis de campo (SGACIM) e actualización dos dispositivos (tablets) para os mesmos
  - Mecanismos de interconexión e implantación dos sistemas de información autonómicos e os módulos SGAREX/SGACEX, na contorna do Sistema de Información de Explotacións (SIEX): Finalizar a configuración de SGA para completar a súa interconexión con SIEX, de forma que permita o envío da información cara a esta plataforma de ámbito nacional
  - Tamén se utilizará por primeira vez o módulo de xestión das axudas agroambientais (medio ambiente e clima) de SGA; substituíndo á anterior aplicación propia
- Trala recente posta en marcha da nova aplicación de Consulta e Rexistro de Recursos Xurídicos para o FOGGA, melloraránse no 2023 diversas funcionalidades solicitadas polos responsables de xestión
- Apoio nas actividades de soporte de Seguridade para os sistemas de información que dan servizo ao FOGGA no eido da xestión PAC, con particular énfase no desenvolvemento de actividades formativas (plataforma de teleformación) e a actualización de procedementos e valoracións
- Relacionados co control leiteiro, recollida e envío de mostras e análises e control de sacrificio do gando, destacan cara a 2023:
  - Control oficial do rendemento leiteiro: Posta en marcha da aplicación e Reestruturación do Portal do gandeiro

- Adaptación e extensión da nova aplicación para o sacrificio de gando no matadoiro móbil a pequenos matadoiros; e adaptacións para a consulta dos veterinarios de saúde pública
  - Na Ficha de campo dixital para controis sanitarios, engadirase a xeolocalización nas medidas da toma de mostra da tuberculina, implantaranse notificacións tipo "push" no smartphone, así como a Consulta/modificación de actuacións de saneamento no Portal Web
  - A xestión do envío de mostras ao Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia introducirá melloras de funcionalidade no eido de Simplificación da xeración dos informes de ensaio, Integración con INGAN – incorporación de mostras de vacún e pequenos ruminantes (ADSG), procedemento para a resolución de posibles discrepancias entre a información de MARIS e INGAN e envío de alertas por positivos; apertura á consulta de información para a cidadanía (persoas titulares dunha explotación, veterinarios de ADSGs, outro persoal) do portal web e incorporación da cualificación sanitaria; Xestión de taxas e avisos por taxas
- Durante o 2023 implantarase en contorna corporativa das aplicacións Contaláctea e Contacarne. Trátase de dúas Plataformas de cálculo de custos das explotacións lácteas e das explotacións cárnicas, respectivamente, de Galicia. Permiten, a partir dos datos básicos da explotación, calcular os seus custos de produción, así como o prezo do leite (Contaláctea) ou da carne (Contacarne) que debe recibir para cubrir todos os custos da súa explotación. Pódese tamén imprimir o informe de resultados do ano e levar anualmente a "contabilidade" da súa explotación.
- Cómpre resaltar no eido agrícola e gandeiro o potencial do proxecto Agro 4.0 – XEAGA, en conexión co REAGA como parte integrante do mesmo - que polo seu carácter diferencial e innovador cara ao sector expónse máis adiante neste documento nos proxectos transversais.
- Entre outros proxectos que serán obxecto de análise e definición atópanse, en función da prioridade determinada polos responsables funcionais, algúns deles xa referidos con máis amplitude nos epígrafes anteriores:
- Lonxa Virtual de Gando (Lonxa Agropecuaria)
  - Xestión do Rexistro Vitícola e ferramentas asociadas
  - Xestión da marca de leite galego de pastoreo
  - Rexistro de explotacións leiteiras de calidade diferenciada e leite crú
  - Xestión de axudas apícolas
  - Xestión de axudas de razas autóctonas
  - Xestión de axudas de industrias agroalimentarias
  - Rexistro de embotelladores
  - Inspeccións de Fraude de Calidade Alimentario

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Descrición:** A finalidade deste obxectivo é a modernización dos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das novas tecnoloxías tanto na súa relación coa administración coma na súa propia xestión, e impulsar a través da tecnoloxía tanto a xestión dos recursos forestais, a través da información e servizos ofrecidos aos usuarios, e a xestión, a toma de decisións, e a explotación da información en poder da administración.

**Actividades 2023:** Entre as principais actuacións a desenvolve cómpre destacar:

- **Dereitos de emisión de CO2:** adaptación do fluxo de información cara a unha maior eficacia na monitorización do crecemento das masas forestais e a contabilidade da absorción de carbono. Esta contabilidade tamén precisa da adaptación dos instrumentos de ordenación forestal para que incorporen os datos necesarios para as estimacións dos dereitos de carbono.
- **Detección avanzada de cortas de madeira ilegal** baseada en procesado de información satelital integrada coa ferramenta xestión de permisos. Avanzarase este ano na mellora dos algoritmos de detección, na interpretación e usabilidade dos seus resultados en combinación con outras fontes de información.
- Incorporación ás aplicacións do ámbito da ordenación forestal das **funcionalidades en mobilidade** dispoñibles na plataforma común, AXUMOB, que soporta operacións en campo (realización de inspeccións e actas) das respectivas aplicacións de xestión. A mobilidade non require conexión permanente senón que os datos son xestionados nos dispositivos móbiles, mesmo sen cobertura, e sincronizados nos momentos nos que se dispoña da mesma.
- Evolucionar a integración da **información xeográfica:** mellora nos mecanismos de actualización dos servizos SIX para as aplicacións que traballan con información xeográfica ou xeoreferenciada. Esta información do territorio consolidarase de xeito nativo e integrado co resto da información xa existente. Potenciarase a orientación xeográfica das aplicacións nos niveis operativo, de control e estratéxico.
- Melloras no modelo de datos de Inventario Forestal Administrativo / Rexistro de Montes Ordenados e avances na automatización das transferencias de datos desde as distintas aplicacións de xestión.
- **Indicadores forestais.** Desenvolvemento do panel de control de indicadores de seguimento do Plan Forestal de Galicia, actualización dos indicadores operativos e estratéxicos do cadro de mando do Anuario Forestal e incorporación de ferramentas de explotación de datos sobre a plataforma corporativa (PowerBI) de xeito coordinado coa Oficina BI.

- **Inventario Forestal Continuo.** Evolucionarase a plataforma de xestión do inventario forestal cun enfoque de plataforma colaborativa de múltiples axentes (empresas do sector, universidades) que incorporan e consultan información. No 2022 publicouse o portal e no 2023 incorporaranse novas funcionalidades e melloras, como a dispoñibilidade dunha APP móbil actualizada para facilitar a toma de datos sobre o terreo, para a posterior aplicación de modelos numéricos, integración cos servizos creados a partir da información recibida, integración con novas orixes de datos, melloras na descarga de capas xeográficas, melloras nos visores XIS e de nubes de puntos, actualización e melloras nas ferramentas analíticas, entre outras.
- **Trazabilidade forestal.** Impulsarase a iniciativa FOReSt TRACeability baseada en tecnoloxía Blockchain, que proporciona un sistema descentralizado que permite trazar todo o ciclo produtivo desde a parcela orixe ata o produto final, dando respostas adaptadas aos intereses das empresas que participan nesta iniciativa. Desenvolveranse melloras no asistente de configuración e no soporte ao cliente pesado da aplicación, introducirase o cálculo do CO2 que corresponde ao transporte, e ampliarase o contido gráfico e mellora da usabilidade do portal.
- **Evolución dos servizos web de comunicación entre empresas do sector forestal e administración pública:** evolución dos servizos actuais e incorporación de máis servizos para a mellora da comunicación de datos bidireccional no ámbito da xestión de cortas, sanidade vexetal e ordenación forestal.
- **Sistema Rexistral Forestal.** Continuarase traballando na unificación da xestión de todos os rexistros nun sistema único, SIRFOG, con capacidade de procura transversal de anotacións, con especial adicación no 2023 ao Rexistro de terreos forestais de pastoreo. Facilitarase a integración de todos os rexistros coas ferramentas de Administración Electrónica.
- **Xestión Económica dos Montes.** Desenvolvemento do novo sistema orientando o xeito de xestión e traballo sobre contornas XIS, integrando a xestión económica a través do compoñente transversal amtega-xumco coa contabilidade da Xunta e o portal de facturación electrónica (SEF).
- **Sanidade Vexetal Forestal.** Desenvolvemento do novo sistema de xestión con captura de datos en campo e visualización xeográfica. Potenciarase o emprego de tecnoloxías predictivas aplicadas ao territorio, así como a identificación de pragas combinando técnicas de aprendizaxe máquina e imaxes aportadas por terceiros.
- **Instrumentos de Ordenación Forestal:** actualización funcional e tecnolóxica do sistema de xestión facendo unha evolución profunda reorientando o xeito de xestión dos expedientes, adaptación ao sistema de créditos de carbono, explotación da información técnica e de captura de plans de ordenación a través dunha interface XIS avanzada.
- **Xestión de axudas.** Incorporación nos sistemas actuais das funcionalidades e actualizacións necesarias para a tramitación de novas axudas no 2023, integración coa plataforma de mobilidade AXUMOB e envorcado dos datos básicos das solicitudes e o territorio afectado ao repositorio de axudas.

- **Fondo Documental do Monte de Galicia (FDMG)**. Continuarase coa mellora do portal web desenvolto para pór a disposición dos usuarios a información do arquivo histórico que se foi catalogando, dixitalizando e almacenando.
- Ferramenta cara aos propietarios forestais para a localización de asociacións no seu ámbito xeográfico co seu porfolio de servizos.
- Entre outros proxectos que será necesario analizar e priorizar cos responsables funcionais, cómpre sinalar o **Portal do propietario forestal**. Trátase dun espazo orientado cara os propietarios forestais no que podan consultar as actuacións da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal nas que son interesados e utilizar ferramentas de axuda proporcionadas pola administración, integrado na iniciativa AGRO 4.0.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

#### Actividade

#### 2.7.3. Incluir funcionalidades avanzadas e dar soporte aos sistemas de xestión de prevención e extinción de incendios.

#### Descrición:

A finalidade deste obxectivo é a modernización dos servizos e instrumentos que permitan a xestión da defensa do monte, en relación á prevención, a investigación e a extinción dos incendios forestais, a toma de decisións, e a explotación da información en poder da administración.

#### Actividades 2023:

No que respecta á prevención e defensa contra os incendios forestais, as actuacións están enmarcadas no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA - ver <https://mediorural.xunta.gal/es/temas/defensa-monte/pladiga-2022>), que ten por obxecto o establecemento da organización e os procedementos de actuación dos recursos para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume.

Cómpre salientar entre as actuacións previstas para 2023:

- Dar soporte aos medios do ámbito de incendios no uso dos recursos tecnolóxicos, mediante un CAU que atende as necesidades específicas do operativo de incendios
- Consolidación do sistema de xestión de incendios Xeocode 2.0/XEINFO, e implantación a novos usuarios tanto na versión de uso en oficina como do **cliente móbil do sistema (Xeocode\_Lite)** nas versións iOS e Android.
- Desenvolveranse melloras na ferramenta de formación que proporciona acceso aos contidos que tanto mediante **vídeo en streaming** como mediante documentación se elabora como apoio nas campañas de prevención e extinción
- Entre as **evolucións** a considerar en **Xeocode** destacan o desenvolvemento de melloras na transmisión de datos en mobilidade co uso de Data Over Tetra System na súa versión 3 (DOT 3), e análise para a incorporación de capacidades de Intelixencia Artificial e Machine Learning. Na contorna actual é previsible que se incremente a necesidade de integración con distintas fontes e sistemas, que aporten datos relevantes de captura de información en tempo real sobre

posicionamento dos lumes e medios de extinción, afectación a espazos naturais protexidos, estado da xestión da biomasa, meteoroloxía, e outros servizos relacionados.

- Evolucións na obtención de imaxes de satélite e perímetro
- Evolucións – incluíndo a migración a arquitecturas corporativas - doutros **módulos de apoio do ecosistema XEINFO** tales como queimas controladas e autorizacións/comunicacións asociadas ou expedientes sancionadores; xestión de quendas e plan preventivo (información de hidrantes), control de material e inventario asociado,..
- Melloras na ferramenta de formación que proporciona acceso aos contidos que, tanto mediante vídeo en streaming como mediante documentación, se elabora como apoio nas campañas de prevención e extinción.
- Avanzar cara a introdución dun **cadro de mando** que permita á dirección a observación agregada de información como base para a toma de decisións estratéxicas
- A **evolución do sistema de xestión de biomasa nas faixas secundarias (XESBIO)** para facilitar as comunicacións entre os concellos e outros axentes cos afectados pola obriga de labores de limpeza de biomasa nestas faixas:

Na aplicación web, incremento dunhas 140.000 novas parcelas ao sistema de xestión, o que supón un crecemento do 5%, co correspondente aumento en todas as tarefas do sistema; melloras na xeración masiva de documentos por lotes co uso de compoñentes corporativos transversais; melloras nas exportacións de datos, tales como titulares con parcelas xestionadas ou sen xestionar, notificacións por interesados e outras; no módulo avanzado de xestión de contratos abordárase o automatismo de anulación de contratos cando finalice a vixencia.

Na aplicación móbil, avanza no desenvolvemento de funcionalidades que permitan, aos usuarios que realizan traballo en campo, coñecer a planificación das actuacións a levar a cabo e na adaptación de compatibilidade ( versións Android e ios)

- Avanzarase na posta en marcha das **inspeccións en campo e acta única mediante tablets** (impulso da aplicación en mobilidade de inspección do cumprimento dos requisitos
- Evolución na ferramenta de xestión de convenios con entidades locais para a prevención de incendios, co desenvolvemento dunha xestión de tramitadores e dun módulo de avisos; implantación de filtros para a xestión da documentación, dispoñibilidade do módulo de integración contable co XUMCO; e integración co arquivo dixital único ARPAD.
- **Análise de iniciativas de IoT, intelixencia artificial e outras tecnoloxías disruptivas no apoio na defensa do monte.**

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais



**Actividade****2.7.4. Impulsar e facilitar o emprego dos novos instrumentos dixitais para o desenvolvemento rural e o impulso das medidas da Lei da Terra Agraria de Galicia, así como o seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia cofinanciado polo UE (FEADER)****Descrición:**

Apoio na estratexia e xestión da elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais e da execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural, incluíndo a mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural e os instrumentos e mecanismos definidos na LEI 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (LRTAG). Tamén se inclúe á referencia do portal das actividades do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (<https://pdr-medioural.xunta.gal>)

**Actividades 2023:**

Con base na LRTAG, os seguintes proxectos e sistemas facilitan a xestión dos procedementos e instrumentos definidos:

- **Banco de Explotacións.** A LRTAG crea o Banco de Explotacións co fin de garantir a remuda xeracional e de facilitar o contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais e persoas interesadas nelas. Con base no sistema de xestión de explotacións agrarias (XEAGA), o portal web permite aos propietarios das explotacións agrarias rexistrar o seu interese en poñelas a disposición do "banco de explotacións" - de xeito gráfico e xeoreferenciado - dispoñendo de perfil de usuario identificado (propietario inscrito en REAGA) que lle permita indicar qué explotación ou elementos da explotación desexa poñer a disposición do banco de explotacións; e perfil público de consulta de todas as explotacións no banco e referencia básica das mesmas. Cara ao 2023 verase mellorado coa funcionalidade que se introducirá en XEAGA.
  
- **App de participación cidadán.** Aplicación para a participación cidadán coa que se pode colaborar na elaboración do catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, tal como como se recolle na LRTAG, dispoñendo para elo de aplicacións gráficas para Android e IOS e dunha interface web de xestión para os responsables de desenvolvemento rural. A aplicación móbil permite que os cidadáns interesados podan participar en campañas de consulta. Inclúe un compoñente xeográfico na captura de datos (respostas); capacidade para consolidar a información recollida sobre un servizo de mapas (XIS); Xestión de campañas, enquisas e listas de preguntas; definición de novas enquisas de xeito paramétrico; preguntas condicionadas polas respostas previas; e explotación estatística da información. Cara ao 2023 están identificadas distintas melloras: Permitir cargar capas WMS; incluír ferramentas no mapa (como medir distancia), Melloras na usabilidade á hora de crear xeometrías; Dar soporte a certas funcionalidades de modo offline, Habilitar un sistema de notificacións de eventos, ...
  
- **Portal unificado de acceso á información.** O Sistema de Información de Terras de Galicia (<https://info-sitegal.xunta.gal/gl>) é un sistema de información xeográfica que dá acceso á información sobre todos os procedementos e instrumentos recollidos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Ten cabida a información do banco de terras, instrumentos

de recuperación de terras, xestión conxunta de montes, plan de pastos, e aldeas modelo, entre outros. Cara ao 2023 téñense identificada entre outras potenciais evolucións: unha sección de eventos (que permita dar visibilidade a aqueles acontecementos que teñen relación coa temática do portal web. Os eventos acompañaríanse dun calendario), un boletín periódico, dotar ao portal web de datos abertos e integrarse con contido propio ou extraído de Datos Abertos da Xunta (<https://abertos.xunta.gal/portada>), Melloras visuais relacionadas coa forma de amosar os contidos.

- • No 2022 inicie a construción dun sistema de información de apoio na xestión dos instrumentos e procedementos de recuperación da terra agraria de Galicia: aldeas modelo, polígonos de xestión agroforestal, permutas de especial interese agrario, agrupacións e actuacións de actuación conxunta, e outros aspectos e instrumentos de ordenación, planificación e intermediación a ter en consideración para o apoio da mobilización da terra agroforestal. , alegacións, funcionalidade de debuxo de perímetro) e técnicos (integración con servizos XIS e con ferramentas horizontais de tramitación electrónica).
- 2023 será o ano de implantación do sistema, incorporando os procedementos de xestión da LRATG pendentes e dando apoio na súa posta en marcha. Téñense identificados tamén evolucións cara a aspectos funcionais (engadir cadro de mando, envío a sinatura).
- Especialmente relevante no 2023 é a posta en marcha dun novo **sistema para a xestión das axudas baixo metodoloxía LEADER do PDR (XALEA)**, unha liña de especial interese xa que as medidas de Desenvolvemento Rural a nivel europeo están a potenciar este tipo de metodoloxías e proxectos. En concreto, a nova aplicación dará soporte ás submedidas 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local) e 19.4(B) (custos correntes da estratexia de desenvolvemento local e animación e promoción territorial: custos de animación). Entre os usuarios da aplicación atópanse os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) – actualmente 60 – o que engade unha importante versatilidade para a xestión integrada dos mesmos.

Para o ano 2023 prevese levar á sede electrónica as operacións posteriores ao trámite de solicitude (desistencia e renuncia, anticipos e modificación, pagos e ficheiro SICOP, perda dereito a cobro e modificación resolución) e incorporar unha ferramenta de análise de datos para a explotación detallada así como a visualización interactiva. A convocatoria publicada o pasado día 29 de decembro para a execución de proxectos da medida LEADER do PDR Galicia está dotada cun orzamento de 15,3 millóns de euros para as anualidades 2023 e 2024, a xestionar con esta nova ferramenta.

#### No eido de ferramentas existentes:

- A plataforma de xestión de concentración parcelaria permite a xestión corresponde ao rexistro de zonas de concentración parcelaria. Conta con 85 zonas, 14.390 fincas cargadas e mais 7.000 titulares afectados; con información correspondente ás fases de enquisa de bases, bases, enquisa previa ao acordo e acordo. Cara ao 2023 traballarase en novas funcionalidades como a Xestión do procedemento administrativo MR101B; a **Consulta da información de INFCOP por parte da cidadanía nun portal web** (acceso sen autenticar para consulta

de información pública e outro autenticado que engada ademais información específica do cidadán); Permitir ao xestor a visualización comparativa da información alfanumérica e xeográfica das parcelas contra as fincas adxudicadas ao titular; Historificación dos arquivos cargados no sistemas de xeito que se poida recuperar a información orixinal que se aportou na carga dunha fase dunha zona.

- O sistema xa existente para o control de obras e zonas de concentración parcelaria establécese como apoio de base para a definición no 2023 dunha nova ferramenta cara ao seguimento integral das obras de desenvolvemento rural (e potencialmente doutras áreas como defensa do monte)
- No Banco de Terras de Galicia, as principais liñas de traballo están relacionadas cos cambios motivados pola LRTAG: Xestión de solicitudes de arrendamento sen concorrencia, Creación de novos tipos de eventos e ficheiros, automatización da xeración de novos tipos de documentos, Cambios na xestión das solicitudes de incorporación, Xestión de información sobre fianzas de arrendamentos, Xestión da inhabilitación para realizar solicitudes de arrendamento, Implementación de novas restricións, parámetros de configuración, xestión de períodos, etc; así como Funcionalidades específicas para xestionar as firmas dixitais para copias simples e copias auténticas, Actualización do modelado interno dos prezos de referencia e da interface de usuario das funcionalidades relacionadas, e melloras técnicas.

#### No eido da difusión e seguimento da xestión do PDR Galicia.

- A política europea de desenvolvemento rural contribúe a que as zonas rurais da UE poidan facer fronte a multitude de retos económicos, medioambientais e sociais (medidas do "segundo pilar" da política agrícola común) e complementan ao sistema de pagamentos directos aos agricultores e ás medidas para xestionar os mercados agrícolas ("primeiro pilar"). A política de desenvolvemento rural da UE finánciase a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) co **Programa de desenvolvemento rural de Galicia – PDR**
- O sistema INPDR permite a recollida e análise dos indicadores e datos económicos do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (\_2023). No 2023 traballárase na adaptación ao novo PDR e plan de convivencia, cadro de mando de indicadores sobre PLATBI, informes e evolucións técnicas.
- Respecto do portal que difunde as accións do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (<https://pdr-mediourural.xunta.gal/gl>) séguese traballando para engadir novos contidos así como a súa adaptación cara á Política agrícola común do período 2023-2027. En efecto, a finais de decembro de 2021, a Comisión Europea publicou os dous Regulamentos que establecen disposicións e normas relacionadas cos plans estratéxicos da PAC e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). O portal deberá recoller a información alineada co período 2023-27 en Galicia.
- Análise en función da prioridade que se determine:
  - Deseño de algoritmos intelixentes a aplicar nos proxectos de reestruturación parcelaria (primeira fase a desenvolver por AGADER)

- Ferramenta de Xestión de obras e infraestruturas no medio rural (coordinación DXDM/AGADER)
- Indicadores de xestión e cadro de mando integral

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

### Actividade 2.7.5. Facilitar a promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos e marcas de calidade, e outras iniciativas da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

**Descrición:** Prover plataformas e ferramentas de xestión, valorización, promoción e trazabilidade da calidade dos produtos galegos do sector primario (agro e mar) amparados polas denominacións e indicativos de calidade ou marcas promocionais recoñecidas

**Actividades 2023:**

- Trala posta en marcha no 2022 da man da AGACAL do proxecto de promoción e comercialización dos produtos alimentarios con Denominación de Orixe Protexida, Indicación Xeográfica Protexida, ecolóxicos ou artesanais cualificados, para facilitar ás empresas galegas elaboradoras destes produtos unha nova plataforma de promoción e ferramenta para a venda e distribución dos seus produtos: **Proxecto Experiencias de Calidade** (<https://experienciasdecalidade.gal/gl>), cómpre no 2023 a súa evolución e potenciación, xunto con accións de difusión que impulse o seu coñecemento e utilización. O portal de promoción introduce na promoción destas 36 experiencias de calidade seccións de orixe, maridaxe, produtos de temporada, receitas, experiencias en liña,...; así como un portal de venda.
- En relación á xestión dos servizos prestados por parte da Axencia Galega de Calidade Alimentaria dos procesos e labores de **control e certificación da calidade diferenciada** (certificación de produtos amparados por denominación de orixe, control das declaracións e libros de control, xestión de consellos reguladores, xestión das declaracións de empresas artesanais e persoas artesanais,...), no 2023 traballárase especialmente no módulo de Artesanía; e con carácter mais xeral no pago de taxas dende a aplicación, na sinatura manuscrita nas actas de auditorías, no versionado dos libros de control, na revisión da información necesaria para a posta en marcha do sistema na contorna de PRD respecto de DOP/IXP, migración de datos de autoridades de control, explotación da información (cadros de mando, informe de actividade para o Ministerio) e ferramentas transversais (incorporación con territorio intelixente e servizos de PasaXe!)
- Evolución dos sistemas de xestión das solicitudes de **axudas relacionadas coa formación, a innovación e a transferencia tecnolóxica:**
  - No Sistema de xestión de axudas de Transferencia e Formación o plan de traballo no 2023 inclúe a adaptación ás novas liñas, a Ampliación da integración co Sistema de Contabilidade de Cursos Agroforestais para a xestión das actividades de formación de capítulo 6 (inversión directa), a ampliación da integración e novas conexións co sistema de Información Formación Agroforestal (FOAGRO), o Anexado da documentación de pago por parte das unidades orgánicas e distintas melloras relacionadas co Trámite posterior á

solicitud (Comunicación de inicio, Solicitud de Pago) así como na Alta manual de trámites posteriores

- No Sistema de xestión e tramitación de Axudas a Proxectos de Transferencia Tecnolóxica o plan para 2023 inclúe a adaptación ás novas convocatorias e procedemento AC, recursos administrativos, renuncia de beneficiarios, acceso externo facturas, módulo de xestión de controis sobre o terreo, cadros de mando e explotación de datos

→ Evolución do portal de produtos con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, produtos ecolóxicos e produtos artesanais para converterse no **portal de servizos do AGACAL**

→ Iniciada no 2022 a análise dun novo sistema para dar resposta ás necesidades de apoio na **Xestión Administrativa da AGACAL**, no 2023 pecharanse as especificacións que permitan a licitación. O sistema centralizará a xestión administrativa, integrando nun único repositorio a documentación xestionada e facilitando o seguimento dos ámbitos definidos (Persoal, Administrativo, Económico, Orzamentario, Proxectos I+D+i) . Incluirá a Xestión de tarefas, de alertas e das configuracións (permitir modificación dos fluxos de xestión, asignación de perfís, modelos de documentos,...)

→ Impulsar o sistema de valoración dos concursos de catas

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

Actividade	2.7.6. Modernizar os sistemas de información da xestión formativa do ámbito agroforestal.
Descrición:	Impulso sobre a acción formativa no sector primario como panca para mellorar os coñecementos neste sector
Actividades 2023:	<p>→ No eido do sector agroforestal, o proxecto de <b>apoio na xestión da formación agroforestal</b> (FOAGRO) inclúe a xestión dos cursos de formación para a obtención de carnés de manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios por parte de entidades autorizadas, a xestión das autorizacións das mesmas, así como a xestión da tramitación, emisión e impresión dos carnés fitosanitarios. Actualmente manexa máis de 4.100 entidades de formación rexistradas, 160.000 carnés xerados e 5.000 cursos impartidos. No 2023 vaise traballar na mellora do módulo de Benestar Animal e de Aptitude Empresarial, no control administrativo e validación de datos e xeración de documentos de control (aptitude empresarial, fitosanitarios e benestar animal), na xestión de novas tipoloxías de cursos, así como en diversas integracións con elementos de tramitación electrónica corporativos</p> <p>→ Polo que respecta ao site de formación on line para a Consellería do Medio Rural baseado na ferramenta corporativa (Moodle) , que conta con máis de 400 usuarios, está previsto no 2023 – ademais de diversas melloras e evolucións</p>

técnicas - incorporar novos contidos de Aptitude empresarial agraria e dar acubillo a novas edicións de cursos de Porcino, Sanidade Vexetal e Benestar Animal.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade**

**2.7.7. Pór en marcha sistemas transversais que permitan a xestión agregada da información.**

**Descrición:**

Na contorna do Plan de Sistemas de Medio Rural que se está a desenvolver identifícase como un obxectivo prioritario e específico a definición e posta en marcha de **instrumentos e ferramentas que permitan unha xestión agregada da información das distintas áreas e competencias así como a consulta de alto nivel** (cadro de mando) que axuden aos órganos directivos na toma de decisións estratéxicas.

**Actividades 2023:**

**A nivel interno** (cara aos usuarios e decisores da Administración) os fitos principais deste ecosistema son:

→ **Repositorio de axudas e expedientes:** permite a consulta das actuacións (axudas, rexistros da administración, comunicacións,...) impulsadas pola Consellería por interesado (NIF de persoa física ou xurídica) e/ou territorio (referencia catastral, referencia SIXPAC ou identificador de monte). Este sistema responde á necesidade de centralizar a información, que permita coñecer a actividade administrativa que tivo un titular (ou parte interesada) ou que afectaron a un territorio delimitado por parcelas, explotacións gandeiras ou forestais.

No 2023 continuarase traballando en estender a integración doutras liñas de axuda xestionadas na Consellería do Medio Rural en proporcionar información para XEAGA de xeito que un interesado ou produtor agro-gandeiro poda consultar a situación dos seus expedientes con detalle; e continuar coa evolución cara á incorporación de información gráfica (elementos necesarios para a visualización da información xeográfica: Xeoproceso para a composición da capa resultante de expedientes, Servizo web a utilizar para amosar os datos dos expedientes, Visor básico integrado), permitindo consultas por criterios relacionadas cos expedientes das liñas de axuda (código procedemento, importe de pago, datas resolución e ano), por municipio e provincia. Incorporación progresiva da consulta e visualización da información xeográfica para os diferentes expedientes e liñas de axudas, Almacenamento das xeometrías na base de datos, Exploración das alternativas de explotación da información xeográfica consolidada no visor, Filtrado de expedientes por criterios xeográficos (mediante a intersección dunha xeometría dada coa xeometría dun expediente). Tamén se introducirá a comunicación automatizada (push) do cambio do estado dos expedientes a REPAXU dende os sistemas tramitadores de orixe

→ **Sistema de indicadores e Cadro de Mando:** Consolidar datos relevantes para a explotación da información e a toma de decisións estratéxicas no ámbito da Consellería do Medio Rural. Consulta da información agrupada, baseada na

definición de indicadores agregados definidos polas unidades de xestión. CADRO DE INDICADORES E CADRO DE MANDOS ESTRATÉXICO INTEGRAL

No 2023 avanza no proceso de definición e implantación de indicadores agregados que as unidades de xestión requiran a alto nivel. Tamén se continuará o proceso de recompilación da información sobre indicadores das áreas de desenvolvemento rural, prevención e extinción de incendios, silvicultura, desenvolvemento rural; e gandería e explotacións agrarias. Trátase de implementar os indicadores definidos no plan de sistemas de Medio Rural

A **nivel externo de relación co sector (titulares ou explotacións agroforestais ou en xeral interesados no sector)**, os fitos principais deste ecosistema son:

- **Observatorio.** Publicación de DATOS AGREGADOS e estatísticas,. A mosa estatísticas e datos agregados do sector, a partir da información dispoñible pola Administración, así como a súa representación gráfica, con visibilidade pública e potencial conexión coa idea dunha explotación dinámica de dita información (o usuario constrúe a información que quere ver)
- **Xestión de Explotacións Agrarias (XEAGA)** permite a xestión alfanumérica e xeográfica da información por parte dos propietarios de explotacións agrarias e parcelas agrícolas e forestais e a interacción coa administración, como parte do proxecto Agro 4.0:

Esta plataforma de servizos está dirixida cara a dous potenciais beneficiarios claramente interrelacionados:

- ▶ **Agricultores e Gandeiros (Produtores):** Xestión eficiente da súa explotación; Información achegada polos propios produtores; Información achegada por outros axentes: Administración, Industrias Agroalimentarias, Consellos Reguladores, Outros produtores
- ▶ **Administración:** Obtención de información adicional por parte do produtor; Análise da información, Toma de decisións, Comunicación aos produtores

A nova plataforma facilitará ao Produtor a Xestión Electrónica da Explotación agrícola: Punto centralizado, Xeolocalizar e modificar elementos , Rexistro gráfico de actuacións e incidencias, Emisión/Recepción de mensaxes e alertas de/para outra Produtores/Administración, Control económico e produtivo, Interacción dixital e directa coa Administración.

Respecto da Xunta de Galicia permitirá unha mellora na xestión das explotacións, en conexión co Rexistro de Explotación Agrarias de Galicia: Punto centralizado de información (actualización continua), Compoñente gráfica, Servizos de intercambio de información co Produtor, Análise e toma de decisións, Comunicación aos produtores (Alertas, Avisos, Recomendacións...)

O sistema ten dúas pezas esenciais:

► XEAGA. Xestión de Explotacións Agrarias de Galicia: sistema para a xestión da información por parte de xestores de explotacións agrarias, a través de ferramentas orientada ao Agricultor Activo.

► OPA. Observatorio de parcelas. Repositorio de capas xeográficas para a xestión da información de parcelas orientado a Xestores da Administración e xestores de explotacións agrarias.

A plataforma, ademais da xestión das explotacións agrarias, é de aplicación en ámbitos como o VITÍCOLA, a XESTIÓN GANDEIRA ou a XESTIÓN DE XURROS E ABONOS; e mesmo nunha segunda fase poderíase empregar de base nunha xestión ampra de todas as explotacións agroforestais e parcelas. Púxose en marcha co apoio nos primeiros módulos construídos de XEAGA o **Rexistro de Explotacións**, unha figura contida na Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia que permite ao cidadán a solicitude de incorporación e presentación e ao xestor a aprobación/denegación das mesmas; con apoio nun visor público que permite identificar as explotacións incorporadas e visualizar e identificar os elementos asociados. Tamén é un punto de apoio para a visualización das parcelas nas que se xestionan franxas de protección de biomasa.

O ano 2023 verá a **posta en servizos dos primeiros resultados do programa co obxectivo de alto nivel de facilitar a xestión global – alfanumérica e gráfica – da información relativa ás explotacións agrarias**, tanto por parte dos xestores como dos propietarios e a actualización e xestión da información das mesmas; incluíndo unha app - XEAGA\_APP – para rexistro de actuacións agrícolas e gandeiras en puntos de mostraxe.

No primeiro semestre do ano están planificados como traballos:

- **Observatorio de Parcelas.** Recepción e visualización de cadernos de explotación, emisión de obrigas aos produtores, módulo de pestes, rexistros forestais, control de purines, cadro de mando e informes e agricultura de precisión viñedo. Tamén se inclúe a aplicación móbil (OPA\_APP) para a recollida de información sobre situacións anómalas (actas non planificadas)
- **Xestión de Explotacións Agrarias.** Rol xerente de explotación, Expediente de modificación, emisión de cadernos de explotacións; inicialización expedientes PAC e REAGA, módulo de pestes, rexistros forestais, xestión económica, planificador de tarefas, servizos para a comunicación con apps e aplicacións externas, cadernos configurables, monitorización climática/meteoalertas, cuadros de mando e informes.
  - gandería (consulta de censos, actuacións, integración OVGAN, libro de tratamentos, movementos de animais, xestión de purines, rexistro de leite e carne)
  - viñedo (declaracións, actualización capa vitícola, rexistro de actuacións, inicio expediente viñedo, módulo de medicións, control de estado de cultivo, agricultura de precisión)
  - sanidade vexetal (consulta información ROPVEG, inicio declaración de cultivos en conexión con PROVEX)



Para dar continuidade ao proxecto na segunda parte de 2023 estase traballando na planificación de traballos (Fase II).

A potencialidade do proxecto e a súa ampliación leva tamén no 2023 a definir unha folla de ruta para o período 2024\_2025 (Fase III) actualmente en desenvolvemento.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

## Actividade 2.7.8 Outras iniciativas transversais de sistemas de información e comunicación para Consellería de Medio Rural

**Descrición:** Prover plataformas e ferramentas de xestión de servizos horizontais ou comunicación da Consellería de Medio Rural

**Actividades 2023:**

- **Oficina Virtual de Medio Rural.** Impulsar e mellorar co obxectivo de simplificar a relación da cidadanía e as empresas coa Administración no ámbito do Medio Rural, mediante a prestación de servizos online de acceso único. Facilita e integra o acceso á Sede electrónica, Formación continua (Actividades de Formación profesional e adquisición de competencias), Transferencia tecnolóxica (Actividades de demostración e información), Feiras agroalimentarias (Participación en feiras nacionais e internacionais) e os trámites e servizos máis habituais como son as Comunicacións de queima de restos agrícolas, Concentracións parcelarias, Oficina Virtual de Gandaría, Aproveitamentos madeireiros ou as axudas da Política Agraria Común. (<https://ovmediorural.xunta.gal/gl>).
- Como xa foi mencionado, o sistema xa existente para o control de obras e zonas de concentración parcelaria establécese como apoio de base para a definición no 2023 dunha nova ferramenta cara ao **seguimento integral das obras de desenvolvemento rural (e potencialmente doutras áreas como defensa do monte)**
- **Novos Portais sectoriais.** Melloras tecnolóxicas e funcionais nos diferentes portais do eido de Medio Rural (EVEGA, LOURIZAN, FOGGA, AGADER). No caso de AGACAL, novo portal da Axencia por evolución do sitio de Experiencias de Calidade, xa mencionado. No caso da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), varias iniciativas como son o novo portal desta axencia (<https://xera.xunta.gal/>), redeseño do portal do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira de Galicia (CIS-Madeira), portal da iniciativa #ElasXeranSector para visualizar a presenza do talento feminino neste sector, e portal da iniciativa 'Lignum Facile' no que Xera e a Agrupación Industrial da Madeira de Galicia apostan por abrir espazos onde profesionais, empresas e institucións poidan intercambiar coñecementos e solucións.
- **Plataforma de xestión da flota de vehículos do parque móbil** de Medio Rural (Preto de 2000 vehículos) para permitir o rexistro en detalle das follas de ruta de cada condutor, (seguimento a nivel persoa dos usuarios dos vehículos). Inclúe unha aplicación en mobilidade (Android) para a xestión do parque móbil. No 2023 continuarase coa formación e trala realización das probas correspondentes porase

en funcionamento a aplicación móbil, estando tamén previsto incorporar melloras na mesma (adxuntar tickets, validar inicio de rutas de forma preliminar, precarga e alertas de quilometraxes, novo perfil,...)

→ **Implantación de novos procedementos administrativos con base na ferramenta Tramit@**, que da cobertura a procedementos de axudas, que se publicaban sen tempo de desenvolver unha aplicación de tramitación a medida. Inicialmente Tramit@ foron Xestión de procedementos cunha tramitación simple sen aplicación de xestión Dar resposta rápida a novos procedementos sen necesidade de desenvolver unha aplicación a medida. Como exemplo a a súa aplicación no Rexistro de lodos

→ **Interoperabilidade interna e entre administracións.** Avanzar cara á dispoñibilidade de información, con novos servizos de interoperabilidade na plataforma PASAXEI, tales como o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA)

→ **Mobilidade.** De xeito transversal e coordinada, con base nunha plataforma común xa desenvolvida, engadir a todas as aplicacións do ámbito forestal a capacidade de soportar operacións en campo (realización de inspeccións e actas) que quedarán vinculadas ás respectivas aplicacións de xestión de axudas e inspeccións; potencial extensión a outros eidos sectoriais

→ **Información xeográfica.** Desenvolver un soporte de Sistemas de Información Xeográfica (SIX) para as aplicacións que traballen con información xeográfica ou xeoreferenciada. Esta información do territorio consolidarase de xeito nativo e integrado co resto da información xa existente. Potenciarase a orientación xeográfica das aplicacións a todos os niveis: operativo, de control e estratéxico

→ Evolución do **sistema de xestión de persoal (CEPAL)** completando a implantación das evolucións identificadas

→ Outros proxectos transversais en definición

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 2.7.9. Evolucionar os sistemas de información de xestión do ámbito pesqueiro ao redor da Plataforma Tecnolóxica da Pesca; e impulsar ferramentas de xestión telemática relacionadas coas licenzas de pesca, establecementos de acuicultura, confrarías e de xestión de axudas e difusión cara ao período do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA)

**Descrición:** Desenvolvemento de novos servizos e instrumentos que permitan ao sector facer uso das tecnoloxías da información tanto na súa relación coa administración como con terceiros, mellorando a xestión e explotación da mesma.

**Actividades  
2023:**

→ **Melloras e soporte da Plataforma Tecnolóxica de Pesca (PTP).**

A Plataforma Tecnolóxica da Pesca é un proxecto da administración pesqueira galega que ten como principal obxectivo o de facilitar ferramentas de xestión e de recollida de información do sector. Esta plataforma ofrece unha serie de servizos aos sectores produtivos e comercializadores, para servirlles, pola súa vez, de apoio para a xestión dos recursos pesqueiros e para a súa trazabilidade, en concordancia coas esixencias legais existentes (**pescadegalicia.gal**).

En relación co proxecto da Plataforma Tecnolóxica da Pesca o plan para 2023 pasa por dar cobertura ás seguintes cuestións principais:

- Finalización e posta en marcha das últimas fases de Documento de Rexistro e novo modelo de documentación de capturas na recolección de semente de mexillón
- Cadro de mando para a explotación da información dos permisos de marisqueo a pé, integrado na plataforma corporativa
- Incorporación progresiva na aplicación Trazamar da xestión de novos documentos e servizos co obxectivo de migrar aos actuais usuarios do sistema de expedición telemática a esta nova aplicación
- Inclusión das modificacións normativas previstas no eido da comunicación das notas de venda de pesca fresca no sistema de información de xestión da mesma (AVEPEF). Ferramenta para dar soporte á recollida de información destas notas, validación funcional, almacenamento e explotación, así como os servizos asociados
- Explotación da información xerada a través dun cadro de mando, con visión pública e privada, en liña con outros proxectos semellantes desenvolto no eido de medio rural e xa expostos anteriormente neste Plan de Acción

→ **O sistema de xestión da pesca fresca** é un sistema relevante tanto en conexión coa demanda da información demandada pola Consellería do Mar (mais de 4 millóns de notas de venda anuais) como pola comunicación co sistema de comercialización (Lonxas Galegas 4.0).

O obxectivo no sistema de autorizacións de primeira venda (AVEMAR) pasa por integrar a xestión da pesca fresca dentro do alcance da ferramenta global de autorizacións de primeira venda de pesca fresca (AVEPEF) que facilita a tramitación asociado aos procesos de autorización, renovación e baixa dos establecementos (lonxas, centros de venda e centros de descarga) de primeiro venda no marco da pesca fresca.

No 2023 integrarase unha arquitectura base de tramitación que permita a integración cos distintos servizos e compoñentes transversais. A partir deste punto, darase solución á xestión dos expedientes asociados ás lonxas, centros de primeira venda e centros de descarga. O primeiro aspecto planificado é o desenvolvemento da xestión da autorización de novos elementos, continuando coa xestión da renovación dos distintos tipos de centros, para finalizar coa xestión de baixas. Tamén se abordará

un enriquecemento da ficha do centro coa información procedente da Plataforma Tecnolóxica da Pesca.

- Soporte e evolución do **sistema de información de soporte da marca de calidade PescadeRías e do portal de promoción asociado** ([www.pescaderiasdeondeesenon.com](http://www.pescaderiasdeondeesenon.com)).

Entre os aspectos con potencial interese para 2023 podemos sinalar o control da calidade da información recibida, a implantación de novos servizos para unha mellor integración con sistema de primeiro nivel de certificación, desenvolvemento dun sistemas de trazabilidade de orixe baseado nos sistemas do proxecto Primare\_Lonxas, evolución do sistema de etiquetado individual, melloras no sistemas de trazabilidade e en particular na agrupación de lotes, adaptación do sistemas en función do tipo de produto, incorporación de aspectos de marketing en base á información de trazabilidade; así como evolucionar a certificación blockchain da marca.

O portal de promoción asociado <https://deondeesenon.xunta.gal> recibe preto de 10.000 visitas mensuais. O sistema de trazabilidade deu apoio para a xestión no 2023 de 2,5 millóns de etiquetas desta marca de calidade que se corresponden cun volume certificado de mais de 10 millóns de kg (185 especies catalogadas na marca) , das 402 entidades (empresas) adheridas á marca.

- Melloras no sistema de **apoio na xestión de organizacións de produtores no sector da pesca e da acuicultura (OPPGA)**

Os labores identificados para o 2023 inclúen dunha banda a integración co sistema estatal OPPES (alimentando ese sistema coa información de OPPGA); e doutra o desenvolvemento e posta en marcha dos procedementos administrativos que teñen que ver coa xestión destas OPPs e que non dispoñen dun sistema tramitador. En particular traballarase para dar acubillo ao procedemento de recoñecemento, ó da oficio que xestiona a retirada do recoñecemento das mesmas así como o de xestión de axudas para a creación destas organizacións.

Con estes novos procedementos e o desenvolvemento da xestión dos propios plans de control por parte de Consellería do Mar (control permanente das obrigas das OPPs, en particular en relación ao preceptos establecidos na Organización Común de Mercados), completárase a integración na solución OPPGA do control da actividade das OPPs, de forma que toda a información relevante sobre este tipo de entidades estará recollida nun sistema integrado.

- **Sistema de xestión de eventos feirais.**

Entre os traballos potenciais identificados faise mención á mellora da explotación da información recollida no proxecto (módulo específico de explotación con panel de control da situación das edicións de cada feira).

A outra liña relevante de traballo virá marcada pola publicación dos procedementos administrativos relacionados e que darán soporte ao rexistro de empresas participantes en feiras así como a inscrición; de ser

así procedería a adaptación da solución ao indicado nos mesmos, así como a integración coas ferramentas corporativas de administración electrónica que resulten de aplicación.

- As **solucións de mobilidade no eido da Plataforma Tecnolóxica de Pesca** teñen como obxectivo facilitar canles na trazabilidade dos produtos pesqueiros, en particular o acceso desde dispositivos móbiles. MOVTIC é a aplicación que facilita ás persoas do sector da pesca e acuicultura, a emisión, consulta e anulación dos documentos necesarios da actividade.

Continuarase co soporte e mantemento das solucións actualmente en produción. No 2023 procederase á análise e implantación de Declaración de Desembarque, co obxectivo de facilitar a recollida deste tipo de información en embarcacións obrigadas á mesma (maiores de 10 metros e sen DEA a bordo), ademais da comunicación destas declaracións con Trazapes, substituindo así á actual comunicación que fan os armadores en papel (<https://www.pescadegalicia.gal/gl/movtic-sectorial>).

Desta forma incídese en potenciar o autoconsumo de documentos telemáticos por parte dos usuarios sectoriais dotándoos de autonomía e liberando así ás lonxas, confrarías de pescadores e asociacións de acuicultura da obriga de xestión sobre este tipo de documentos. Preto dun 25% dos 300.000 documentos expídense nos terminais de autoservizo (TICPESC), ao que se engade esta aplicación móbil (MOVTIC).

Tamén é salientable as oportunidades que ofrece para que distintos servizos (en particular o de inspección e control) podan coñecer a pé de campo a información de interese sobre os establecementos produtivos e documentación asociada, facendo máis efectivo o seu labor de inspección e control.

- En relación ao **Rexistro de Buques de Galicia** - Sistema de tramitación que soporte os procedementos administrativos asociados á xestión do Rexistro de Buques de Galicia – as actuacións oriéntanse no 2023 cara á análise e implantación dun novo procedemento administrativo (relacionado coa autorización de construción e modernización de buques pesqueiros, relacionando a información resultante coa ficha do buque); as melloras no módulo de Rexistro (en particular na xestión de artes de pesca, cotas de captura e acreditacións para a actividade como tripulantes de embarcacións de percebe); a incorporación da información engadida dos buques auxiliares da acuicultura (integración co Sistema de Acuicultura); así como o enriquecemento da ficha da embarcación con información da actividade da mesma e o enlace cos rexistros sectoriais
- **Sistema de xestión dos permisos de marisqueo a pé**, incluíndo a xestión con embarcacións auxiliares. Sistema que de soporte á tramitación deste permisos (tramitación, rexistro e administración). Identifícanse cara a 2023 traballos para finalizar a integración coas ferramentas de tramitación electrónica, incluíndo a nova integración con sede electrónica dun dos procedementos; dotación dun módulo de informes que permita aos usuarios personalizar as súas consultas e definir consultas

predefinidas; e integración coa Plataforma Tecnolóxica da Pesca co obxecto de facilitar o enriquecemento da ficha da información dos permisos, incorporando os mesmos detalles da información da actividades rexistrada (notas de primeira venda, documentos telemáticos,...)

- **Sistema de xestión de plans de explotacións marisqueira e recursos específicos.** Trátase un sistema desenvolvido na súa primeira fase para a xestión – baremo de solicitudes de habilitacións e verificación de requisitos na renovación – das habilitacións para a extracción dos recursos marisqueiros - moluscos bivalvos e recursos específicos - e ao seguimento dos plans de explotación e de xestión destes recursos e que se podería completar cunha segunda fase (Elaboracións e Publicacións de Plans) no caso de ser considerada axeitada pola unidade responsable. Facilitaría o seguimento e a xestión dos aproximadamente 200 plans que anualmente aproba a Consellería de Mar no ámbito do marisqueo e os recursos específicos. O obxectivo principal para 2023 sería a validación da solución desenvolvida, para definir as modificacións a incorporar antes da súa poste en marcha e, de selo caso, definir o desenvolvemento de elaboración e publicacións dos plans.
- **Xestión de licenzas de pesca deportiva.** O novo **Sistema Integrado de Pesca Marítima de Recreo** permite recoller nun único punto tódalas xestións e informacións relativas á pesca marítima de recreo nas augas da Comunidade Autónoma de Galicia. Incorpora as funcionalidades necesarias para a obtención e renovación das licenzas de pesca e autorizacións correspondentes (Procedementos administrativos PE405A e PE405B) recollendo toda a información e xestións que se requiren para cada unha das modalidades para as que se outorga a licenza ou autorización, así como a información histórica de cada unha delas. Ao mesmo tempo facilita o fluxo de información asociada á práctica da pesca marítima de recreo, tanto por parte da cidadanía como por parte da administración.

Ademais da integración coas entidades financeiras para o correspondente pago das taxas, está previsto abrir a cidadanía no 2023 un **portal público para consulta e xestión do cidadán**, que en funcionalidade conxunta coa nova aplicación móbil (app), facilite a tramitación dende calquer momento e lugar. Este Portal será o punto de acceso da información relevante sobre a pesca marítima de recreo. Constará dunha parte privada accesible mediante certificado dixital/chave 365 que permite obter as licenzas e autorizacións en formato electrónico así como facer o rexistro das capturas realizadas.

Pola súa banda, a App para dispositivos móbiles permitirá visualizar e descargar as licenzas de pesca e realizar de forma sinxela o rexistro das capturas realizadas.

Ademais da posta en marcha do portal e publicación da aplicación móbil, tamén de cara ao 2023 están previstas melloras na explotación estatística dos datos e na tramitación e anulación dos expedientes, avisos automáticos cando a licenza está próxima a caducar, o rexistro da non

celebración de concursos/campionatos (procedemento PE405B), a inclusión do fluxo de inadmisión, así como aspectos de mellora como é a optimización dos tempos de resposta do servizo web para as entidades financeiras.

- O **sistema de apoio na tramitación dos procedementos administrativos e xestión relacionados cos establecementos de acuicultura** (REXEAC) dispón dun módulo de Rexistro, onde se almacena a información dos establecementos de acuicultura, que da soporte á xestión asociada á localización de establecemento en base a criterios de filtrado, consulta asociada a cada establecemento e exportación, así como a análise incorporando múltiples indicadores de interese; e a captura periódica de información desde distintas fontes de datos. O segundo bloque do sistema permite a xestión dos procedementos administrativos vencellados ao sector (permisos de inmersión, traslados moluscos, extracción semilla de mexillón, rexistro acuicultura continental, permisos de actividade, autorización de ampliación ou remodelación, prórrogas, cambios de localización de viveiros e de especies...; ata completar a xestión de ata 20 servizos/procedementos administrativos relacionados con este sector). 5000 establecementos dados de alta e mais de 4000 expedientes tramitados por primeira vez de xeito automatizado no 2022.

O obxectivo cara ao 2023 pasa por continuar dando soporte ao extenso abano de usuarios e perfís do sistema, ampliando a información xestionada así como o sistema de tramitación para facelo máis usable. Finalizaranse as integracións con distintos sistemas sectoriais iniciadas no ano anterior para obter información automatizada que incorporar aos establecementos de acuicultura; nesa liña tamén plantéxase a mellora da ficha do mesmo (tanto a nivel de usabilidade e organización da información como de ampliación da mesma); cómpre crear novas tipoloxías de perfís de usuarios; no referente ao sistema de tramitación atenderase á mellora do buscador do expediente, nos criterios de relación de expedientes, bandexa de entrada e posibilidade de tramitación agrupada.

- Un dos proxectos de máis calado no 2023 será a posta en marcha do **Sistema de Xestión de axudas do Fondo Europeo e Marítimo da Pesca e a Acuicultura (FEMPA)**. Desenvolveuse a arquitectura base de tramitación e a súa adaptación particularizada para cada un dos doce procedementos administrativos incluídos no proxecto (que inclúen distintos eidos de axudas da Consellería do Mar pero baixo unha visión de solución integral). Entrará en funcionamento no primeiro trimestre do 2023, comezando co soporte na xestión desde a recepción e valoración das solicitudes ata a selección dos expedientes aceptados na Comisión de valoración dos dez primeiros procedementos de axudas (financiación FEMP).

A arquitectura base e de tramitación na que está sustentada o proxecto consta dunha serie de elementos definidos para dar soporte ás necesidades dos distintos procedementos, destacando a solución implementada para a xestión de avisos e lista de trámites abertos, a

posibilidade de xestión de expedientes, a definición dun fluxo común de tramitación, a documentación de datos específicos para cada trámite, a xestión documental asociada á tramitación, a dispoñibilidade dun histórico de tramitación para cada expediente, a xestión de participantes asociados a un expediente, a vinculación de expedientes relacionados, así como o traslado do expediente para a súa tramitación noutra unidade funcional. O módulo de administración da soporte á xestión de cargos e asinantes, a xestión de táboas mestras do sistema e a execución manual de APIs de integración. Integrada na arquitectura base e de tramitación atópanse distintos sistemas horizontais proporcionados pola Amtega para a administración electrónica, que dan soporte á comunicación do proxecto con outros sistemas e servizos.

Traballárase en paralelo na análise e desenvolvemento das convocatorias de axudas extraordinarias, xa de financiamento FEMPA; para a continuación desenvolver/adaptar o sistema para a tramitación dos procedementos ordinarios que se publiquen no novo marco de financiamento FEMPA.

A posta en marcha do sistema requirirá un elevado nivel de soporte e apoio aos usuarios, máxime dada a dispersión xeográfica e de perfiles dos mesmos.

- O servizo de Soporte e atención a usuarios do equipamento e software de lonxas e confrarías - servizo CAU\_PTP ou **CAU\_Lonxas** – desenvolve o mantemento preventivo, correctivo e adaptativo nas lonxas, confrarías e outras entidades ou localizacións que se identifiquen no campo das competencias en materia pesqueira e de mar da Xunta de Galicia, dos equipos informáticos (hardware e software de base) e do software específico proporcionado pola Xunta de Galicia que se utilicen como ferramenta de traballo para a xestión interna (en particular a nova solución Lonxas Galegas 4.0) e o acceso ou intercambio de información coa Plataforma Tecnolóxica da Pesca (PTP). No 2022 atendeu e resolveu preto de 6.000 peticións (1000 relacionadas coas rulas e confrarías, 4000 cos TICPESC e 100 con MOVVIC) en 90 confrarías de pescadores e centros pesqueiros, 67 TICPESC e 1 punto de control de desembarco de lamprea, incluíndo a intervención in situ nas lonxas así como as visitas in situ de mantemento preventivo (722).

No 2023 continuarase co labor de atención: recepción das peticións (incidencias e ordes de traballo), control de stock, recepción de material e almacenaxe, distribución, recompilación de datos e instalación dos equipos (incluíndo a carga de software e aplicacións), conexión dos equipos á rede e proba da mesma, probas de funcionamento, traspaso de datos, desinstalación e retirada dos equipos substituídos e a súa eliminación conforme á normativa vixente, actualización do inventario, xestión das garantías. Especial fincapé terán neste ano os traballos de soporte de usuarios e infraestruturas das lonxas/confrarías, incluíndo o ecosistema do proxecto LonxasGalegas4.0; así como afondar no estudo, análise e mellora das infraestruturas das lonxas/confrarías para axustalas á xestión corporativa en canto a división de redes e equipos.



- No 2022 arrancáronse as distintas **solucións no eido de xestión das eleccións de confrarías de pescadores** (sistema de xestión do censo electoral e aplicación móbil que permite a consulta do mesmo así como do proceso electoral) que deron soporte aos 11200 socios das confrarías nas Xuntas Xerais desenvolvidas ese ano. No 2023 identifícase a xestión das certificacións trimestrais de socios que as confrarías deben desenvolver. Como tarefas a analizar: a definición dun servizo de soporte á integración da xestión do censo coa solución de xestión de socios implantada no proxecto Primare\_Lonxas (actualización y sincronización da información); e a evolución da app móbil para poder ser utilizada fora dos períodos electorais (información actualizada de censo de socios). Tamén se identifica a posibilidade dunha evolución de mais calado do sistema para xestionar a información correspondente este eido sectorial (xestión xeral de confrarías, órganos de goberno, rexistro de estatuto e documentación, persoal contratado e membros colaboradores,...)
- Outros traballos previstos inclúen a actualización das licenzas e soporte asociado a software específico utilizado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA): Xestión de bibliotecas (Koha), Xestión de referencias bibliográficas (Endnote), análise de datos e representación gráfica (Origin) e paquete estatístico (Minitab); así como subscrición do acceso a bases de datos científicas.
- Renovación continua - trala posta en marcha no 2022 do redeseño completo en deseño e contidos - do portal da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal/>) como canle de comunicación da actividade da mesma.
- Tamén no 2023 construírase e porase en marcha o **novo portal do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA)**, dando así continuidade á función do actual portal do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), dispoñible en <https://femp.xunta.gal/gl>; co obxectivo de actuar de canle de comunicación sobre as bases e obxectivos do mesmo, así como os proxectos, convocatorias, documentación, elementos de participación e outras seccións de interese no desenvolvemento das accións impulsadas neste marco pola Consellería do Mar.

**Área responsable:**

*Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais*

**Actividade:** 2.7.10. Implantar novas funcionalidades e servizos nos sistemas de información de cursos no eido náutico-pesqueiro

**Descrición:** Impulso sobre a acción formativa no sector do mar como panca para mellorar os coñecementos neste sector.

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Impulsar o Sistema de xestión da formación pesqueira e do mar (XESTEN)</b>, que da resposta á xestión dos procesos formativos que son competencia do Servizo de Ensinanzas e Titulacións Náutico-Pesqueira (convocatoria de cursos, matriculación, tribunais e avaliación de cursos, expedición de certificados de aptitude; inspeccións de prácticas, alumnos, locais e medios implicados na formación; e datos de alumnos, centros oficiais, academias homologadas e entidades colaboradoras). Tamén é relevante a incorporación e mellora de alertas (mais de 25.000 no 2022) asociadas aos sistemas de tramitación, en aras de facilitar a tarefa aos usuarios administrativos e simplificar a súa actuación. No 2023 vaise traballar na mellora das notificacións para que inclúa a carta e a titulación, na procura na expedición de títulos e nas notificacións masivas relacionadas cos documentos con notificación manual; incorporar no portal privado a opción para reclasificar procedemento de matrícula e PE607C, envío masivo de documentos a portasinaturas cando os mesmos xa teñan o título xerado, así como aspectos técnicos.</li> <li>→ <b>Módulo de formación online.</b> O portal específico de Teleformación para a Consellería de Mar - baseado na plataforma corporativa de Moodle (PLAFOR) - integrado coa xestión interna de XESTEN ofrece aos destinatarios da formación ferramentas para a autoxestión da mesma, en particular, a pre-inscrición, a consulta da información asociada e o acceso aos cursos en Moodle, ofrecendo aos usuarios ferramentas para a autoxestión (<b>Portal Público do Estudante</b>). Nese senso traballárase en melloras na liña de integrar a visión dos portais público e privado existentes na actualidade. No 2022 desenvolvéronse seis cursos de mariñeiro/pescador con matrícula en liña (<a href="https://formacion-mar.xunta.gal/">https://formacion-mar.xunta.gal/</a>)</li> <li>→ Impulsar e mellorar o portal e a ferramenta de apoio na xestión de bolsas de traballo para o Instituto Galego de Formación en Acuicultura</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</i>

<b>Actividade:</b>	<b>2.7.11. Evolucionar os sistemas e ferramentas de promoción e difusión de información do sector do mar a marcos e produtos de valor diferenciado</b>
<b>Descrición:</b>	Impulsar as canles de difusión e promoción dos produtos de mar, en particular de marcas diferencias ou de calidade
<b>Actividades 2023:</b>	<p>Melloras técnicas e de contidos nos portais e aplicacións móbiles promocionais de produtos do mar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Portal promocional "Aliméntate ben" (<a href="https://alimentateben.xunta.gal/">https://alimentateben.xunta.gal/</a>). Quere fomentar hábitos saudables na comunidade escolar a través de dietas equilibradas e utilizando produtos de calidade que garantan unha alimentación e desenvolvemento axeitados</li> </ul>

- Portais <https://faiclicaoteubocata.xunta.gal/> e <https://tisqueesunbopeixe.xunta.gal/>. Co dobre obxectivo de facilitar o coñecemento e consumo de produtos en conserva do mar de Galicia entre as nenas e nenos da nosa comunidade; e de incidir e equilibrar as súas dietas alimentarias
- Portal promocional "Vai de peixe": <https://vaidepeixe.xunta.gal/>. Unha campaña para fomentar o consumo de produtos do mar e da acuicultura entre a mocidade galega.
- Portal e aplicación móbil da Rede de observadores do medio mariño galego (<https://redogal.xunta.gal/>), ferramenta para o seguimento e vixilancia da vida mariña de Galicia. Mediante un portal e unha aplicación para móbil trátase de valorizar e facilitar a transmisión da información de identificación de especies invasivas no medio mariño galego, de interese científico e para a biodiversidade, de tal forma que expertos da Consellería do Mar podan axudar á súa catalogación así como a poñer a disposición do sector os resultados e avistamentos que se produzan
- APP Non piques, non peques. A aplicación "Non piques, non peques", con información sobre vedas, tamaños mínimos e período óptimo de consumo dos principais peixes e mariscos que se comercializan en Galicia, incorporou 30 novas especies, que se suman ás 53 que xa estaban dispoñibles
- APP Guía de especies pesqueira. A guía de identificación de especies pesqueiras é a aplicación para a consulta da información das distintas especies pesqueiras que habitan as costas galegas, na que se poden consultar as fichas das distintas especies que habitan as costas galegas
- Como xa se indicou en seccións anteriores, de xeito engadido no eido promocional:
  - ◦ FEIMAR define un portal para promoción e dinamización do sector, que serve de elemento de captación de empresas para que participen nas feiras específicas do sector, así como de fiestra da Consellería de Mar para dar a coñecer o seu compromiso por este tipo de actividades. Desta forma dáse cobertura ás necesidades de xestión relacionadas coas feiras nas que participa a Consellería de Mar e ás máis de 150 empresas do sector que colaboran nas mesmas, á vez que se establece unha canle de comunicación a usuarios profesionais da información relativa a este tipo de eventos
  - ◦ Portal e app de trazabilidade e difusión da marca de calidade pescadeRías ¿de onde se non? (Portal de xestión da trazabilidade dos <https://deondesenenon.xunta.gal/> e aplicación móbil "Pesca de Rías móbil" que permite localizar as lonxas e empresas certificadas pola marca , localizar os restaurante e puntos adheridos á marca e as especies adheridas, así como estar ao tanto das novas relacionadas)

**Área responsable:**

***Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais***

<b>Actividade:</b>	<b>2.7.12. Evolucionar os sistemas de xestión e difusión dos proxectos impulsados polos Grupos de Acción Local Pesqueiras (GALP)</b>
<b>Descrición:</b>	Facilitar e mellorar as ferramentas de xestión das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP) por parte dos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro - GALP, facilitando tanto unha canle de difusión da súa actividade, como facilitando aos GALP e á Consellería a súa xestión
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ A través do portal <a href="https://galp.xunta.gal/">https://galp.xunta.gal/</a>, pódense seguir os proxectos, documentación, convocatorias, mecanismos de cooperación, actualidade e outros aspectos referidos á xestión destes grupos; así como, na área privada de dito portal (65 usuarios) desenvolver facilidades de xestión para os grupos na relación coa Consellería do Mar (107 proxectos solicitados para un investimento - no 2022 - próximo aos 3,5 millóns de euros).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O novo Regulamento (UE) 2021/1139 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, polo que se modifica o Regulamento(UE) 2017/1004, (FEMPA), encadra o desenvolvemento local participativo na Prioridade 3, isto é, permitir unha economía azul sostenible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas.</li> <li>• Coa finalidade de executar as novas estratexias de desenvolvemento local neste marco financeiro plurianual europeo 2021-2027, e en virtude do acordo asinado en virtude da acordo asinado en decembro de 2022, vaise desenvolver no 2023 un novo sistema de información para a xestión integrada das axudas autonómicas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativas.</li> <li>• O sistema dará soporte aos usuarios da Consellería do Mar, aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) e aos promotores dos proxectos subvencionables nos procesos involucrados na xestión destas axudas dende a presentación das solicitudes ata a realización dos pagos, sendo os mais relevantes: configuración das convocatorias, recepción, rexistro e comprobación das solicitudes presentadas, xestión de desistencias e renuncias, xestión de emendas, resolución de solicitudes, xestión de modificacións, xestión de anticipos e garantías, xestión de xustificacións, xestión de requirimentos, xestión de trámites de audiencia, xestión de perdas do dereito ó cobro e de reintegros e integración coa tramitación electrónica.</li> <li>• Tamén se traballará na actualización de <a href="https://galp.xunta.gal/">https://galp.xunta.gal/</a> , en particular a necesaria reformulación para ter en conta as novas EDLP e grupos seleccionados no marco do FEMPA; sen prexuízo de que se poda manter a información dispoñible do período FEMP que remata no 2023.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.7.13. Incrementar os servizos ofrecidos dende os terminais de autoservizo, e abrir ditos servizos a novos canles en mobilidade co sector.</b>
<b>Descrición:</b>	Potenciar a utilización dos puntos de autoxestión para servizos informáticos nas lonxas galegas (TICPESC) e canles alternativas
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Os TICPESC permiten ás persoas dedicadas á pesca extractiva obter o Documento de transporte e o Documento de alternancia de artes:e para as persoas dedicadas á acuicultura de bivalvos o Documento de orixe, Documento de rexistro e as Declaracións de devolución a orixe. Cómpre potenciar a utilización con accións de específicas (baseadas nos datos do Informe de usos TICPESC 2022) en particular no sector de acuicultura; e avaliar a potencial incorporación de novos documentos e servizos. Máis de 50.000 documentos expedidos no 2022.</p> <p>→ Avaliase por parte da Consellería do Mar da posibilidade de instalación de mais terminais nos puntos identificados en función da actividade e necesidades derivadas da análise da actividades nos portos pesqueiros. De xeito análogo, respecto da posible extensión do sistema de pesada integrado en TICPESC.</p> <p>→ Extensión ao eido de mobilidade (descrito en 2.8.1). Progresiva extensión para os distintos documentos e procedementos que permita facilitar unha canle alternativa aos TICPESC en mobilidade. Estas solucións de mobilidade no eido da Plataforma Tecnolóxica de Pesca teñen como obxectivo facilitar novas canles na trazabilidade dos produtos pesqueiros, en particular o acceso desde dispositivos móbiles (MOVTIC)</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Medidas para a xestión dixital do sector agroforestal	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento e implantación dun sistema integral de xestión do ámbito de gandería MODULO DE MOVEMENTOS GANDEIROS</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento e Posta en marcha de novas ferramentas de apoio na xestión da produción e a sanidade vexetal</li> </ul>	Si

<ul style="list-style-type: none"> <li>Proposta e definición dun plan de acción de impulso da xestión vitícola</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en uso da aplicación para o sacrificio de gando no matadoiro móbil e adaptación para pequenos matadoiros</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise e definición da Lonxa Virtual de Gando</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en marcha de novas ferramentas de apoio na xestión da gandaría, agricultura e industrias agroalimentarias, novos sistemas a definir.</li> </ul>	2
<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en marcha do Observatorio de Parcelas e da Xestión de Explotación Agrícolas (Finalización AGRO 4.0-FASE 1)</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Implantar en contorna corporativa as aplicacións Contaláctea e Contacarne</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en marcha do sistema de información para o seguimento dos instrumentos definidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia (AGADER)</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Arranque en real do novo sistema de xestión das axudas baixo metodoloxía LEADER do PDR</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise e licitación para o desenvolvemento dun sistema de xestión interna para a AGACAL</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Impulsar o Portal promocional e Marketplace asociado para os produtos galegos de calidade diferenciada, visitas a acadar.</li> </ul>	2.000
<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento e Evolución de sistemas integrais para a xestión forestal</li> </ul>	4
<ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolver novo sistema de xestión económica no eido forestal</li> </ul>	Si
<ul style="list-style-type: none"> <li>Novos Usuarios (EMPRESAS) da ferramenta de trazabilidade da madeira posta a disposición do sector e cadea de subministradores da madeira</li> </ul>	2
<ul style="list-style-type: none"> <li>Extensión global da solución de mobilidade no dispositivo de extinción de incendios</li> </ul>	Si

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novos sistemas/ferramentas de apoio en plataforma corporativa</li> </ul>	3
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incremento no número de parcelas no sistema de xestión da biomasa nas faixas secundarias</li> </ul>	140.000
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de pilotos de sistemas baseados en IA en operación no eido do sector primario</li> </ul>	2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistemas integrados na Plataforma de Mobilidade no sector primario que soporta operacións en campo (inspeccións , actas)</li> </ul>	2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plataforma (aplicación e app) de seguimento da flota de vehículos de Medio Rural en uso</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novos portais XERA e AGACAL</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Convergencia de sistemas legacy (peche de sistemas por inclusión en sistemas globais)</li> </ul>	2
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ampliación indicadores/cadros de mando</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobación Plan de Transformación Dixital do Medio Rural</li> </ul>	Si

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de xestión das organizacións de produtores (OPPs) – Integración con sistema nacional e novos procedementos</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Completar o desenvolvemento de procedementos relacionados co Rexistro de Buques de Galicia</li> </ul>	Si
<b>Medidas para a xestión dixital da pesca</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestión das eleccións de confrarías de pescadores. Ampliación e análise de nova cobertura funcional</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantación completa do Sistema de xestión da acuicultura</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de xestión de licencias de pesca deportiva: portal de difusión e app móbil publicados</li> </ul>	Si

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantación do novo Sistema de apoio na xestión de convocatorias de innovación (FEMPA)</li> </ul>	<b>Si</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• En desenvolvemento un Sistema de información para a xestión integrada das axudas autonómicas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativas.</li> </ul>	<b>Si</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de extensión do Proxecto de modernización das lonxas</li> </ul>	<b>Si</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Definición e posta en marcha da continuidade de Primare_Lonxas para o período 2023_2025</li> </ul>	<b>Si</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Novo portal de difusión do Fondo Europeo Marítimo, de la Pesca y de la Acuicultura (FEMPA)</li> </ul>	<b>Si</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de sistemas promocionais e licitación en coordinación coa política da Consellería do Mar</li> </ul>	<b>Si</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Impulso de proxecto de indicadores e cadro de mando</li> </ul>	<b>Si</b>



## 2.8 Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria

Este programa persegue o desenvolvemento pleno da interrelación tecnolóxica das empresas, industrias e comercios coa administración pública galega. Por unha banda, mediante o aumento da axilidade e simplificación na realización de trámites que supón acadar un rexistro único empresarial, e por outra, a través do desenvolvemento de servizos dixitais para facilitar os procedementos vinculados ao consumidor.

### Obxectivos

- Desenvolver, pór en marcha e evolucionar a plataforma de relación cos sectores do comercio, empresa e industria, en liña coas estratexias de simplificación e reactivación económica.
- Evolucionar o rexistro único empresarial, para a xestión integramente dixital dos procesos administrativos neste ámbito.
- Desenvolver os servizos de interoperabilidade e automatización de comunicacións entre a administración e os sistemas de sectores económicos.
- Evolucionar o sistema de xestión integral do ámbito de consumo. Dixitalizar integralmente os procesos de relación co consumidor.
- Dixitalizar e dotar de medios para os procesos de inspección de consumo.
- Evolucionar os sistemas, portais e apps actuais deste ámbito de actuación.

### Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>2.8.1. Desenvolver, pór en marcha e evolucionar a plataforma de relación cos sectores do comercio, empresa e industria, en liña coas estratexias de simplificación e reactivación económica.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O sector empresarial, comercial e industrial mantén unha relación continua e estreita coa Administración xa sexa para o cumprimento das obrigas propias da súa actividade como para participar das actuacións promovidas pola Administración pública.</p> <p>A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia ten entre os seus obxectivos simplificar os trámites administrativos necesarios para a implantación das iniciativas empresariais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular mediante a racionalización dos procedementos administrativos aplicables e a eliminación das cargas administrativas innecesarias ou accesorias vinculadas a eles.</p>

A plataforma de relación cos sectores do comercio, empresa e industria da Xunta de Galicia debe deseñarse e funcionar desde a perspectiva dos seus usuarios, organizando a información e os trámites de xeito simple e independente da organización interna da Administración.

Así, no 2022 púxose en marcha a **Oficina Galicia Empresa** (<https://galiciaempresa.xunta.gal>) como canle de acceso ao Sistema de Atención ao investimento, creado na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, e que ten por finalidade servir de soporte ás empresas e, en particular, ás persoas emprendedoras, no proceso de posta en marcha das súas iniciativas empresariais, así como facilitar a súa implantación.

**Actividades  
2023:**

- **Oficina Galicia Empresa:** Mantemento e evolución continua do portal público. Posta en marcha de servizos no espazo privado da oficina, incorporando:
  - Disponibilidade dunha carpeta das iniciativas de cada persoa interesada asociada aos catálogos dispoñibles e cunha visión conxunta e orientada á perspectiva do titular do conxunto de expedientes asociados á posta en marcha da iniciativa.
  - Asistente de axuda para que os usuarios podan indicar os seus intereses e as características da súa iniciativa e obter información específica orientada as súas necesidades e recibir información personalizada e adaptada.
  - Funcionalidades para a búsqueda guiada e adaptada de financiación, facilitando información sobre as liñas de axuda dispoñibles para realizar investimentos en Galicia. Integrarase así a perspectiva administrativa e a económica das iniciativas para promover e axilizar a implantación dos proxectos.
- **Canle Empresa:** Aliñado có punto anterior abordarase a evolución da canle empresa da sede electrónica da Xunta de Galicia, que permita poñer en marcha os mecanismos de simplificación e reactivación económica, mellorando a información e simplificando o acceso aos trámites.
  - Unificación da información dos rexistros administrativos nos que unha empresa está inscrita: inicio de integración de rexistros.
  - Acceso por parte das empresas a información recollida
  - Utilidades de búsqueda da información pública dos rexistros recollidos no sistema.
- En liña coa **mellora da presenza institucional en Internet**, abordarase a revisión dos espazos da Consellería de Economía, industria e Innovación, en especial nos ámbitos da S.X. de Industria e da D.X. de Comercio e Consumo.

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>2.8.2. Evolucionar o rexistro único empresarial, para a xestión integramente dixital dos procesos administrativos neste ámbito.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Na búsqueda da simplificación das interaccións entre a Administración e as empresas, e do aumento da calidade da información que a Administración precisa para a mellora das políticas públicas, considérase necesario o avance no rexistro empresarial único. Este rexistro permite simplificar os diferentes trámites que deben realizar as empresas cando han de inscribirse en distintos rexistros públicos, e achegar a información necesaria para dispoñer da “Carpeta da empresa” na sede electrónica da Xunta de Galicia, permitindo aos interesados acceder a trámites e información sobre a situación dos seus expedientes.</p> <p>O Rexistro Único Empresarial determina un modelo de información que permite coordinar a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública, evitando a dispersión e redundancia de información e simplificando os procesos e trámites nas relacións do sector coa Xunta de Galicia.</p> <p>Nos últimos anos púxose en marcha un Sistema de información para a xestión integral de rexistros que incorpora distintos rexistros asociados aos ámbitos de competencia da Xunta de Galicia: Rexistro Industrial, Rexistro de industrias Forestais, Rexistro de industrias agrarias, Rexistro mineiro e Rexistro de artesanía.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Incorporación de novos ámbitos de tramitación, novos rexistros e procedementos, en coordinación coas unidades responsables destes, e en particular: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica (parques eólicos)</li> <li>○ Seguimentos ambientais de instalacións e liñas de produción de enerxía eléctrica</li> <li>○ Ampliación do alcance do Rexistro Mineiro.</li> <li>○ Certificado de aptitude para o manexo de maquinaria móbil.</li> </ul> </li> <li>→ Participación e apoio nas labores de difusión e divulgación do sistema para os colectivos de empresas e profesionais aos que se dirixe e para os usuarios das unidades responsables da tramitación dos procedementos.</li> <li>→ Evolución continua da información publicada no módulo de explotación de datos RUE-Visión incorporando novas gráficas de interese para as unidades xestoras.</li> <li>→ Desenvolvemento do módulo de planificación e xestión de inspeccións. Este módulo permitirá definir criterios para a identificación dos expedientes a inspeccionar e xestionar os trámites asociados ás ditas inspeccións. Este módulo será reutilizable por outros sistemas de tramitación que integren a súa información rexistral no sistema.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>2.8.3. Desenvolver os servizos de interoperabilidade e automatización de comunicacións entre a administración e os sistemas de sectores económicos.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>As empresas e profesionais cun elevado número de interaccións electrónicas coa administración para a xestión dos seus negocios precisan ferramentas de que permitan a automatización dos procesos mediante a interoperabilidade entre os seus sistemas dixitais e os da administración. Estes sistemas deben garantir a seguridade técnica e xurídica dos procedementos permitindo unha maior eficiencia dos procesos.</p> <p>Así, en 2022 desenvolveuse o rexistro electrónico interoperable para a presentación de solicitudes dun procedemento administrativo recorrente, habilitando unha canle directa de comunicación entre os sistema de información dos interesados e a administración.</p> <p>Adicionalmente, inclúense nesta actuación actividades vinculadas ao análise de viabilidade, deseño ou desenvolvemento iniciativas innovadoras no ámbito dos sectores económicos e productivo.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Implantación do <b>rexistro electrónico interoperable</b> para a presentación de solicitudes dun procedemento administrativo recorrente. Impulsarase o uso deste servizo nos sectores e colectivos que se identifiquen como candidatos axeitados a este pola súa capacidade tecnolóxica e volumen de trámites coa administración.</li> <li>→ Continuidade do análise de viabilidade e deseño do modelo organizativo e tecnolóxico para o <b>impulso da trazabilidade na cadea de produción e distribución do produto</b> no ámbito de Galicia Calidade, baseándose en tecnoloxía blockchain. Posta en marcha das iniciativas piloto.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>2.8.4. Evolucionar o sistema de xestión integral do ámbito de consumo. Dixitalizar integralmente os procesos de relación co consumidor.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Como desenvolvemento <i>da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias</i>, que sinala que a Xunta de Galicia "potenciará a arbitraxe electrónica" e "fomentará o uso das novas tecnoloxías para a presentación polos consumidores das reclamacións e denuncias, e a súa comunicación con eles, establecendo procedementos adecuados que garantan a autenticidade destas", púxose en marcha en 2019 no Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), o Sistema de xestión do proceso de mediación e arbitraxe de reclamacións de consumo (MARCO). Este sistema facilita a presentación (por parte da cidadanía) e a xestión (por parte tanto das</p>

empresas como da propia Administración) dos procesos de mediación e arbitraje de reclamacións e denuncias de consumo.

Inclúense nesta actividade o desenvolvemento progresivo do sistema MARCO e elementos complementarios para acadar a dixitalización dos procesos do ámbito do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, e dos seus departamentos dependentes. E dixitalización dos procesos da relación coas persoas consumidoras.

**Actividades  
2023:**

- Continuación coa evolución e incorporación de novas módulos no sistema de xestión do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, facendo especial fincapé na mellora da relación coa cidadanía, e a presentación electrónica das reclamacións.
- Posta en marcha de áreas temáticas desenvolvidas en 2022:
  - Posta en marcha da aplicacións móbil para as labores de inspección, que permitirá aos inspectores a realización de actas de inspección e tomas de mostras asociadas ás campañas do Laboratorio de Consumo de Galicia, integrando esta información en MARCO.
  - Extensión do modulo para OMICs e asociacións.
- Desenvolvemento de áreas de traballo iniciadas en 2022:
  - Sistema de xestión de información de laboratorio (LIMS) utilizado na certificación dos procesos do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Inicio dos procesos de análise e deseño de novas áreas de dixitalización ou servizos cara o cidadán.
  - Rexistro das consultas da cidadanía.
  - Canle de comunicación coa cidadanía, para a mellora da información facilitada á cidadanía sobre a tramitación e estado das súas reclamacións. Comunicaci3ns SMS e integraci3n na canle de avisos de XuntaEU.
- Desenvolvemento do sistema de análise de informaci3n (sistema de indicadores) baseado en BI do 3mbito de consumo (iniciado o an3lise en 2023), integrado no modelo de sistema de indicadores de administraci3n dixital.
- Avaliaci3n das posibilidades de automatizaci3n no 3mbito dos sistemas de consumo (*en liña co 1.6 Programa de Robotizaci3n e Automatizaci3n*)
- No caso da Comisi3n Galega da Competencia, an3lise de viabilidade da posta en marcha do sistema de informaci3n para o rexistro de grupos de interese.

**3rea  
responsable:**


***3rea de Administraci3n Dixital***

<b>Actividade:</b>	<b>2.8.5. Dotar de medios para a dixitalización dos procedementos de consumo.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A Xestión e dotación dos medios en posto de traballo TIC no ámbito da Consellería de Economía, Industria e Innovación están incluídas dentro da xestión ordinaria de medios, e polo tanto en <i>liña co Programa 1.8 Posto dixital avanzado do persoal empregado público</i>). Isto aplica tamén aos IGCC como ente integrado na Amtega a estos efectos..</p> <p>Recóllense nesta actividade algúns aspectos singulares.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Dotación dos medios tecnolóxicos para <b>o funcionamento do Instituto Galego de Consumo e da Competencia.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ No caso do ámbito Dotación de postos de uso por parte da cidadanía nas oficinas provinciais do IGCC para facilitar a presentación e dixitalización das reclamacións.</li> <li>○ Dotación do equipamento para a posta en marcha da aplicación móbil de labores de inspección, unha vez se poña en marcha o seu uso.</li> </ul> <p>→ Formalización do proceso de integración na Xestión de posto ordinario de posto de traballo do <b>Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia</b>, con excepción do equipamento especializado de laboratorio.</p> <p><i>(Esta actividade está en liña co Programa 1.8 Posto dixital avanzado do persoal empregado público)</i></p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas para o desenvolvemento dos servizos dixitais dirixidos ao comercio, empresa e industria</b>	• Publicación do espazo privado da Oficina Galicia empresa	<b>Dispoñible para a súa validación</b>
	• Incorporación de novos procedementos na plataforma para a súa xestión dixital	<b>5</b>
	• Módulo de planificación e xestión de inspeccións asociadas ao ámbito industrial	<b>Dispoñible para a súa validación</b>
	• Postos para o uso por parte da cidadanía nas oficinas de atención dependentes do IGCC	<b>Instalados</b>

## Obxectivo estratéxico 3: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais



## 3.1 Medidas de Continuidade de Servizo de Infraestruturas de Sistemas

O CPDi está a ser o centro de proceso de datos onde se consolidan todos os sistemas de información da Xunta de Galicia, polo que é fundamental reforzar a súa capacidade co fin de garantir os servizos críticos que se prestan, garantindo a súa capacidade en termos de potencia, crecemento horizontal e vertical, alta dispoñibilidade e replicación.

Este conxunto de medidas abrangue a consolidación e centralización de infraestruturas, así como a identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns que permitan aforrar custes de mantemento e alcanzar economías de escala.

O principal obxectivo é poder ofrecer uns niveis de confianza elevados, tanto polo rendemento dos sistemas en canto á capacidade de cómputo, cantidade de almacenamento e recuperación dos sistemas ante posibles incidentes, como á recuperación de datos, correos electrónicos ou sistemas completos. Igualmente tamén é un obxectivo primordial poder dar servizo ás demandas de integración tecnolóxica que chegan desde as diferentes áreas de negocio.

En consonancia cos obxectivos fundamentais indicados, durante o 2023 continuaranse as actividades de adquisición, configuración e posta en produción de novo equipamento de almacenamento e backup fundamentalmente para conseguir tanto a renovación tecnolóxica como poder dotar das capacidades necesarias aos ámbitos de negocio. Neste senso realizarase unha significativa ampliación das capacidade das plataforma de almacenamento e backup.

Outro dos aspectos fundamentais no que se seguirá incidindo é na automatización dos procesos e tarefas, xa que para o volume tan elevado de equipamento e sistemas que se manexan desde as infraestruturas da Amtega, é imprescindible establecer políticas ben definidas, coa máxima homoxeneización posible, para poder realizar as labores de administración a través da utilización de accións autómatas de infraestrutura como código, tanto para poder manter operativos e actualizados os sistemas actuais, como para a realización de novas incorporacións ou modificacións.

Dentro das accións planificadas para este 2023 tamén se atopa, aliñados coa implantación de servizos de Cloud, tanto a nivel de Cloud Privada como de Cloud Pública, a posta en marcha dunha Oficina Cloud que permita sacar o aproveitamento máximo a estes novos servizos aos que se está dirixindo a AMTEGA para poder ampliar a diversidade dos servizos ofrecidos á vez que se poidan ofrecer solucións cada vez máis áxiles e eficaces.

Avanzarase por este sendeiro empregándose como guía no, cada vez máis maduro, Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2020-2023, sendo a folla de ruta que vela por ofrecer servizos e prestacións da maior calidade e seguridade posibles. Dado que este é o último ano no que está vixente dito Plan, en 2023



traballarse na elaboración do próximo plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital.

### Obxectivos

- Manter e evolucionar as plataformas de backup corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia.
- Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia.
- Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de Correo Electrónico corporativas.
- Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas.
- Desenvolver o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos.
- Continuar coa incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs da Xunta de Galicia, que permitan a mellora da dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais.
- Manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da Amtega.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.1.1. Manter e evolucionar as plataformas de backup corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	Revisión continua das plataformas de backup, incrementando neste 2023 a capacidade total de plataforma de corta retención.  Revisión continua das plataformas de almacenamento, incorporando neste 2023 un novo sistema de almacenamento NAS de altas prestacións, nova cabina para almacenamento GOLD/DIAMOND (para BBDD e Virtualización) e novas cabinas Scale-Out para sistemas de Disaster Recovery.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Recepción e instalación dos elementos hardware para o aumento da capacidade da plataforma de backup e almacenamento.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.1.2. Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	Para o correcto funcionamento dos sistemas comprendidos na infraestrutura da Amtega é indispensable contar cun equipo humano capacitado e suficiente que permita

	<p>atender á ampla diversidade tecnolóxica despregada nos tamén diversos ámbitos de negocio. Igualmente é indispensable que dito servizo interactúe a través de probadas e refutadas técnicas de colaboración e documentación.</p> <p>Durante o ano 2022 leváronse a cabo actividades destinadas a analizar os diferentes niveis de servizo así como iniciar a análise dos correspondentes obxectivos de nivel de servizo (SLO). Será obxectivo para este ano 2023 continuar con esta liña de traballo e avanzar na análise dos correspondentes obxectivos de nivel de servizo (SLO).</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Afondar na análise dos niveis de servizo.</li> <li>→ Avanzar sobre a análise das posibilidades de obtencións de métricas para definición dos SLO.</li> <li>→ Tramitación da prórroga do concurso para a administración de sistemas dos CPDs da Xunta de Galicia.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.1.3. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de Correo Electrónico corporativas.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Para o correcto funcionamento das diferentes plataformas de correo electrónico xestionadas, Educación, Xustiza, antigo CIXTEC e Xunta, é indispensable contar cun equipo humano capacitado e suficiente que permita atender non so as necesidades de intervencións, senón o mantemento actualizado e seguro, xa que precisamente esta canle é a máis crítica en canto ao ser a máis afectada polos intentos de ataques externos.</p> <p>Durante o 2023 continuarase coa revisión e melloras das medidas de seguridade da plataforma de correo electrónico, así como coa evolución das plataformas existentes, ao tempo que se manterá o soporte e actualizacións sobre as mesmas.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Revisión e aplicación das melloras de seguridade necesarias sobre a plataforma de correo electrónico.</li> <li>→ Actualización da plataforma de correo electrónico do ámbito de Xustiza.</li> <li>→ Actualización da plataforma ELK correo electrónico: inclusión de índices de caixas de correo das tres plataformas xestionadas.</li> <li>→ Migración das contas de correo @eidolocal.es para vinculalas a usuarios en Directorio Activo de Xunta.</li> <li>→ Integración completa da plataforma de correo electrónico do antigo CIXTEC na plataforma de correo electrónico de Amtega.</li> <li>→ Actualización dinámica de listas de distribución no ámbito educativo.</li> <li>→ Implantación de nova política de seguridade de acceso a contas xenéricas.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.1.4. Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Para o correcto funcionamento dos sistemas comprendidos na infraestrutura da Amtega é indispensable realizar un labor de incorporación, actualización e evolución do software necesario, así como a realización do mantemento e soporte do hardware que se atopa fóra de garantía e/ou soporte oficial do fabricante.</p> <p>De aí que constantemente se teña que estar revisando o estado de dito hardware e software, para o cal se realizan labores de diferente tipo e alcance, orquestradas unhas a través das actuacións dos diferentes equipos de traballo dos administradores de sistemas e outras a través de auditorías e seguimentos externos.</p> <p>Dentro dos aspectos de evolución pódense destacar as actividades orientadas a poder ofrecer os servizos tanto de Cloud Privada como de Cloud Pública para potenciar deste xeito o catálogo que se ofrece ás unidades de negocio.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Licitación de concurso para renovación de varios lotes de software: ferramenta de monitorización, bases de datos NoSQL, xestor de contrasinais, bases de datos relacionais.</li> <li>→ Prorrogar os concursos de ferramentas: repositorio de software, análise de datos e automatización.</li> <li>→ Licitación de concurso de soporte sobre o software base.</li> <li>→ Continuación da prestación do servizo de mantemento hardware, coa súa correspondente actualización do inventario.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.1.5. Desenvolver o servizo de apoio técnico á coordinación, xestión, seguimento e monitoraxe das actividades e proxectos</b>
<b>Descrición:</b>	Realización de actividades de monitoraxe e seguimento sobre o desenvolvemento e progresos das actividades de cada proxecto activo con interaccións coas infraestruturas tecnolóxicas.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Monitoraxe dos sistemas.</li> <li>→ Seguimento e actualización do Plan de continuidade de servizos de infraestrutura da administración dixital 2020-2023 (PCSIAD 20-23).</li> <li>→ Elaboración do Plan de continuidade de servizos de Infraestrutura da administración dixital 2024-2027.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.1.6. Continuar coa incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs da Xunta de Galicia, que permitan a mellora da dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais.</b>
<b>Descrición:</b>	Para poder continuar coa necesaria renovación tecnolóxica do equipamento de servidores, así como para dar resposta á incesante demanda de recursos debido ao incremento de solucións tecnolóxicas que se implantan na AMTEGA, é necesario realizar a renovación do instrumento de contratación baseado en Acordo Marco para poder continuar coa adquisición áxil de novo equipamento tipo servidores hipercoverxentes e stand-alone.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Tramitación dun novo Acordo Marco de servidores (hiperconverxentes, stand-alone).
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.1.7. Manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da AMTEGA.</b>
<b>Descrición:</b>	Desde o departamento de sistemas continuarase traballando na evolución das plataformas corporativas e dando soporte sobre ás mesmas, á vez que se incorporarán novas plataformas previstas.  Seguirase igualmente traballando na automatización de procesos, incrementado así o número de sistemas automatizados e realizando a revisión e soporte sobre os que se atopan en uso.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Realización de novos cursos formación sobre tecnoloxías de contedores para os grupos de Sistemas encargados da súa administración. → Desenvolvemento de novos roles e playbooks para a automatización de procesos. → Implantación de solución VSAN stretched cluster. → Implantación Windows Server 2022 como S.O. base. → Despregue da plataforma AbalarBox (NextCloud) en Educación dispoñible para un número limitado de usuarios. → Posta en funcionamento da Oficina Cloud.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Manter e evolucionar as plataformas de backup</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade subministrada de almacenamento en disco da plataforma de backup corporativa</li> </ul>	<b>1PB</b>

<b>corporativa, almacenamento, servidores e virtualización para a Xunta de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacidade subministrada de almacenamento en disco da plataforma NAS de altas prestacións</li> </ul>	<b>300TB</b>
<b>Desenvolver o Servizo de Administración de Sistemas do CPDi da Xunta de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tramitación da prórroga do concurso de administración de sistemas dos CPDs da Xunta de Galicia</li> </ul>	<b>SI</b>
<b>Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de administración das plataformas de Correo Electrónico corporativas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actualización da plataforma de correo electrónico do ámbito de Xustiza</li> </ul>	<b>SI</b>
<b>Manter, evolucionar e desenvolver os servizos de soporte do hardware e software necesario para a administración das plataformas e sistemas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licitación do novo concurso de licenzas de software enterprise</li> </ul>	<b>SI</b>
<b>Continuar coa incorporación de infraestruturas de última xeración nos CPDs da Xunta de Galicia, que permitan a mellora da dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>• Inicio da Tramitación do Acordo Marco de servidores</li> <li>•</li> </ul>	<b>SI</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora da climatización do CPDI</li> </ul>	<b>SI</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formalización da licitación de mellora da climatización do CPDR</li> </ul>	<b>SI</b>
<b>Manter, evolucionar e automatizar as diferentes plataformas e sistemas corporativos da AMTEGA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Despregue da plataforma AbalarBox (NextCloud) en Educación</li> </ul>	<b>SI</b>

Obxectivo 3: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

## 3.2 Medidas de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións

A Amtega xestiona unha gran cantidade de aplicacións informáticas. Para poder levar a cabo os sistemas de información dunha forma eficaz e eficiente é imprescindible definir cales son os procedementos e estándares corporativos para así homoxeneizar o máximo posible a xestión técnica da infraestrutura TIC, facilitando a coordinación dos distintos equipos de traballo. De igual modo, é necesario actualizar tecnoloxicamente, e de forma periódica, a arquitectura das aplicacións e as plataformas que lle dan soporte.

Ademais de velar polo cumprimento destes procedementos e estándares de organización, faise necesario manter e evolucionar os sistemas de xestión da calidade no desenvolvemento das aplicacións e plataformas da Xunta de Galicia.

### Obxectivos

- Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia.
- Evolucionar as arquitecturas das plataformas corporativas que dan soporte ás aplicacións da Xunta de Galicia.
- Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos.
- Implantar a certificación de normas de Calidade nos procesos corporativos.
- Dinamizar o proceso de xestión da configuración.
- Formación, divulgación e soporte nas tecnoloxías e plataformas utilizadas no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta Galicia.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.2.1. Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Revisión continua das arquitecturas tecnolóxicas dos sistemas da Amtega.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Impulsar o modelo de xestión de débeda técnica nos proxectos; tamén nos equipos de Sistemas, Seguridade e Compoñentes Transversais. Optimización da ferramenta de xestión de débeda técnica para o seu uso por todos os equipos.</li><li>→ Mellorar a interacción dos equipos de proxectos cos procedementos de auditoría a través de Redmine, sen bloquear as planificacións dos entregables: fomentar a tramitación AGILE e modificar as vistas de débeda técnica. Incluír na débeda técnica o uso de compoñentes e servizos transversais que están dentro do soporte, migrando as versións antigas.</li><li>→ Revisións técnicas dos novos proxectos e evolutivos da Amtega, especialmente da arquitectura técnica.</li><li>→ Proposta de actualización das arquitecturas dos proxectos complexos e críticos a</li></ul>

	<p>solucións máis eficientes e escalables.</p> <p>→ Actualización da wiki de proxectos (WIKAM) con novas capacidades de edición e melloras no rendemento durante as escrituras.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.2.2. Evolucionar as arquitecturas das plataformas corporativas que dan soporte as aplicacións da Xunta de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Desde o grupo de arquitecturas de aplicacións continuarase traballando na evolución das arquitecturas e dando soporte á implantación de plataformas corporativas.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Soporte aos diferentes equipos de Sistemas para a implantación de plataformas e definición das arquitecturas físicas, migración das mesmas xunto coa actualización das aplicacións, garantir a estabilidade das contornas e integración continua e incorporar ferramentas de automatización no eido do desenvolvemento e administración.</li> <li>→ Soporte aos problemas cos servidores de aplicacións corporativos e á actualización da plataformas JBOSS, PHP, Tomcat.</li> <li>→ Soporte á implantación das plataformas de contedores (docker) corporativa, Blockchain corporativa e BigData.</li> <li>→ Revisión, actualización e parcheado das plataformas corporativas xestionadas por Arquitecturas.</li> <li>→ Dinamización e divulgación da plataforma de integración continua. Soporte á mesma. Automatización dos despregues nas novas plataformas corporativas.</li> <li>→ Dinamización e divulgación das plataformas e ferramentas corporativas que dan soporte ao desenvolvemento de aplicacións. Soporte ás mesmas.</li> <li>→ Modelado de uso do RHSSO en Amtega. Novos escenarios. Soporte a evolución da plataforma RHSSO xunto ao equipo de Compoñentes Transversais.</li> <li>→ Dinamización e revisión dos arquetipos, plugins, APIs, etc., corporativos.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.2.3. Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos</b>
<b>Descrición:</b>	Desenvolvemento de novos procedementos e estándares técnicos corporativos e mantemento dos existentes. Coordinación do ciclo de vida de publicación de procedementos e estándares.

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Actualización de estándares técnicos existentes e elaboración de novos estándares técnicos necesarios no ámbito da arquitectura e desenvolvemento de aplicacións.</li> <li>→ Realización de seminarios de formación de Arquitecturas e Calidade, estándares, e cursos específicos de SOA/Microservizos, integración continua, RHSSO, RHAMQ ou Mongo DB para desenvolvemento.</li> <li>→ Colaboración con outros departamentos e áreas de negocio. Axuda técnica para os equipos de desenvolvemento e soporte no uso das plataformas.</li> <li>→ Revisión de todos os proxectos novos e evolutivos da Amtega por procedemento de auditoría técnica.</li> <li>→ Apoio e coordinación da estandarización e organización nos diferentes ámbitos da operación da Amtega.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.2.4. Implantar a certificación de normas de Calidade nos procesos corporativos</b>
<b>Descrición:</b>	Continuar co despregamento do Sistema de Xestión da Calidade (SXCAL) na Amtega.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Certificación ISO 9001:2015 <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Auditoría interna anual.</li> <li>○ Manter a certificación de Calidade da Amtega e ampliar o alcance.</li> </ul> </li> <li>→ Incorporación de novos procesos a SXCAL.</li> <li>→ Seguimento de procesos e xeración de informes periódicos.</li> <li>→ Satisfacción de usuarios <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Análise de enquisas 2022 e lanzamento de enquisas 2023.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.2.5. Dinamizar o proceso de xestión da configuración</b>
<b>Descrición:</b>	Dende a Oficina de Calidade dinamizarase e coordinaranse as accións necesarias para dar continuidade ao proceso de xestión da configuración.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Coordinación das reunións do comité de xestión da configuración.</li> <li>→ Apoio, implantación, modelado e seguimento de clases e elementos de configuración na CMDB.</li> <li>→ Actualización de documentación: Boas prácticas de xestión de configuración e guía de uso de fichas de elementos de configuración.</li> <li>→ Control do proceso: Auditoría carga CMDB, realización de informes e consultas</li> </ul>



	<p>para a explotación de información na base de datos da CMDB.</p> <p>→ Alta de Elementos de Configuración de Contratos e Provedores.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Manter o servizo de revisión de arquitectura técnica no desenvolvemento de aplicacións para a Xunta de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Porcentaxe de auditorías técnicas resoltas en menos de 7 días</li> </ul>	<b>76% (*)</b>
<b>Evolucionar as arquitecturas das plataformas corporativas que dan soporte as aplicacións da Xunta de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Porcentaxe de novos proxectos na plataforma de integración continua corporativa, salvo os proxectos herdados, adquisicións e aplicacións móbiles</li> </ul>	<b>78% (*)</b>
<b>Velar polo cumprimento dos procedementos e estándares corporativos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de procedementos, estándares, normativas actualizados ou creados no ámbito de Calidade e Arquitecturas de Aplicacións</li> </ul>	<b>42 (*)</b>
<b>Implantar a certificación de normas de Calidade nos procesos corporativos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Enquisas de satisfacción dos usuarios dos servizos da Amtega realizadas</li> </ul>	<b>2 (*)</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de procesos incorporados no SXCAL Amtega</li> </ul>	<b>2 (*)</b>

(\*) Valor anual do indicador.

Obxectivo 3: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

### 3.3 Estratexia Cloud da Xunta de Galicia

A dixitalización dos servizos públicos require dunha adaptación nas infraestruturas e nos modelos de capacitación dixital, dotando a toda administración das ferramentas precisas para a prestación duns servizos públicos de calidade.

O uso da tecnoloxía cloud na administración pública galega trátase dunha oportunidade para desenvolver uns servizos máis eficientes, sostibles e de maior calidade, aliñados coas tendencias de infraestruturas a nivel global. Este modelo beneficiará á administración cun maior aforro de custos, melloras na eficiencia na xestión das infraestruturas TI, na compartición de recursos entre os diferentes entes públicos ou na produtividade, entre outras.

No ano 2022 puxéronse en marcha unha serie de actividades orientadas a acadar os obxectivos establecidos na Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico, agrupadas en tres liñas de traballo principais: o arranque do proxecto de implantación dunha nova solución de cloud privada na Amtega, a publicación da licitación dunha oficina técnica cloud e a preparación dun acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública e posta en marcha dunha infraestrutura de cloud pública na Xunta de Galicia.

No ano 2023 continuarase avanzando na consecución dos obxectivos establecidos na Estratexia Cloud, tanto mediante a continuación das actividades e iniciativas iniciadas no ano 2022, como por medio da licitación do acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública e a posterior configuración inicial da infraestrutura base de cloud pública baseada nun modelo de gobernanza cloud; así como mediante a implantación da nova solución de cloud privada e as probas iniciais para avaliación dunha cloud híbrida. Contarase co apoio da oficina técnica cloud, que progresivamente ao longo do ano 2023 irá asumindo as tarefas que lle corresponderá levar a cabo no contexto das contornas cloud da Amtega.

#### Obxectivos

- Actualización e mellora da actual infraestrutura de cloud privada e posta en marcha dun piloto de portal de autoprovisión baseado nunha solución cloud privada empresarial.
- Implantar un modelo de contratación de servizos de cloud pública.
- Avaliación de solucións de cloud híbrida.
- Implantar un modelo de gobernanza cloud soportado por unha Oficina cloud.

## Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>3.3.1. Despregar un portal de autoprovisión baseado nunha solución cloud privada</b>
<b>Descrición:</b>	Actualización e mellora da actual infraestrutura de cloud privada baseada nun modelo IaaS no centro de proceso de datos da Amtega con novos servidores, virtualización da capa de rede e implantación de melloras na seguridade baseada en políticas de microsegmentación, e mellora das capacidades de monitorización. Posta en marcha dun piloto de portal de autoprovisión de cloud privado.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Actualización e mellora da actual infraestrutura IaaS de cloud privada da Amtega.</li> <li>→ Implantación de melloras na seguridade da solución de cloud privada baseada en políticas de microsegmentación</li> <li>→ Posta en marcha dun piloto de portal de autoprovisión de cloud privada na Amtega.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.3.2. Implantar un modelo de contratación de servizos de cloud pública</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Implantación dun modelo de contratación de servizos de cloud pública na Xunta de Galicia mediante un acordo marco.</p> <p>Unha vez adxudicado o acordo marco, habilitarase a posibilidade de licitación de contratos derivados do mesmo que sexan necesarios para a implantación dunha infraestrutura base de cloud pública na Amtega, así como para o despregamento de solucións ou aplicacións que requiran da capacidades de cloud pública, como é o caso daquelas que fagan uso de tecnoloxías disruptivas (intelixencia artificial, machine learning, analítica de datos avanzada, etc.).</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Licitación do acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública.</li> <li>→ Preparación de contratos baseados no acordo marco para a implantación dunha infraestrutura base de cloud pública na Amtega</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.3.3. Implantar solucións de cloud híbrida para utilizar servizos do provedor de cloud pública máis axeitados e ter maior capacidade de resposta ante novos requirimentos</b>
<b>Descrición:</b>	Avaliación de solucións de cloud híbrida que poidan servir de desbordamento das capacidades da cloud privada para ter maior capacidade de resposta ante novos requirimentos, e permitindo a flexibilidade de utilizar os servizos do provedor de cloud pública máis axeitado a cada necesidade concreta.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Inicio dun piloto de cloud híbrida para a avaliación de casos de uso exploratorios das capacidades e posibilidades ofrecidas pola hibridación das contornas da cloud

	privada e pública da Amtega.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.3.4. Implantar un modelo de gobernanza cloud soportado por unha Oficina cloud</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Definición dun modelo de gobernanza cloud e implantación progresiva do modelo nunha infraestrutura base inicial de cloud pública que permita facer un uso eficaz, eficiente e seguro das contornas cloud pública e privada, mediante a definición de políticas e procedementos relativos a aspectos como a seguridade, conectividade, etiquetado, responsabilidades, ou a facturación.</p> <p>Procederáse á constitución e posta en funcionamento da oficina cloud, que participará na definición e implantación do modelo de gobernanza. Tamén se levarán a cabo todas aquelas tarefas relacionadas coa implantación das infraestruturas de cloud pública e privada.</p> <p>Definirase un plan formativo en tecnoloxías e contornas de cloud, tanto para a capacitación dos traballadores, como para a difusión na Amtega dos distintos aspectos relacionados con esta materia, sendo este o obxectivo dunha das medidas recollidas na Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico, a correspondente á "Actualización do talento e capacidades no modelo cloud".</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Definición e implantación dun modelo de gobernanza cloud.</li> <li>→ Deseño e implementación básica inicial da infraestrutura base nos provedores de cloud pública prioritarios (Landing Zones) baixo o modelo de gobernanza que se defina.</li> <li>→ Instalación e configuración das ferramentas de xestión multicloud necesarias para a correcta gobernanza das contornas cloud.</li> <li>→ Definición de plan formativo en tecnoloxías cloud.</li> <li>→ Posta en marcha da Oficina Cloud.</li> <li>→ Continuación dos pilotos de cloud pública iniciados no ano 2022.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Despregar un portal de autoprovisión baseado nunha solución cloud privada	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implantar solución de seguridade de microsegmentación en cloud privada</li> </ul>	Implantada

<b>Implantar un modelo de contratación de servicios de cloud pública</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Licitación do acordo marco para a contratación de servizos de cloud pública</li> </ul>	<b>Licitación realizada</b>
<b>Implantar solucións de cloud híbrida para utilizar servizos do proveedor de cloud pública máis axeitados e ter maior capacidade de resposta ante novos requirimentos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inicio de piloto de cloud híbrida</li> </ul>	<b>Piloto iniciado</b>
<b>Implantar unha infraestrutura de cloud pública baseada nun modelo de gobernanza cloud e soportado por unha Oficina cloud</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Posta en marcha de Oficina Cloud</li> <li>Plan formativo cloud</li> </ul>	<b>Inicio de prestación do servizo</b> <b>Definido</b>

Obxectivo 3: Garantir a dispoñibilidade e seguridade dos servizos públicos dixitais

### 3.4 Medidas de soporte e evolución das Redes corporativas

As infraestruturas de telecomunicacións son imprescindibles para o funcionamento dos sistemas de administración electrónica e os servizos públicos dixitais, polo que cómpre facer un mantemento preventivo e correctivo que permita garantir a calidade e dispoñibilidade dos servizos que prove a Xunta de Galicia.

Ao longo lo ano 2023 executarase a renovación dunha das enfriadoras do CPDi e das climatizadoras do CPD de respaldo de San Caetano, e a renovación dos cortalumes de acceso ao CPD.

No ano 2023 continuarase coa mellora das liñas de comunicacións dos centros da rede corporativa no ámbito do novo contrato de rede corporativa de datos, telefonía fixa e telefonía móbil, e continuarase coa implantación das melloras recollidas no novo contrato.

No ano 2023 tamén se traballará na consolidación e fomento do uso da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia (RESGAL) entre os colectivos que participan na atención de emerxencias, facilitando e simplificando a coordinación entre todos eles.

#### Obxectivos

- Mellorar os servizos de comunicacións da Rede Corporativa.
- Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións.
- Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.1. Mellorar os servizos de comunicacións da Rede Corporativa</b>
<b>Descrición:</b>	Mellorar os servizos de rede ofrecidos aos usuarios.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Executarase a renovación dos cortalumes de acceso ao CPD.</li><li>→ Continuarase mellorando as conexións principais e de respaldo dos edificios conectados á Rede Corporativa da Xunta de Galicia.</li><li>→ Continuarase coa implantación das melloras ofertadas no novo contrato de rede corporativa de datos, telefonía fixa e telefonía móbil.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.2. Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións</b>
<b>Descrición:</b>	Manter e dar soporte dos servizos e equipamento de telecomunicacións
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Continuarase coa prestación do servizo de administración da rede corporativa, soporte aos usuarios e supervisión dos niveis de servizo.</p> <p>→ Continuarase coa prestación do servizo de soporte e mantemento do equipamento de telecomunicacións, integrado no contrato do servizo de rede corporativa.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.4.3. Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa</b>
<b>Descrición:</b>	Reforzar as redes de área local dos centros conectados á rede corporativa, mellorando o cableado, renovando conmutadores e ampliando a cobertura wifi dos centros.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Executaranse novos contratos derivados dos acordos marco para o subministro sucesivo de cableados estruturados, electrónica de comunicacións e wifi para a rede corporativa da Xunta de Galicia.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Servizos de comunicacións da Rede Corporativa</b>	• Velocidade media de conexión de baixada dos centros conectados á RCXG	920 Mbps
	• Número de centros da Rede Corporativa que contan con unha conexión de respaldo de máis de 10Mbps	2.650
	• Número de centros da Rede Corporativa que contan con unha velocidade de subida igual ou superior a 100Mbps	2.500
<b>Mellorar o cableado e o equipamento de comunicacións dos centros conectados á Rede Corporativa</b>	• Nº de puntos de acceso de nova xeración instalados en centros educativos	9.000 (*)
	• Contrato derivado de cableado para centros públicos de referencia executado	90%
	• Contrato derivado de electrónica de comunicacións para centros públicos de referencia executado	95%

- 
- Contrato derivado de wifi para centros públicos de referencia executado
- 

95%

(\*) Valor acumulado dende o inicio do contrato de xestión.



### 3.5 Plan Director de Ciberseguridade

No ano 2023 continuarase traballando na revisión da estratexia de alto nivel, a "**Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030**", que está en fase final de revisión por parte dos diferentes axentes implicados. Así mesmo, rematarase a elaboración do **Plan Director de Seguridade** para o ámbito Amtega que acompañará á estratexia.

O obxectivo para este ano é a súa aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia e a súa posterior publicación. Previamente terán que o ter o visto bo da Comisión de Seguridade e Goberno Electrónico e da Comisión interdepartamental de I+D+i.

As actividades a desenvolver neste ano 2023 estarán aliñadas con dita estratexia, co plan director e co contrato de xestión da Amtega para o período 2022-2025.

En 2021 comezou o servizo correspondente ao primeiro contrato derivado do lote 1 dun **acordo marco de servizos de ciberseguridade** que permitiu ampliar o ámbito de actuación de **CSIRT.gal** para incluír ás administracións locais galegas (deputacións e concellos) e á cidadanía, converténdose de ese modo un verdadeiro CSIRT autonómico. No 2023 darase continuidade a estas liñas de traballo, xestionando todos os servizos do acordo marco en coordinación coas catro deputacións galegas.

Continuarase traballando no proxecto de contar cunhas instalacións específicas para albergar o **Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia**. En 2022 asinouse un convenio coa Consellería e Infraestruturas e Mobilidade para a licitación do proxecto e da obra e licitouse a elaboración do proxecto. Dispónse xa dun borrador do proxecto básico, que foi revisado e está pendente de realizar algunhas modificacións solicitadas. En 2023 realizarase o proxecto de execución da obra e farase a licitación da mesma.

Ademais, no ano 2023, dinamizaranse actuacións por parte da Amtega dentro do **Nodo de Ciberseguridade de Galicia, CIBER.gal**. Entre as actividades previstas cómpre destacar a realización no mes de novembro do evento do nodo CIBER.gal (Encontro galego de ciberseguridade). Traballarase tamén na dinamización do grupo de empresas, posta en marcha do grupos de administracións públicas e planificación da posta en marcha do grupo de cidadanía.

Levaranse a cabo as accións necesarias para asegurar o **cumprimento normativo** (protección de datos persoais, Esquema Nacional de Seguridade, ISO 27000). No 2022 acadouse o obxectivo de obter a primeira certificación de cumprimento da norma por parte de entidade acreditada. Certificáronse os servizos ofrecidos pola Amtega ao FOGGA. Certificáronse tamén algúns dos servizos transversais de administración electrónica ofrecidos á administración local galega (plataforma de contratos, notificacións electrónicas, DOG, ...). Para o ano 2023, está previsto realizar dúas auditorías de **certificación en nivel medio do ENS**.

No ano 2022, Galicia, representada pola Amtega, participou na convocatoria **RETECH**, conseguindo un proxecto para a constitución dun Centro de Competencias e Innovación en ciberseguridade, en colaboración con Cataluña e Comunidade Valenciana. En 2023 está

previsto asinar o convenio que formalizará o inicio do proxecto e durante este ano comezaranse coa preparación e execución das accións relacionadas con este proxecto, elaborándose o plan operativo anual para 2023 e levando a cabo a licitación da oficina de apoio na xestión do proxecto.

A Subárea de Seguridade da Amtega continuará coa realización de tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa dos sistemas de información e redes de comunicacións da Xunta de Galicia, incluíndo actividades de prevención, detección, reacción e recuperación ante un incidente de seguridade. De igual modo, manteranse as actividades de administración, soporte e evolución de sistemas e plataformas corporativas de seguridade dos sistemas de información, e continuarase coa promoción e xestión de actividades de concienciación e formación.

### Obxectivos

- Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito.
- Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información.
- Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información.
- Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia.
- Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>3.5.1. Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito</b>
<b>Descrición:</b>	Levaranse a cabo as accións necesarias para asegurar o cumprimento normativo (normativa de protección de datos persoais, Esquema Nacional de Seguridade, serie de normas ISO 27000, ISO9001, calquera outra normativa internacional, europea ou nacional que poda ser de aplicación).  Traballarase na elaboración de novas políticas, normas, procedementos e guías de seguridade e no mantemento dos documentos xa existentes.
<b>Actividades 2023:</b>	Protección de datos persoais  → Evolución do rol de Delegado de Protección de Datos nas consellerías e na Amtega. → Execución do plan de adecuación ao novo regulamento de protección de datos e nova LOPDGDD.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Elaboración e evolución de normativa no ámbito da protección de datos persoais.</li> <li>→ Atención a consultas en materia de protección de datos persoais.</li> </ul> <p>Esquema Nacional de Seguridade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Execución do plan de adecuación ao ENS.</li> <li>→ Mellora do cadro de mando no relativo aos incidentes de seguridade coa incorporación de novos indicadores.</li> <li>→ Dinamización da actualización dos algoritmos de cifrado utilizados na organización.</li> <li>→ Dinamización das liñas de traballo relacionadas coa implantación dun segundo factor de autenticación en determinados servizos (Sede/Chave365, correo electrónico, VPN, VDI).</li> <li>→ Execución de dúas auditorías de certificación de cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade.</li> <li>→ Elaboración e evolución da normativa asociada ao cumprimento do ENS.</li> </ul> <p>ISO 27000</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Alíñamento coas normas da serie ISO 27000:2022, en particular no ámbito do FOGGA e da área de Sociedade Dixital da Amtega (no relativo a xestión de fondos FEADER).</li> </ul> <p>ISO 9001</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Colaboración coa Oficina de Calidade para alíñar os procedementos de seguridade coa norma ISO 9001.</li> </ul> <p>Revisión de calquera outra normativa internacional, europea ou nacional que poda ser de aplicación.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.5.2. Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información</b>
<b>Descrición:</b>	Continuación das tarefas de administración, soporte e evolución dos sistemas de xestión de información e eventos de seguridade e implantación de novas plataformas.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Administración, soporte e evolución de sistemas e plataformas corporativas de seguridade (IPS, cortalumes, antispam, AntiDDOS, análise dinámico de malware, cifrado, EDR, antivirus, etc).</li> <li>→ Administración, soporte e evolución do sistema de xestión de información e eventos de seguridade SIEM. Continuarase coa incorporación de novas fontes e configuraranse novas regras. Continuarase a traballar para incorporar e correlar máis información de eventos de seguridade dos ámbitos de Facenda e Xustiza.</li> <li>→ Modificación da arquitectura da plataforma IPS para permitir a inspección de tráfico cifrado.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Promoción do uso da plataforma WAF para aplicacións.</li> <li>→ Implantación da nova plataforma antivirus, co obxectivo de chegar ao maior número posible de equipos, tanto Windows como Linux, tanto servidores como postos cliente.</li> <li>→ Aumento do número de instalacións do cliente EDR tanto en servidores Windows como en postos de cliente e do número de servidores Windows coa protección en modo hardening.</li> <li>→ Aumento do número de instalacións do cliente de microCLAUDIA tanto en servidores Windows como en postos cliente.</li> <li>→ Revisión dos eventos de seguridade xerados pola plataforma de análise dinámico de malware e xeración de alertas no SIEM.</li> <li>→ Colaboración con Sistemas na definición de medidas de seguridade na plataforma antispam.</li> <li>→ Mellora na protección de correo electrónico. Definición de políticas específicas contra malware e phishing.</li> <li>→ Colaboración co Departamento de Sistemas no proxecto de migración de cabinas de ficheiros, en particular na implantación das solución adquirida para a protección fronte a ransomware e auditoría de ficheiros.</li> <li>→ Colaboración co Departamento de Sistemas na Implantación da solución para a xestión de contrasinais.</li> <li>→ Administración, soporte e evolución das ferramentas do CCN xa implantadas (SAT-INET, REYES, LUCÍA, CLARA, microCLAUDIA) e incorporación de novas (CARMEN, ANA-CLARA).</li> <li>→ Coordinación e colaboración co adxudicatario do proxecto para a implantación dunha solución de protección da información en sistemas de ficheiros corporativos no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia.</li> <li>→ Colaboración co Departamento de Telecomunicacións na xestión da ciberseguridade dos cortalumes e no proxecto de renovación das plataformas de cortalumes do CPD.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.5.3. Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información</b>
<b>Descrición:</b>	Xestión e supervisión da seguridade corporativa dos sistemas da información da Xunta de Galicia, incluíndo actividades de prevención, detección e reacción ante incidentes de seguridade.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Monitorización e atención de eventos de seguridade en 24x7.</li> <li>→ Mellora do proceso de busca e captura activa de ameazas dentro da organización co uso da ferramenta corporativa de telemetría.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Vixilancia dixital para a detección de credenciais roubadas, a detección de fugas de información da organización e a detección da preparación de ataques contra a infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.</li> <li>→ Atención dos incidentes de seguridade que se produzan na organización e xestión da resposta aos mesmos. Mellora do rexistro e clasificación dos incidentes de seguridade, así como nos procedementos asociados, en particular coa notificación de incidentes ó CCN utilizando LUCIA.</li> <li>→ Revisión da proposta para a xestión de incidentes críticos de alto impacto (xestión de crises) e publicación dun procedemento asociado.</li> <li>→ Actividades relacionadas co proceso de xestión de vulnerabilidades da infraestrutura e das aplicacións, en coordinación cos departamentos da Amtega afectados en cada caso.</li> <li>→ Realización de probas de intrusión e auditorías técnicas sobre a infraestrutura e as aplicacións. Integración da nova ferramenta de escaneo de vulnerabilidades para o análise estático do código fonte.</li> <li>→ Xestión de certificados dixitais.</li> <li>→ Participación activa no ciclo de vida dos proxectos de desenvolvemento e adquisición de software. Concreción das medidas necesarias nas aplicacións para o cumprimento do ENS.</li> <li>→ Colaboración co Departamento de Sistemas para a mellora da seguridade nos servidores e na securización de plataformas corporativas.</li> <li>→ Colaboración na segmentación das redes de comunicacións. Xestión do proxecto de capas de rede. Revisión da arquitectura de rede para permitir a inspección de tráfico cifrado por parte dos dispositivos de seguridade de rede. Securitización de elementos de rede e xestión do proxecto de capas de rede.</li> <li>→ Revisións das configuracións do posto cliente no relativo á seguridade e propostas de mellora nese ámbito. Utilización da ferramenta CLARA do CCN.</li> <li>→ Colaboración co Departamento de Medios e Capacitación Dixital na definición de requirimentos de seguridade para a implantación da solución de escritorios virtuais (VDI).</li> <li>→ Colaboración no proxecto de implantación da solución de seguridade para teléfonos móbiles intelixentes.</li> <li>→ Revisión das medidas de seguridade física e propostas de mellora nese ámbito. Xestión do servizo de seguridade física do CPDi.</li> </ul>
	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.5.4. Promocionar a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Impulso das actividades asociadas ao nodo galego de ciberseguridade e á evolución do

	centro de Ciberseguridade de Galicia.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Estratexia Galega de Ciberseguridade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Revisión da Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030.</li> <li>○ Elaboración do Plan Director de Seguridade para o ámbito da Amtega. Aprobación do Plan por parte do Consello da Xunta de Galicia e publicación.</li> </ul> <p>→ Impulso da actividade do nodo galego de ciberseguridade CIBER.gal coa execución dos seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Realización en novembro do evento do nodo CIBER.gal (Encontro galego de ciberseguridade), incluíndo competicións en ciberseguridade (concurso para escolares e CTF para estudantes de niveis superiores).</li> <li>○ Seguimento da iniciativa da Universidade de Vigo para a celebración dun Cybercamp en Galicia en colaboración co Incibe.</li> <li>○ Dinamización do portal web para o nodo CIBER.gal.</li> <li>○ Dinamización do grupo de empresas, posta en marcha do grupo de cidadanía.</li> <li>○ Monitorización dos diferentes programas estratéxicos e de financiamento europeos e nacionais, no ámbito da ciberseguridade, participando naquelas convocatorias que se estime oportuno.</li> <li>○ Licitación dunha campaña de sensibilización en ciberseguridade en medios de comunicación a todos os niveis.</li> <li>○ A través do convenio coa CRTVG para a realización de accións de concienciación, continuación coa iniciativa #CiberEsther e con entrevistas mensuais sobre ciberseguridade nos medios da CRTVG.</li> <li>○ Continuidade coa adhesión de entidades públicas e privadas ao nodo CIBER.Gal.</li> <li>○ Proposta de colaboracións coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, con previsión de formalización nos vindeiros meses.</li> <li>○ Formalización e posta en marcha da proposta de colaboración coa AGASP para formación en ciberseguridade, con previsión de formalización nos vindeiros meses.</li> <li>○ Elaboración do II Informe de Ciberseguridade de Galicia.</li> <li>○ Participación do Nodo en eventos de referencia en ciberseguridade en Galicia.</li> <li>○ Fomento da inclusión de persoas con discapacidade no eido da ciberseguridade en Galicia, mediante a participación no Programa Include da Fundación Goodjob.</li> <li>○ Posta a disposición de empresas de ferramentas da mellora do nivel de ciberseguridade grazas a acordos de colaboración co Nodo.</li> <li>○ Posta a disposición do colectivo docente e estudiantil do eido TIC das tres universidades públicas galegas de programas educativos que facilitan acceso</li> </ul>

gratuito a tecnoloxías de ciberseguridade e a cursos formativos e exercicios prácticos de ciberseguridade en modalidade en liña para fomentar a xeración de talento especializado.

- Realización da asemblea anual do Nodo reunindo a todos os socios a finais de ano.
- Apoio, colaboración e participación nas JNIC23 organizadas por membros colaboradores do Nodo (Universidade de Vigo e Gradient).

→ Proxecto RETECH

- Sinatura do convenio que formalizará o inicio do proxecto.
- Preparación e execución das accións relacionadas con este proxecto, elaborándose o plan operativo anual para 2023 e levando a cabo a licitación da oficina de apoio na xestión do proxecto.

→ Proxecto de execución e licitación da obra das instalacións para albergar o Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia.

→ Evolución do Centro de Ciberseguridade de Galicia CSIRT.gal:

- Prestación de servizos á administración local, cidadanía e empresas, dentro do acordo marco de servizos de ciberseguridade. Entre estes servizos que se prestarán ao longo do ano, compre destacar:
  - Coordinación da implantación de todos os servizos contratados no acordo marco e xestión dos mesmos fronte ás deputacións e entidades locais.
  - Soporte ao cumprimento do ENS.
  - Promoción e apoio na implantación así como soporte nas ferramentas do CCN.
  - Dinamización do portal web ciberseguridadegalicia.gal que aglutina contidos para cidadanía, empresas e administracións e aspira a converterse no punto de referencia en materia de ciberseguridade no ámbito autonómico de Galicia. Dinamización de temáticas de ciberseguridade en redes sociais.
  - Monitorización continua da superficie de exposición.
  - Visibilidade do nivel de ciberseguridade da Xunta de Galicia e de entidades da administración local mediante un servizo externo que proporciona esa información de forma independente.
  - Execución de ciberexercicios.
  - Actividades de concienciación e formación en ciberseguridade.
  - Celebración dun evento co obxectivo de fomentar o talento na ciberseguridade.
  - Continuación dos traballos no sistema de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM) dedicado ás deputacións, entidades locais e outros organismos públicos galegos.
  - Servizo de atención de alertas e resposta a incidentes de seguridade 24x7.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Evolución do cadro de mando da seguridade no ámbito da administración local.</li> <li>▪ Ampliación do servizo de vixilancia dixital, engadindo máis módulos de seguridade e proporcionando cobertura a máis entidades locais.</li> <li>○ Traballarase en manter o nivel de acreditación en TF-CSIRT, e en mellorar o nivel de integración e colaboración dentro de Rede Nacional de SOCs.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

<b>Actividade:</b>	<b>3.5.5. Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais</b>
<b>Descrición:</b>	Promoción de actividades de concienciación e formación en materia de seguridade de sistemas de información.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Campañas de concienciación por correo electrónico e na intranet da Xunta de Galicia, coa elaboración de pímulas, tanto no ámbito da ciberseguridade como no de protección de datos.</li> <li>→ Dinamización da sección da Intranet dedicada á divulgación, concretamente nos temas relacionados coa seguridade da información.</li> <li>→ Colaboración coa EGAP na preparación e execución dos cursos de seguridade da información, de introdución á protección de datos persoais, de aspectos avanzados e implantación no RXPD na Xunta de Galicia, e de Esquema Nacional de Seguridade para responsables de información e de servizos, e coordinadores de seguridade da información.</li> <li>→ Cursos superiores EGAP en ciberseguridade e protección de datos persoais.</li> <li>→ Formación sobre ciberseguridade e protección de datos persoais para persoal directivo/mandos intermedios.</li> <li>→ Colaboración con colexios profesionais.</li> <li>→ Formación en materia de protección de datos persoais, ciberseguridade e seguridade da información para persoal docente. Elaboración dunha proposta de plan formativo nese ámbito.</li> <li>→ Formación en protección de datos persoais, especialmente para os Delegados de Protección de Datos.</li> <li>→ Realización de actividades formativas variadas durante o ano para o persoal que traballa no ámbito da seguridade, para asegurar a súa capacitación coa formación continua.</li> <li>→ Colaboración coa área de Administración Dixital no contexto do novo marco de certificación en competencias dixitais, no relativo á ciberseguridade e protección de datos persoais.</li> <li>→ Formación en protección de datos persoais no contexto do proxecto de mellora da</li> </ul>




	<p>adecuación ao RXPd.</p> <p>→ Realización de seminarios divulgativos da normativa de protección de datos nas Consellerías a abordar dentro do marco do proxecto de adecuación ao RXPd dos tratamentos de datos persoais realizados na Xunta de Galicia.</p> <p>→ Seminarios internos á persoal técnico que presta servizos na Amtega no contexto da seguridade da información.</p> <p>→ Charlas formativas para o alumnado do curso de especialización de ciberseguridade do CIFP Rodolfo Ucha no contexto da seguridade da información na Xunta de Galicia.</p>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Infraestruturas e Seguridade</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Impulsar o cumprimento normativo en materia de seguridade da información e manter actualizadas as políticas, normas e procedementos neste ámbito</b>	• Número de políticas, normas e procedementos actualizados ou creados neste ano	<b>8</b>
	• Realización en 2023 de auditorías de certificación de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade	<b>2</b>
<b>Implantar e xestionar plataformas para a xestión da ciberseguridade dos sistemas de información</b>	• Nova plataforma de antivirus: formalización do acordo marco	<b>Formalizado</b>
	• Nova plataforma antivirus: formalización do primeiro contrato derivado	<b>Formalizado</b>
	• Proxecto implantación de plataforma EDR na administración local: contrato derivado	<b>Formalizado</b>
	• Expediente para a implantación plataformas e ferramentas CCN no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia	<b>95% executado</b>
	• Implantación plataforma mellora ciberseguridade (protección da información) no ámbito da Administración de Xustiza en Galicia	<b>Plataforma implantada</b>
<b>Dar soporte ao servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade dos sistemas de información</b>	• Número de auditorías de seguridade realizadas en 2023	<b>750</b>
<b>Promocionar a ciberseguridade en todos os</b>	• Centro de Excelencia en ciberseguridade de Galicia: proxecto básico	<b>Finalizado</b>

<b>ámbitos da actividade económica e social de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Centro de Excelencia en ciberseguridade de Galicia: proxecto de execución</li> </ul>	<b>Finalizado</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Centro de Excelencia en ciberseguridade de Galicia: licitación da obra</li> </ul>	<b>Licitada</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Definición modelo xurídico do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia</li> </ul>	<b>Borrador de proposta de modelo xurídico</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxecto RETECH Ciberseguridade: convenio</li> </ul>	<b>Convenio asinado</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxecto RETECH Ciberseguridade: plan operativo anual</li> </ul>	<b>Plan operativo anual presentado</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxecto RETECH Ciberseguridade: servizo oficina apoio</li> </ul>	<b>Licitado</b>
<b>Formar e concienciar en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de actividades de formación/concienciación realizadas en 2023</li> </ul>	<b>50</b>

## Obxectivo estratéxico 4: Fomentar a adquisición de competencias dixitais



## Obxectivo 4: Fomentar a adquisición de competencias dixitais

### 4.1 Plan de impulso á educación dixital

O obxectivo principal deste programa consiste no impulso dunha educación innovadora e personalizada, integrando as tecnoloxías dixitais á práctica educativa como elemento esencial deste proceso. O programa de impulso á educación dixital, segue as liñas de acción da Estratexia Galega de Educación Dixital 2030, potenciando o desenvolvemento dun sistema educativo dixital de calidade, con fácil accesibilidade e dotando dun conxunto de ferramentas dixitais para así, facilitar o ensino das mesmas, o cal redundará na redución do fracaso escolar, dotando ao alumnado das competencias dixitais necesarias para poñelas en práctica no seu día a día e así, prosperar nun mundo cada vez máis dixital.

#### Obxectivos

- Impulsar e implementar o Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas 2021-2023 (Plan EDU100).
- Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo – EDIXGAL.
- Mellorar as infraestruturas dixitais educativas a través da extensión dos medios que facilitan o acceso e utilización de ferramentas de ensino virtual.
- Evolucionar as canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital.
- Mellorar as competencias dixitais dos docentes.

#### Actividades:

Actividade	4.1.1. Impulsar e implementar o Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas 2021-2023 (Plan EDU100).
<b>Descrición:</b>	Os proxectos dixitais en centros educativos requiren que as infraestruturas e a dotación TIC estean dimensionadas adecuadamente, permitindo a posta en práctica dunha educación dixital de calidade.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Impulso na dixitalización das aulas do ensino público, coa instalación de 9.000 paneis interactivos de 75 polgadas, con acceso a Internet.</li><li>→ Ampliar a extensión da cobertura Wifi a todos os espazos docentes</li><li>→ Dotar aos centros participantes no proxecto Abalar – Educación Dixital de terminais para o alumnado de centros sostidos con fondos públicos e profesorado de centros públicos participante no proxecto. Tamén dotar dun portátil de uso individual ao 100% dos docentes participantes no proxecto E-Dixgal.</li></ul>

- Dotar de postos de sobremesa e portátiles para as aulas específicas de formación profesional.
- En xeral, a dotación de equipamento de aula por un importe de 31 millóns de euros.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade** 4.1.2. Incrementar a oferta de calidade de contidos dixitais no ámbito educativo – EDIXGAL.

**Descrición:** A transformación educativa que se está a producir nos sistemas educativos estatais e europeos, e polo tanto no galego, tanto desde unha perspectiva curricular como metodolóxica leva implícito facilitar contornas virtuais de aprendizaxe e contidos dixitais adecuados. As medidas técnicas orientadas a reforzar a funcionalidade e capacidade dos sistemas vencellados ao proxecto E-Dixgal teñen coma obxectivo prioritario garantir unha contorna de aprendizaxe fiable e adaptada ás necesidades da comunidade educativa.

Outro aspecto crítico do proxecto E-Dixgal é a calidade dos contidos dixitais accesibles dende a plataforma. Neste apartado recollense as principais medidas previstas na ampliación da oferta de contidos e na mellora da facilidade de uso dos actuais, ademais da estratexia de apoio e fomento da participación do profesorado na elaboración de contidos de calidade.

- Actividades 2023:** EDIXGAL:
- Actualización plataforma do EVA de Edixgal á versión Moodle 4.1 LTS
  - Adaptación do sistema multientorno para dar servizo ó incremento previsto de uso.
  - Incorporación de novos contidos educativos.
  - Integración dos novos contidos dos provedores correspondentes á LOMLOE nos cursos pares.
  - Publicación de novos contidos innovadores a través da iniciativa DIXIT
  - Colaboración no maquetado e xeración do estilo CREAGal
  - Incorporación de contidos educativos ao espazo do Proxecto CREAGal
  - Evolución do servizo de soporte Premium
  - Elaboración de pímulas multimedia de apoio a usuarios
  - Mellora nas canles de soporte
  - Incorporación de guías dos contidos curriculares que faciliten a usabilidade dos mesmos.
  - Iniciativas de dinamización e seguimento do proxecto

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

<b>Actividade</b>	<b>4.1.3. Mellorar as infraestruturas dixitais educativas a través da extensión dos medios que facilitan o acceso e utilización de ferramentas de ensino virtual.</b>
<b>Descrición:</b>	A evolución das TIC permite aproveitar canles innovadoras de comunicación que permiten unha maior axilidade na coordinación e comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa.
<b>Actividades 2023:</b>	<u>Escolas na Nube:</u> → Incorporación de novas funcionalidades de traballo colaborativo.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade</b>	<b>4.1.4. Evolucionar as canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital.</b>
<b>Descrición:</b>	A atención áxil e fiable das consultas, peticións e incidencias da comunidade educativa garanten a fluidez na execución dos procesos apoiados polos sistemas de información do ámbito educativo, xeran confianza nas persoas usuarias; e permiten o uso autónomo e fiable dos sistemas de información e dos procesos aos que apoian.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Melloras nas canles de atención do servizo de soporte Premium a usuarios da educación dixital. → Melloras nas canles de atención aos centros educativos a través da Unidade de Atención a Centros (UAC).
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade</b>	<b>4.1.5. Mellorar as competencias dixitais dos docentes.</b>
<b>Descrición:</b>	Neste ámbito de traballo desenvólvese e actualízase o Marco de Referencia das Competencias Dixitais Docentes. Este servizo está dirixido a mellorar a competencia dixital do profesorado mediante a autoavaliación continua e a participación en experiencias de ensino, aprendizaxe e formación. Ademais, todas as actividades de actualización científica e metodolóxica e, en definitiva, de desenvolvemento profesional supoñen, en distinto grao, o avance ou o fortalecemento desta competencia docente nalgúns dos seus ámbitos.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Evolución dos sistemas de información de Educación para dar apoio ao novo marco competencial (Marco de Referencia das Competencias Dixitais Docentes) incorporando ferramentas de diagnose e xestión das competencias dixitais do profesorado. Colaboración cos equipos ADIX por parte do equipo de asesores Abalar de zona no apoio á elaboración dos plans dixital de centro.
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Plan de impulso á educación dixital	• Alumnado en educación dixital	63.800
	• Aulas dixitalizadas cun panel dixital interactivo e PC	9.000

## 4.2 Plan galego de competencias dixitais

O desenvolvemento e consolidación das novas tendencias tecnolóxicas no mercado de traballo actual debe ir acompañada dun proceso de **capacitación dixital en todos os sectores produtivos da economía galega**, incluíndo a Administración. Neste sentido, no seo deste programa traballarase no **desenvolvemento do Marco Galego de Competencias Dixitais**, regulado no DECRETO 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais para promover que a cidadanía e o persoal empregado público dispoña das capacidades dixitais necesarias para formar parte do novo contexto dixital, dando lugar a unha mellor calidade de vida, á creación de novas oportunidades de emprego e á redución da brecha de participación existente entre colectivos máis vulnerables.

Neste plan inclúense tanto o desenvolvemento dos instrumentos tecnolóxicos ou organizativos para a execución do marco, como as actividades de capacitación e xeración de contidos, que permitan acadar un amplo número de cidadáns con capacidades dixitais como mínimo básicas.

### Obxectivos

- Elaborar e executar os plans de posta en marcha e extensión do Marco Galego Competencias Dixitais.
- Desenvolver as plataformas tecnolóxicas que soportarán a execución do Marco, tanto para a cidadanía como para o persoal empregado público: rexistro do certificado galego e de entidades colaboradoras; espazos de capacitación, autoformación e acreditación dixital.
- Adoptar tecnoloxías innovadoras de apoio ao proceso de capacitación (espazos virtuais, simuladores, ...)
- Elaborar e actualizar de forma continuada os contidos dixitais para a capacitación.
- Por en marcha os plans de capacitación e acreditación aliñados co novo marco de competencias.
- Impulsar os plans específicos de capacitación e acreditación dixital do persoal empregado público.
- Impulsar os plans de capacitación e acreditación dixital da cidadanía, con especialización por tipoloxía de colectivos.
- Impulsar os de capacitación e acreditación dixital de profesionais en sectores produtivos
- Impulsar a cooperación con outras institucións nesta materia.
- Determinar os criterios e coordinar a aplicación nas entidades colaboradoras na execución do plan.



## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.2.1. Elaborar dos plans de posta en marcha e extensión do Marco Galego Competencias Dixitais</b>
<b>Descrición:</b>	Aprobado o <i>DECRETO 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais</i> , compre por en marcha os instrumentos organizativos e plans de traballo que será necesario abordar nos próximos anos para a posta en marcha e extensión do Marco Galego de Competencias Dixitais orientado tanto cara a cidadanía como cara o persoal empregado público.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ No contexto dos instrumentos habilitantes do marco:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Publicación da resolución de aprobación do primeiro documento de bases do MGCD.</li><li>○ Publicación da resolución de habilitación do procedemento de tramitación da emisión do certificado COMDIX</li><li>○ Publicación da orde de criterios de homologación da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX)</li></ul></li><li>→ Actividades de apoio e convocatoria do Comité Técnico especializado do MGCD.</li><li>→ Deseño do modelo de coordinación cos ámbitos de desenvolvemento do Marco de Referencia das Competencias Dixitais Docentes e das competencias dixitais do alumnado (secundaria e bacharelato)</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.2.2. Desenvolver as plataformas tecnolóxicas que soportarán a execución do Marco, tanto para a cidadanía como para o persoal empregado público: rexistro do certificado galego e de entidades colaboradoras; espazos de capacitación, autoformación e acreditación dixital</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A execución do marco galego de competencias dixitais require dispor de instrumentos para a difusión, xestión e análise tanto das actividades de capacitación como de certificación. Inclúense aquí os sistemas que se utilizarán para a xestión do rexistro de certificacións, de entidades colaboradoras, plataformas de difusión, autodiagnóstico, de certificación, de xestión de contidos ou de desenvolvemento das accións de capacitación. En 2022 puxéronse en marcha as plataformas de difusión, certificación e capacitación, que deben evolucionar e ampliarse cara novas necesidades e capacidades.</p> <p>Esta actividade complementase coa actividade <i>"4.2.11 Sistemas de apoio aos programas de formación en rede"</i></p>

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución das plataformas para o xestión e execución do MGCD: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Difusión - <a href="https://competenciasdixitais.xunta.gal/">https://competenciasdixitais.xunta.gal/</a></li> <li>○ Formación - <a href="https://formacion-competenciasdixitais.xunta.gal/">https://formacion-competenciasdixitais.xunta.gal/</a></li> <li>○ Certificación - <a href="https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/">https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/</a></li> </ul> </li> <li>→ Nas evolucións inclúense aquelas necesarias para a extensión do seu uso a convocatorias masivas (zona de área persoal para os aspirantes, importación e exportación asociados aos procesos de inscricións e aos resultados das probas, etc.), así mesmo deberá incluírse a capacidade de autodiagnose.</li> <li>→ Posta en marcha do sistema de tramitación de certificacións e emisión de certificados do MGCD, baseado no sistema de tramitación corporativa w@nda, e preparado para a tramitación integramente dixital.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.2.3. Elaborar e actualizar de forma continuada os contidos dixitais para a capacitación</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Un dos elementos esenciais para o éxito do Plan de competencias dixitais será de ofrecer uns contidos de calidade, atractivos, actualizados de forma continua e que cubran todas as competencias dixitais definidas polo marco europeo DigComp.</p> <p>Esta actividade abordará os aspectos necesarios para garantir a dispoñibilidade de contidos formativos que se utilizarán nas accións de capacitación en calquera dos ámbitos aos que se achegue: contidos de elaboración específica para este marco, contidos adaptados de outros ámbitos, ou utilización de contidos xa existentes na rede.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Elaboración dos contidos das accións de capacitación iniciais deste marco: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Elaboración dos contidos para o plan de transición dende o CODIX cara o COMDIX.</li> <li>○ Elaboración dos cursos base para a capacitación no marco galego no nivel <b>intermedio</b>, orientados tanto cara a cidadanía como cara o persoal empregado público.</li> <li>○ Revisión e actualización dos contidos dos cursos de base para a capacitación no marco galego no nivel <b>iniciación</b>, orientados tanto cara a cidadanía como cara o persoal empregado público.</li> </ul> </li> <li>→ Xestión do inventario de contidos dispoñibles para o marco.</li> <li>→ Establecementos dos acordos de cooperación con outras administracións ou institucións para a dispoñibilidade de contidos.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>4.2.4. Por en marcha os plans de capacitación e acreditación aliñados co novo marco de competencias</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Abordarase a posta en marcha progresiva dos plans de capacitación e acreditación aliñados co novo marco de competencias, establecendo os procesos transitorios dirixidos a convalidar e/ou homologar a anterior certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX) no contexto do novo Marco, e concretando as accións formativas que se comprometerán ante a cidadanía nos primeiros anos do plan, así coma os niveis de acreditación que abordarán estes cursos.</p> <p>EN 2022 abordouse o plan de capacitación e certificación do persoal colaborador nas actividades de formación promovidas pola Amtega e pola rede CeMIT, extenderáse en 2023 a outros ámbitos previstos.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Adecuación continuada dos plans de capacitación e acreditación colaborador: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Do persoal colaborador nas actividades promovidas pola Amtega no ámbito da administración pública.</li> <li>○ Do persoal dinamizador da rede de centros CeMIT.</li> </ul> </li> <li>→ Deseño dos plans de capacitación e certificación do persoal empregado público: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ A definición dos procesos transitorios por parte do persoal empregado público que xa dispoña da Certificación Galega de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX).</li> <li>○ Os plans ordinarios de capacitación e certificación do persoal empregado público no Marco Galego de Competencias Dixitais.</li> <li>○ En colaboración coa EGAP, concreción das accións de formación que se ofertarán ao persoal empregado público no 2023, prevendo xa a inclusión dos cursos necesarios para a obtención da acreditación "COMDIX nivel iniciación" por parte do persoal empregado público.</li> </ul> </li> <li>→ Deseño dos plans de capacitación e certificación para a cidadanía, tendo en consideración: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ A definición dos procesos transitorios por parte da cidadanía que xa dispoña da Certificación Galega de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX).</li> <li>○ Os plans orientados a capacitación básica da cidadanía nos termos establecidos no C19 dos Mecanismos de Recuperación e Resiliencia.</li> </ul> </li> </ul>

- Os plans ordinarios de capacitación e certificación da cidadanía no Marco Galego de Competencias Dixitais.

*(esta actividade deberá estar aliñada co establecido Programa 4.4 Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital )*

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **4.2.5.a Impulsar os plans específicos de capacitación e acreditación dixital do persoal empregado público - Marco Galego de competencias dixitais**

**Descrición:** Execución e seguimento dos plans específicos de capacitación e acreditación no marco galego de competencias dixitais, a través das escolas de formación da administración pública ou de outras entidades colaboradoras.

En 2023 abordaranse as primeiras convocatorias que permitirán por en marcha os programas e contidos iniciais previstos neste plan de acción nos distintos ámbitos dos sistemas de información.

**Actividades 2023:** → De xeito coordinado coa EGAP, poranse en marcha as primeiras convocatorias para a capacitación e certificación do marco galego de competencias dixitais:

- Convocatorias das primeiras edicións do curso de transición "De CODIX a COMDIX".
- Convocatorias ordinarias das primeiras edicións de cada un dos 7 cursos que compoñen o itinerario firmativo "ComDix Iniciación" para o persoal empregado público.

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **4.2.5.b Impulsar os plans específicos de capacitación dixital do persoal empregado público**

**Descrición:** Esta actividade recolle outros programas de formación en diversos ámbitos vinculados ao desenvolvemento tecnolóxico da administración pública galega. En especial:

- As actividades en colaboración coa EGAP: actividades dentro do plan de "Ofimático de Galicia"; o convenio de colaboración para o desenvolvemento do plan de formación sobre administración electrónica e seguridade; a colaboración no desenvolvemento doutros programas formativos de capacitación e acreditación dixital; accións de formación orientadas á comunicación e colaboración dixital, e enfoque e uso creativo das tecnoloxías dixitais; ou accións formativas orientadas a

capacitar aos empregados públicos no uso das distintas ferramentas de teletraballo.

- Actuacións formativas e de difusión de curta duración vinculadas á implantación de novos sistemas, funcionalidades ou procesos no ámbito do desenvolvemento dixital da Xunta de Galicia.

Igualmente incorporárase de xeito progresivo a formación en tecnoloxías innovadoras que se están integrando nos sistemas de información desta administración.

**Actividades  
2023:**

→ De xeito coordinado coa EGAP, no marco do ***"Convenio de colaboración entre a EGAP e a Amtega, para a convocatoria e o desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de administración electrónica e de seguridade e protección de datos"***, abordaranse actividades que acadan unhas 1.000 horas de formación no eido de administración electrónica, outras 1.000 no eido de seguridade e 140 relativas ao impulso do teletraballo:

- ***"Tramitación Electrónica Integral na Xunta de Galicia no contexto da lei 39/2015: enfoque práctico e aspectos xurídicos"***, do que se prevé celebrar ata 6 edicións no ano 2023 e chegar a uns 300 empregados públicos, sobre os sistemas corporativos habilitantes da administración electrónica.
- ***"Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia e relación coa cidadanía"***, ***"Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia e xestión electrónica documental na tramitación administrativa"***, e ***"Implantación da administración electrónica na Xunta de Galicia: Tramitación de expedientes administrativos (w@ndA)"***, dos que se prevén realizar un total de 6 edicións, e que permitirá a 300 empregados públicos especializarse en distintos sistemas corporativos de administración electrónica.
- ***"Sistemas para a contratación electrónica"***, ***"Uso avanzado do Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION)"***, ***"Uso avanzado do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)"*** e ***"Sistema electrónico de facturación (SEF)"***, para acompañamento á plena implantación dos sistemas de licitación electrónica da Xunta de Galicia e formación sobre o resto de sistemas que conforman o Nodo de contratación pública de Galicia.
- ***"Implantación do expediente xudicial electrónico: persoal xestor e tramitador"*** e ***"Implantación do expediente xudicial electrónico: persoal de auxilio"*** dos que se prevé celebrar un total de 4 edicións no ano 2023, centrándose neste caso no expediente xudicial electrónico e nas ferramentas que a administración de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia dispón xa neste ámbito, e diferenciando o enfoque das accións formativas segundo os colectivos obxectivo (persoal xestor e tramitador ou persoal de auxilio).
- Tamén no contexto da colaboración coa EGAP, e aliñado co Plan de Seguridade da Xunta de Galicia, establécese coma obxectivo cubrir

1.000 horas de formación en materia de seguridade da información e da protección de datos persoais.

- o Prevese celebrar tamén outras accións formativas complementarias curtas que acompañen a implantación de sistemas de tramitación electrónica concretos: sistema de notificación electrónica notifica.gal, sistema único de rexistro Rexel, e outros proxectos en materia de administración electrónica e de protección de datos. Neste eido establécese coma obxectivo acumular un mínimo de 180 horas de formación.

→ De xeito coordinado coa EGAP e no ámbito de competencias en materia de ofimática, prevese para 2023 a celebración dun mínimo de 1.000 horas de formación.

→ Realización de diversas actividades de formación para o persoal técnico do eido das tecnoloxías da información.

**Área responsable:**

**Área de Administración Dixital**

**Actividade: 4.2.6. Impulsar a cooperación con outras institucións nesta materia**

**Descrición:** O marco galego está aliñado co marco europeo DigComp. Neste ámbito se impulsa tamén a competencia dixital dende outras institucións ou administración autonómica, estatais ou mesmo europeas.

Nesta actividade identifícanse as liñas de cooperación con outras institucións.

**Actividades 2023:**

- Participación nos obxectivos do "Convenio entre la Consejería de Fomento y Medio Ambiente de la Junta de Castilla y León, la Consejería de la Presidencia, Administración Pública e Interior de la Junta de Andalucía y la Conselleria de Hacienda y Modelo Económico de la Generalitat de la Comunitat Valenciana para el fomento de las competencias digitales de la sociedad".
- Establecemento de acordos de colaboración para a dinamización de contidos e actividades no desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais.

**Área responsable:**

**Área de Administración Dixital**

**Actividade: 4.2.7. Sistemas de apoio aos programas de formación en rede**

**Descrición:** Os programas de formación e capacitación non se limitan a execución do marco galego de competencias dixitais. Nesta actividade recóllense as liñas de traballo de desenvolvemento tecnolóxico para dar soporte as actividades de formación de diversos sectores da administración pública autonómica.

Inclúense tamén as plataformas corporativas de e-learning, que aínda que no se utilizan no MGCD, si son utilizadas nos diferentes ámbitos de formación dinamizadas pola Xunta de Galicia, con excepción da formación reglada.

Destaca nesta liña a creación dos espazos formativos sectoriais sobre a plataforma corporativa de e-learning PLAFOR. Esta solución, que baseada en software libre (Moodle) pero adaptada as necesidades de integración nos sistemas da Xunta de Galicia, permite dispoñer de xeito ordenado dun espazo corporativo para o desenvolvemento de actividades formativas organizada no marco doutros programas de formación dos distintos organismos dependentes da administración pública autonómica. No 2022 estaban configurados 19 espazos formativos sectoriais, con actividades formativas nas que participaron máis de 26.500 alumnos/as.

**Actividades  
2023:**

- Dentro das ferramentas para ao apoio as actividades de formación utilizadas nos diferentes ámbitos da Xunta de Galicia.
  - Evolución da plataforma corporativa de e-learning PLAFOR. Esta solución, baseada en software libre (Moodle), permite dispoñer de xeito ordenado dun espazo corporativo para o desenvolvemento de actividades formativas organizada no marco dos programas de formación dos distintos organismos dependentes da administración pública autonómica. Abordarase a súa integración coa plataforma de streaming Akamai.
  - Análise de viabilidade de ferramentas de proctoring para a realización en remoto das probas de certificación.
- Soporte técnico especializado para o conxunto de ámbitos da administración pública galega que empreguen PLAFOR no 2023. Destacan polo seu impacto e volume estimado de actividade os seguintes proxectos:
  - O "Campus Virtual de Formación para o Emprego" para a realización de actividades de formación na modalidade de telepresenza dirixidas a contribuír á formación da poboación ocupada e desempregada, promovido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
  - O "Portal da Teleformación da Lingua Galega" para achegar á cidadanía os cursos de capacitación na lingua galega CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3, CELGA 4 e "Cursos de Linguaxe Xurídica e Administrativa", promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
  - A plataforma da actividade docente en liña da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).
  - A plataforma de actividade docente en liña do Centro Superior de Hostalería de Galicia.
  - A plataforma de iniciativas da Axencia de Turismo de Galicia para programar accións de formación dirixidas a formar a colectivos de hostalaría e restauración.
  - O Espacio Multimedia de Aprendizaxe (EMA) da rede CEMIT.

- A aula virtual do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG).
- A aula virtual da "Escola Galega de Consumo" do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC)
- O aula virtual para a Administración de Xustiza en Galicia.
- Así como os espazos especializados das Consellería de Medio Rural, Mar, Política Social, Cultura, Facenda, do Fogga ou da propia Amtega, e os espazos especializados para o ámbito do voluntariado galego, de formación en igualdade laboral dependente da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, ou o xa mencionado do marco galego de competencias dixitais.

**Área responsable:**

**Área de Administración Dixital**

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Plan galego de competencias dixitais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Redacción da orde de criterios de homologación de CODIX</li> </ul>	<b>Elaborado</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Convocatorias de actividades de capacitación no ámbito COMDIX (Convalidación codix, comdix iniciación...)</li> </ul>	<b>5</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de persoas en plans de capacitación ou certificación</li> </ul>	<b>600</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de horas de formación nos programas de capacitación para o persoal empregado público.</li> </ul>	<b>4.000</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licitación dos sistemas de soporte ao MGCD</li> </ul>	<b>Proposta de adjudicación</b>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Licitación dos servizos de apoio á execución do MGCD</li> </ul>	<b>Licitado</b>



Obxectivo 4: Fomentar a adquisición de competencias dixitais

### 4.3 Bibliotecas en rede de Galicia

As bibliotecas son consideradas escenarios relevantes para o desenvolvemento da sociedade debido a que poñen ao dispor da cidadanía, en especial ao dos colectivos que contan con maiores dificultades para beneficiarse dos mesmos, medios culturais. Por elo, traballarase na **implantación e evolución dun sistema de xestión bibliotecaria e a súa dotación cos sistemas e tecnoloxías adecuados** para o seu correcto funcionamento, o que levará consigo a necesidade de facilitar á cidadanía o acceso e capacitación dixital no emprego do mesmo.

#### Obxectivos

- Estender a implantación do sistema de xestión bibliotecaria do Sistema Galego de Bibliotecas, tanto á Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas dos centros escolares e as bibliotecas especializadas.
- Pór en marcha o sistema de xestión da biblioteca híbrida integradora do fondo físico e fondo dixital.
- Desenvolver servizos dixitais para os usuarios das bibliotecas do Sistema de Bibliotecas de Galicia. Carné dixital e acceso único a biblioteca física e dixital.
- Desenvolver os espazos de dinamización da biblioteca.
- Pór en marcha o sistema estatístico de bibliotecas.
- Evolucionar, manter e dar soporte aos medios tecnolóxicos das bibliotecas dependentes da Xunta de Galicia.
- Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización do actual sistema de bibliotecas de Galicia e áreas vinculadas.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.1. // 4.3.2 // 4.3.3. Sistema de xestión bibliotecaria e servizos dixitais en bibliotecas: biblioteca híbrida, servizos dixitais en bibliotecas, carné dixital.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O sistema de xestión bibliotecaria utilizado na RBPG está baseado na actualidade na plataforma KOHA-ILS, sistema integral de xestión bibliotecaria de código de fontes abertas, que foi adaptado pola en anos precedentes para o seu funcionamento na modalidade de bibliotecas en rede e configuración do catálogo colectivo único.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Co sistema de préstamo de libro dixital (GaliciaLe).</li><li>→ E a presenza en Internet tanto da rede de bibliotecas e de forma específica as bibliotecas nodais.</li></ul>

- Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia: <https://rbgalicia.xunta.gal>
- A Coruña: <https://bibliotecas.xunta.gal/coruna>
- Santiago: <https://bibliotecas.xunta.gal/santiago>
- Lugo: <https://bibliotecas.xunta.gal/lugo>
- Ourense: <https://bibliotecas.xunta.gal/ourense>
- Pontevedra: <https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra>
- Vigo: <https://bibliotecas.xunta.gal/vigo>

Nesta actividade inclúense as actuacións relativas a evolución necesaria dos sistemas que configura a plataforma.

**Actividades  
2023:**

- Evolución continuada do sistema de xestión KOHA ILS, e dos sistemas que complementan os servizos dixitais en bibliotecas, entre outros, o sistema GaliciaLE de préstamo de recursos electrónicos (libros dixitais e fondos audiovisuais), app GaliciaLE, xestión do carné dixital, e a rede de portais da rede de bibliotecas e os espazos personalizados das bibliotecas nodais. De xeito específico se resaltan os seguintes:
  - No caso do sistema KOHA ILS:
    - Melloras nos procesos de catalogación de fondos e de autoridades.
    - Integración de API para a automatización de datos estatísticos.
    - Creación dunha versión reducida para bibliotecas moi pequenas, de diferentes tipos de institucións que solicitan dispor dunha ferramenta de catalogación de fondos.
  - No caso do sistema GaliciaLE de préstamo de recursos electrónicos:
    - Análise de viabilidade da habilitación do acceso para extranxeiros, coa finalidade de dar difusión da lectura en galego no exterior.
  - Carné dixital: Implantación do procedemento para solicitar a baixa.
  - No caso da rede de portais de bibliotecas abordárase a o inicio de renovación dos espazos, actualizando o deseño e simplificando tanto a infraestrutura tecnolóxica como a accesibilidade por parte das persoas usuarias.
  - Creación do espazo específico das Furgotecas.
  - Análise de viabilidade do sistema de xestión dos **clubs de lectura**, para o traballo conxunto entre a s.x.de bibliotecas e as bibliotecas da rede.
  - Continuación co deseño dunha nova fase de evolución dos sistemas orientada a **integración dos ámbitos de soporte físico e soporte dixital** permitindo o establecemento dunha canle única de acceso e préstamo dos fondos (Metabuscador).

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.4.a. Estender a implantación dos sistemas de xestión bibliotecaria - Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Segundo se establece na lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, a <b>Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (RBPG)</b>, está constituída fundamentalmente por as bibliotecas de titularidade pública, estatal ou autonómica, situadas no territorio galego, así como as bibliotecas de titularidade pública local que soliciten a súa integración e cumplan os requisitos técnicos necesarios.</p> <p>Nesta actividade inclúense as actuacións relativas ao proceso de integración de bibliotecas ou axencias de lectura no sistema KOHA, no caso de que aínda non sexan usuarias deste sistema.</p> <p>A fin de 2022 eran usuarias do sistema 313 bibliotecas ou axencias de lectura da rede de bibliotecas municipais.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Continuación co proceso implantación de KOHA ILS en alomenos 6 das bibliotecas pendentes.</p> <p>→ Actualización da situación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (fegamp) para a integración das bibliotecas públicas municipais no catálogo colectivo da rede de bibliotecas públicas de Galicia.</p>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.4.b. Estender a implantación dos sistemas de xestión bibliotecaria - Bibliotecas escolares</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, inclúe as bibliotecas escolares dentro do Sistema Galego de Bibliotecas.</p> <p>Nas bibliotecas escolares, iniciouse en anos precedentes a posta en marcha do mesmo sistema KOHAILS en bibliotecas escolares dos centros públicos integrados no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE). Este sistema KOHAILS presenta adaptacións para o seu funcionamento neste ámbito.</p> <p>O sistema de xestión bibliotecaria en uso nas bibliotecas escolares inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O sistema KOHAILS adaptado para o seu funcionamento neste ámbito.</li> <li>• Un servizo de biblioteca dixital <a href="https://bega-elbe2.edu.xunta.es/">https://bega-elbe2.edu.xunta.es/</a></li> <li>• Coa integración co sistema de xestión de alumnos dos centros para a xeración do rexistro de usuarios.</li> </ul> <p>Nesta actividade inclúense as actuacións relativas a evolución necesaria dos sistemas que se utilizan neste ámbito, así como a continuación do proceso de integración das bibliotecas en novos centros escolares.</p>

	Ao fin de 2022 estaban integrados neste sistema 315 bibliotecas escolares no sistema.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada e mantemento dos sistemas incluídos nesta actividade.</li> <li>→ Establecemento dos criterios da nova fase de integración de bibliotecas escolares integradas no Plambe.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.4.c. Estender a implantación dos sistemas de xestión bibliotecaria - Bibliotecas especializadas</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, identifica as bibliotecas especializadas como parte do Sistema Galego de Bibliotecas, entendendo como especializadas as bibliotecas, de titularidade pública o privada, que conteñan un fondo referido principalmente a un campo específico de coñecemento.</p> <p>Nesta actividade inclúense as actuacións relativas a evolución necesaria da versión específica para bibliotecas escolares, así como a continuación do proceso de integración de novas bibliotecas desta tipoloxía.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Establecemento do convenio ou instrumento xurídico para regular o proceso de integración de bibliotecas non dependentes da Xunta de Galicia.</li> <li>→ Análise de viabilidade da agrupación por materias ou redes.</li> <li>→ Integración de novas bibliotecas en función das capacidades de dedicación das bibliotecas deste ámbito.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.5. Desenvolver os espazos de dinamización das bibliotecas</b>
<b>Descrición:</b>	<p>As bibliotecas son consideradas escenarios relevantes para o desenvolvemento da sociedade debido a que poñen ao dispor da cidadanía, en especial ao dos colectivos que contan con maiores dificultades para o acceso aos medios culturais ou mesmo tecnolóxicos, a posibilidade de acceder a eles.</p> <p>Inclúense nesta actividade liñas de actuación que van orientadas, a impulsar a biblioteca como espazo social.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	→ Deseño e inicio da execución do plan de implantación do plan de capacitación e acreditación do persoal que traballa en bibliotecas do Sistema Galego de Bibliotecas no marco galego de competencias dixitais.

*(esta actividade está aliñada co Programa 4.2 Plan galego de competencias dixitais)*

**Área responsable:** *Área de Administración Dixital*

**Actividade:** **4.3.6. Por en marcha o sistema estatístico de bibliotecas**

**Descrición:** O sistema estatístico de bibliotecas debe dar respotas á estatística anual de bibliotecas públicas do Ministerio de Cultura, e da propia Xunta de Galicia. E debe ser capaz de integrar os datos que dependan da xestión municipal, así como os que proporcionan os sistemas de xestión.

O análise estatístico estenderase a todo o Sistema Galego de Bibliotecas.

**Actividades 2023:** → Análise de viabilidade e de alcance do sistema integral estatístico de bibliotecas de Galicia.

*(estas actividades están aliñadas co Programa 1.7 Xestión intelixente do dato)*

**Área responsable:** *Área de Administración dixital*

**Actividade:** **4.3.7. Evolucionar, manter e dar soporte aos medios tecnolóxicos das bibliotecas dependentes da Xunta de Galicia**

**Descrición:** O sistema de xestión bibliotecaria debe ir complementada coa dotación de medios tecnolóxicos adecuados para a xestión dos fondos en biblioteca, e a accesibilidade dos cidadáns aos medios TIC.

En 2022 abordouse a renovación de todo o equipamento posto a disposición da cidadanía.

**Actividades 2023:** → Soporte e mantemento dos sistemas especializados da xestión de fondos mediante RFID.

→ Soporte e mantemento funcionamento en uso por parte da cidadanía, así como o soporte técnico a todo o equipamento de posto de traballo no ámbito das bibliotecas nodais dependentes da Xunta de Galicia.

→ Auditoría // Revisión das necesidades de portátiles, lectores de e-books e tabletas para préstamos.

*(estas actividades están aliñadas co Programa 1.8 Posto dixital avanzado do persoal empregado público)*

**Área responsable:** *Área de Administración dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>4.3.8. Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización do actual sistema de bibliotecas de Galicia e áreas vinculadas .</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Ademáis dos sistemas referidos nos apartados anteriores, vinculados ao eido das bibliotecas e xestión bibliotecaria tanto na Xunta de Galicia como de centros coordinados, compoñen o <b>catálogo de sistemas de promoción da lectura e do libro</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>O catálogo de publicacións institucionais da Xunta de Galicia.</b> Nesta plataforma, <a href="https://libraria.xunta.gal">https://libraria.xunta.gal</a>, a Administración autonómica concentra todo o seu fondo editorial para poñelo á disposición do conxunto da cidadanía e das librerías. Dá cumprimento á <i>Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia</i>, que no art.11.4 di que "a Xunta de Galicia creará unha Librería Institucional do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia na que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo do Goberno".</li> <li>- <b>O sistema de adquisición de novidades editoriais galegas</b> por parte dos concellos con bibliotecas públicas municipais.</li> <li>- <b>Depósito Legal.</b> Sistema para a xestión do depósito legal en soporte físico.</li> <li>- <b>Ler Conta Moito.</b> Xestiona o programa Ler Conta Moito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o que se outorga unha axuda porcentual para a realización de actividades culturais na Rede de Bibliotecas de Galicia e nos concellos, financiado tanto pola Consellería como por cada Concello.</li> <li>- <b>E adicionalmente:</b> o directorio oficial da rede de bibliotecas, os formularios de enquisa de bibliotecas , e as aplicacións para a xestión dos recursos electrónicos, o os bolseiros de biblioteconomía.</li> </ul>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución e mantemento continuado dos sistemas recollidos neste apartado e mencionados na descrición da actividade.</li> <li>→ No caso da Librería Institucional, análise da viabilidade integración cos novos modos de pagamento previstos na pasarela de pagos da Xunta de Galicia.</li> <li>→ Posta en marcha do novo sistema de xestión de Novidades Editoriais (que substitúe ao anterior sistema de adquisición).</li> <li>→ Análise de viabilidade dun sistema propio do rexistro da propiedade intelectual, e a súa integración co rexistro de propiedade intelectual da AGE.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Bibliotecas en rede de Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de bibliotecas usuarias do sistema de xestión bibliotecaria KOHAILS (incluíndo RBPG, Bibliotecas escolares e bibliotecas especializadas)</li></ul>	<b>625</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Renovación do portal da rede de bibliotecas de Galicia</li></ul>	<b>Dispoñible para a súa validación</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Novo sistema de novidades editoriais en produción</li></ul>	<b>En produción</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de sistemas de xestión de información (incluíndo portais), ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos</li></ul>	<b>14</b>

## 4.4. Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital

O Plan DigiTalent 2030: Camiña en Dixital, para o Impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia persegue alcanzar unha sociedade máis próspera e inclusiva na que toda as persoas estean preparadas para o proceso de transformación tecnolóxica. Búscase asegurar así que Galicia conta cunha cidadanía e profesionais capacitados dixitalmente, e cun territorio competitivo, sostible, resiliente e equitativo.

Para acadar este obxectivo, o Plan abordará un primeiro eixe enfocado a **pechar a fenda dixital a través do aseguramento da participación efectiva de toda a cidadanía no contexto da dixitalización**, prestando especial atención aos colectivos máis vulnerables, como o colectivo de persoas maiores, e tendo especialmente en conta a perspectiva de xénero e o rural.

Un segundo eixe, dirixirase a **promover a adquisición, reforzo e actualización das competencias dixitais dos profesionais de todos os sectores de actividade**, tanto no ámbito privado como no público, perseguindo a súa adaptación ao proceso de transformación dixital. Isto propiciará a creación de oportunidades de emprego e unha maior produtividade.

Finalmente, o terceiro dos eixes do Plan, orientarase a **impulsar vocacións e talentos dixitais**, perseguindo así unha Galicia capaz de liderar o cambio tecnolóxico. Por iso, promoverase a adquisición de competencias dixitais avanzadas vinculadas a ámbitos clave como a ciberseguridade ou a IA, de novo prestando especial atención á fenda de xénero. Buscarase ademais espertar vocacións STEM e acompañar ao talento dixital desde idades temperás, e xerar, reter e atraer talento especializado nas novas tendencias tecnolóxicas, para poder dar respostas ás necesidades do novo contexto de transformación dixital.

### Obxectivos

- Reducir as desigualdades dixitais alfabetizando dixitalmente ós colectivos vulnerables.
- Garantir a adquisición de competencias dixitais básicas para todos considerando especialmente das persoas maiores, integrando tamén a perspectiva de xénero e a especial atención ao rural así como a capacitación dixital dos profesionais de todos os sectores económicos.
- Fomentar as vocacións tecnolóxicas e o talento dixital avanzado, impulsando a presenza da muller en carreiras e profesións no eido dixital e a redución da fenda de xénero.



- Reformar e ampliar a Rede de aulas CeMIT, evolucionando cara un novo modelo renovado que asuma o rol de vértice transformador ao servizo da inclusión e capacitación dixital galega e que servirá de instrumento de soporte transversal ao cumprimento dos obxectivos da Estratexia Dixital de Galicia 2030 e do Plan DigiTalent 2030.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>4.4.1 Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía</b>
<b>Descrición:</b>	Impulso e realización de actividades destinadas á adquisición de coñecementos e habilidades dixitais da cidadanía tanto de forma online como presencial, co obxectivo de promover a aprendizaxe e confianza no uso da tecnoloxía especialmente entre os colectivos máis vulnerables e no rural.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Realización de cursos, charlas, talleres, asesoramentos personalizados sobre o manexo da tecnoloxía e a adquisición de habilidades dixitais e o fomento da seguridade na Rede, para poñer en valor os beneficios da tecnoloxía na mellora da calidade de vida das persoas e facilitar o seu entendemento e aplicabilidade entre os colectivos máis vulnerables, especialmente no rural.</li> <li>→ Impulso de actividades formativas en colaboración cos responsables das aulas da Rede, aliados e impulsores dixitais e Programa de Voluntariado Dixital, que permitan sumar capacidades, recursos así como xerar sinerxías que faciliten a atención das necesidades dos diferentes colectivos.</li> <li>→ Coordinación e impulso de actividades para a conmemoración de días relevantes no ámbito das TIC, dinamizando a organización de seminarios e actividades lúdico-formativas, tanto de xeito presencial como online, no que participarán diferentes colectivos segundo a data sinalada.</li> <li>→ Fomento da compartición de material formativo a través da wiki interna da Rede CeMIT, contando para isto coa colaboración dos responsables das aulas e dos aliados dixitais, ademais da realización de actividades formativas destinadas aos axentes TIC e responsables de aula para mellorar as súas metodoloxías de ensinanza e facilitar diversas temáticas de interese para a cidadanía.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

Actividade:

#### 4.4.2 Impulso de iniciativas para combater a fenda dixital das persoas maiores

**Descrición:**

Desenvolvemento de actividades formativas para que o colectivo de persoas maiores poida ampliar os seus coñecementos e habilidades co fin de participar de forma máis activa no contexto dixital, ensinándolles os usos e aplicabilidade dos servizos dixitais e dispositivos electrónicos, para contribuír a mellorar o seu estilo de vida, saúde ou benestar e que se sentan seguras, acompañadas e conectadas.

**Actividades 2023:**

- Organización de iniciativas de alfabetización dixital para o emprego de dispositivos electrónicos e realización de demostracións prácticas trasladando os beneficios que estes ofrecen na vida cotiá das persoas maiores.
- Promoción de xornadas para dar a coñecer entre o colectivo de persoas maiores os diversos servizos dixitais dispoñibles para o seu uso e mellora da calidade de vida, creando e despertando o seu interese.
- Acompañamento e asesoramento sobre o uso da tecnoloxía entre as persoas maiores na procura dunha maior autonomía persoal e dun envellecemento activo e saudable.
- Organización de actividades de fomento da cultura da seguridade na Rede, tomando conciencia dos riscos existentes, co obxectivo de que as persoas usuarias se desenvolvan con confianza e seguridade no contexto dixital.
- Colaboración cos aliados dixitais na realización de distintas iniciativas coa finalidade de ampliar e mellorar as competencias dixitais das persoas maiores mediante a formación sobre os usos e aplicación de diversos dispositivos e ferramentas dixitais, co obxectivo de mellorar a vida deste colectivo promovendo a súa autonomía persoal e social, e axudándolles a que participen de maneira máis activa e completa na sociedade.
- Posta en marcha dun servizo de aula móbil itinerante por medio da articulación dun Convenio de colaboración con Cruz Vermella para a realización de actividades de formación e capacitación dirixidas ao colectivo de persoas maiores, especialmente do ámbito rural, co obxectivo de formalo no emprego da tecnoloxía e fomentar a súa independencia e autonomía.

**Área responsable:**

*Área de Sociedade Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>4.4.3 Promoción da formación e certificación galega en competencias dixitais para a cidadanía</b>
<b>Descrición:</b>	Potenciación da formación en competencias dixitais adaptada ao Marco Galego de Competencias Dixitais co obxectivo de lograr a capacitación dixital da cidadanía, así como a súa acreditación.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Participación na proba piloto do curso ComDix Iniciación para o persoal formador realizando actividades formativas para a adquisición dos coñecementos, habilidades e aptitudes dixitais e realización da proba final para o teste da plataforma de certificación.</li> <li>→ Preparación das primeiras convocatorias de convalidación do Codix a ComDix e formación e acreditación a través da realización de probas para acadar a certificación ComDix Iniciación baixo o novo Marco Galego de Competencias Dixitais.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>4.4.4 Desenvolvemento de actuacións para o fomento das vocacións tecnolóxicas na infancia e na xuventude</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Actuacións destinadas a estimular o talento precoz vencellado ás tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo actividades e experiencias inmersivas, obradoiros, desafíos temáticos e charlas divulgativas cunha perspectiva lúdico-formativa que teñen por obxectivo involucrar aos máis novos na investigación, a tecnoloxía e a ciencia, poñendo en práctica a súa creatividade e outras competencias e capacidades dixitais.</p> <p>Desenvolveranse actuacións para espertar, motivar e potenciar as vocacións STEAM dende idades temperás, así como impulsar o interese nas profesións científico-tecnolóxicas e fomentar as novas tendencias dixitais na infancia e xuventude.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Organización e posta en marcha de dúas novas convocatorias do Programa Tecnólog@ por un día: creación dos contidos de difusión do programa, xestión da inscrición dos participantes, asignación de prazas, coordinación e seguimento da celebración das sesións nas entidades colaboradoras.</li> <li>→ Definición do catálogo de actividades que comprenderá o desenvolvemento do Campamento Digitalia, concreción dos criterios de selección e posta en marcha do programa na Campaña de Campamentos de verán de 2023.</li> </ul>

- Celebración dunha nova edición de Scratch Day, para a divulgación dos valores e nocións da programación informática e o desenvolvemento de videoxogos na contorna familiar e académica.
- Lanzamento dunha nova edición de Ciberseguranza Kids, coa celebración de sesións enfocadas á introdución dun uso seguro de Internet na infancia, a desenvolver en formato contacontos en centros educativos e nas instalacións do GaiásTech.

**Área responsable:**

*Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:**

**4.4.5 Desenvolvemento de actuacións para o impulso da presenza da muller no eido dixital e a redución da fenda de xénero**

**Descrición:**

Actuacións de orientación, apoio e fomento do talento feminino, motivando as súas eleccións e decisións académicas e profesionais e impulsando o seu progreso no ámbito dixital.

**Actividades 2023:**

- Desenvolvemento de obradoiros prácticos de experimentación tecnolóxica no marco da iniciativa Girl STEAM, co obxectivo de dar visibilidade ao rol da muller no eido tecnolóxico e aos referentes neste campo para fomentar a presenza das mulleres nas carreiras STEM.

**Área responsable:**

*Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:**

**4.4.6 Reforzo da oferta formativa para o impulso o talento dixital avanzado**

**Descrición:**

Accións formativas, divulgativas, de sensibilización e asesoramento orientadas a estudantes e profesionais de todas as disciplinas para o fomento de coñecementos e competencias dixitais avanzadas vencelladas a ámbitos chave da transformación dixital e ás tecnoloxías disruptivas.

Desenvolveranse actuacións dirixidas ao impulso, atracción e retención de talento avanzado, así como a impulsar as capacidades transversais e especializadas enfocadas ao emprendemento e ao fomento do liderado dixital.

**Actividades 2023:**

- Lanzamento dunha edición do Programa Mentoring FP para o asesoramento e mentorización personalizada ao alumnado de Formación profesional, xestión das empresas colaboradoras e xeración de contidos para a difusión da iniciativa.

- Desenvolvemento dunha actuación de formación específica en formato taller sobre a implantación do Esquema Nacional de Seguridade, dirixido a profesionais do eido privado e público.
- Celebración dun Foro ou encontro sobre tecnoloxías da información que contribúa a xerar un espazo de reflexión e compartición de coñecementos e experiencias, dirixida a CIOS e persoal directivo do ecosistema dixital galego.
- Xestión das ofertas das empresas adheridas e coordinación entre o sector dixital e os interesados en retornar a Galicia no marco da Canle Retorna Dixital.

**Área responsable:**

*Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 4.4.7 Plan de reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT 2022-2025

**Descrición:** Articulación das medidas de actuación establecidas no Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT baixo un novo marco de relación e colaboración coas entidades locais e a Federación Galega de Municipios e Provincias co obxectivo de facilitar á cidadanía a adquisición das competencias dixitais necesarias para facer fronte aos retos derivados da transformación dixital.

**Actividades 2023:**

- Posta en marcha dos Espazos Maker na Rede CeMIT, dotados con equipamento tecnolóxico innovador e interactivo para o desenvolvemento de obradoiros ou iniciativas de creación e experimentación con tecnoloxías disruptivas. Esta dotación se complementa cun plan de formación orientado aos axentes TIC e responsables de aula con fin de garantir un adecuado coñecemento técnico dos recursos tecnolóxicos e a súa aplicación práctica para acadar un maior aproveitamento do equipamento.
- Dotación de equipamento básico, formado por equipos all-in one, tablets, libros electrónicos e complementos audiovisuais, ademais de 20 complementos inclusivos rotatorios, ás 83 aulas CeMIT adheridas ao Plan de reforma, co obxectivo de acadar unha experiencia formativa plena por parte da cidadanía.
- Xestión de adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT por parte das entidades locais que non dispoñen de aula CeMIT.
- Preparación e lanzamento do proceso de solicitude de novas aulas CeMIT por medio do establecemento dun procedemento en réxime de concorrencia competitiva que permitirá ás entidades locais que non contan cun centro CeMIT, optar a unha aula.


→ Mellora dos servizos dixitais por medio da actualización e creación de novos contidos na plataforma de teleformación da Rede CeMIT e fusión dos diferentes portais (Voluntariado Dixital, DigiTalent e Faite Dixital) nun único espazo web para o fomento da inclusión e a capacitación dixital. Realización das melloras e posta en marcha da nova ferramenta de soporte e xestión das aulas CeMIT (XECM).

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Desenvolvemento de actividades para a inclusión dixital da cidadanía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de horas de formación dixital e uso de equipamento tecnolóxico ofrecidos á cidadanía na Rede CeMIT</li> </ul>	35.000
<b>Capacidade para saber envellecer e desfrutar de todas as etapas da vida</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de usuarios da Rede CeMIT</li> </ul>	111.000
<b>Competencias básicas para todos dixitais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de aulas CeMIT dixitalizadas (adaptadas ás últimas tendencias tecnolóxicas no marco do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT)</li> </ul>	84
<b>Impulso do Talento Dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de actividades planificadas para a promoción do talento dixital</li> </ul>	41

## Obxectivo estratéxico 5: Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente



## *Obxectivo 5: Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente*

### 5.1 Programa Galicia Territorio Intelixente

Como extensión e especialización da xestión avanzada do dato da administración pública, a xestión da información espacialmente xeorreferenciada permite guiar o deseño de sistemas para a prestación de servizos dixitais e de intervención da administración pública en un determinado espazo xeográfico.

Este programa ten como finalidade **dotar á rexión dos medios e ferramentas necesarias para a xestión da información cartográfica**, en liña co Plan Cartográfico de Galicia, e **avanzar na posta marcha da plataforma Galicia Territorio Intelixente** que integrará os recursos cartográficos e que será un contedor de datos xeoespaciais, incluíndo as capacidades de captura e tratamento avanzado de datos do territorio e os servizos de acceso á información. Axuntará nunha infraestrutura transversal a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos, e se converterá no principal instrumento estratéxico da rexión para a definición de políticas públicas, a vixilancia territorial, o deseño dos plans de sustentabilidade ambiental e o desenvolvemento social e económico do territorio.

Traballarase no **desenvolvemento de ferramentas e solucións dixitais enfocadas á mellora da xestión e o coñecemento do territorio**, perseguindo contribuír así a unha maior cohesión territorial, á preservación do medio ambiente, á loita contra o cambio climático, ao uso responsable dos recursos naturais e á prevención de riscos sociais e ecolóxicos. Desenvolveranse ademais sistemas especializados vinculados a: o seguimento da evolución do uso do solo e a ocupación do territorio, os servizos territorializados no ámbito do rural e a política agro-gandeira, do transporte, das actividades económicas, do turismo e da prestación de servizos públicos.

#### Obxectivos

- Pór en marcha a Plataforma Territorio Intelixente, e no seu marco, servizos transversais como o servizo de rueiro e xeocodificación, así como servizos de analítica e coñecemento espacial.
- Desenvolver un catálogo de servizos comúns para a xestión territorial integrables nos sistemas de xestión administrativa.
- Desenvolver sistemas especializados para a xestión territorial que integren o ciclo de dato da información xeoespacial.
- Evolucionar os sistemas neste ámbito (xeoportais e recursos cartográficos, rexistro galego de cartografía...), e a infraestrutura de base para o tratamento da información.



## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.1.1. Por en marcha a Plataforma Territorio Intelixente, e no seu marco, servizos transversais como o servizo de rueiro e xeocodificación, así como servizos de analítica e coñecemento espacial.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Coñecer onde se desenvolven as actividades, onde se prestan os servizos e onde reside a poboación é clave para garantir a operativa básica de calquera sistema de goberno. A información territorial é imprescindible para a planificación e xestión da Administración pública.</p> <p>En 2022 aprobouse o plan de posta en marcha da <b>Plataforma Territorio Intelixente (PGTI)</b>. Redacción da proposta de actuacións e identificación dos primeiros compoñentes a desenvolver.</p> <p>Este programa está orientado a definir e implantar o modelo organizativo e o soporte tecnolóxico á Plataforma Galicia Territorio Intelixente (PGTI) e ao proceso de coordinación da información durante todo o seu ciclo de vida, dende a produción ata a promoción e reutilización da información por parte doutros sectores.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Colaboración e apoio na definición e posta en marcha de medidas organizativas para a cohesión dixital da información xeográfica<ul style="list-style-type: none"><li>○ Desenvolvemento do Modelo de goberno da PTI, establecendo un plan de actuación e seguimento que permita mellorar a calidade, usabilidade e produtividade dos servizos, dos compoñentes e da plataforma.</li><li>○ Desenvolvemento dos modelos de documentación dos conxuntos de datos espaciais</li></ul></li><li>→ Desenvolvemento dos procedementos de produción e consumo de datos xeográficos</li><li>→ Despregamento e posta en marcha de <b>servizo de rueiro e xeocodificación</b>, que permitirá asociar as direccións e rueiro cunha localización territorial e coordenadas sobre os mapas. Este obxectivo permitirá lanzar procesos de análises e de custos e distancias en base ás direccións, evitando os custosos procesos de xeocodificación.</li></ul> <p><b>Un rueiro organizado permite actualizar as bases de datos de catastro, censo, padrón, etc., necesarias para o desenvolvemento do territorio, así como a identificación inequívoca de cada edificación e inmovible, fundamental para servizos básicos como o correo, a repartición de paquetería, a actividade comercial, o turismo, a xestión de emerxencias, etc.</b></p> <p>Polo xeral as direccións almacénanse de forma non estruturada ou con estrutura mínima, polo que para levar a cabo calquera análise ou integración con outras fontes é necesario realizar primeiro procesos de limpeza e homoxeneización sobre elas. Por iso Ademais, desde o punto de</p>

vista espacial, é imprescindible aplicar un proceso de geocodificación ás direccións, que permita transformar a descrición dunha localización nunha localización ou coordenada sobre o mapa.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 5.1.2. Desenvolver un catálogo de servizos comúns para a xestión territorial integrables nos sistemas de xestión administrativa.

**Descrición:** A información producida nos sistemas de xestión administrativa recolle intrínscamente información do territorio que debe recollese e organizarse dun xeito axeitado para a súa explotación posterior.

O catálogo de servizos comúns para a xestión territorial permitirá integrar nos sistemas de xestión administrativa, de xeito transparente para os xestores e sen supoñer un esforzo específico adicional á xestión ordinaria da tramitación dos expedientes, os mecanismos necesarios para recoller a información territorial dun xeito integrado e interoperable.

**Actividades 2023:**

- Elaboración do Manual de desenvolvemento de proxectos SIX que detalle os compoñentes e arquitecturas da plataforma e defina normas e instrucións técnicas de desenvolvemento que axilicen a posta en marcha de proxectos con compoñentes SIX.
- Elaboración dos procedementos de publicación e auditoría de aplicacións e compoñentes SIX.
- Elaboración do procedemento de produción e consumo de información entre as aplicacións sectoriais ou os sistemas transversais e a plataforma SIX corporativa.
- Realizar de xeito continuo as tarefas de apoio e coordinación da implantación de compoñentes e servizos xeográficos nos sistemas de tramitación e xestión.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 5.1.3. Desenvolver sistemas especializados para a xestión territorial que integren o ciclo de dato da información xeoespacial.

**Descrición:** Esta actividade recolle diversas iniciativas que se integran na **Plataforma Territorio Intelixente (PGTI)**, orientadas a enriquecer o modelo de información territorial. En coordinación con outras iniciativas de carácter sectorial.

**Actividades  
2023:**

- Continuación coa fase de despregamento dos proxectos TERRA desenvolvidos, a través de GAIN, no marco da iniciativa estratéxica liderada pola Xunta de Galicia, para o **desenvolvemento de solucións innovadoras no ámbito da industria de sistemas e vehículos non tripulados (CIVIL UAVs Initiative)**.
  - Continuación coa posta en marcha dos **proxectos TIERRA-1, TIERRA-2, TIERRA-3** dan resposta a un fluxo de traballo común de produción de cartografía. Xunto cos propios sistemas, será necesario realizar a posta en marcha dos elementos de interconexión entre os sistemas, así como os compoñentes de integración coa plataforma SIX Corporativa.
  - Inicio da fase de despregamento integrado **do proxecto TIERRA-4**
- No marco da **convocatoria RETECH**, aprobouse en decembro 2022 o proxecto **"Aceleración de ecosistemas de emprendemento e innovación baseados en Xemellos Dixitais"**, proxecto colaborativo coas comunidades autónomas de LA Rioja, Extremadura, Navarra, Castilla-La Mancha, e no ue por parte da Xunta, coa participación de Amtega, Agader e IET, se centrará na definición do modelo de xemello dixital territorial e a súa concreción no contexto rural.
- Colaboración coa Axencia Turismo de Galicia no proxecto de **Dixitalización dos Camiños de Santiago**. *(aliñado co 5.6 Programa Turismo Intelixente)*

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 5.1.4. Evolucionar os sistema neste ámbito (xeoportalo e recursos cartográficos, rexistro galego de cartografía...), e a infraestrutura de base para o tratamento da información.

**Descrición:** O tratamento de información xeográfica, polas súas características propias, require dunha infraestrutura configurada e adaptada especialmente que permita manexar o volume de datos e a tipoloxía de información. Por isto é preciso realizar un esforzo constante de axuste e evolución da plataforma para dar resposta ás necesidades concretas e diferenciadas neste ámbito.

A infraestrutura de información xeográfica debe adaptarse continuamente aos estándares, normativa e necesidades tecnolóxicas que permitan a súa operación e utilización.

Así mesmo, son necesario un conxunto de sistemas e compoñentes para o tratamento desta información, especialmente:

- O portal de consulta e divulgación [mapas.xunta.gal](http://mapas.xunta.gal)
- O Rexistro de Cartografía de Galicia
- O catálogo de metadatos

**Actividades 2023:**

- **Evolución continuada e mantemento dos sistemas e compoñentes neste ámbito.** Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, escalabilidade, rendemento, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. E, en particular:
  - Mantemento do portal mapas.xunta.gal
  - Implantación completa do Rexistro de Cartografía de Galicia, regulado no Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.
  - Desenvolvemento de servizos e visores para o apoio de diversos servizos dixitais.
  - Mantemento continuado da ferramenta de catalogación de datos xeográficos e mantemento de metadatos.
- Dotación dunha **infraestrutura de almacenamento de alta capacidade** para a plataforma.
- Licitación e adxudicación do desenvolvemento dos traballos necesarios para a obtención de cartografía a escalas 1/5.000 segundo modelo BTG v.1.1 de 80 concellos da provincia de Ourense, a partires dos fotogramas obtidos durante os voos fotogramétricos do proxecto PNOA do ano 2020.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Por en marcha a Plataforma Territorio Intelixente, e no seu marco, servizos transversais como o servizo de rueiro e xeocodificación, así como servizos de analítica e coñecemento espacial.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Implantación das integracións dos proxectos TIERRA previstas para o 2023</li></ul>	<b>Realizado</b>
Desenvolver un catálogo de servizos comúns para a xestión territorial integrables nos sistemas de xestión administrativa.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Número de sistemas d integrados cos servizos comúns</li></ul>	<b>5</b>
Evolucionar os sistema neste ámbito (xeoportais e recursos cartográficos, rexistro galego de cartografía...), e a infraestrutura de base para o tratamento da información.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Dotación dun sistema de almacenamento axeitado para a plataforma</li></ul>	<b>Dispoñible</b>

## Obxectivo 5: Impulsar a economía dixital para acadar un territorio intelixente

### 5.2 Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility

Este programa ten como obxectivo a xeración dun ecosistema dixital de apoio á xestión e información dun sistema de transporte e mobilidade seguro e respectuoso co medio ambiente, que permita responder de forma áxil e eficiente ás demandas crecentes de mobilidade no territorio.

Para iso, porase especial atención ás actuacións definidas no eido do plan e-Mobility, que buscarán mellorar a relación coa cidadanía ofrecendo información ao viaxeiro en tempo real; avanzando cara novas modalidades de servizo, como o transporte baixo demanda de nova xeración ou os vehículos de conducción supervisada, semiautónoma ou completamente autónoma; e mellorando a toma de decisións e planificación de actuacións na rede de estradas de Galicia.

#### Obxectivos

- Desenvolver novos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade.
- Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual.
- Realizar a xestión integral da rede de estradas de Galicia.
- Modernizar os sistemas de pago no transporte público.
- Mellorar os sistemas de información ao usuario.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.2.1. Desenvolver novos sistemas de información e xestión intelixente da mobilidade.</b>
<b>Descrición:</b>	Propónse a implantación de ferramentas de procesamento e análise avanzado de datos para todos os axentes do sector (administración, operadores e usuarios) co obxecto de facilitar a toma de decisións e a aplicación de políticas de transporte. Estas ferramentas permitirán definir un modelo de transporte optimizado que responda as necesidades reais dos cidadáns.
<b>Actividades 2023:</b>	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: <ul style="list-style-type: none"><li>→ Desenvolvemento, soporte e mantemento dun cadro de mando da demanda global dos servizos de transporte público.</li><li>→ Implantación dun módulo de informes analíticos (desenvoltos en PowerBI) na ferramenta ITS SUITE do proxecto SAEGAL que permitan explotar a información recibida no SAE en tempo real a través do protocolo RTIG.</li></ul>

- Elaboración de pregos e licitación dun contrato para o desenvolvemento e implantación dun sistema intelixente de xestión da mobilidade.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 5.2.2. Desenvolver e dar soporte a un sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e da súa oficina virtual.

**Descrición:** Os servizos de transporte público están suxeitos a cambios para adecualos ás necesidades da poboación mediante a tramitación dos correspondentes procedementos administrativos. Tal e como se recolle na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 56, da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres (LOTT), é obrigatoria e exclusiva a tramitación electrónica en materia de contratos de xestión de servizos públicos de transportes.

Para o cumprimento desta obriga, desenvolveuse unha oficina virtual do transporte (OTRANS) para que os concesionarios e a Administración se relacionen de xeito telemático no marco dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte.

**Actividades 2023:** Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes:

- Desenvolvemento, pilotaxe e implantación do módulo de facturación.
- Implementación de medidas cautelares nos procedementos de modificación de oferta.
- Melloras no procedemento de adscricións de vehículos. Posta en marcha da comprobación diaria da titularidade dos vehículos contra SITRAN e a verificación diaria do cumprimento das condicións de adscrición.
- Automatización do envío de servizos integrados ao aplicativo de transporte escolar da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Introducir capacidades xeográficas (XIS) para a representación gráfica de rutas e liñas.
- Adecuación automática da oferta de transporte nos días festivos de cada un dos concellos de Galicia e nos días de libre disposición dos centros escolares.
- Melloras na xestión do catálogo de paradas e puntos de parada.
- Melloras no módulo de xustificación de circulacións.
- Desenvolvemento dunha capa de interoperabilidade para que os concesionarios podan descargar e xustificar as circulacións que non foron detectadas por o SAE.
- Licitación dun novo contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento no sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual, OTRANS.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

<b>Actividade:</b>	<b>5.2.3. Realizar a xestión integral da rede de estradas de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	En liña co previsto na Estratexia para a Dixitalización e Innovación en materia de Estradas de Galicia da Axencia Galega de Infraestruturas , prevese o desenvolvemento e implantación dunha completa solución integral de xestión das estradas de Galicia, que incluírá a xestión do seu inventario, da conservación e explotación das estradas, da planificación das actuacións, da tramitación dos estudos e proxectos e da execución das obras, de tal forma que permita a xestión das infraestruturas viarias tanto dende o seu compoñente alfanumérico como xeográfico, baseado en estándares.
<b>Actividades 2023:</b>	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Licitación e inicio do desenvolvemento dun sistema de xestión integral dos estudos e proxectos sobre a Rede Autonómica de Estradas de Galicia.</li> <li>→ Elaboración do prego de condicións técnicas para o desenvolvemento dun sistema de xestión integral do inventario, conservación e explotación dos elementos da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais</b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.2.4. Modernizar os sistemas de pago no transporte público.</b>
<b>Descrición:</b>	O plan de transporte metropolitano de Galicia supuxo a introdución da tarxeta TMG (tarxeta metropolitana de Galicia) como medio de pago. Pretendese facilitar aos usuarios do transporte novos medios de pago open loop (pago con móbil mediante códigos QR, tarxeta bancaria ou tarxeta de transporte propia) alternativos ao pago en efectivo. Estes novos medios de pago basearíanse nun modelo de ticketing baseado en conta (Account Base Ticketing) no que o usuario se rexistra previamente, identifícase no autobús cun QR, tarxeta bancaria ou tarxeta de transporte e posteriormente o sistema de backoffice cobra a tarifa máis vantaxosa ao usuario en función das viaxes realizadas, a política tarifaria definida e o perfil asociado ao usuario.
<b>Actividades 2023:</b>	Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Finalización do desenvolvemento e pilotaxe dunha solución para a implantación da tarxeta QR Xente Nova que permitirá aos mozos e mozas menores de 21 anos viaxar de balde nos autobuses interurbanos co seu móbil sen necesidade de activar a tarxeta moedeiro nin de adiantar o pagamento das viaxes. Esta simplificación promoverá, sen dúbida, un maior uso da Tarxeta e, por tanto, do transporte público. Ademais, realizarase a homologación do equipamento embarcado dos autobuses e a coordinación dos pilotos de cada provedor.</li> <li>→ Adxudicación e inicio da execución do contrato mixto de subministración, deseño, desenvolvemento, implantación, soporte, mantemento e operación da plataforma galega de mobilidade 4.0 e da oficina</li> </ul>

técnica para a súa supervisión e dirección, Financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte.: AMT-2022-0128). Esta nova plataforma inclúe, entre outras funcionalidades, un planificador de rutas multimodal con posibilidade de reserva de praza, un novo sistema de pagos baseado en conta (denominado ABT) que permitirá o pago co móbil, cunha tarxeta bancaria (EMV) ou coa nova tarxeta TMG, o que dará moita máis flexibilidade ás persoas usuarias para abonar as súas viaxes, un centro de atención a usuarios (CAU) e os servizos bancarios necesarios que garantan o correcto funcionamento das transaccións na plataforma. O proxecto conta cun orzamento de 5,7M€ (IVE Incluído) en un prazo de execución de 36 meses.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

**Actividade:** 5.2.5. Mellorar os sistemas de información ao usuario.

**Descrición:** Implantación de solucións e aplicacións para conectar ao cidadán coa infraestrutura de mobilidade e todos os servizos asociados baseados en aplicacións intelixentes móbiles para informar, reservar servizos e recibir todo tipo de información da cidadanía.

**Actividades 2023:** Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes:

- Coordinación e seguimento da integración dos SAEs locais dos concesionarios no SAE da Xunta de Galicia (SAEGAL).
- Melloras na ferramenta ITS SUITE do proxecto SAEGAL habilitando un novo perfil de acceso para os concesionarios e un módulo de informes que permita a explotación da información recibida en tempo real durante a prestación do servizo.
- Publicación dunha nova versión da APP de transporte público interurbano que permita en tempo real a consulta por parada dos tempos estimados de chegada dos diferentes servizos de transporte.
- Mantemento evolutivo do portal de transporte público de Galicia (<https://www.bus.gal>) que permite a consulta dos servizos de transporte público por estrada, a reserva dos servizos baixo demanda e a comunicación das reservas realizadas aos contratistas. Publicación dunha marquesiña virtual en bus.gal que permita en tempo real a consulta por parada dos tempos estimados de chegada dos diferentes servizos de transporte.
- Exportación periódica, en formato GTFS, da oferta de transporte público interurbano a Google Transit e na web do Punto de Acceso Nacional de datos de transporte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Inicio do desenvolvemento do planificador de rutas multimodal incluído na contratación da plataforma galega de mobilidade 4.0.
- Mantemento evolutivo do observatorio de custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da comunidade autónoma de Galicia. (OTRAME).



- Licitación dun novo contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte, operación e mantemento do sistema de axuda á explotación da Mobilidade de Galicia (SAEGAL).

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Plan de transporte e mobilidade dixital: e-mobility</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>En piloto a solución QR Xente Nova que permitirá aos mozos e mozas menores de 21 anos viaxar de balde nos autobuses interurbanos co seu móbil</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>En desenvolvemento un módulo de xestión económica na oficina virtual de transporte (OTRANS)</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Contratos de transporte público interurbano que ofrecen información en tempo real aos usuarios</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>En desenvolvemento novos medios de pago no transporte público (pago con QR e con tarxeta bancaria EMV, ABT)</li> </ul>	Si
	<ul style="list-style-type: none"> <li>En licitación o novo contrato para o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento no sistema integral de xestión e tramitación da oferta de transporte público de Galicia e oficina virtual, OTRANS.</li> </ul>	Si

## 5.3 Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio

Este plan ten como obxectivo avanzar cara un territorio máis verde e resiliente mediante o deseño e a implementación dun modelo sustentable de aproveitamento dos recursos naturais e ambientais de Galicia (espazos naturais, fauna e flora, xestión dos residuos, climatoloxía...) e melloras na xestión do territorio. Para iso, introducirase un novo enfoque, centrado na conservación dos ecosistemas naturais e a súa biodiversidade, para aproveitar as capacidades das novas tecnoloxías en materia de integración da información nos sistemas, a monitorización de parámetros clave, o análise da información para a toma de decisións, etc. Ademais, desenvolverase unha plataforma urbanística dixital de Galicia que facilite a participación nos procedementos de planificación urbanística e que terá como finalidade posibilitar a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico.

### Obxectivos

- Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica.
- Pór en marcha unha plataforma urbanística dixital de Galicia.
- Evolucionar a plataforma de contidos dixitais dos espazos naturais de Galicia.

### Actividades:

Actividade	5.3.1. Consolidar e evolucionar a plataforma galega de información ambiental, Gaia, como sistema integral de tramitación electrónica.
Descrición:	<p>No ano 2015 púxose en marcha a plataforma galega de información ambiental, GaIA, co obxectivo de integrar toda a información medioambiental, de facilitar e simplificar a comunicación coas empresas e de mellorar o coñecemento que ten a Administración sobre as mesmas.</p> <p>GaIA ten que consolidarse como o portal de información ambiental de Galicia e ser o único punto de acceso para que as empresas podan cumprir cos seus compromisos medioambientais e cos procedementos telemáticos que lles esixe a normativa vixente.</p>
Actividades 2023:	<p>Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Soporte e mantemento evolutivo dos módulos xa implantados na plataforma GaIA, entre os que destacan: xestión de empresas e centros (eEmpresas), inspeccións ambientais (eInspecciones), boletín ambiental (eBoletín), solicitudes de información (eSolicitud), traslados de residuos perigosos e non perigosos (eResiduos), rexistro de autorizacións ambientais integradas (eRexistroAAI) e o rexistro galego de emisións (eRegade).</li></ul>

- Desenvolvemento e implantación do novo Rexistro de Xestores e Produtores de Residuos (eRexisto), e a súa integración co rexistro estatal a través de eSIR. Migración de datos ao novo rexistro a partir dos datos de SIMCA.
- Desenvolvemento dun piloto de formulario dinámico en sede para o procedemento MT986G, usando o asistente de configuración en sede e desenvolvendo os servizos web que use o formulario.
- Elaboración de novos pregos para o desenvolvemento de novas funcionalidades da plataforma GalA.
- Mantemento e soporte das aplicacións que faltan por migrar a GalA, entre as que destacan: SIMCA, COV (compostos orgánicos volátiles), EPRTTR (rexistro de emisións e fontes contaminantes) e SOLOS (solos contaminados).
- Mantemento e soporte da tramitación dos seguintes procedementos administrativos xestionados coa aplicación Tramita:
  - MT975J - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Fondos de recuperación e resiliencia.
  - MT975K - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións destinadas á mellora da xestión dos biorresiduos. Fondos de recuperación e resiliencia.
  - MT975L - Axudas a pemes, autónomos, asociacións e fundacións sen ánimo de lucro de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas á preparación para a reutilización e reciclaxe de residuos téxtiles recollidos separadamente.
  - MT975M - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. Fondos de recuperación e resiliencia.
  - MT975N - Subvencións a entidades locais galegas para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais. Fondos do Programa de Economía Circular e PIMA Residuos 2022/2023.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

#### Actividade

#### 5.3.2. Pór en marcha unha plataforma urbanística dixital de Galicia.

#### Descrición:

A Disposición adicional primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, di que a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverá unha aplicación que facilite a participación nos procedementos de planificación urbanística e que terá como finalidade posibilitar a tramitación integral dos instrumentos de planeamento urbanístico. Este proxecto atópase enmarcado no desenvolvemento do Plan Tecnolóxico de modernización no ámbito de Urbanismo de Galicia, especificamente para os procesos de tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico e

algúns dos instrumentos de desenvolvemento dos plans xerais, tramitados nas Oficinas Provinciais de Urbanismo.

- Actividades 2023:** → Posta en marcha a primeira fase do servizo de desenvolvemento da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia (PLAURB) que suporá a creación de:
- O portal privado do Portal de Urbanismo, que será a principal ferramenta que dará soporte aos Concellos para o inicio e seguimento da tramitación dos distintos instrumentos de planificación territorial e urbanística. Tamén será o punto de acceso dos organismos implicados para a emisión de informes sectoriais e que participan nas fases de revisión dos plans.
  - A Plataforma de Tramitación Urbanística, que permitirá a xestión integral dos expedientes urbanísticos e proporcionará as funcionalidades para a tramitación dos instrumentos de planificación territorial e urbanística, así como doutros procedementos competencia da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU).
  - O Nodo de Coordinación Urbanística, que será o nodo de interoperabilidade para o intercambio de información entre os sistemas que conformen a plataforma.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

### Actividade 5.3.3. Evolucionar a plataforma de contidos dixitais dos espazos naturais de Galicia.

**Descrición:** Galicia conta con seis xoias emblema, como son: o Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Baixa Limia Serra do Xurés, O Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra, Monte Aloia, e as Fragas do Eume; aos que hai que sumar o Parque Nacional Illas Atlánticas, que se configura como un auténtico paraíso insular de Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pretende acercar estes espazos naturais á cidadanía. A tecnoloxía e os servizos dixitais simplificarán e facilitarán aos visitantes o acceso a información, axudando á posta en valor dos recursos naturais de Galicia e facilitará á Administración unha visión global sobre a realidade de ditos espazos, a súa explotación, control e conservación.

- Actividades 2023:** Entre as principais actuacións a levar a cabo cabe destacar as seguintes:
- Posta en marcha dunha plataforma para a xestión dos parques naturais: xestión dos PRUX (Plans Reitores de Uso e Xestión), autorizacións e usos dos parques.
  - Soporte dos sistemas de cartelaría dixital instalados nos seis parques naturais, no Parque Nacional das Illas Atlánticas e nas catro aulas da natureza.

**Área responsable:** Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente e do territorio</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>Número de procedementos administrativos tramitados telemáticamente a través da plataforma Gaia</li></ul>	<b>4</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>En licitación a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia</li></ul>	<b>Si</b>

## 5.4 Plan para transformación dixital do sector primario

Galicia conta con gran cantidade de valiosos e valorados recursos naturais. Este programa busca potenciar a mellora da competitividade do sector primario e das condicións de vida do medio rural, facilitando o mantemento da actividade no territorio e o asentamento da poboación, impulsando un sector primario sostible económica, social e medioambientalmente, que contribúa a crear valor engadido no rural galego.

Para iso, resulta fundamental a aplicación das tecnoloxías dixitais que ofrecen novas posibilidades de xestión en tempo real e transformación para o sector, con solucións que axuden a garantir o futuro da actividade e a avanzar na súa competitividade, sustentabilidade e no posicionamento no produto galego fóra da nosa Comunidade, de xeito que se potencie a súa adaptación na economía dixital. A dixitalización ofrece unha oportunidade para dar pulo ao sector primario, e a Administración pode e debe impulsar proxectos que actúen como panca de impulso, continuando e intensificando a liña iniciada no anterior contrato de xestión.

### Obxectivos

- Desenvolver unha plataforma avanzada de xestión das explotacións agrarias, extensible a outros eidos do medio rural.
- Impulsar a dixitalización do sector forestal para dotalo de maior valor engadido e visibilidade, e mellorar a trazabilidade e a eficiencia da cadea de subministro de madeira.
- Desenvolver sistemas intelixentes na prevención e extinción de incendios, baseados en simulación, técnicas de intelixencia artificial e emprego do Internet das Cousas (IoT).
- Impulsar a difusión e comercialización de produtos galegos con calidade diferencial do medio rural a través de plataformas e canles dixitais (Marketplace).
- Estender os programas de dixitalización e trazabilidade das lonxas galegas, potenciando novas capacidades e usos.
- Apoiar o impulso das aldeas intelixentes do rural mediante instrumentos, infraestruturas e sistemas de comunicación e dixitalización.

### Actividades:

Os anteriores proxectos e outros vencellados que se iniciaron en anos anteriores, continúan a súa evolución e desenvolvemento no 2023, e tomarán concreción e novo pulo neste ano mediante a elaboración do Plan de Transformación Dixital do Medio Rural de Galicia no que, a partir do marco estratéxico de referencia, se proporá un mapa de iniciativas a medio prazo (Plan de Acción).

## 5.5 Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego - Memoria dixital de Galicia

A iniciativa **“Memoria Dixital de Galicia”**, posta en marcha durante o contrato de xestión anterior, promoveu o impulso da dixitalización, xestión, preservación e difusión do patrimonio, da identidade e da actividade cultural de Galicia, mediante a utilización das tecnoloxías da información, favorecendo novas modalidades de consumo interactivas e participativas.

Este programa ten como finalidade dar continuidade a dita iniciativa **“Memoria Dixital de Galicia”**, incorporando novas iniciativas, incluíndo a **aplicación de tecnoloxías avanzadas e innovadoras para o desenvolvemento de servizos dixitais**, coa finalidade de **impulsar unha experiencia dixital, diferencial e enriquecida vinculada ao acceso e consumo de patrimonio e cultura**.

Neste programa avanzarase en solucións para a integración do coñecemento e uso da lingua en todo tipo de soportes e formatos dixitais. Abordarase o desenvolvemento de novos servizos para a xestión e difusión dos fondos dos arquivos, bibliotecas e museos, así como do patrimonio xestionado dende a Xunta de Galicia. E estableceranse modelos de colaboración coas restantes institucións que xestionan ou custodian o patrimonio.

Traballarase na mellor catalogación e descrición dos contidos, elaborando o modelo semántico dixital de Galiciana, como elemento aglutinador do patrimonio dixital, establecendo novas formas de acceso e compartición dos recursos dixitais.

### Obxectivos

- Evolucionar e desenvolver novos recursos para a promoción da lingua e incorporar técnicas avanzadas de tratamento da linguaxe.
- Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos, e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía.
- Dotar ás entidades que custodian o patrimonio cultural de medios para levar a cabo a súa dixitalización.
- Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada.
- Evolucionar e integrar novas tipoloxías de fondos en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia.
- Diseñar o modelo semántico dixital do patrimonio dixital ou dixitalizado galego ou de interese para Galicia. E desenvolver servizos avanzados de acceso.
- Promover a integración da información do patrimonio nas redes ou espazos de datos europeos.
- Promover os acordos de colaboración coas institucións implicadas na xestión e difusión do patrimonio.

→ Evolucionar os sistemas, portais e apps existentes vinculadas á xestión do patrimonio galego.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.5.1. Evolucionar e desenvolver novos recursos para a promoción da lingua e incorporar técnicas avanzadas de tratamento da linguaxe</b>
<b>Descrición:</b>	En liña cos obxectivos da Secretaría Xeral de Política Lingüística, abóndase o desenvolvemento de ferramentas e servizos como recursos para o uso axeitado da e difusión da lingua galega: Sistemas normalizados de tradución automatizada, corrección, dicionarios en liña,...de uso extensivo e homoxéneo nas intranet e portais, segundo o ámbito de aplicación. Canles, portais e sistemas para a difusión lingüística e de repositorios orientados a normalización do uso, difusión e promoción da lingua galega.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Evolución continuada e mantemento do <b>repositorio xurídico galego lex.gal</b>, segundo o establecido no convenio de colaboración para continuar cos traballos do <i>portal xurídico galego e da base de datos de lexislación galega consolidada</i>. Colaboración coa USC para a mellora da integración e de funcionalidades do editor de contidos en desenvolvemento pola USC</li><li>→ Evolución continuada e mantemento do <b>sistema de tradución GAIO</b>, nos tres ámbitos dispoñibles: Versión para a administración pública, para a cidadanía e app para dispositivos móbiles.</li><li>→ Evolución e adecuación continuada dos instrumentos de presenza en internet para a difusión da lingua galega:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Evolución do portal Lingua Galega <a href="http://www.lingual.gal">www.lingual.gal</a></li><li>○ Plataforma de teleformación para a realización dos cursos CELGA on-line.</li><li>○ Colaboración coa SX Política Lingüística para a selección de ferramentas ou acordos institucionais para a celebración de exames on-line para os cursos CELGA..</li></ul></li><li>→ Continuación <i>"Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e universidade, a axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a universidade de Santiago de Compostela para continuar co desenvolvemento do Proxecto Nós: O galego na sociedade e economía da intelixencia artificial"</i> que abordará o desenvolvemento de recursos tecnolóxicos en lingua galega.</li><li>→ Elaboración do plan de impulso da difusión da lingua no ámbito do desenvolvemento dixital da cidadanía, impulsando as iniciativas existentes e o aliñamento de outras iniciativas.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Administración Dixital</b>



<b>Actividade:</b>	<b>5.5.2. Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos, e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía - Arquivos</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Os arquivos e museos requiren de sistemas de xestión dos seus fondos e da súa actividade. Así como de canles de difusión para ó achegamento á cidadanía dos seus fondos e da súa actividade.</p> <p>No eido de arquivos, considérase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema de xestión de arquivos ARQA: orientada a xestión dos arquivos físicos dependentes da Xunta de Galicia e a xestión de arquivos municipais.</li> <li>- A xestión dos procesos vinculados a comisión de avaliación de documental de Galicia.</li> <li>- Presenza en internet da rede de arquivos de Galicia. .</li> </ul>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuación coa evolución e incorporación de novas funcionalidades no sistema de xestión arquivística ARQA para a mellora dos módulos xa integrados como a xestión dos procesos da comisión de avaliación documental ou directorio de arquivos.</li> <li>→ Implantación do sistema ARQA en entidades locais. Continuación co proceso de integración no sistema de novas entidades locais (substituíndo ao actual sistema Xaral).</li> <li>→ Evolución do espazo en internet da rede de arquivos de Galicia (<a href="https://arquivosdegalicia.xunta.gal">https://arquivosdegalicia.xunta.gal</a>).</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Administración Dixital</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>5.5.3 Impulsar os sistemas de xestión e difusión dos arquivos e museos e desenvolver servizos de interacción coa cidadanía - Museos</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Os museos requiren de sistemas de xestión dos seus fondos e da súa actividade. Así como de canles de difusión para ó achegamento á cidadanía dos seus fondos e da súa actividade.</p> <p>As iniciativas vinculadas a este ámbito céntranse en:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Administración do sistema de xestión de fondos de museos DOMUS.</li> <li>• Posta en marcha da rede de portais dos museos dependentes da Xunta de Galicia. Estes portais fan especial fincapé na difusión das coleccións e actividades desas institucións. A publicación das coleccións faise, xeralmente, dende o repositorio DOMUS, o que permite tamén avanzar no uso sistemático e homoxéneo do sistema, mellorando a información colectiva das coleccións de museos dependentes da Xunta de Galicia.</li> </ul>

- Aplicacións de difusión orientadas ás persoas dos museos (visitas guiadas ou visitas virtuais)

En 2021 abordárase o análise e, se procede, posta en marcha de iniciativas orientadas ao desenvolvemento de servizos en mobilidade para os museos e a renovación ou ampliación do sistemas de xestión de fondos museísticos para dar cabida aos fondos de outros museos que custodian patrimonio galego.

Abordárase tamén o análise para a integración en Galiciana dos fondos de museos.

**Actividades 2023:**

- Mantemento do sistema DOMUS e xestión dos procesos periódicos de integración con CERES.
- Mantemento e evolución da relación de portais vinculados a museos ou similares. Están incluídos neste ámbito:
  - Museos de Galicia <https://museos.xunta.gal/>
  - Museo das Peregrinacións e de Santiago (Santiago). <http://museoperegrinacions.xunta.gal>
  - Museo de Belas Artes (A Coruña): <https://museobelasartescoruna.xunta.gal/>
  - Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC): <https://cgac.xunta.gal/>
  - Museo Etnolóxico de Ribadavia: <http://museoetnoloxicoribadavia.blogspot.com/>
  - Museo do Castro de Viladonga: <https://viladonga.xunta.gal/>
  - Museo do Viño de Galicia: <https://museovinogalicia.xunta.gal/>
  - Museo Massó: <https://museomasso.blogspot.com/>
  - Conxunto Etnográfico do Cebreiro (non dispón de espazo en internet na actualidade)
  - Museo do Castro de Viladonga (<https://viladonga.xunta.gal/>)
  - Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (<http://www.musarqourense.xunta.es>)
  - Fundación Pública Galega Camilo José Cela (<https://fundacioncela.gal/gl>)
- Migración e integración nos estándares corporativos das webs de parques arqueolóxicos Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico.
  - Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa (PACC) de San Cibrao de Lás. <https://pacc.es/o-parque/>
  - Parque Arqueolóxico del Arte Rupestre (PAAR), Campo Lameiro Pontevedra <https://www.paar.es/?lang=gl>

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>5.5.4.a. Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada – Sistema de xestión de patrimonio.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Xunto coa Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, estase a levar a cabo o deseño de un modelo de información e dixitalización dos procesos vinculados á Xestión de patrimonio, tendo como referencia a <i>Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia</i>.</p> <p>O <b>sistema XERPA (Xestión de recursos do Patrimonio Cultural de Galicia)</b> recolle a <b>xestión dos instrumentos identificados na Lei 5/2016:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Censo del Patrimonio Cultural de Galicia</li> <li>• Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia.</li> <li>• Relación de bens de interese cultural.</li> </ul> <p>Para elo o sistema permite:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A recolleita da ficha do ben incluíndo a identificación, dimensión xeográfica, caracterización e marco regulatorio que establece o seu nivel de protección.</li> <li>• A Xestión dos expedientes das intervencións no patrimonio e actos administrativos vinculados a él.</li> </ul> <p>Dende a posta en marcha estase a abordar unha ampliación progresiva de alcance incluído novas ámbitos de patrimonio, novas tramitacións de tipoloxías de expedientes e integración de diversos repositorios de contidos, co fin de consolidar xerpa como o punto de referencia de Xestión e información dos bens catalogados pola Xunta de Galicia, e a súa posta a disposición da cidadanía.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Análise da evolución da caracterización / ficha de definición de bens patrimoniais: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Bens subacuáticos.</li> <li>○ Estrutura de datos para bens mobles/inmateriais.</li> </ul> </li> <li>→ Tramitación dixital de expedientes do ámbito patrimonial: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Expedientes de autorización arqueolóxica.</li> <li>○ Planeamento.</li> <li>○ Informes de impacto ambiental.</li> </ul> </li> <li>→ Área de <b>vixilancia / denuncias</b>. Análise dos diferentes repositorios deste ámbito, e estudo de viabilidade da súa integración como un novo módulo do sistema de xestión integral do patrimonio.</li> <li>→ Evolución funcional da operativa do sistema: ficha simplificada dun ben, importación masiva de datos de outras fontes, integración con rexel para a xestión dun buzón de anotacións, e aquelas outras que poidan xurdir como melloras identificadas co uso do sistema.</li> </ul>

- En canto a evolución tecnolóxica e integracións:
  - o Continuación co proceso de integración cos sistemas corporativos para a administración electrónica.
  - o Mellora da xestión documental. Integración do repositorio de contidos multimedia para a integración de documentación, imaxes, vídeos ou sons descriptivos dos bens.
  - o Configuración dun espazo compartido de información para proxectos BIM, e continuidade coa mellora da compoñente xeográfica coa integración coa plataforma de territorio intelixente.
- En base a calidade e completitude da información dos bens recollidos no sistema, acadar a publicación dos BIC cara a cidadanía: declaración, delimitación, información de planimetría, contidos multimedia dispoñibles. Aliñamento cos visores existentes do PBA.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 5.5.4.b. Evolucionar o modelo de sistema de información para a xestión do patrimonio e da toponimia, incluíndo a xestión territorial avanzada – Sistema de xestión de toponimia.

**Descrición:**

No marco orzamentario do proxecto GEOARPAD correspondente á I Convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza POCTEP, abórdouse a posta en marcha dun proxecto de impulso da xestión dos nomes do territorio (toponimia e microtoponimia) como parte do patrimonio inmaterial galego, tendo en consideración tamén a súa importancia como instrumento para a xestión do territorio. E incluíndo a dimensión de participación cidadá como impulsor dos procesos de recolleita de microtoponimia.

O sistema está composto polos seguintes elementos:

- Sistema de recolleita participativa de microtoponimia: GaliciaNomeada. Tanto portal como app.
- Portal de difusión do proxecto de toponimia: <https://toponimia.xunta.gal>
- Sistema de xestión dos procesos de revisión do nomenclator dende a Real Academia Galega.
- Capa de servizos de interoperabilidade dos elementos da microtoponimia.

Tanto o sistema de recolleita participativa como o portal de difusión puxéronse en marcha en 2019, estando xa dispoñible previamente o sistema de revisión do nomenclator por parte da Real Academia Galega.

Aspecto importante é tamén o aliñamento cos repositorios de toponimia xestionados dende o Instituto de Estudos Xeográficos.

	Unha vez postos en marcha os principais instrumentos previstos, abórdase a evolución continuada dos elementos que participan neste proxecto.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada dos elementos que compoñen este sistema en especial nos aspectos relativos a participación cidadá.: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Portal de toponimia. <a href="https://toponimia.xunta.gal/gl">https://toponimia.xunta.gal/gl</a></li> <li>○ Sistema de recolleita participativa. GaliciaNomeada.</li> <li>○ Renovación da base tecnolóxica do sistema de xestión de nomenclátor.</li> </ul> </li> <li>→ Evolución das capacidades de participación cidadá.</li> <li>→ Continuación cos procesos tecnolóxicos de aliñamento do repositorio do sistema de información xeográfica.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>5.5.5 Evolucionar e integrar novas tipoloxías de fondos en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia configúrase como un sistema de recolección, difusión e preservación de patrimonio dixitalizado de Galicia, baseado nun modelo OAI-PMH e esquemas de metadatos.</p> <p>Está na actualidade composto dos seguintes sistemas: sistema de xestión da Biblioteca Dixital de Galicia, sistema para a xestión do Arquivo Dixital de Galicia, sistema de recolección e difusión (hub de recolección), sistema de presentación do patrimonio dixital. E está sendo recolectado polas redes Hispana e Europea.</p> <p>A xestión de Galiciana supón, ademais, a colaboración coa D.X. de Políticas Culturais na definición nos elementos de goberno de Galiciana (plans de dixitalización, perfís para a dixitalización e definición dos plans de preservación) e administración dos procesos de inxesta de obxectos dixitais nos repositorios e de recolección de outras institucións.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Evolución continuada dos sistemas que compoñen <b>Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia</b>: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Recolección e difusión : <a href="http://www.galiciana.gal">www.galiciana.gal</a></li> <li>○ Biblioteca Dixital de Galicia: <a href="https://biblioteca.galiciana.gal">https://biblioteca.galiciana.gal</a></li> <li>○ Arquivo Dixital de Galicia: <a href="https://arquivo.galiciana.gal">https://arquivo.galiciana.gal</a></li> <li>○ Sistema de preservación.</li> </ul> </li> <li>→ Gobernanza de Galiciana:</li> </ul>

- Administración dos procesos de recolección e inxesta de obxectos dixitais tanto nos repositorios de xestión como no sistema de preservación.
  - No ámbito da participación na definición do goberno de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia: Definición do modelo de incorporación dos fondos de museos no ámbito de Galiciana.
- Proposta de deseño do modelo de integración de museos en Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia.
- Licitación da posta en marcha da **iniciativa GalicianaSemántica**, que inclúe:
- O deseño do modelo conceptual, tecnolóxico e organizativo do ecosistema dixital Galiciana Semántica, que sirva como guía e marco de referencia da construción do dito ecosistema.
  - A creación dun catálogo unificado de autoridades do ámbito patrimonial que permita identificar de forma unívoca as distintas entidades do patrimonio histórico e cultural galego.
  - O desenvolvemento dun espazo web que sirva como referencia do ecosistema GalicianaSemántica e que inclúa un metabuscador apoiado na dita que capa semántica para a interrogación dos micrositios creados.
  - O desenvolvemento de casos de uso de grafos de coñecemento a subconxuntos de datos co fin de que sirvan como casos demostradores da aplicación da web semántica sobre modelos de datos tradicionais, ofrecendo un motor de busca que interroge o grafo de coñecemento onde estarán enlazados os autores coas súas obras, os documentos históricos coas personaxes sobre os que tratan e cos lugares onde sucederon, construíndo desta forma paxinas webs temáticas sobre a base dun conxunto de datos ou subgrafo que cumpra con certos requirimentos.
- Renovación do portal da Biblioteca Dixital de Galicia : <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal>
- Elaboración do Plan tecnolóxico de evolución das iniciativas do ámbito de Patrimonio Dixital de Galicia.

**Área**

**responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:**

**5.5.6. Promover os acordos de colaboración coas institucións implicadas na xestión e difusión do patrimonio.**

**Descrición:**

A xestión e difusión do patrimonio responde tamén a un modelo de colaboración coas distintas institucións que custodian, promoven ou traballan na xestión e preservación do patrimonio.

Recóllense nesta actividade as liñas de colaboración, ademais das recollidas en apartados anteriores, que se establecen neste ámbito.

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Participación na Cátedra Institucional de Patrimonio Cultural Dixital, no marco do convenio de colaboración entre Xunta de Galicia, RedCrusoe e NTTData.</li> <li>→ Ademais das liñas de colaboración identificadas nas actividades anteriores.</li> <li>→ Identificación de oportunidade de cooperación para a evolución das iniciativas de dixitalización con outras institucións.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>5.5.7. Evolución de iniciativas de difusión de cultura.</b>
<b>Descrición:</b>	Inclúense neste apartado diversas iniciativas relativas á difusión da cultura, non incluída nos apartados anteriores.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Mantemento e evolución do portal de cabeceira cultura.gal. Renovación tecnolóxica e funcional</li> <li>→ Mantemento e evolución da Axenda Cultural de Galicia.</li> <li>→ Colaboración con AGADIC no despregamento tecnolóxico da súa iniciativa GalicianFilmComission.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas para o impulso da dixitalización e conservación do patrimonio cultural galego - Memoria dixital de Galicia</b>	• Posta en marcha da iniciativa GalicianaSemántica	<b>Proposta de adxudicación</b>
	• Número de espazos de difusión renovados, dispoñibles para a súa validación	<b>4</b>
	• Número de sistemas de xestión e información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos	<b>28</b>

## 5.6. Programa de Turismo Intelixente

Este **plan** lévase a cabo **en coordinación coa Axencia Turismo de Galicia**, co obxectivo de que **a innovación e a tecnoloxía** sexan os **factores vertebradores da modernización do sector turístico de Galicia**, un sector con capacidade de se converter nun dos motores de desenvolvemento económico e de creación de emprego da rexión.

O programa presta **especial atención ao Camiño de Santiago**, o gran atractivo turístico de Galicia, en torno ao cal se desenvolve a plataforma SmartCamiño, que engloba servizos e recursos relacionados coa experiencia de peregrinaxe, como a xestión da rede de albergues ou a articulación dunha rede de oficinas especializadas para a atención aos turistas.

### Obxectivos

- Acadar a xestión dixital integral dos procesos de traballo para o exercicio das competencias da administración pública no eido de turismo. Sistema de recursos turismo (RITGA) e inspección.
- Evolucionar, manter e dar soporte aos medios e sistemas da Rede de Oficinas de Turismo e da rede de albergues do Camiño de Santiago.
- Desenvolver novos servizos cara o sector turístico a través da extranet de turismo.
- Desenvolver servizos de información e atención para o visitante. Asistente virtual de turismo de Galicia.
- Desenvolver e implantar o sistema de información analítico avanzado de Turismo de Galicia. Pór en marcha iniciativas de sensorización de recursos turísticos.
- Desenvolver o espazo de interoperabilidade de datos do eido de turismo, en liña coas estratexias de xestión e goberno do dato.
- Incorporar novos servizos e recursos na plataforma SmartCamiño.
- Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización de Turismo de Galicia ou CSHG.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.6.1. Acadar a xestión dixital integral dos procesos de traballo para o exercicio das competencias da administración pública no eido de turismo. Sistema de recursos turismo (RITGA) e inspección.</b>
<b>Descrición:</b>	O <b>sistema de información integral para a xestión administrativa e promocional dos recursos turísticos de Galicia (RITGA)</b> , recolle os procesos administrativos do ámbito de turismo. Este sistema se complementa <b>co sistema</b>



**de inspección turística (SIXITU)**, que inclúe os procesos e servizos para o apoio ao desenvolvemento aos procedementos de inspección. A finalidade de estes sistemas é garantir a información de calidade dos recursos turísticos dispoñibles na comunidade autónoma, e abordar a tramitación electrónica integral dos procedementos neste ámbito, así como planificar, e realizar a actividade de inspección turística competencia da Axencia Turismo de Galicia. Garantir a dispoñibilidade destes sistemas esixe unha evolución continuada para dar soporte aos cambios normativos, procedimentais e tecnolóxicos que inflúen no seu funcionamento.

**Actividades 2023:**

- Evolución continuada e mantemento do **sistema de información integral para a xestión administrativa e promocional dos recursos turísticos de Galicia (RITGA)**, así como todos aqueles compoñentes necesarios para o seu funcionamento en sí mesmo ou integrados con outros sistemas. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos vinculados a usabilidade, estabilidade, actualización permanente de formularios e procedementos de tramitación, así como integración nos elementos transversais de administración electrónica (arquivo electrónico administrativo), dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. En especial continuación co proceso de integración cos sistemas transversais de administración electrónica. Incidirase especialmente na revisión da calidade do dato para garantir a integridade e veracidade de información, ademais utilizada na prestación de servizos aos profesionais e visitantes.
- Evolución continuada e mantemento dos sistemas que configuran o **sistema de información inspección turística de Galicia (SIXITU)**.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>5.6.2 Evolucionar, manter e dar soporte aos medios e sistemas da Rede de Oficinas de Turismo e da rede de albergues do Camiño de Santiago .</b>
<b>Descrición:</b>	Deseño e posta en marcha do sistema de información e medios TIC para as oficinas de turismo integradas nunha rede de oficinas de turismo, perseguindo o acceso a información de interese, traballo en rede, en medios tic para a atención ao turista que se achega á oficina.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Continuación co desenvolvemento do <b>espazo colaborativo(TURINFO)</b> para a rede de oficinas de turismo, acadando en 2023 a primeira versión dispoñible para validación por parte das oficinas.</li> <li>→ Dotación de medios de mobilidade (tablets) para as oficinas de turismo, coa finalidade de facilitar o acceso dos visitantes á información dos recursos (<i>no marco do proxecto POCTEP – EDIT</i>). Mantemento dos medios de sensorización e cartelería dixital dispoñible nas oficinas de turismo.</li> <li>→ Mantemento da <b>rede wifi nos albergues públicos do Camiño de Santiago</b>, e nas oficinas de turismo dependentes da Xunta de Galicia coa dotación do</li> </ul>

wifi naqueles que sexa técnicamente viables tanto dos que están pendentes, como das novas posibles ubicacións.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 5.6.3 // 5.6.4 // 5.6.7 . Desenvolver novos servizos cara o sector turístico a través da extranet de turismo, ou cara o visitante. E na plataforma Smart Camiño

**Descrición:** No eido de turismo é especialmente salientable garantir unha presenza actualizada na internet ou nos dispositivos de mobilidade dos visitantes ou potenciais visitantes:

- Evolución dos principais portais do eido de turismo: turismo.gal e os espazos dependentes.
- Evolución da extranet de turismo turespazo.gal
- Evolución continuada da canle caminodesantiago.gal
- Configuración da colección de servizos en mobilidade para a difusión de recursos turísticos, incluíndo a app do camiño de santiago.

**Actividades 2023:**

- **Evolución continuada** e mantemento dos portais de referencia de turismo: **turespazo.gal, turismo.gal, caminodesantiago.gal**, así como os seus espazo dependentes. Esta liña de evolución continuada refírese a garantir aspectos de posicionamento na internet, cumprimento de normativa de accesibilidade, dispoñibilidade ou actualización tecnolóxica. Análise de alcance do sistema de recomendación intelixente.
- **Evolución continuada da colección de aplicacións móbiles** para a difusión de recursos turísticos:
  - App do Camiño de Santiago; app "O Camiño en Vigo. Non te perdas"
  - Colección de difusión de diversos recursos turísticos (Turismo de galicia-realidade aumentada; Sendegal; Galicia Birding; Enoturismo).
- Inicio do proxecto de posta en marcha do **asistente virtual de turismo** para a atención aos visitantes, centrado **na axenda cultural de Galicia**.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>5.6.5 Desenvolver e implantar o sistema de información analítico avanzado de Turismo de Galicia. Por en marcha iniciativas de sensorización de recursos turísticos.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Posta en marcha do sistema de información analítico avanzado de turismo de Galicia, e fontes de información de coñecemento do sector en base a iniciativas de sensorización.</p> <p>Crease neste espacio o <b>SIT (Sistema de intelixencia turística de Galicia)</b>, na xestión intelixente do dato turístico obtido de fontes diversas (tanto propias como externas).</p> <p>A partir do análise de requisitos dun sistema de información avanzado, dentro do proxecto de cooperación transfronteiriza EDIT da 2ª convocatoria POCTEP (orientado cara BigData) ponse en marcha o <b>sistema de análise avanzado de información de turismo de Galicia</b>. A execución do contrato establece o deseño da arquitectura tecnolóxica e organizativa da plataforma, e o desenvolvemento do modelo analítico para diversos casos de negocio: gasto turístico, Información de reservas turísticas, ocupación, mobilidade, sentimento e opinión do turista e do cidadán, destinos competidores.</p> <p><i>(Esta actividade está aliñada co Programa 1.7 Xestión intelixente do dato)</i></p>
<b>Actividades 2023:</b>	<p>→ Continuación coa evolución da <b>plataforma de analítica avanzada de Turismo de Galicia</b> (baseado en tecnoloxías BigData) coa:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Publicación do sistema de indicadores da Eurorrexión, como obxectivo do proxecto POCTEP-EDIT.</li> <li>○ Continuación co desenvolvemento e evolución das áreas analíticas reservas turísticas, ocupación, mobilidade, sentimento e opinión do turista e do cidadán, destinos competidores.</li> <li>○ Publicación do cadro de indicadores de xestión de turismo, integrado na plataforma corporativa de información analítica (BI).</li> <li>○ Evolución cara a súa consolidación como Sistema de Intelixencia Turística (SIT) de Galicia.</li> </ul> <p>→ Análise do alcance dos indicadores para configurar o <b>Observatorio de Sostibilidade Turística</b>, valorando a integración de indicadores dos destinos turísticos intelixentes.</p> <p>→ Posta en marcha do proxecto <b>"Dixitalización dos Camiños de Santiago"</b>, coordinado pola Axencia de Turismo de Galicia e en colaboración coa Amtega e o Instituto de Estudos do Territorio, para a dixitalización do trazado dos Camiños de Santiago e dos recursos no camiño. O proxecto intégrase coa plataforma territorio intelixente de Galicia como un proxecto de produción de información xeoespacial.</p> <p>→ No relativo a <b>sensorización de recursos turísticos</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Mantemento dos sistemas de contaxe de persoas nas oficinas de turismo.</li> </ul>

- Mantemento dos nodos de sensorización do Camiño de Santiago postos en marcha no proxecto POCTEP – EDIT, para coñecer o volume de tránsito de persoas, baseado na detección de terminais móbiles. Instalados en 12 puntos do Camiño de Santiago.
- Valoración da licitación da ampliación de nodos de sensorización no Camiño de Santiago, en función dos resultados do punto anterior.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 5.6.6 Desenvolver o espazo de interoperabilidade de datos do eido de turismo, en liña coas estratexias de xestión e goberno do dato.

**Descrición:** Unha das liñas de mellora da difusión dos recursos turísticos é a posta a disposición da información dos mesmos para o seu uso no desenvolvemento de servizos de información por parte de terceiros, así como o intercambio de información entre institucións competentes na materia.

**Actividades 2023:**

- Desenvolvemento do **nodo de interoperabilidade (TURNIX)** dos recursos turísticos de RITG, para a integración de información con terceiros e posta a disposición dos recursos turísticos. Elaboración do diccionario semántico de campos de recursos turísticos. Publicación do frontal semántico (datos abertos)
- No marco do proxecto EDIT, da segunda convocatoria do POCTEP, establecemento do aliñamento de recursos turísticos entre o sistema galego e o norte de Portugal, coa finalidade de desenvolver servizos cara o visitante que recolla recursos de ambos territorios. Que se materializa na **posta en marcha da app de recursos turísticos da Eurorexión Galicia – Norte de Portugal**.

**Área responsable:**

*Área de Administración Dixital*

**Actividade:** 5.6.8. Evolucionar os sistemas, portais e apps de dinamización de Turismo de Galicia ou CSHG.

**Descrición:** Inclúense nesta actividade e evolución de sistemas de información ou dotación de medios non contemplados nos apartados anteriores, e que están vinculados as actividades da Axencia Turismo de Galicia.

Igualmente o Centro Superior de Hostalaría de Galicia, vinculado a Axencia Turismo de Galicia, dispón de diversas ferramentas tecnolóxicas para o acompañamento á súa actividade docente. Nesta actividade inclúese o mantemento, e evolución continuada destes sistemas.

**Actividades  
2023:**

→ No ámbito da **Axencia de Turismo de Galicia:**

- Evolución continuada do sistema Xestela de xestión da Axencia Turismo de Galicia.
- Posta en marcha do proceso de dixitalización das convocatorias de axudas no ámbito do sector turístico mediante a implantación de sistemas corporativos de tramitación.

→ Evolución de medios no **Centro Superior de Hostalaría de Galicia:**

- Mantemento continuado **da plataforma de formación on-line** (no marco do proxecto PLAFOR) do CSHG.
- Continuación coa evolución do **sistema de Xestión Académica do CSHG**. Desenvolvemento do módulo denominado Secretaría Virtual terá como obxectivo facilitar aos alumnos do CSHG a realización de trámites relativos ao seu expediente e a súa relación co propio CSHG. Integración co LDAP de Educación tanto para os alumnos actuais como para os futuros alumnos (primeira matrícula).
- Posta en marcha da app do CSHG, unha vez o centro remate a incorporación de contidos.
- Dotación de medios para a docencia (pizarras dixitais e dispositivos móbiles).

**Área  
responsable:**

*Área de Administración Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Programa de Turismo Intelixente	<ul style="list-style-type: none"><li>• Sistema de información analítica avanzada. Publicación do cadro de indicadores da Eurorrexión.</li></ul>	Publicado
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Finalización do desenvolvemento da primeira versión da plataforma para as oficinas de turismo de Galicia.</li></ul>	Dispoñible para a súa validación
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Número de sistemas de xestión e información ou grandes funcionalidades en mantemento, evolucionados ou novos</li></ul>	23

## 5.7. Impulso á empresa dixital

A súa finalidade é reforzar a competitividade do tecido empresarial galego, e en particular das pemes, promovendo a integración das novas tecnoloxías nos seus procesos produtivos, coa finalidade de que poidan aproveitar o impulso da dixitalización para mellorar o seu negocio, adquirir unha posición diferencial no mercado; aumentando a súa capacidade de crecemento e mellorando a súa competitividade.

### Obxectivos:

- Desenvolver actuacións de formación, difusión e implantación de solucións tecnolóxicas para a transformación dixital das pemes.
- Apoiar ás pemes na definición da súa estratexia dixital a través da posta en marcha de programas de asesoramento.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>5.7.1 Programa ReAcciona TIC para o impulso da empresa dixital</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Continuidade coas actuais convocatorias do Programa ReaccionaTIC así como a edición de novas convocatorias orientadas ao desenvolvemento estratéxico, profesionalización, innovación e adopción de solucións de dixitalización ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspecto operativo, estratéxico ou de incorporación de tecnoloxía.</p> <p>En concreto a través das distintas convocatorias do programa, e no marco dos servizos vinculados á dixitalización, as pemes poderán acceder a servizos relacionados coas novas tendencias dixitais como as solucións baseadas nos contidos dixitais, a ciberseguridade ou as solucións en mobilidade.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	→ Prestación de servizos para a dixitalización empresarial
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

**Actividade:** 5.7.2 Programa formativo para o impulso da empresa

**Descrición:** O obxectivo deste programa de transformación dixital é activar un cambio de mentalidade nos directivos e propietarios de Pemes de Galicia, modificando e levando o seu pensamento analóxico ao dixital, para optimizar os procesos, adquirir novas formas de aproximación, adquisición e compromiso de clientes acorde á nova contorna, e mellorar a súa competitividade.

**Actividades 2023:** Posta en marcha e desenvolvemento dun programa baseado en:


- Estratexia dixital
- Folla de ruta cara a transformación dixital
- Cliente dixital e vendas
- Introducción a intelixencia artificial e machine learning
- Data analytics e cloud
- Ciberseguridade
- Industria 4.0 e Internet das cousas
- Ferramentas para a xestión da dixitalización das PEMEs (ERPs, CRMs...)

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

### Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Programa ReAcciona TIC para o impulso da empresa dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Número de actuacións realizadas para a transformación dixital das pemes</li></ul>	179
<b>Programa formativo para o impulso da empresa</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Número de empresas que reciben axudas</li></ul>	121

## Obxectivo estratéxico 6: Favorecer o crecemento do ecosistema dixital





## Obxectivo 6: Favorecer o crecemento do ecosistema dixital

### 6.1 Estratexia Galicia Dixital 2030

No marco deste programa traballarase na avaliación e seguimento das actuacións e iniciativas que se leven a cabo no ano 2023 no eido do marco dixital común da Comunidade, a **Estratexia Galicia Dixital 2030**. Perseguindo a coordinación de todas as actuacións en materia de dixitalización impulsadas no territorio, implicando aos axentes do ecosistema dixital galego: cidadanía, empresas e administracións.

Ademais, levarase a cabo unha labor de vixilancia continua e seguimento de diferentes actuacións, medidas ou iniciativas no marco da sociedade da información co fin de identificar posibles sinerxías coas diferentes estratexias existentes a nivel rexional, nacional ou internacional que poidan incidir sobre o desenvolvemento e transformación dixital de Galicia.

#### Obxectivos:

- Levar a cabo a avaliación, seguimento e posta en marcha de iniciativas no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.
- Análise e seguimento doutras iniciativas, estratexias ou actividades a nivel rexional, nacional e internacional no eido da sociedade da información.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.1 Vixilancia continua e seguimento de diversas medidas, actuacións e iniciativas no eido da sociedade da información</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Análise, estudo e seguimento de diferentes medidas, iniciativas ou plans estratéxicos a nivel rexional, nacional ou internacional na contorna da Estratexia Galicia Dixital 2030 e a sociedade da información no seu conxunto, así como de diferentes ámbitos que poidan incidir de forma relevante na estratexia (fondos, subvencións...).</p> <p>Con este labor trátase de detectar cambios, novidades, oportunidades ou aspectos relevantes para contribuír á mellora continua da EGD2030 e o seu proceso de toma de decisións, potenciando os resultados derivados das súas actuacións e reforzando os recursos dos que dispón.</p>

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Análise do contexto da sociedade da información, no que respecta a outros plans estratéxicos rexionais, nacionais, europeos ou internacionais, así como o desenvolvemento daquelas iniciativas de interese.</li> <li>→ Posta en marcha dos mecanismos que permitan a identificación e aproveitamento de posibles sinerxías e contribúan ao proceso de mellora continua das actuacións recollidas na EGD2030.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.2 Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030</b>
<b>Descrición:</b>	Soporte ao seguimento do desenvolvemento e execución das actuacións da EGD2030 que sexan abordadas durante o ano 2023 coa finalidade de identificar e analizar os resultados e impacto acadados coas mesmas, contribuíndo, a valorar o cumprimento dos obxectivos propostos e, de ser necesario, ao establecemento de medidas correctoras para mellorar a eficacia das iniciativas.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Apoio na avaliación e seguimento das actuacións en materia da sociedade da información.</li> <li>→ Seguimento da evolución dos proxectos derivados da EGD2030 e análise dos avances e impacto acadado a través do seu desenvolvemento.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.3 Coordinación e harmonización das actividades e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo desta actuación é conseguir a óptima coordinación e harmonización das actuacións e iniciativas desenvoltas no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030 de forma que se potencien as capacidades e se reforcen os recursos dispoñibles.

<b>Actividades 2023:</b>	→ Posta en marcha de mecanismos para acadar unha óptima coordinación, encaixe e harmonización das iniciativas e programas desenvoltos no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030.
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.1.4 Promoción da identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo xeral desta acción será identificar as áreas destacadas de especialización tecnolóxica para establecer unha identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Elaboración do estudo sobre as capacidades de Galicia en tecnoloxías emerxentes para a transformación dixital
<b>Área responsable:</b>	<i>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</i>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Avaliación e seguimento continuo dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de informes de balance realizados</li> </ul>	<b>1</b>
<b>Promoción da identidade de Galicia como rexión singular nos ámbitos da transformación dixital</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de informes sobre capacidades de Galicia en tecnoloxías emerxentes realizados</li> </ul>	<b>1</b>

## 6.2. Estratexia Galega de Intelixencia artificial

A Amtega traballa na posta en marcha de actuacións dirixidas á aplicación das tecnoloxías intelixentes no ámbito público, perseguindo a implicación nestas actuacións, das empresas e do sector do coñecemento, co obxectivo de que a rexión sexa pioneira na adopción destas tecnoloxías tanto no ámbito público como no privado.

Ademais, a Axencia busca tamén potenciar a economía do dato intelixente e traballa na definición do modelo de integración de Galicia no Espazo Europeo de Datos, a través de iniciativas de ámbito nacional como o hub español Gaia-X.

Así mesmo, en colaboración coas universidades públicas galegas, estase a definir un novo marco ético e de potencial normativo en relación á adopción das tecnoloxías intelixentes.

### Obxectivos:

- Levar a cabo a avaliación, seguimento e posta en marcha de iniciativas no marco da EGIA.
- Definir un marco responsable para a adopción da IA.
- Impulsar a adopción da Intelixencia Artificial en Galicia.

### Actividades:

Actividade:	6.2.1 Dinamización do nodo galicia
<b>Descrición:</b>	Ao longo do ano 2023, prevese a formalización das distintas comisións de trabalo sectoriais en Sanidade, Competitividade e Innovación e Ética e normativa, co obxectivo de avanzar na adopción das tecnoloxías intelixente, tanto no sector público, como no sector privado.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Sinatura da a adenda ao convenio de colaboración polo que se crea o nodo galicia, polo que se habilitan as comisións sectoriais de Sanidade, Competitividade e Innovación e Ética e Normativa.</li><li>→ Elaboración e presentación do principios éticos da intelixencia artificial en Galicia.</li><li>→ Elaboración e presentación de guías para o fomento do uso da intelixencia artificial no marco da administración pública galega.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.2 Coordinación e elaboración do estudo sobre o marco ético das tecnoloxías intelixentes</b>
<b>Descrición:</b>	Ao longo do ano 2023, prevese a publicación e presentación do Estudo sobre o marco ético das tecnoloxías intelixentes en Galicia, da man das tres universidades públicas de Galicia.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Publicación e difusión do Estudo, tanto no plano nacional, como no plano internacional.
<b>Área responsable:</b>	<i>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.3 Constitución grupo expertos IA</b>
<b>Descrición:</b>	Ao longo do ano 2023, prevese a constitución dun grupo de expertos en tecnoloxías intelixentes. Este grupo será de carácter interdisciplinar.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Constitución do grupo de expertos.
<b>Área responsable:</b>	<i>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.4 Posicionamento de Galicia en Gaia-X e outras iniciativas nacionais e europeas</b>
<b>Descrición:</b>	Ao longo do ano 2023, a formalización da participación de Galicia dentro do hub español de Gaia-X
<b>Actividades 2023:</b>	→ Participación nos grupos de traballo organizados a nivel nacional → Participación nos grupos de traballo organizados a nivel internacional
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Administración Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.5 Deseño dun ciclo formativo no ámbito do Marco Galego de Competencias Dixitais</b>
<b>Descrición:</b>	Ao longo do ano 2023, prevese o deseño e impartición dun ciclo formativo no ámbito das tecnoloxías intelixentes, baixo o Marco Galego de Competencias Dixitais.

<b>Actividades 2023:</b>	→ Diseño do ciclo formativo → Impartición do ciclo formativo
<b>Área responsable:</b>	<i>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.2.6 Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030</b>
<b>Descrición:</b>	Ao longo do ano 2023, prevese a elaboración dun infome sobre a potencial adaptación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 aos novos escenarios, especialmente polo feito de que Galicia sexa a sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial a partir de 2024.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Apoio na avaliación e seguimento das actuacións en materia de intelixencia artificial. → Seguimento da evolución dos proxectos derivados da EGIA2030 e análise dos avances e impacto acadado a través do seu desenvolvemento.
<b>Área responsable:</b>	<i>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</i>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Dinamización do nodo galicia</b>	• Comisións sectoriais de Sanidade, Competitividade e Innovación e Ética e Normativa creadas	Sí
	• Presentación dos principios éticos da intelixencia artificial en Galicia	Sí
	• Elaboración e presentación das guías para o fomento do uso da intelixencia artificial	Sí
	• Servizos públicos nos que se aplica a intelixencia artificial	>10%
<b>Coordinación e elaboración do estudo sobre o marco ético das tecnoloxías intelixentes</b>	• Publicación e difusión do estudo	Sí
<b>Constitución grupo expertos IA</b>	• Grupo de expertos IA constituído	Sí

<b>Posicionamento de Galicia en Gaia-X e outras iniciativas nacionais e europeas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Financiamento público captado en convocatorias nacionais e europeas de concorrencia competitiva en intelixencia artificial</li> </ul>	<b>1M€</b>
<b>Deseño dunha iniciativa formativa no ámbito do Marco Galego de Competencias Dixitais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº persoas que reciben a formación</li> </ul>	<b>100</b>
<b>Avaliación e seguimento dos programas e iniciativas levadas a cabo no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe de adaptación da EGIA2030 aos novos escenarios</li> </ul>	<b>Sí</b>

### 6.3. Plan de impulso ao Software Libre e aos estándares abertos

O Plan de impulso ao software libre ten como finalidade, por unha banda, a implantación de solucións de software libre na súa infraestrutura tecnolóxica, que reportan un considerable aforro e mellora de produtividade, e por outra, o impulso dunha oferta de solucións baseadas en software libre e estándares abertos que se acheguen ao sector empresarial e á cidadanía.

No eido da reutilización de software libre na administración pública, as principais liñas de actuación serán a aposta pola reutilización de software para o desenvolvemento de novos servizos, a difusión entre os responsables TIC de casos de éxito doutras administracións públicas, a difusión dos casos de éxito propios fóra da nosa comunidade a través dos catálogos de software público reutilizable, nacional e europeos. Ademais manterase o compromiso de publicación e liberación dunha nova solucións de software desenvolvida pola Xunta de Galicia.

Continuarase potenciando as actividades formativas e divulgativas para difusión e impulso da oferta das solucións TIC con licenza libre para as empresas e o achegamento do software libre ao conxunto da sociedade, todo isto coa colaboración cos axentes do ecosistema do Software Libre galegos, que tan bos resultados está dando, para acadar un tecido empresarial e unha cidadanía 100% dixitais, e sempre da man do uso de estándares abertos e da interoperabilidade que garante o Software Libre.

O obxectivo último de todas estas actuacións é fomentar o uso de Software Libre nos tres ámbitos de actuación definidos: a administración pública, empresas e cidadanía.

#### **Obxectivos:**

- Impulsar proxectos que fomenten o uso e reutilización do Software libre en Galicia.
- Continuar coa mellora da administración impulsando a implantación de solucións de Software Libre de calidade.
- Impulsar a implantación na Xunta de Galicia do uso de estándares abertos.
- Reforzar o coñecemento das vantaxes competitivas do Software Libre entre os responsables TIC da Xunta de Galicia, as empresas e en xeral da cidadanía.
- Levar a cabo actividades de difusión para a promoción do software libre.



## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>6.3.1 Elaboración e seguimento do Plan de Acción de Software Libre 2023 e elaboración do Balance do Plan de Acción de Software Libre 2022</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O plan recollerá os compromisos, obxectivos e actividades concretas que se impulsarán dende a administración autonómica en colaboración cos axentes galegos do Software Libre para o <b>fomento do uso de Software Libre en Galicia nos tres ámbitos principais de actuación: cidadanía, empresas e a propia administración pública.</b></p> <p>A Amtega, a través da Oficina de Software Libre, realizará un seguimento continuo das actuacións, a fin de verificar o progreso dos diversos proxectos e actividades a prol do Software Libre, así como para facilitar que se desenvolvan de xeito coordinado e eficiente, maximizando tanto o impacto como o retorno dos mesmos.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Elaboración e seguimento do Plan de Acción de Software Libre 2023.</li><li>→ Elaboración do balance das actuacións desenvolvidas e os logros acadados no 2022.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.3.2 Sensibilización e asesoramento sobre o uso e reutilización de software libre</b>
<b>Descrición:</b>	<p>A Amtega fomentará a <b>reutilización de software libre de calidade no ámbito da mellora da administración pública</b> así como a implantación e o uso de estándares abertos en cumprimento da normativa en materia de reutilización e uso de estándares abertos segundo o Esquema Nacional de Interoperabilidade.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Servizo de asesoramento sobre software libre e estándares abertos.</li><li>→ Elaboración do boletín mensual de reutilización de software libre nas administracións públicas.</li><li>→ Colaboración co departamento de e-administración para o seguimento do correcto funcionamento da e-administración en entornos que utilicen software libre.</li><li>→ Mantemento de máquinas virtuais de referencia en software libre, preparadas para usar os servizos de administración electrónica da Xunta de Galicia, e fomento do seu uso.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.3.3 Fomento da publicación de Software Libre pola administración pública</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Promover a reutilización das aplicacións desenvolvidas con fondos públicos por parte da cidadanía, doutras administracións públicas ou de empresas, seguindo así as recomendacións recollidas no Esquema Nacional de Interoperabilidade nesta materia.</p> <p>Ademais da liberación de <b>solucións software desenvolvidas por parte da Xunta de Galicia</b>, realizarase a <b>difusión a nivel estatal e europeo</b> destas solucións desenvolvidas en Galicia.</p> <p>Tralo éxito e repercusión da nova <b>Guía de Boas Prácticas para Liberación de Contidos e Software</b>, este ano está previsto a incorporación de novos contidos e sesións de difusión sobre a mesma.</p> <p>Co obxectivo de maximizar a difusión, manterase a federación cos repositorios de software público de referencia a nivel nacional e europeo.</p> <p><i>Axentes colaboradores: Responsables de proxectos TIC da Xunta de Galicia.</i></p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Publicación con licenza libre dun novo proxecto desenvolvido pola Xunta de Galicia.</li> <li>→ Sesións de difusión e incorporación de novos contidos na Guía de Boas Prácticas para Liberación de Contidos e Software.</li> <li>→ Apoio e formación aos responsables TIC na aplicación do Procedemento de Liberación.</li> <li>→ Fomento da cultura e técnicas de desenvolvemento de proxectos do eido do software libre na administración.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Área de Sociedade Dixital</b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.3.4 Formación e difusión do Software Libre para o tecido empresarial</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O sector empresarial é un dos eixos principais da estratexia da Amtega para o fomento do software libre. As actuacións dirixidas a este ámbito veñen centralizándose en torno ao GaiásTech e o resto da rede de nodos de especialización tecnolóxica de Galicia, contando tamén coa colaboración da rede CeMIT e o apoio dos diferentes axentes do Software Libre de Galicia.</p> <p>Continuando coa estratexia de anos anteriores que, segundo se reflicte nos estudos de uso de software libre realizados polo OSIMGA, está a dar bos resultados, <b>unha parte importante das actividades formativas realizaranse sobre Software e Hardware Libre</b>, apostando polas tecnoloxías emerxentes.</p> <p>A axuda ao emprendemento estará tamén no foco das actividades para este ano. Abrirase un diálogo con diferentes colectivos, sintonizado principalmente coas mulleres e no rural para identificar as súas necesidades e elaborar material de apoio</p>

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Reorganización da oferta de aplicacións no GaiásTech Cloud.</li> <li>→ Incorporación dun novo aplicativo ao actual GaiásTech Cloud.</li> <li>→ Sesións de promoción e divulgación dos servizos do GaiásTech Cloud entre diferentes sectores empresariais.</li> <li>→ Elaboración do boletín de software libre empresarial, con novas con casos de éxito destacados de ferramentas de Software Libre que resulten de interese para as empresas galegas.</li> <li>→ Publicación de novos artigos de difusión tecnolóxica, centrándose en dar a coñecer casos de éxito, novidades do sector, boas prácticas no uso de solucións libres, comparativas entre solucións alternativas.</li> <li>→ Servizo de apoio e consulta sobre software libre ás empresas galegas.</li> <li>→ Apoio ao desenvolvemento de accións de fomento do software libre no GaiásTech, enfocadas principalmente ao ámbito da formación para empresas, demostración de solucións e asesoramento a empresas en ferramentas de Software Libre.</li> <li>→ Elaboración de materiais de emprendemento con Software Libre.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.3.5 Formación e difusión do Software Libre para a cidadanía</b>
<b>Descrición:</b>	A Amtega mantén <b>colaboración con diversos axentes do ecosistema galego do software libre</b> , como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre, o CIXUG das Universidades Galegas, e os Colexios Profesionais, <b>para a organización de actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos da cidadanía</b> . Estas actividades serven de complemento á oferta formativa en alfabetización dixital e sobre tecnoloxías libres impartida na Rede CeMIT.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Colaboración no premio ao mellor traballo universitario fin de grado con software libre convocado polo CIXUG.</li> <li>→ Difusión da información de actualidade do Software Libre en Galicia a través do portal Mancomún.</li> <li>→ O CIXUG desenvolverá accións formativas e de difusión no ámbito universitario.</li> <li>→ As Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre organizarán xornadas, obradoiros ou hacklabs divulgativos sobre Software Libre, formatos abertos, sistemas de información xeográfica libre, hardware libre ou software científico.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

**Actividade:****6.3.6 Reforzo da difusión de Software Libre para Empresas e Cidadanía mediante medios audiovisuais e actualización do portal Mancomún****Descrición:**

Co fin de reforzar e mellorar a difusión a través de máis e novos medios de difusión, orientados tanto ás empresas como a cidadanía, propónse a realización dunha serie de **actividades que potencien a elaboración de material audiovisual**, que complementa a outras liñas de actuación, como a difusión a través do GaiásTech e á difusión de novas e artigos escritos a través do portal Mancomún.

Tamén se realizará unha actualización do portal de Mancomún, cunha renovación do seu deseño actual e centrada en mellorar a usabilidade e experiencia dos usuarios.

**Actividades 2023:**

- Incorporación ás entrevistas de casos de éxito publicadas no portal Mancomún de versións de audio e vídeo.
- Elaboración de videotutoriais de uso básico das aplicacións publicadas no GaiásTech Cloud.
- Elaboración de pímulas informativas sobre solucións de software libre para empresas e cidadanía.
- Mancomun Podcast:
  - Elaboración periódica de programas con contido especializado en software libre.
  - Programas especiais con persoas relevantes para tratar temas concretos e de actualidade no software libre.
- Faladoiros Mancomún: Charlas con mulleres relevantes do mundo tecnolóxico vinculadas con software libre e a cultura libre.
- Renovación e modernización do portal Mancomún.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Indicadores**

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Impulso ao Software Libre</b>	• Nº de proxectos de software libre liberados na Forxa (acumulado)	21
	• Número de solucións de software libre difundidas a través do portal Mancomún (acumulado)	182

## 6.4. Programa de adopción de tecnoloxías disruptivas

O Plan de impulso á adopción de tecnoloxías disruptivas persegue complementar e dar continuidade ao programa Transforma TIC e contribuír ao desenvolvemento das capacidades rexionais en torno as novas tendencias tecnolóxicas, tanto no ámbito público como no privado.

Para acadar estes obxectivos, continuaranse a impulsar as actuacións vencelladas ao ecosistema GobTech, enfocadas ao establecemento dun espazo de colaboración público-privada que potencie a implicación do tecido empresarial tecnolóxico galego no desenvolvemento das capacidades dixitais rexionais da Administración Pública de Galicia, prestando especial atención á intelixencia artificial e á xestión intelixente do dato.

Outro dos principais fins do plan é reforzar as capacidades e infraestruturas en materia de ciberseguridade en Galicia, perseguindo garantir así un desenvolvemento dixital na rexión que estea preparado ante potenciais ciberameazas, aumentando así a confianza de cidadanía e empresas de cara ao emprego de servizos dixitais.

### Obxectivos:

- Potenciar o ecosistema Gobtech, de impulso ao uso de tecnoloxías disruptivas nos servizos públicos.
- Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas nas pemes galegas mediante a proposta de retos tecnolóxicos.

### Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>6.4.1 Potenciar o ecosistema Gobtech, de impulso ao uso de tecnoloxías disruptivas nos servizos públicos.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>Durante o ano 2023 continuará a traballarse no Ecosistema Gobtech, co obxectivo de impulsar o emprego das tecnoloxías disruptivas (especialmente a intelixencia artificial, as tecnoloxías de comunicación de ultracapacidade, a intelixencia do dato e a ciberseguridade) na administración pública, contando para iso coa colaboración do tecido empresarial.</p> <p>Perséguese contribuír así ao desenvolvemento das capacidades rexionais en torno as novas tendencias tecnolóxicas, tanto no ámbito público como no privado.</p> <p>Neste sentido o acordo marco para contratos del sector público galego de servizos que requiran da aplicación de tecnoloxías disruptivas, será o mecanismo de referencia en relación as condicións técnicas e tecnolóxicas que deberán cumprir estes contratos.</p>

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Resolución da licitación do acordo marco.</li> <li>→ Posta en marcha do primeiro reto tecnolóxico no marco do Espazo Gobtech.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.4.2 Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas nas pemes galegas mediante a proposta de retos tecnolóxicos.</b>
<b>Descrición:</b>	<p>No ano obxecto do presente Plan de Acción lanzarase o primeiro reto tecnolóxico para que as empresas que formen parte do acordo marco de servizos de desenvolvemento de solucións dixitais para a introdución de tecnoloxías disruptivas no ámbito do sector público autonómico, traballen na posta en marcha de solucións tecnolóxicas que dean resposta a estes retos.</p> <p>Para o correcto funcionamento das actuacións que en torno ao novo Espazo Gobtech vaian sendo impulsadas, durante o 2023 porase en marcha un servizo de apoio que facilite á Amtega asesoramento estratéxico e coordine e faga seguimento das iniciativas. Ofrecerá soporte ademais na coordinación, control e seguimento das solucións innovadoras baseadas en tecnoloxías disruptivas que sexan desenvolvidas en relación aos retos propostos.</p> <p>A oficina a poñer en marcha para a realización destas tarefas deberá desenvolver polo tanto os seguintes dous servizos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Servizo de Oficina Técnica.</li> <li>• Servizo de Seguimento Pilotaxe e/ou implantación das solucións innovadoras sobre as que se traballe.</li> </ul>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Resolución da licitación do acordo marco da Oficina Técnica e posta en marcha do servizo de apoio técnico para a xestión e coordinación das actividades derivadas do espazo Gobtech.</li> <li>→ Lanzamento dos primeiro reto tecnolóxico.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Potenciar o ecosistema Gobtech, de impulso ao uso de tecnoloxías disruptivas nos servizos públicos.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de proxectos/iniciativas desenvolvidas no marco do ecosistema GobTech</li> </ul>	1
<b>Promover medidas para o impulso das tecnoloxías disruptivas nas pemes galegas mediante a proposta de retos tecnolóxicos.</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Administracións que usan solucións dixitais avanzadas baseadas en IA, Big Data e/ou Ciberseguridade</li> </ul>	3
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Empresas que usan solucións dixitais avanzadas baseadas en IA, Big Data e/ou Ciberseguridade</li> </ul>	121

## 6.5. Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica

O Centro GaiásTech ten como finalidade acadar a transformación dixital do tecido produtivo galego e impulsar a creación de produtos e servizos tecnolóxicos que aumenten o carácter innovador e a competitividade do territorio.

A iniciativa GaiásTech persegue aproveitar o potencial rexional para impulsar proxectos innovadores que contribúan a afrontar os grandes retos a futuro da economía e a sociedade galega. Para acadar este obxectivo, desde o Centro se promoverá a xeración de espazos de encontro entre o talento, o emprendemento e a innovación rexional, que deriven na creación de novas propostas de valor para o territorio.

O Centro será responsable ademais de coordinar e vertebrar a rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia: o Nodo de Ciberseguridade, o Nodo 5G e o Nodo de Intelixencia Artificial. Os Nodos propiciarán o establecemento de dinámicas de cooperación público-privada orientadas ao impulso das tecnoloxías disruptivas identificadas como de maior impacto.

### Obxectivos:

- Prestar servizos de demostración e experimentación dixital a través do centro GaiásTech.
- Impulsar a adquisición de capacidades máis avanzadas en torno ás novas tendencias tecnolóxicas.
- Pór en marcha os nodos de especialización tecnolóxica de Galicia.

### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>6.5.1 GaiásTech-D</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O obxectivo desta actividade é a difusión da tecnoloxía, especialmente pensando no uso por parte das empresas e pemes galegas, mediante a realización de accións de sensibilización, capacitación, aceleración, etc.</p> <p>Co obxectivo de mellorar o aliñamento da demanda e a oferta tecnolóxica o GaiásTech porá a disposición do sector espazos para a demostración de solucións e produtos tecnolóxicos.</p>



<b>Actividades 2023:</b>	<p>As actividades realizadas no marco deste programa basearanse, principalmente, nos seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Demostracións. Accións onde empresas presentan solucións cun fundamento tecnolóxico para o coñecemento, difusión ou comercialización.</li> <li>→ Formación. Desenvolvemento de programas formativos, de curta duración e de aplicación inmediata, no ámbito das pemes.</li> <li>→ Sensibilización. Accións que contribúen ao coñecemento de solucións, tendencias tecnolóxicas, ferramentas e aplicacións de interese para a cidadanía, empresas e organizacións.</li> <li>→ #MesD. Sesións formativas e divulgativas sobre unha temática común que se celebran nun mesmo mes.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.5.2 Evento especializado en tecnoloxías disruptivas</b>
<b>Descrición:</b>	Esta actividade ten como obxectivo organizar un evento de carácter anual no que se reúnan axentes de relevancia de tecnoloxías disruptivas para brindar a oportunidade as empresas galegas de coñecer en base a casos de uso a aplicabilidade de cada unha no tecido produtivo. Preténdese ademais xerar un espazo de <i>networking</i> entre o tecido tic galego.
<b>Actividades 2023:</b>	<p>As actividades realizadas no eixo desta iniciativa son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Busca de relatores de referencia a nivel nacional sobre: intelixencia artificial, blockchain, big data, realidade virtual e internet das cousas</li> <li>→ Organización do acto</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.5.3 Xestión dos usuarios da web</b>
<b>Descrición:</b>	Centralizarase a xestión de usuarios do Centro GaiásTech no sistema central da Xunta de Galicia (CAS). Deste xeito, as inscricións dos usuarios facilitarán a xestión e automatización de envíos de comunicacións internas, así como as xestións de protección de datos, etc.

<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Posta en marcha da xestión de usuarios da web a través do CAS</li> <li>→ Integración do formulario do CAS na web do Centro GaiásTech</li> <li>→ Despregamento da nova versión da web co novo sistema de xestión de usuarios</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.5.4 Impulso do talento Xove e feminino</b>
<b>Descrición:</b>	<p>O Centro GaiásTech, coma espazo colaborativo entre emprendedores, comunidade científica, empresas e cidadanía, ten o cometido de atraer e motivar a xeración do talento xove que actúe como xerme para a creación de propostas de maior valor para as nosas empresas.</p> <p>Ademais, neste eixo, debe contemplarse a necesidade da xeración de perfís femininos en STEAM, rompendo así aqueles prototipos que se veñen herdando no tempo, no que o número de rapazas e mulleres nos ámbitos STEAM aínda seguen sendo reducidos.</p>
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Realización de actividades destinadas a o público xuvenil, con especial incentivo cara o interese polas vocacións STEAM.</li> <li>→ Sesións de demostración na que os rapaces e rapazas participantes poidan por en práctica os seus coñecementos sobre as TICs e tecnoloxías disruptivas.</li> <li>→ Formacións e xornadas orientadas ao público feminino, profesional e non profesional do ámbito STEAM.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.5.5 Publicación dunha API pública do Mapa de Capacidades Dixitais de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Preparación e definición dos protocolos para o desenvolvemento da aplicación pública do Mapa de Capacidades Dixitais de Galicia. O obxectivo desta API pública do Mapa é conseguir unha maior visibilidade das empresas TIC galegas.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Deseño dos protocolos de actuación da API</li> <li>→ Definición da aplicabilidade da API</li> </ul>

→ Despregamento da API

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 6.5.6 Espazos de encontro do talento e o emprendemento

**Descrición:** O obxectivo é xerar un espazo de encontro do talento e o emprendemento a través de actividades prácticas que motiven a unión entre os profesionais TIC de Galicia así como fomentar as vocacións no uso das novas tecnoloxías e tecnoloxías de baixo custo.

**Actividades 2023:**

- Desenvolvemento dunha zona orientada ao fomento das novas vocacións dixitais a través de diferentes actividades de iniciativas tecnolóxicas, de robótica...
- Programación de talleres prácticos e charlas divulgativas co uso de novas tecnoloxías
- Inclusión do Centro GaiásTech na lista de Aulas TIC de CeMIT

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 6.5.7 Adaptación do espazo físico do Centro GaiásTech

**Descrición:** Con máis de 2 anos da súa posta en marcha, o Centro GaiásTech debe atender ás necesidades da cidadanía e usuarios do Centro.  
En base a isto, o GaiásTech debe readaptar o seu espazo físico atendendo a ditas necesidades sen perder a esencia do mesmo.

**Actividades 2023:**

- Análise das novas necesidades do Centro
- Proposta de adaptación dalgúns espazos
- Adaptación dos espazos

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>6.5.8 Mantemento e actualización da web do Centro GaiásTech</b>
<b>Descrición:</b>	Actualización e desenvolvemento de seccións novas ou obsoletas do sitio web do Centro GaiásTech
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Revisión da páxina de servizos da web</li> <li>→ Proposta da nova páxina de servizos para que sexa mais automatizada a solicitude dos mesmos (relacionado ca integración do CAS)</li> <li>→ Deseño e posta en marcha da nova sección na web para o Nodo 5G/Conectivi.gal e do seu logo</li> <li>→ Despregue da nova sección</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Plan de impulso ao GaiásTech e aos Nodos de especialización tecnolóxica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de servizos implementados no eido da iniciativa GaiásTech</li> </ul>	12
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de iniciativas de colaboración público-privada impulsadas a través da rede de nodos</li> </ul>	225

## 6.6. Plan de conectividade e cohesión dixital

Actualmente a conectividade e o 5G son para Europa as pancas de recuperación e os impulsores da transformación dixital, e así están sinalados no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea.

A este respecto, compre salientar que é o Goberno de España o que ademais de contar coa competencia, conta cunha capacidade de investimento inédita para dar resposta aos retos da conectividade, especialmente no ámbito rural.

Así, os máis de 4.000 millóns de euros de fondos europeos cos que conta o Estado para esta finalidade son sen dúbida esenciais para acadar os obxectivos que establece a Comisión Europea para o ano 2025.

O Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) é o instrumento a través do cal o Goberno de España prevé poñer en marcha as iniciativas coas que se acadarán os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopan:

- acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps,
- dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos
- e estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades.

Dos máis de 4.000 millóns de euros dos que dispón o Goberno de España, tan só un 9% se transfire ás Comunidades Autónomas. É dicir, o **Ministerio resérvase o 91% dos fondos para a resolución dos problemas de conectividade fixa e inalámbrica en todos os territorios para cumprir os obxectivos marcados por Europa.**

No que respecta a **Galicia, recibirá só o 0,5% dos 4.000 millóns de euros, un total de 19,1 millóns de euros**, que se poderán empregar para a posta en marcha das 4 medidas xa predefinidas polo Estado: reforzo da conectividade nos centros públicos, mellora da conectividade en polígonos industriais, mellora das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios anteriores ao ano 2000 e bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables.

Ademais de estas iniciativas, **a Xunta conta con outras medidas de mellora e fomento da conectividade, a través de fondos propios e FEADER, coas que continuará colaborando na consecución dos obxectivos 2025.**

### Obxectivos:

- Colaborar coas distintas administracións públicas nos plans para a mellora de cobertura de redes.
- Impulsar a cobertura de redes 4G e 5G, prestando especial atención ás zonas máis rurais e illadas.

- Pór a disposición dos colectivos máis vulnerables bonos dixitais.
- Adaptar as infraestruturas para telecomunicacións en edificios.
- Levar a cabo accións de reforzo da conectividade en centros de referencia e servizos públicos.

## Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.1 Actuacións para fomentar a mellora da cobertura de redes móbiles nas zonas do rural con carencias de servizo</b>
<b>Descrición:</b>	Posta en marcha de accións que contribúan a incentivar novos despregamentos de redes de tecnoloxía móbil co obxecto de solventar as carencias de cobertura existentes nas zonas máis rurais, illadas e/ou con complexidade orográfica.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Seguimento das tarefas de recompilación de información e validación de parcelas</b> para a ubicación da infraestrutura de soporte.</li> <li>→ <b>Seguimento dos traballos de construción de emprazamentos e infraestruturas de soporte</b> que levará a cabo Retegal, <b>así como, das acometidas eléctricas</b> que deberán executar os Concellos.</li> <li>→ <b>Seguimento e control mensual da instalación de equipamentos</b> que levará a cabo o operador Vodafone tras resultar beneficiario da convocatoria de axudas en decembro do ano 2021.</li> <li>→ Levarase a cabo tamén a <b>xestión e seguimento da posta en marcha de medidas de comunicación</b>, difusión e comercialización definidas no Plan de difusión desta actuación.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.2 Actuacións para a mellora da conectividade e o reforzo da mesma en polígonos industriais, centros loxísticos e outras áreas de concentración empresarial</b>
<b>Descrición:</b>	Posta en marcha de medidas preestablecidas polo Goberno de España no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a mellora e reforzo de redes de banda larga ultrarrápida en polígonos industriais, centros loxísticos e outras áreas con concentración empresarial.
<b>Actividades 2023:</b>	→ <b>Seguimento e control mensual de todos os compromisos adquiridos polo operador Telefónica</b> , tras resultar beneficiario da convocatoria de axudas no ano 2022.

→ No ano 2023 proporcionarase conectividade de redes de banda larga de moi alta velocidade, capaces de prestar servizos a velocidades de 1Gbps, a **68 zonas con concentración empresarial**.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **6.6.3 Actuacións para a mellora da infraestrutura de telecomunicacións en edificios**

**Descrición:** Posta en marcha de medidas preestablecidas polo Goberno de España no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios.

**Actividades 2023:**

- **Publicación da convocatoria 2023** de axudas destinadas ás comunidades de propietarios para a instalación das infraestruturas de telecomunicacións en edificios anteriores ao ano 2000, iniciando así de novo o **proceso de concesión** de axudas tras a convocatoria de 2022.
- **Colaboración con FENITEL** para a xestión das solicitudes e difusión da convocatoria.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** **6.6.4 Actuacións para facilitar a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida por parte dos colectivos vulnerables**

**Descrición:** Posta en marcha das iniciativas preestablecidas polo Goberno de España referentes ao programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**Actividades 2023:**

- **Publicación da convocatoria 2023** dos bonos dixitais para a conectividade de colectivos vulnerables, **iniciando así de novo o proceso de concesión** dos bonos que consistirán na minoración mensual de ata 20 euros durante un período de 12 meses.
- **Continuará aberto o procedemento de inscrición de entidades colaboradoras para a xestión dos bonos.**
- **Xestión e validación das xustificacións mensuais** levadas a cabo polas entidades colaboradoras.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.5 Seguimento continuo da cobertura de banda larga ultrarrápida en entidades singulares de poboación de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Accións continuas de seguimento do estado da cobertura das entidades singulares de poboación, incluíndo o seguimento concreto da explotación das redes ultrarrápidas en núcleos do PDBL2020.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Unha vez finalizado o despregamento de redes ultrarrápidas de cando menos 100Mbps en entidades de poboación do PDBL2020, <b>iníciase a fase de explotación da rede que se prolongará ata o ano 2031 por parte do operador Telefónica</b>. Nesta fase levaranse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, que conterà reunións semestrais co operador.</li> <li>→ Así mesmo, levarase a cabo o <b>seguimento da cobertura acadada en entidades de poboación galegas no marco do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) do Goberno de España</b> co obxecto de coñecer o alcance e avance do despregamento subvencionado polo Ministerio.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.6 Seguimento continuo do inventario e cobertura de banda larga ultrarrápida das áreas empresarias de Galicia</b>
<b>Descrición:</b>	Accións continuas de seguimento e control do inventario e do estado da cobertura das áreas empresariais en funcionamento de Galicia, incluíndo o seguimento concreto da explotación das redes ultrarrápidas dos polígonos do PDBL2020.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Unha vez finalizado o despregamento de redes ultrarrápidas de 350Mbps nos 81 polígonos e parques empresarias do PDBL2020, <b>iníciase a fase de explotación da rede que se prolongará ata o ano 2028 por parte do operador R Cable</b>. Nesta fase levaranse a cabo tarefas continuas de seguimento e control da explotación da rede, nos ámbitos operativo, comercial e económico, que conterà reunións semestrais co operador.</li> <li>→ <b>Seguimento do impacto en polígonos</b> e parques empresariais das actuacións de despregamento de redes ultrarrápidas no territorio galego enmarcadas no <b>Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) do Goberno de España</b>.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>



<b>Actividade:</b>	<b>6.6.7 Medidas en campo sobre cobertura de redes móbiles de telefonía e banda larga</b>
<b>Descrición:</b>	Posta en marcha de medidas que permitan <b>verificar a cobertura actual de Galicia no tocante ás redes de acceso móbil, de telefonía e de datos</b> , co obxectivo de coñecer a situación real nunha Comunidade con elevada dispersión poboacional onde este tipo de tecnoloxía é fundamental.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Continuarase coas medidas in situ</b> de verificación e comprobación da calidade das redes de tecnoloxía radio en <b>250 zonas</b> concretas de cara a coñecer a situación actual neste ámbito e servir de base para as próximas actuacións de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida que se realicen na Comunidade.</li> <li>→ <b>Elaboración dun informe final de resultados</b> en base ás medidas realizadas nas 250 zonas identificadas.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.8 Nodo 5G – Conectivi.gal</b>
<b>Descrición:</b>	Posta en marcha de medidas para a dinamización do ecosistema da conectividade (empresas tecnolóxicas, investigadores, centros de innovación e empresas en xeral) a través dun nodo de especialización tecnolóxica.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Definición de actividades de información e networking</b> que agrupen aos diferentes axentes integrantes do ecosistema dixital para que poidan participar en proxectos relacionados coa conectividade, e que axuden ao proceso de transformación dixital da nosa economía.</li> <li>→ <b>Posta en marchas das actividades do nodo:</b> busca de profesionais axeitados para a impartición de charlas, elaboración de materiais de apoio, convocatorias, difusión dos actos, xestión de ubicacións, etc.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.9 Medidas de coordinación coa Administración Xeral do Estado para a optimización de recursos destinados á banda larga ultrarrápida</b>
<b>Descrición:</b>	Accións de seguimento e colaboración coa Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais co obxecto de aunar esforzos e optimizar os fondos públicos destinados á consecución dos obxectivos establecidos pola Comisión Europea no eido da cobertura de redes de banda larga ultrarrápida.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Comprobación de información e colaboración coa Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais no proceso de actualización e identificación das zonas brancas</b> de redes de nova xeración publicadas pola Secretaría de Estado, co obxecto de establecer un listado de zonas de aplicación nas convocatorias de axuda para os despregamentos de redes de banda larga ultrarrápida.</li> <li>→ <b>Coordinación co Goberno do Estado durante a fase de definición das convocatorias</b> de subvención para o despregamento das redes ultrarrápidas coa finalidade de establecer obxectivos que teñan en conta o carácter rural e a complexidade orográfica de Galicia.</li> <li>→ <b>Colaboración para a axilización dos despregamentos enmarcados no Programa UNICO do Goberno de España</b></li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.10 Apoio nas actuacións de comunicación e difusión no eido das actuacións de redes de banda larga ultrarrápida</b>
<b>Descrición:</b>	Medidas de comunicación e difusión das actuacións postas en marcha e dos seus avances e resultados globais empregando como canal principal a web da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Actualización e mantemento das <b>seccións relacionadas coas actuacións coa conectividade da web Amtega</b>, actualizando o contido e creando novas seccións que fagan referencias ás novas iniciativas lanzadas.</li> <li>→ Apoio nas <b>accións de comunicación e difusión</b> da Amtega sobre as distintas actuacións postas en marcha no eido das redes ultrarrápidas a través da elaboración de contidos e extracción de datos de avance.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.11 Colaboración e seguimento de iniciativas con resultados no eido da cobertura de redes de banda larga de outros organismos públicos</b>
<b>Descrición:</b>	Actuacións de coordinación con outros organismos para a colaboración no traslado de información de banda larga, seguimento das medidas postas en marcha e asesoramento e apoio na definición de novas accións con resultados no eido da cobertura de redes de telecomunicacións.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Colaboración con Instrumentos de Xestión de outros organismos públicos para o <b>traslado de datos actualizados referentes ás actuacións no eido das redes de banda larga ultrarrápida.</b></li> <li>→ <b>Seguimento e apoio de iniciativas de outros organismos</b> que inclúan medidas no eido da extensión de redes de banda larga.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.12 Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo e técnico das telecomunicacións para Entidades Locais</b>
<b>Descrición:</b>	Creación dun equipo de traballo específico, integrado por enxeñeiros de telecomunicación, co obxectivo de ofrecer <b>soporte centralizado e permanente ás Entidades Locais</b> para resolver dúbidas sobre a normativa e cuestións técnicas de implantación dos equipamentos de telecomunicación que afectan ás actividades das Administracións Locais.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ <b>Resolución de dúbidas relacionadas coa aplicación da normativa</b> e das solucións técnicas para o despregamento de redes de comunicación electrónicas.</li> <li>→ <b>Comunicación das novas modificacións normativas.</b> Elaboración e difusión de documentación de apoio para o desenvolvemento da actividade das Administracións Locais no tocante á tramitación de licenzas e comunicacións previas para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Área de Sociedade Dixital</i>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.13 Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións</b>
<b>Descrición:</b>	A oficina de banda larga constitúese como o principal <b>punto de referencia para dar resposta ás necesidades particulares sobre banda larga dos axentes implicados e dos cidadáns</b> e ademais, centraliza e canaliza toda a información referente á banda larga permitindo dispor dunha visión global e apoia á AMTEGA na definición e posta en marcha das actuacións no eido da banda larga e no seguimento da explotación das redes dos anteriores Plans de Banda Larga.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Seguimento e control da explotación das redes de banda larga despregadas no Plan de Banda Larga 2010 – 2015</li> <li>→ Apoio e soporte ao desenvolvemento das actuacións da Amtega en materia de telecomunicacións e máis concretamente, á definición e posta en marcha das novas iniciativas no eido das redes ultrarrápidas e da contratación de servizos.</li> <li>→ Resposta ás consultas recibidas dos axentes interesados nas actuacións desenvolvidas. En concreto, prestarase asistencia informativa en temas relacionados coa cobertura, prazos, solucións técnicas despregadas, etc.</li> <li>→ Soporte técnico e asesoramento en temas relacionados co despregamento de redes de telecomunicacións a Entidades Locais, cidadáns e calquera outro axente interesado.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Sociedade Dixital</i></b>

<b>Actividade:</b>	<b>6.6.14 Proxectos Smart Villages</b>
<b>Descrición:</b>	Posta en marcha das iniciativas Smart Villages cofinanciadas con fondos FEADER no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 2023 - 2027
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>→ Análise e definición de propostas estratéxicas relacionadas coas Aldeas Intelixentes en zonas rurais</li> <li>→ Aprobación e inicio das tarefas para a posta en marcha das novas iniciativas neste eido.</li> <li>→ Estas medidas contan cun total de 12 millóns de euros de fondos FEADER no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común 2023 -2027.</li> </ul>
<b>Área responsable:</b>	<b><i>Área de Sociedade Dixital</i></b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Actuación para fomentar a mellora da cobertura de redes móbiles nas zonas do rural con carencias de servizo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de núcleos rurais aos que se dotará de cobertura móbil</li> </ul>	29
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de emprazamentos (torres) de soporte para equipamentos de telefonía móbil construídos para a cobertura no rural</li> </ul>	11
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cobertura alcanzada pola Rede IoT iCousas</li> </ul>	5%
Actuacións para a mellora da conectividade e o reforzo da mesma en polígonos industriais, centros lóxicos e outras áreas de concentración empresarial	<ul style="list-style-type: none"> <li>Número de pequenos polígonos industriais e ámbitos empresariais que acadan unha velocidade de conectividade de 1-Gigabit</li> </ul>	68
Actuacións para a mellora da infraestrutura de telecomunicacións en edificios	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de axudas concedidas para a adaptación de Infraestruturas para telecomunicacións en edificios</li> </ul>	72
Actuación para facilitar a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida por parte dos colectivos vulnerables	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de axudas concedidas para a conectividade de fogares</li> </ul>	560
Medidas en campo sobre cobertura de redes móbiles de telefonía e banda larga	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº de núcleos medidos</li> </ul>	250
Nodo 5G – Conectivi.gal	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nº actividades postas en marcha</li> </ul>	4
Soporte e asesoramento especializado no ámbito normativo das telecomunicacións para Entidades Locais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Consultas das entidades locais atendidas</li> </ul>	20
Servizos da oficina de banda larga para apoiar o desenvolvemento das actuacións da AMTEGA en materia de telecomunicacións	<ul style="list-style-type: none"> <li>Consultas das entidades locais atendidas</li> </ul>	40

## 6.7. Observatorio de Sociedade da Información e Modernización de Galicia

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) defínese como un sistema de información e divulgación de informes e estudos enfocados na análise, seguimento e observación dos principais datos, información e coñecemento sobre as materias da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración dixital dentro do ámbito das administracións públicas de Galicia.

Para iso, desenvolve e promove estudos e análises de datos, elabora informes de situación e evolución, facilita datos a outros organismos contribuindo á definición estratéxica de políticas públicas e analiza constantemente o estado de desenvolvemento da dixitalización para toda a cidadanía.

### Obxectivos:

- Prestar o servizo de análise e evolución da Sociedade da Información en Galicia.
- Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da Sociedade da Información.
- Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia.

### Actividades:

Actividade:	6.7.1 Analizar a evolución da Sociedade da Información en Galicia
<b>Descrición:</b>	O obxectivo dos traballos neste eido oriéntanse a recompilar, seguir e valorar as fontes de información públicas e privadas dispoñibles sobre a situación da Sociedade da Información en Galicia, así como en España e na UE, para realizar análises comparadas.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Desenvolver ou promover estudos e análises de datos que permitan determinar as pancas para a dinamización da Sociedade da Información.</li><li>→ Elaboración de proxectos e estudos de carácter temático que permitan abordar áreas específicas de interese.</li><li>→ Celebración do Pleno do Observatorio, no que se avalía anualmente a súa xestión e resultados.</li><li>→ Presentación da Memoria Anual do 2022, coas actuacións desenvolvidas polo Observatorio e o estado de execución de todas as observacións e actividades planificadas.</li><li>→ Presentación do Plan de traballo anual para 2023, que define a senda das actuacións a desenvolver polo Observatorio para a avaliación do estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.</li><li>→ Publicación dunha nova edición do estudo "As Competencias Dixitais da poboación galega". Este Informe analizará as habilidades dixitais globais</li></ul>

dos galegos e galegas e nas dimensións da busca de información online, a comunicación a través de internet, a resolución de problemas, ciberseguridade e a utilización de software.

- Publicación do estudo "Seniors dixitais". Este estudo avaliará o grao de acceso aos recursos dixitais e o uso das tecnoloxías por parte das persoas de 65 a 74 anos, 75 e máis anos, coa comparación co resto de rangos de idade, incluíndo tamén a análise das súas competencias dixitais.
- Análise específica das tecnoloxías disruptivas nas empresas xerais e no sector TIC de Galicia en particular. O seu obxectivo é identificar o grao de adopción nas empresas TIC e nas empresas xerais da intelixencia artificial, aprendizaxe automática a través de big data, robots de servizo, chatbot... e tamén coñecer a incorporación de perfís especializados nestes campos.
- Elaboración e publicación da nova edición de estudo "Talento dixital: estudo da traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia", que analiza os itinerarios laborais, condicións nos empregos, formación adicional e perspectiva de xénero no mercado laboral xeral e do sector TIC das persoas tituladas superiores en Ciencias Naturais, Tecnolóxicas, Enxeñarías e Matemáticas en Galicia.
- Inicio do desenvolvemento dun cadro de mando para a monitorización, filtrado e visualización dos principais indicadores do observatorio, cun nivel principal que incorpora 30 indicadores dos estudos principais e 200 indicadores dos estudos adicionais, todos eles con histórico dos catro anos anteriores.
- Renovación dun dos proxectos técnicos integrados no Plan Galego de Estatística 2022-2026.
- Desenvolvemento da nova ferramenta de difusión de contidos dos estudos principais mediante pímulas informativas en formato de vídeo.

**Área responsable:**

*Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:**

**6.7.2 Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da Sociedade da Información**

**Descrición:**

O Plan Galego de Estatística 2022-2026 desenvólvese a través da aprobación dos plans estatísticos anuais, con indicación das distintas operacións e actividades, coa identificación dos organismos responsables da súa execución. A Amtega ven de realizar as tarefas da súa responsabilidade anual a través do Observatorio.

**Actividades 2023:**

- Galicia Dixital: Sistema de indicadores.
- Galicia Dixital: O sector TIC de Galicia.
- Estatística sobre a Administración dixital na Xunta de Galicia.

- Estatística da Administración dixital nos concellos galegos.
- Galicia dixital: A modernización tecnolóxica no rural.
- Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia.

**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

**Actividade:** 6.7.3 Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia

**Descrición:** O obxectivo dos traballos neste eido é o de ofrecer á sociedade, principalmente a través de distintas canles electrónicas, o conxunto dos traballos acometidos desde o Observatorio.

**Actividades 2023:**

- Publicación electrónica dos informes realizados ao abeiro do Plan Galego de Estatística, e difusión aos medios das novidades e tendencias detectadas.
- Publicación trimestral de información relevante a subscritores do observatorio.
- Consolidación do novo portal do Observatorio [www.osimga.gal](http://www.osimga.gal).


**Área responsable:** *Área de Sociedade Dixital*

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Analizar a evolución da Sociedade da Información en Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de informes elaborados polo Observatorio</li> </ul>	72
<b>Executar as operacións e actividades do Plan Galego de Estatística no eido da Sociedade da Información</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Número de operación e actividades estatísticas anuais ao abeiro do Plan Galego de Estatística (valor non acumulado)</li> </ul>	6
<b>Visualizar e difundir a realidade da Sociedade da Información en Galicia</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de subscritores ao boletín Osimga</li> </ul>	3.185



## Obxectivo estratéxico 7: Medidas instrumentais e de eficiencia



## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.1 Medidas para o impulso do desenvolvemento normativo

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, na esfera das súas competencias, está a promover e impulsar iniciativas coas distintas consellerías e outros organismos ou axentes sociais e económicos, tanto públicos como privados, para todos os ámbitos sectoriais.

Para alcanzar os obxectivos perseguidos, este programa impulsa o desenvolvemento normativo, nos ámbitos materiais aos que se estende a competencia desta axencia pública autonómica, que permita dar resposta aos novos retos e necesidades que demanda unha administración dixital moderna e eficiente.

#### Obxectivos

- Desenvolver a normativa necesaria para a implantación da administración dixital en Galicia.
- Desenvolver a normativa necesaria para a adopción de tecnoloxías disruptivas en Galicia
- Desenvolver a normativa necesaria para a xestión dos datos públicos.
- Desenvolver a normativa necesaria para a cohesión dixital do territorio.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.1.1 Desenvolvemento da normativa necesaria para asegurar un uso ético e fiable da intelixencia artificial no Sector Público Autonómico</b>
<b>Descrición:</b>	Ao longo do 2023, traballarase no desenvolvemento da normativa necesaria para asegurar un uso ético e fiable da intelixencia artificial no Sector Público Autonómico
<b>Actividades 2022;3:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Elaborar o anteproxecto de Lei que regule o uso da intelixencia artificial no Sector Público Autonómico de Galicia.</li><li>→ Promover a posta en marcha de pilotos sandbox regulatorios, que permitan verificar en condicións reais a aplicación do marco ético e regulatorio nas aplicacións e servizos baseados en intelixencia artificial.</li><li>→ Promover unha carta de dereitos dixitais</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<b>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</b>

## Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Desenvolvemento da normativa necesaria para asegurar un uso ético e fiable da IA	• Proposta de sandbox regulatorio	Sí
	• Proxecto de Lei	Aprobado

## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.2 Medidas de eficiencia na xestión do persoal

A finalidade deste obxectivo é dar resposta ás novas necesidades en materia de persoal derivadas dos compromisos asumidos pola axencia no presente contrato de xestión, de conformidade cos criterios de eficacia, eficiencia e especialización funcional.

#### Obxectivos

- Consolidar a integración do persoal procedente do extinto CIXTEC.
- Implantar medidas de incentivación do persoal.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.2.1 Consolidar a integración do persoal procedente do extinto CIXTEC.</b>
<b>Descrición:</b>	Culminar o proceso de integración do persoal procedente do extinto CIXTEC.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Culminar o proceso de funcionarización do persoal procedente do extinto CIXTEC.
<b>Área responsable:</b>	<i>Xerencia</i>

<b>Actividade:</b>	<b>7.2.2 Implantar medidas de incentivación do persoal</b>
<b>Descrición:</b>	Establecemento de medidas e plans tendentes ao reforzo e incentivación do persoal da Amtega
<b>Actividades 2023:</b>	→ Aprobación e implantación dun plan de medidas de reforzo en RRHH
<b>Área responsable:</b>	<i>Xerencia</i>

#### Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas de eficiencia na xestión do persoal</b>	• Aprobación e implantación dun plan de medidas de reforzo en RRHH	<b>Si</b>
	• Proceso funcionarización persoal Cixtec	<b>Terminado</b>

## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.3. Boas prácticas para a prevención do fraude

A súa finalidade é o establecemento dun prantexamento proactivo, estruturado e específico en atención ás competencias propias desta axencia pública autonómica para xestionar o risco de fraude.

Para acadar o dito obxectivo resulta fundamental a implantación de controis eficaces "ex ante" e "ex post" que axuden a reducir o risco de fraude, así como a implementación de medidas correctoras adecuadas para os casos de detección de posibles casos de fraude.

#### Obxectivos

- Implantar un Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.
- Desenvolver medidas de concienciación ao persoal para a prevención do fraude.
- Avaliar periódicamente os resultados das medidas de prevención do fraude implantadas.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.3.1 Implantación de boas prácticas para a prevención do fraude</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo é a adopción de medidas e boas prácticas que axuden a reducir o risco de fraude, así como o establecemento de medidas correctoras ante casos de detección de posibles supostos de fraude.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Implantación de medidas e boas prácticas que axuden a reducir o risco de fraude, así como o establecemento de medidas correctoras ante casos de detección de posibles supostos de fraude
<b>Área responsable:</b>	<i>Xerencia</i>

#### Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
Boas prácticas para a prevención do fraude	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nº de medidas implantadas</li></ul>	8

## 7.4. Medidas de mellora na eficiencia da contratación

Este programa constitúese como continuación do proceso de optimización da contratación en materia TIC, levando a cabo unha serie de medidas que permitan desenvolver tarefas con maior axilidade e redución de prazos de tramitación, tendo en conta os principios de eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos.

### Obxectivos

- Promover medidas de optimización do uso dos fondos europeos xestionados pola Amtega.
- Establecer unha guía de avaliación sistemática dos resultados e incidencias nos procesos de contratación.
- Implantar medidas de control e xestión do PRTR e outros fondos europeos.
- Establecer mecanismos que permitan realizar un seguemento das actuacións, por exemplo, cadro de mando.

<b>Actividade:</b>	<b>7.4.1 Medidas de mellora na eficiencia da contratación</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo é a adopción de medidas que melloren a eficiencia, optimizando os recursos dispoñibles en aras a unha contratación axil, eficaz e segura.
<b>Actividades 2023:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>→ Establecemento de medidas de control e seguimento</li><li>→ Establecemento dunha guía de avaliación sistemática dos resultados e incidencias nos procesos de contratación.</li></ul>
<b>Área responsable:</b>	<i>Xerencia</i>

### Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Medidas de eficiencia na contratación</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Incremento do volume de subministros adxudicados con base a fórmulas puramente matemáticas</li></ul>	40 %
	<ul style="list-style-type: none"><li>• % Redución de prazos de adxudicación en procedementos abertos</li></ul>	40 %

- Guía de evaluación sistemática dos resultados

**Aprobada**

## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.5. Medidas de colaboración e coordinación institucional

A administración dixital ten un dos seus alicerces na cooperación entre administracións públicas. Esta cooperación desenvólvese en diversos ámbitos:

- Interoperabilidade de datos e documentos.
- Reutilización de sistemas de información ou medios TIC.
- Prestación conxunta de servizos dixitais á cidadanía.

Este programa ten como finalidade xestionar o catálogo de servizos dixitais postos a disposición de outras administracións, así como promover iniciativas no eido da cooperación.

#### Obxectivos

- Fomentar iniciativas de colaboración interadministrativa en materia de transformación dixital de Galicia, con especial foco no relativo ao PRTR.
- Fomentar novos instrumentos de colaboración público-privada para o impulso das iniciativas de dixitalización e innovación tecnolóxica de Galicia.

#### Actividades:

<b>Actividade:</b>	<b>7.5.1 Fomento de iniciativas de colaboración interadministrativa en materia TIC</b>
<b>Descrición:</b>	O obxectivo é a promoción de iniciativas no eido da cooperación interadministracións coa finalidade de optimizar a xestión dos recursos públicos en materia tecnolóxica.
<b>Actividades 2023:</b>	→ Formalización de instrumentos de colaboración con outras administracións en materia TIC
<b>Área responsable:</b>	<i>Xerencia</i>

#### Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Fomento colaboración interadministrativa</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nº de convenios subscritos con outras administracións</li></ul>	<b>5</b>



## Obxectivo 7: Medidas instrumentais e de eficiencia

### 7.6 Medidas de avaliación de custos, resultados e impacto de las iniciativas de digitalización

A súa finalidade é desenvolver novos modelos de avaliación de custos, resultados e impacto, tanto económico como ecolóxico, das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha.

#### Obxectivos

- Promover medidas de avaliación de custos que permitan garantir a eficiencia das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha.
- Promover medidas de avaliación de resultados e impacto que permitan garantir a sostenibilidade económica e medioambiental das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha.


#### Actividades

<b>Actividade:</b>	<b>7.6.1 Elaboración dun marco metodolóxico de avaliación de impacto das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha</b>
<b>Descrición:</b>	Coordinación do proceso de elaboración do marco metodolóxico que permita avaliar o impacto das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha
<b>Actividades 2023:</b>	→ Elaborar o marco
<b>Área responsable:</b>	<b>Oficina de Apoio Estratéxico e Planificación</b>

#### Indicadores

Actividade	Indicador	Valor 2023
<b>Elaboración dun marco metodolóxico de avaliación de impacto das distintas iniciativas en materia de dixitalización postas en marcha</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Elaboración do marco</li></ul>	<b>Sí</b>

# Escenario económico-financiero



## 4. Marco económico-financeiro

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo nestes últimos anos un esforzo continuado para garantir a sustentabilidade dos servizos públicos a través dun importante esforzo de contención do gasto, priorizando a eliminación do gasto improdutivo e a racionalización do sector público autonómico, así como a consecución de economías de escala en gastos de funcionamento. No presente exercicio, os recursos orzamentarios da Amtega irán destinados á consecución dos obxectivos previstos no contrato plurianual de xestión, sen esquecer o compromiso adquirido nos distintos acordos de traspaso coas consellerías de manter un prestación dos servizos análogo ao existente en cada unha delas, en atención á dispoñibilidade dos recursos persoais, materiais e económicos traspasados.

O orzamento 2023 dotará de recursos suficientes a esta axencia para acometer as actuacións recollidas neste plan, aliñadas cos principais instrumentos xa existentes a nivel rexional para o impulso da dixitalización: a Estratexia Galicia Dixital 2030, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 e o Marco galego de competencias dixitais, garantindo, así mesmo, a súa complementariedade co resto de estratexias definidas no territorio por outras administracións.

Especial incidencia terá no escenario económico-financeiro do exercicio 2023 a xestión por parte desta axencia pública autonómica dunha senda multifondo que responde aos compromisos nacionais e europeos dos Mecanismos de Financiación Plurianuais da UE de dous orzamentos plurianuais, e ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A isto se engade que esta axencia actuará como entidade instrumental na xestión de proxectos vinculados a cinco dos compoñentes do PRTR.

Así, a Amtega contará para o exercicio 2023 cun orzamento inicial de **197.322.962,00 €**, dos que **92.417.519 €** son fondos europeos (cofinanciación incluída).

En definitiva, o orzamento 2023 da Amtega ten como obxectivo a consecución dos obxectivos previstos neste plan de acción, nun marco de optimización do gasto tecnolóxico a través da consolidación da súa xestión centralizada, dirixido a garantir a continuidade na prestación de servizos tecnolóxicos a todo o sector público autonómico, Administración de Xustiza e entidades locais de Galicia, obxectivos acordos coa aposta do goberno galego por unha política económica dirixida á eficiencia do gasto, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a recuperación da actividade económica.

- **Fontes de financiamento:**

Para a execución das actuacións recollidas no presente plan, a estimación do crédito vixente co que contará a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é de **215.096.709,49 €** (excluídos o capítulo I e o capítulo IX), no que se inclúe o financiamento adicional esperado por importe de **5.097.292,02 €** procedente dos acordos de sustentabilidade mencionados, así como de distintos acordos e convenios de colaboración e proxectos europeos concedidos.

Ás cantidades anteriores deben engadirse os fondos FEADER e FEMP existentes nos orzamentos das consellerías que serán xestionados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia durante o exercicio 2023.

Adicionalmente, cómpre ter presente que as actuais fontes de financiamento para o ano 2023, poderán verse incrementadas en función dos fondos destinados a dixitalización que poida recibir a Comunidade Autónoma de Galicia con cargo ao instrumento do “Mecanismo para la Recuperación y la Resiliencia”.

### Comparativa estimación crédito vixente 2023 por modalidade de fondos (cap. II-VII)

